CONCELLO
DE VIGO

# TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

## MATAMÁ

## 10

GONZALO NAVAZA
ARANTZAZU LUNA
MARCOS ALONSO RODRIGUES



Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo

COLECCIÓN: TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO / MATAMÁ, NÚM. 10

Edición:
Concellaría de Normalización Lingüística
Concello de Vigo
Praza do Rei, 1. 36202 Vigo
Tel.: 968 810 281

Foto portada: G. Navaza
© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2025
© Concellaría de Normalización Lingüística, 2025

Revisión: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Impresión: Muriel
*Printed in Spain* - Impreso en España

ISBN: 978-84-1188-094-7
DL: VG 692-2025

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

CONCELLO DE VIGO

# TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

## MATAMÁ

## 10

GONZALO NAVAZA
ARANTZAZU LUNA
MARCOS ALONSO RODRIGUES

Universida de Vigo

Toponimia do Val de Fragoso

Matamá

# 1 Limiar

Este novo número da Toponimia do Val de Fragoso está dedicado aos nomes de lugar da parroquia de Matamá. Os topónimos estudados foron recollidos por Marcos Alonso Rodrigues, tanto mediante traballo de campo como a través da documentación histórica, para os libros *Matamá. Unha ollada ao pasado I e II* (2022), dos que é coautor xunto con Xulio Fernández Pintos. Estes nomes de lugar aparecen recompilados nese traballo nunha listaxe toponímica (volume II, páxinas 289-305) e na detallada cartografía que a acompaña, elaborada sobre fotografía aérea e coa parte correspondente á actual Zona Franca substituída polas imaxes do voo americano realizado a mediados da década de 1950. A relación completa inclúe topónimos mencionados na documentación mais que aparentemente non sobreviviron, ou que só sobreviven na memoria de quen coñeceu o territorio parroquial antes das profundas alteracións da paisaxe que experimentou a súa zona norte, a máis afectada pola expansión urbana ou periurbana de Vigo. Estúdanse tamén aquí eses topónimos xunto con outros de localización máis imprecisa que consideramos de interese. Aos dous volumes desa publicación remitimos a quen estea interesado en ampliar o coñecemento dos nomes dos lugares de Matamá con pormenores de carácter histórico, anecdótico, patrimonial ou documental relacionados coa historia da parroquia e os seus barrios ou coa identificación dalgunhas persoas do pasado que deixaron pegada na toponimia. Quede constancia do noso agradecemento a estes autores pola amable xenerosidade con que atenderon as nosas dúbidas.

Nunha primeira redacción deste limiar manifestabamos tamén o noso agradecemento, con todo o noso afecto e admiración, a Marta Souto, responsable de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e auténtica alma desta colección, e desexabámoslle que se restablecese axiña da súa enfermidade. Despois de meses de baixa médica, ao final do verán de 2024 púxose en contacto connosco para saber como ía o libro de Matamá. Nós coidamos que estaba recuperada da súa doenza e inxenuamente felicitámola por reincorporarse aos seus labores. Estabamos rematando a revisión do texto, o pasado 18 de outubro, cando nos sorprendeu a triste noticia do seu falecemento. Reiteramos aquí a nosa gratitude e admiración polo seu extraordinario labor na preservación do patrimonio toponímico das parroquias do rural vigués.

# 2 Introdución

## O nome da parroquia

**Matamá** é un topónimo composto do substantivo *mata* e o adxectivo *má* 'mala'. *Mata*, igual ca o seu correspondente masculino *mato*, son palabras moi antigas, de orixe prerromana, que se ben seguen tendo uso na fala cun significado próximo ao de *matogueira*, palabra da mesma familia, no pasado e na toponimia empregáronse para designar áreas boscosas de monte bravo, non cultivado. O adxectivo (latín MALA > galego medieval *má*) non se refire á calidade senón á *maleza*, isto é, á espesura da vexetación desa *mata*, e á súa condición *fragosa*, isto é, de orografía accidentada e dificilmente transitable.

No *Nomenclátor de Galicia* consta *Matamá* como nome de dúas parroquias (a de Vigo e outra en Laza, Ourense) e de tres lugares, no concello lugués de Sober e nos ourensáns de Laza e de Gomesende. O lugar de *Matamá* neste último concello deu nome a un histórico *Couto de Matamá*, pertencente ao mosteiro de Celanova. A parroquia viguesa ten a advocación de San Pedro; a de Laza, a de Santa María.

A forma repítese idéntica na toponimia de Portugal: *Matamá*, un lugar da freguesía de Infantas no concello de Guimarães. Noutras áreas peninsulares hai topónimos equivalentes: *Matamala* e *Matamala de Almazán*, en Soria; *Matamala* (concello de Matabuena, o seu antónimo) en Sepúlveda, Segovia; *Santa María de Matamala* en Ripoll, Girona e *Villanueva de Matamala*, en Burgos. No dicionario de Madoz (1845-

1850) recóllense tamén dúas localidades chamadas *Matamala Coneje-ra* e *Matamala del Arapil* en Alba de Tormes (Salamanca).

Desde a Idade Media, a parroquia de Matamá pertenceu durante séculos no civil ao distrito, partido ou xurisdición de Val de Fragoso e no eclesiástico ao arciprestado de Fragoso. Cando no reinado de Isabel II se iniciou en 1835 o proceso de institución dos concellos modernos, a veciñanza de Matamá promoveu unha iniciativa de constituírse en concello autónomo. En 1836, as parroquias pertencentes á antiga xurisdición de Val de Fragoso repartíronse entre os concellos de Bouzas, Vigo e Lavadores, e Matamá quedou incluída no primeiro. Antes da anexión de Bouzas a Vigo en 1904 (a de Lavadores non se produciría ata 1941), Matamá promoveu en 1902 unha nova iniciativa para segregarse do primeiro e incorporarse ao segundo.

Aínda que os achados arqueolóxicos proban que o territorio de Matamá estivo habitado desde a remota prehistoria, as primeiras referencias documentais relativas á parroquia que coñecemos son do século XIII, onde se rexistra como *Mata Mala* en latín e *Mata Maa* en galego. Na documentación medieval de Tui vemos varias mencións dunha parroquia *in Fragoso* coa advocación de San Pedro, pero non podemos saber se se refiren a Matamá ou, máis probablemente, a Sárdoma. Un dos primeiros rexistros escritos que coñecemos do topónimo en galego é un documento de 1280 en que o mosteiro de Oia lle arrenda unha casa en Baiona a Pero Eanes e á súa muller Mariña Eanes, e asiste entre as testemuñas un *Pedro Pérez, dito Costas, prelado da ygleia de Mata Máá* (PARES, AHN, CLERO, Car.1806, N.12).



«... da Yglia. de Mata Mãa» (ano 1280)

Antes desa data, nos rexistros que coñecemos do topónimo, este está en latín. No expediente de canonización iniciado tras a morte de Pedro González Telmo en 1246, o *san Telmo* tudense, entre os milagres atribuídos ao personaxe refírese o que afectou a un tal «Xan Meirés de

Matamá, na diocese de Tui» (*Joannes Meires de Matamala, Tudensis dioecesis*), que despois de oito meses prostrado no leito, cando parecía próximo a morrer, curou repentinamente por mediación de frei Pedro (*España Sagrada* XXIII, 280-281).

Se a grafía habitual do topónimo nos textos en latín é *Mata Mala* ou *Matamala*, a documentación medieval en galego rexístrao comunmente como *Mata Maa*: *ecclesia Sancti Petri de Mata Maa* (1363, Tui), *vacante ecclesia Sancti Petri de Mata Maa* (1363, Tui), *Áluaro da Cabreyra, lavrador, morador en San Pedro de Mata Maa* (1489, Oia), *na freygesja de San Pero de Mata Maa & na freygesja de Sant André de Comesaña* (1489, Oia). Outro documento do mosteiro de Oia volve ofrecernos o nome do cura, agora designado coa denominación de *abade* con que popularmente se coñecen os párrocos de igrexa matriz: *Fernando de Messego, abbad de Sant Pedro de Mata Maa* (ano 1503).

A pesar de que na documentación adoita citarse o nome da parroquia precedido da advocación (San Pedro), esta en rigor non forma parte do topónimo. A diferenza do que acontece co nome doutras freguesías da zona (*San Miguel de Oia* ou *Santo André de Comesaña*), que constitúen haxiotopónimos compostos, como Santiago de Compostela, por exemplo, onde o nome do santo non é simple advocación senón que está integrada no nome, aquí a denominación oficial é simplemente *Matamá*. No nomenclátor actual, os nomes das parroquias levan entre paréntese a advocación parroquial, que en ocasións serve para diferenciar parroquias homónimas, por iso nos haxiotopónimos a advocación semella redundante: «San Miguel de Oia (San Miguel)».

A grafía medieval de *Matamá* con dobre *-aa* seguiu tendo uso, cada vez menos frecuente, ata o século XVIII. Sobreviviu como grafía ocasional arcaizante, pois na oralidade só representaba unha soa vogal (dun xeito paralelo, tamén foi habitual a grafía *Moo* para o nome da Mó ata o século XX). Na fala, e ocasionalmente por escrito en textos desde o século XVI, temos constancia dunha variante *Matamán*, frecuente no galego popular dos vales de Fragoso e de Miñor, nacida por analoxía con outras palabras acabadas en *-án* en áreas do galego occidental onde son insólitos os substantivos acabados en *-á* tónico. Desta forma popular deriva un xentilicio festivo ou despectivo *matamanexo, matamanexa* recollido no *Portal de ditados tópicos* (https://ilg.usc.es/ditados/).

A parroquia de Matamá limita ao norte coas de Coia e Castrelos, ao oeste coas de Castrelos e Beade, ao sur coa de Valadares e ao oeste coa de Santo André de Comesaña. As entidades de poboación tradicionais da parroquia son as seguintes: A Balsa, A Barxa, Balvís, Beirán, Campos, A Carapucha, As Carneiras (*A Carneira* en singular nos nomenclátores ata o de 1950), O Castro, A Devesa, A Igrexa, A Lagarella, A Mó, Parada, O Pazo, O Pereiro, A Revolta, (As) Ribás, Ribelas, O Roupeiro, San Amaro e Vilar. Desde finais do século XX figura tamén A Maceira, ausente dos nomenclátores anteriores posiblemente por ser considerada unha parte da Lagarella.


FABRICA NACIONAL DE LA MONEDA Y TIMBRE 1900
2 PESETAS
N. 0.011.276
27

la oportuna circular.
2 En cumplimiento del acuerdo adoptado por la Excma. Diputación en su sesión ordinaria de 5 de Noviembre de 1898, relativo á que se inicie el correspondiente expediente para segregar del ayuntamiento de Bouzas y unirla al de Vigo, la parroquia de S. Pedro de Matamá. Se

# 3 Os topónimos de Matamá

Agrúpanse os nomes de lugar de Matamá en familias léxicas para tratar conxuntamente os que gardan parentesco etimolóxico, enumerados en columna no inicio de cada apartado. Os apartados van ordenados alfabeticamente. Usamos unha frecha (→) para remitir a outro apartado diferente onde se trata determinado termo ou se completa a súa explicación.

## ► A, A de...

**A da Coxa**
**A da Roxa**
**A de Blanco**
**A de González**
**A de Rodal**
**A de Vidal**
**A do Can**
**A do Coello**
**A do Pedro**

**A Alboresa =** 'a de Alborés'
**A Aparicia =** 'a de Aparicio'
**A Canóniga =** 'a do Canónigo'
**A Carpinteira** = 'a do Carpinteiro'
**A Ervillesa =** 'a de Erville'
**A Freixa =** 'a do Freixo'
**A Gaspara** = 'a de Gaspar'
**A Gaga** = 'a de Gago'
**A Maesa** = 'a de Maeso'
**A Rouca** = 'a de Rouco'

É moi frecuente que a denominación dunha herdade se orixine a partir dun antropónimo correspondente ao nome, apelido ou alcume da persoa ou familia propietaria ou usuaria do lugar designado. As máis das veces eses antropónimos son o segundo elemento de compostos onde funcionan como complementos dun xenérico como *Campo*, *Can-*

*teira*, *Casa*, *Cocho*, *Lugar*, *Presa*… Existen ademais fórmulas específicas que producen denominacións semellantes pero sen expresión do xenérico, ben coa fórmula *A* + de + *nome persoal*, ben mediante o feminino do nome persoal.

Os topónimos da columna da esquerda seguen a fórmula «A de». Podería supoñerse que hai un substantivo feminino elidido, mais non é así, pois esa fórmula funcionou como estrutura autónoma. Na columna da dereita vemos os que seguen a fórmula alternativa, consistente nun feminino do nome persoal, que se ben nalgún caso pode responder a unha muller propietaria, polo regular é orixinariamente un adxectivo creado a partir do antropónimo masculino.

Para o comentario dos antropónimos, véxanse na entrada correspondente segundo a orde alfabética e os apartados correspondentes aos xenéricos *campo*, *canteira*, *casa*, *cocho*, *lugar* e *presa*.

## ► Abade

### A Abadía

Coñécese como **A Abadía** ou **A Reitoral** (→) unha área inmediata á igrexa parroquial de San Pedro, separada desta polo Camiño Real. *Abadía* é unha palabra derivada de *abade* e, o mesmo ca *reitoral*, designa a vivenda que lle serve de residencia ao párroco, abade ou cura reitor da parroquia. O substantivo *abade* (< latín ABBATEM, do termo latino *abbas*, *abbatis*, tomado do grego mais con orixe no arameo *abba* ‘pai, padre’) ten un significado específico de ‘superior dun convento’, mais no mundo rural galego é o termo habitual para referirse ao cura párroco. O de Matamá recibía o nome de *abade* xa desde a Idade Media, como vimos na introdución.

Pola documentación histórica relativa á parroquia sabemos que en ocasións o abade non sempre exercía como párroco e residía na parroquia, senón que o facía no seu lugar un substituto ou tenente cura. Así, por exemplo, Fernando de Mesego, abade de *Mata Maa* no ano 1503, non moraba na parroquia senón na vila de Baiona. En 1762, cando se instrúen as dilixencias para elaborar a Comprobación do Catastro de Ensenada na parroquia, exerce como párroco Esteban Pérez, «teniente cura y excusador» do abade titular Andrés González Calderón.

Está presente o substantivo *abade* no nome da **Rúa do Abade Xoán de Bastos** ou Juan de Bastos, que non é propiamente un topónimo patrimonial, senón un exemplo da chamada «toponimia conmemorativa e honorífica», dedicada a honrar a memoria dun persoeiro da primeira metade do século XIX, pertencente a unha das familias históricas da parroquia (*Matamá I*, 266, 278, 294-295).

### ► Abaixo, Arriba / Baixo, Riba

**As Barxas de Abaixo** / **As Barxas de Arriba** ou **de Riba**
**O Barreiriño de Abaixo** / **O Barreiriño de Arriba** ou **de Riba**
**O Campo de Abaixo** / **Os Campos de Arriba** ou **de Riba**
**Carballás de Abaixo** / **Carballás de Arriba** ou **de Riba**
**O Carballalciño de Abaixo**
**As Carneiras de Abaixo**
**Os Casales de Abaixo** / **Os Casales de Arriba** ou **de Riba**
**A Cortiña de Abaixo**
**A Mó de Abaixo** / **A Mó de Arriba**
**O Pazo de Abaixo**
**Os Picóns de Abaixo / Os Picóns de Arriba**
**Ribelas de Abaixo**

*Baixo* e *abaixo* (< latín BASSUM e AD BASSUM), o mesmo ca os seus antónimos *riba* e *arriba* (< latín RIPAM e AD RIPAM), están presentes na toponimia como complementos precedidos da preposición *de* para diferenciar dúas partes dunha mesma realidade xeográfica situadas en planos de diferente altura. A alternancia da forma plena (*de Abaixo*) e a abreviada (*de Baixo*) nos mesmos contextos é común na fala do Val de Fragoso e en xeral en case toda Galicia, e o mesmo acontece con *Riba* / *Arriba*. Na relación de topónimos recollidos por Marcos Alonso no mapa da parroquia optouse preferentemente pola forma plena en *Abaixo* e pola abreviada en *Riba* (cf. *O Barreiriño de Abaixo*, *O Barreiriño de Riba*), mais parece que conviven unha e outra como denominacións alternativas.

Moitos dos topónimos que conteñen o complemento *de Abaixo* ou *de Baixo* forman parella con cadanseu composto con *de Riba* ou *de Arriba*. Para o comentario etimolóxico, véxanse os apartados corres-

pondentes ao primeiro elemento (*Barxa*, *Barro*, *Campo*, *Carballo*, *Carneira*, *Casal*, *Corte*, *Mó*, *Pazo*…). O topónimo *Ribelas* tamén ten relación etimolóxica con *riba* e *arriba* (→ *Riba*).

A locución *abaixo de* está presente no topónimo **Abaixo do Lugar** (→ Lugar).

## ► Abano

**O Abanico**

**O Abanico** é o nome que recibe unha área de monte e terras de labor, situada no Outeiro da Mó, ao sueste do núcleo da Mó, entre a rúa do Abade Xoán de Bastos e a Baixada á Mó. No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades situadas nesa área reciben o nome de *A Cascalleira* ou *Casquilleira* (→ Cascallo), polo que semella que *O Abanico* é un topónimo de creación máis recente.

O nome común castelán *abanico* (en galego *abano*) procede en última instancia do verbo galego e portugués *abanar*, *abanear* 'facer oscilar, axitar'. O portal Galicia Nomeada recolle unha ducia de microtopónimos con ese substantivo, entre eles un *Camiño do Abanico* na parroquia viguesa de Beade, talvez chamado así pola forma das propiedades, de figura triangular e onde os lindes tenden a converxer, coa disposición radial das varas dun abano. *O Abanico* é tamén o nome dun núcleo habitado no concello ourensán do Irixo; que parece motivado pola converxencia de varios camiños nun mesmo punto dunha vía principal.

## ► Abelá, Abelar, Abeleira, Abelaído

**A Abeleira, As Abeleiras**
**O Abelar, O Abelal, Os Abelares**
**A Presa do Abelar**
**Rego do Abelar**
**Balaído, Balaído de Dentro, Balaídos**
**Río de Balaído**

*Abeleira* é nome común galego da árbore que dá abelás. O seu étimo é o latín ABELLANARIAM, derivado do nome da froita, chamada nesa lingua *nux abellana* 'noz da cidade de Abella', pois na antiga Roma eran moi apreciadas as producidas nesa cidade italiana, desde onde se exportaban a outras áreas do imperio.

As abeleiras, de nome científico *Coryllus avellana*, foron árbores moi comúns na flora histórica galega e son moitos os topónimos que testemuñan a súa presenza na paisaxe. O Nomenclátor de Galicia recolle preto de douscentos núcleos de poboación que conteñen no seu nome un derivado de *abelá,* e na microtoponimia son igualmente numerosísimos: *Abeleira*, *Abelaira*, *Abelar*, *Abeledo*, *Abelenda*, *Abelide*, *Abelaído*, *Abelosa* (e *Belosa* / *Velosa*), *Abelaídos* e *Balaídos* etc.

O derivado co sufixo *-eira*, coincidente co nome da árbore, está presente en Matamá na denominación dunha área de vivendas e campos situada no Roupeiro, de nome **As Abeleiras**. No Catastro de Ensenada (1753, 1762) as propiedades situadas neste «sitio das Abeleiras» cualifícanse como cultivos de regadío de segunda e terceira calidade. Ocasionalmente rexístrase en singular, **A Abeleira**.



No derivado colectivo mediante o sufixo correspondente ao latín *-ale* (latín ABELLANALEM), a terminación *-al* adoita alterarse en *-ar* por un fenómeno común de disimilación das consoantes líquidas L e R. En Matamá, **O Abelar** é o nome dunha zona de arboredo ao oeste da Barxa. No Catastro de Ensenada vén cualificada maioritariamente como devesa de primeira calidade e monte de segunda, e dela reciben o seu nome o **Rego do Abelar** e mais a **Presa do Abelar**, situada na Coutada Grande. Na documentación histórica da parroquia rexístrase coas variantes **O Abelar** e **O Abelal**, nos nomes da *Coutada do Abelal* e o *Campo do*

*Abelal* no século XVII (*Matamá I*, 78). En fontes posteriores xa aparece alternando cun plural **Os Abelares**.

A convivencia das formas en singular e en plural para un mesmo topónimo é fenómeno relativamente común, especialmente cando o espazo designado ten varias partes (*O Abelar de Riba* e *O Abelar de Baixo*, supoñamos) ou propiedades pertencentes a diferentes donos. Polo regular, o topónimo orixinario é o singular, mentres que o plural adoita ser secundario e de nova creación. As persoas nomean en singular o seu lugar ou a súa propiedade (*O Abelar*) e saben que outro lugar próximo ou as propiedades veciñas reciben o mesmo nome, de aí que supoñan para o conxunto unha denominación en plural (*Os Abelares*).

A aparición destes plurais secundarios é máis frecuente na microtoponimia, pero non faltan exemplos mesmo nos nomes das entidades de poboación, como vemos en Matamá no caso do núcleo habitado chamado *As Carneiras*, que malia ser coñecido maioritariamente en plural xa no século XVIII, figuraba nos nomenclátores oficiais como *A Carneira* ata hai unhas décadas. Ás veces o plural secundario faise a partir dun topónimo orixinario que xa era plural, como sucede en *Ameás* / *Ameases* ou *Carballás* / *Carballases*.

Outro topónimo relativo ás abeleiras presente na toponimia de Matamá é o derivado formado co sufixo correspondente ao latín -*ētu*, -*ēta*, isto é, o colectivo que remonta a un étimo latino ABELLANĒTU, ABELLANĒTA. Ademais dos resultados comúns en galego *Abeledo*, *Abeleda* (máis de 30 localidades con eses nomes no Nomenclátor de Galicia), alternan na toponimia con outras formas como *Abelendo*, *Abelenda*, *Abelaíndo*, *Abelaído*. Esta última, *Abelaído*, dá nome a dúas aldeas nos concellos da Lama (Pontevedra) e San Xoán de Río (Ourense). Unha variante de *Abelaído* con perda da vogal inicial e harmonización vocálica é **Balaído**, nome dunha área na estrema de Matamá con Coia e Castrelos, compartida polas tres parroquias. En documentos do século XVIII aínda se rexistra co <e> etimolóxico coas formas *Abelaído* e *Belaído* / *Velaído* alternando con *Balaído* (*Matamá I*, 135). Na demarcación parroquial do Catastro de Ensenada (1753), sinálase un marco denominado do **Pozo Negro de Balaído** na estrema de Matamá con Coia.


ción, del que confinamos con la referida, y la
de Coya, va adar a los de Pozo negro de
Balaido, y a la de la veña, y de aquí confinando
con la de San Andrés de Comesaña

Na parte de Matamá teñen denominación específica as áreas chamadas **Balaído de Dentro** e **Río de Balaído**, e repítese o mesmo nome noutros topónimos contiguos das parroquias veciñas: *Balaído da Ponte* (e *Ponte de Balaídos*) e *Balaído do Río Vello*. Tamén neste caso o singular orixinario do topónimo acabou producindo un plural secundario **Balaídos**, que se consolidou de vez no século XX ao servir de denominación para o estadio de fútbol. Nas proximidades do estadio, á beira do río, entre amieiros e outra flora de ribeira, seguen medrando abeleiras que son sen dúbida herdeiras das que motivaron o topónimo hai moitos séculos.

## ► Abella

**A Abelleira, A Abilleira**
**A Abelleira da Pedra**
**A Abelleira das Acacias**
**A Presa da Abelleira**

**A Abelleira** é unha zona ampla ao sur da Mó, maioritariamente de monte e arboredo, atravesada pola autovía de circunvalación VG-20. Parte desa zona pertence ao territorio da parroquia de Valadares, onde recibe denominacións que conteñen o mesmo substantivo, como *A Abelleira de Arriba* e mais *A Fonte da Abelleira*, áreas próximas ao núcleo do Freixo. En Matamá, unha parte chámase **A Abelleira das Acacias**, cun complemento relativo a esas árbores que o delata como topónimo recente, non tradicional, pois as *acacias* (< do grego *akakía*),

xénero que tamén inclúe as mimosas (*Acacia dealbata*), son especies exóticas que só tiveron presenza na paisaxe galega coas repoboacións forestais do século XX. A parte situada na estrema da parroquia, á beira da circunvalación VG-20, coñécese como **A Abelleira da Pedra**; a construción desa vía sepultou a presa coñecida tradicionalmente como **A Presa da Abelleira**.

Na fala de Matamá é usual o cerramento da vogal (*e* > *i* ) en **Abelleira / Abilleira**, fenómeno común da fonética galega, onde o ditongo -*ei*- na sílaba tónica tende a pechar a vogal da sílaba precedente (*regueira / rigueira*, *pereira / pireira*…).

*Abelleira* é un derivado regular de *abella* (< latín APICŬLAM) co sufixo -*eira* (< latín -ARIA). Como topónimo aplicouse a sitios caracterizados pola presenza ou abundancia destes insectos, mais tamén puido aplicarse a colmeares ou alvarizas, lugares con colmeas destinadas á produción de cera e mel. Por outra banda, dado que *abelleira* ou *herba abelleira* é tamén un dos nomes populares da melisa e doutras plantas semellantes, así chamadas por seren moi frecuentadas das abellas, non sempre podemos distinguir os zootopónimos motivados polas abellas dos fitotopónimos motivados pola vexetación do lugar.

Na zona da Abelleira tivo herdades arrendadas en foro o convento de San Domingos de Pontevedra, que nos seus libros de apeos rexistra no ano 1646 unhas terras chamadas *Abelleira* e *Coutada da Abelleira* na parroquia de Valadares na estrema con Matamá. No Catastro de Ensenada de Matamá e na súa Comprobación (1753, 1762), as propiedades denominadas *da Abelleira* veñen caracterizadas maioritariamente como monte ou devesa de primeira e segunda calidade.

## ► Abreu

**Santiago de Abreu**
**Muíño de Matías de Abreu**
**Muíño de don Ventura de Abreu**

Na relación de topónimos da parroquia que se rexistran na documentación histórica mais non sobreviviron ata hoxe, Marcos Alonso inclúe un **Santiago de Abreu** (*Matamá II*, 303) como nome dunha propiedade de labradío e viña que tamén se atesta coa denominación al-

ternativa de ***Arribás*** (→ Ribás). É un evidente topónimo de propietario, composto de nome e apelido. Talvez se refire ao veciño dese nome que no século XVII exercía como cabezaleiro (recadador dos foros) dos bens de San Domingos de Pontevedra anexos ao lugar de Parada.


Foro de otros Bienes mas annexos a dicho Lugar de Parada.
Cabezalero
Santiago de Abreu
Renta cada año tres ferr.os de trigo
Lá una Casa, [illegible], tendal, taona, un pedazo de viña, y dos Cortiñas paga cada año Francisco de Abreu, y Consortes tres ferrados de trigo. = Aforolo el Conv.to el año de 1659. por vida de quatro Reyes de España, primero Phelipe Quarto, a Benito [illegible] de Arribas, Maria Abreu su muger, Domingo de Campos, vezino de Arribas, Domingo de Vila su Muger, Pedro Costas y Juana Costas

San Domingos, Pontevedra, *Cobrador de la renta nueva*, século XVIII (PARES, AHN, Clero L. 10238)

No Catastro de Ensenada, dous dos muíños da parroquia constan como **Muíño de Matías de Abreu** e **Muíño de don Ventura de Abreu**.

*Abreu* é un dos apelidos característicos de Matamá e vinculados á súa historia. En Galicia, máis de tres cuartas partes dos portadores residen no concello de Vigo e nos concellos veciños, probablemente todos eles con orixe remota en Matamá, que constitúe o foco de irradiación do apelido. En Portugal ten especial presenza no Minho. Na Idade Media era un apelido significativamente tudense, no tempo en que a diocese de Tui incluía un amplo territorio ao sur do Miño, antes da creación da diocese de Viana do Castelo. A etimoloxía é controvertida; a hipótese máis aceptada relaciónao cun nome persoal medieval de orixe xermánica rematado en *-redus*, acaso un **Alafredus* ou **Adafredus* co mesmo segundo elemento do *Viliefredus* que deu orixe ao topónimo portugués *Guilhabreu*, lugar do concello de Vila do Conde.

Certa tradición xenealóxica en Portugal atribuíalle orixe francesa, mais non parece que teña fundamento histórico. Os defensores dunha orixe toponímica para este apelido teñen sinalado como foco orixinario unha medieval *Torre de Abreu* no concello de Monzón (Monção), mais tamén hai quen sostén que ese topónimo se formou xa a partir do apelido e non ao contrario.

A presenza do apelido *Abreu* na parroquia de Matamá remonta probablemente ao século XV, a través da familia fidalga dos Falcón, da veciña parroquia de Castrelos, por vínculo matrimonial (*Matamá I*, 67).

## ► Acacia → Abelleira das Acacias

## ► Adro

### A Viña do Adro

*Adro* é o resultado galego do latín ATRIUM, que en orixe designaba o patio central da *domus*, a casa romana, mais co cristianismo pasou a adquirir o novo significado que chegou ata nós, o de 'terreo, xeralmente cercado, que adoitan ter as igrexas ao seu redor ou ben diante delas' (DRAG). *Adro* é un termo moi presente na toponimia galega (o Nomenclátor de Galicia recolle unha ducia de localidades chamadas *O Adro*) e ás veces recibe ese nome, e non o de *A Igrexa* ou variantes, o núcleo de poboación inmediato á igrexa parroquial. En Matamá témolo no topónimo **A Viña do Adro**, que designa unha zona próxima á igrexa. En ocasións rexístrase coa forma castelanizada ou latinizante *atrio*: *A Viña do Atrio*. Pola documentación sabemos que o adro da igrexa era o lugar onde se celebraban xuntanzas ou asembleas parroquiais para tratar asuntos que afectaban á vida da comunidade (*Matamá I*, 142, 284, 304).

## ► Agolvada → Auga

## ► Agro

### O Agro da Fonte

O substantivo común galego *agro* designa unha terra cultivada. É continuación do latín AGRUM (*ager*), do mesmo significado, que sobreviviu no galego desde as orixes do idioma, a diferenza do que ocorreu noutras linguas románicas, onde na lingua popular foi substituído pola palabra correspondente ao latín tardío *campus*. No Nomenclátor de Galicia superan os dous centenares os núcleos de poboación que conteñen na súa denominación o substantivo *agro*, o seu feminino *agra*, os diminutivos *agrelo* e *agrela* e outros derivados e compostos con estes nomes. *Agro* e *agra* na toponimia do Val de Fragoso responden, xa que logo, a unha motivación idéntica ou semellante á de *campo*, *cortiña*, *eido*, *horta* ou *cocho* (→).

En Matamá está presente este termo no topónimo **O Agro da Fonte**, nome dunha área de terras de cultivo ao norte de Beirán, probablemente así chamada pola súa proximidade á Fonte do Lameiro.

## ▶ Agua → Auga

## ▶ Alá

### Alá Dentro

**Alá Dentro** é o nome dunha área situada ao sur do Pazo, con prados e unha vivenda. Son relativamente comúns na microtoponimia galega os topónimos que conteñen o adverbio *alá* (< latín ILLAC) ou outros equivalentes e que responden a unha percepción do lugar que designan considerándoo na distancia, desde outro lugar algo afastado: *Aló Enriba*, *Aló Embaixo*, *Alá Arriba*, *Alá Atrás, Aló Detrás*, *Fonte de Alá* etc., e non faltan nos nomes de entidades de poboación, con paralelo noutros formados con *alén* e *tras* (= 'máis alá de') ou os compostos cun demostrativo, do tipo *Aquelabanda*. O segundo elemento deste topónimo de Matamá, outro adverbio, *dentro* (< lat. DE INTRO) pode responder a diferentes motivacións relacionadas coa orografía ou a vexetación, mais nas propiedades rústicas adoita referirse á localización respecto dos camiños de acceso, cando esas propiedades non están á beira dunha vía pública, senón que se accede a elas por un camiño secundario ou de servidume a través de propiedades alleas.

Na plataforma Galicia Nomeada figura un topónimo *O Campo de Alá* como nome duns campos situados nunha revolta da rúa do Roupeiro, ao norte do Roupeiro. Non temos constancia deste topónimo noutras fontes escritas.

### ► Afonso → Casa dos Alonso

### ► Alambre → Calvario

### ► Alborés

**A Alboresa / A Alboreza, As Alboresas / As Alborezas**
**O Monte das Alboresas**

O Catastro de Ensenada (1753) rexistra como *sitio da Alboreza ou da Alboresa* a localización de varias propiedades de monte cualificadas como devesa de primeira e segunda calidade. Corresponde á zona coñecida hoxe en plural, **As Alboresas**, unha área de monte e arboredo ao sur da Mó, por riba da autovía VG-20, que é monte comunal (*Matamá I*, 111). Marcos Alonso rotúlao na súa cartografía como **As Alborezas**. Dado o seseo propio do galego local, a opción da escrita entre <s> é <z> é simplemente gráfica, polo que consideramos preferible a forma máis etimolóxica, aínda que a escrita con <z> conta con consolidadada tradición. Vemos as mesmas vacilacións por efecto do seseo en *Alborases* / *Alboraces* (→ Árbore) ou en *Ervilleza* / *Ervillesa* (→ Erville).

**A Alboresa** é moi probablemente un topónimo de propietario, relativo a alguén apelidado ou alcumado *Alborés*, segundo o mesmo procedemento que vemos en *A Gaga* = 'A de Gago', ou *A Simona*, *A Gaspara*, *A Garrida*, *A Falcoa* etc. No libro de apeos de San Domingos de Pontevedra do ano 1620 (AHN, Clero L.20186), entre os foreiros do mosteiro que levan propiedades en Matamá consta un *Juan Pérez de Alborés*, e é posible que o topónimo *A Alboresa* garde relación con propiedades vinculadas á súa familia. O apelido ou sobrenome *Alborés* é de orixe toponímica, relativo a calquera dos dous lugares dese nome (*Alborés Grande* e *Alborés Pequeno*) da parroquia de Priegue, no veciño concello de Nigrán. Aínda que na toponimia non sempre é

doado distinguir os derivados do común *arbore* dos formados a partir de nomes persoais como o latino *Arborius*, en *Alborés* estamos ante un exemplo dos primeiros, isto é, un derivado de *árbore* co sufixo correspondente ao latín -*ense* (*ARBORENSE).

**As Alboresas** é plural secundario do topónimo, pois nos rexistros históricos aparece en singular («sitio de Alboresa», «da Alboreza»).



## ► Almuíña

**A Almuíña**
**As Almuíñas**

Hoxe coñécense como **As Almuíñas** unhas terras situadas ao sur do Pazo. A forma orixinaria era un singular **A Almuíña** que, como sucede noutros moitos topónimos da parroquia, xerou un plural secundario (véxase o que se di respecto de *Abelar / Abelares*). Figura en singular na documentación histórica, por exemplo nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra, que rexistran un campo dese nome en 1620 vinculado aos bens que posúe o convento en Vilar: *campo de Almuyña, que es del lugar de Vilar*. No mesmo século menciónase *A Almuíña* como nome de dúas leiras aforadas polos monxes de San Domingos a Pedro e Bastián de Comesaña (*Matamá I*, 78). O Catastro de Ensenada (1753, 1762) caracteriza as propiedades situadas *al sitio da Almuíña* como cultivos de secaño de segunda e terceira calidade.

O substantivo *almuíña*, forma galega correspondente ao castelán *almunia*, é un arabismo medieval, procedente do andalusí *munya*, que significa 'horta'. O emprego do topónimo con artigo feminino fai pensar que naceu con ese significado e non como referencia a un propietario ou usuario apelidado *Almuíña*, apelido toponímico, orixinario dalgunha das localidades dese nome (tres na provincia de Pontevedra, nos concellos de Arbo, A Caniza e Pontevedra), que é apelido con pre-

senza significativa no concello de Vigo, onde reside case un terzo dos portadores.



## ► Alonso → Casa dos Alonso

## ► Aloque

### O Aloco

**O Aloco** é o nome de dúas zonas na parroquia de Matamá: unha delas ao sur do Pazo e outra na estrema coa veciña parroquia de Valadares, ao sur da Mó, xunto á Lama da Mó.

O Padre Sobreira recolleu no século XVIII os substantivos *aloque* e *aloqueiro*, caracterizounos como propios da fala de Tui e definiunos como 'pantano'. Debe advertirse que en área tudense, *pántano* (esdrúxulo, coma no portugués) ten o significado de 'fondal onde empoza a auga' e tamén o de 'presa', 'poza', 'tanque'. Estes últimos han de ser os significados que ten *aloque* nas referencias que se fan na documentación medieval de Tui aos *pelamios y aloques* onde os zapateiros e curtidores empozaban as peles para curtilas.

No Nomenclátor de Galicia figura unha entidade de poboación chamada *O Aloqueiro* na parroquia de Salcidos, na Guarda. Un plural *Os Aloques* é nome dunha área próxima á vila do Porriño, hoxe vía urbana denominada *Rúa dos Aloques*, e na ribeira do río Miñor antes da ponte da Ramallosa hai o chamado *Muíño do Aloque* na parroquia de Borreiros, en Gondomar.

*Aloque* e *Aloqueiro* son arabismos ou andalusismos medievais (téñense relacionado cun árabe *al-wákr* 'niño das aves') que na área tu-

dense e do Baixo Miño adquiriron un uso específico de 'poza, presa, concavidade onde se retén a auga'. Os dicionarios portugueses recollen tamén un substantivo *aloque* propio dos falares miñotos co significado de «oco entre as rochas onde se ocultam os peixes», «esconderijo (principalmente de peixes)». En Matamá, os dous topónimos *O Aloco* coinciden con lugares onde hai presas destinadas ao rego, polo que coidamos que o significado orixinario do topónimo debeu ser o de 'poza'.

### ► Alta, Baixa

**A Alta do Chamor**
**A Baixa do Chamor**

Os substantivos *alta* e *baixa*, formados a partir dos adxectivos correspondentes, están presentes na toponimia de Matamá nos nomes **A Alta do Chamor** e **A Baixa do Chamor**, situadas ao leste da Revolta (→ Chamor). No seu significado veñen equivalendo a *de Arriba* e *de Abaixo*.

### ► Alvite

**Alvite**
**A Fonte de Alvite** ou **A Fonte Alvite**

**Alvite** é un dos núcleos de poboación da veciña parroquia de Castrelos, que tamén dá nome a unha área da estrema desta parroquia coa de Matamá, onde se encontra a fonte chamada **A Fonte de Alvite** ou **A Fonte Alvite**, situada hoxe algo máis ao oeste da súa localización orixinaria.

**Alvite** provén do xenitivo ALVITI dun antropónimo medieval de orixe xermánica Alvitus, formado cunha raíz común coa de *Alvarus* ou *Alaricus*, que pode ser *alls* 'todo' ou *alhs* 'présa'. O Nomenclátor de Galicia recolle vinte e seis localidades cun nome que contén unha forma resultante deste antropónimo masculino, que foi de uso relativamente común nos últimos séculos do primeiro milenio, polo que os topónimos correspondentes deberon nacer nesa época.

No Catastro de Ensenada da parroquia de Matamá, as propiedades denominadas *Alvite* veñen caracterizadas maioritariamente como culti-

vos de regadío de primeira e segunda calidade. Aínda que o núcleo de poboación sempre se rexistra en singular (*Alvite*), ás veces úsase un plural secundario *Alvites* para referirse a estes cultivos. A documentación da primeira metade do século XVIII refírese ao proxecto de construción dun Muíño de Alvite, que non sabemos se chegou a construírse, pois contaba coa oposición dos Falcón de Castrelos, que posuían o dereito das augas provenientes das Carneiras e da Presa de Macal (*Matamá I*, 123).

Algunhas veces este topónimo de Matamá aparece rexistrado como *Alvitre*, cun <r> adventicio.

O composto *A Fonte de Alvite* ou *A Fonte Alvite* ten paralelo no nome das localidades chamadas *A Fonte de Alvite*, no concello lugués do Valadouro, e *Fonte Alvite* nos coruñeses de Arzúa e Touro.

## ► Amaro → San Amaro

## ► Amieiro

**O Ameal**
**O Rego do Ameal**
**Os Ameás / Os Ameases / Campo dos Ameás / Ameales**

*Amieiro* é unha das denominacións comúns en galego da árbore *Alnus glutinosa*. Tanto *amieiro* coma a variante *ameneiro* son palabras herdadas das linguas faladas polos galaicos antes da chegada do latín. Considérase para elas un étimo *AMENARIU ou *AMINARIU, dunha raíz indoeuropea **am-* 'auga'. O nome do amieiro, xa que logo, viría caracterizar esta especie como 'árbore da auga' e, en efecto, os amieiros son flora característica das beiras dos ríos e dos lugares húmidos. Os nomes relacionados cos amieiros teñen enorme presenza na toponimia galega.

O singular *amieiro*, coincidente co nome común da árbore na fala local, está presente nuns topónimos *O Amieiro* e *O Campo do Amieiro* que recolleu Marcos Alonso na documentación escrita relativa á parroquia. Quizais se refira a unha zona próxima da estrema con Santo André de Comesaña, pero xa nesta parroquia, hoxe coñecida co nome en plural, *Os Amieiros*.

Na toponimia de Matamá temos un derivado colectivo *ameal* 'lugar de amieiros', correspondente a un étimo *AMENALE ou *AMINALE, en **O Ameal**, nome dunha área de prados e arboredo por onde pasa o **Rego do Ameal**, ao sur da Lagarella. Na actualidade seguen tendo presenza na zona os amieiros, as árbores que motivaron o topónimo.

Un plural **Os Ameás** daba nome a unha área de campos hoxe incluída dentro da Zona Franca, no linde coa parroquia de Santo André de Comesaña, onde se repite o nome. É probablemente o mesmo que figura no Catastro de Ensenada (1753, 1762) como «sitio de **Ameales**», caracterizado como labradío de secaño de terceira calidade. *Ameases* é un dobre plural do colectivo; a partir de *Ameás* (< *AMENALES), que xa era o plural de *ameal*, creouse un novo plural **Ameases**, como en *café/cafés/cafeses*. Obsérvase o mesmo fenómeno en *Os Carballases* (→ Carballo), *Alborases* (→ Árbore) e noutros topónimos da parroquia.



## ► Andoriña / Anduriña

**A Anduriña**
**As Andoriñas, As Anduriñas**
**A Pedra da Anduriña**

Na demarcación territorial de Matamá que se dá nas respostas ao Interrogatorio xeral do Catastro de Ensenada (1753), chámase *A Anduriña* un dos marcos ou mollóns que sinalan a estrema coa parroquia de Castrelos, talvez o mesmo que no deslinde destoutra parroquia no mesmo catastro se denomina o *marco de Macal*. O topónimo sobrevive hoxe, alternando o singular orixinario e un plural **As Andoriñas** ou **As Anduriñas**, para designar unha área de campos e vivendas compartida

por Matamá e Castrelos, atravesada pola avenida de Castrelos na zona de Macal.

No outro cabo da parroquia, na estrema coa de Santo André de Comesaña, entre A Balsa e a Zona Franca, o mapa de Marcos Alonso sitúa outro topónimo idéntico **As Andoriñas**. Debe de ser o mesmo que vén rexistrado nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra como *Campo das Anduriñas* («que son dos campos ambos en uno y partidos por medio», ano 1620, PARES, ANH Clero L.20186) entre as propiedades que ten o convento vinculadas ao lugar de Sanín, na parroquia de Santo André de Comesaña.

No testamento duns veciños da Balsa no ano 1756 (*Matamá I*, 129) fálase dunha leira chamada **A Anduriña**. Fóra dalgunha excepción, nos rexistros máis antigos predomina o singular, **A Anduriña**, coma no nome dun *Sebastián de Comesaña da Anduriña*, veciño de Sanín, que é foreiro do convento pontevedrés. Tamén consta maioritariamente en singular no Catastro de Ensenada («al sitio Anduriña», 1753, 1762), pero o plural xa é a denominación común desde finais do século XVIII, coma no título do «Foro de los lugares, bienes y montes llamados de Sanín y Anduriñas» (San Domingos, Cobrador 1789-1835, PARES).

Outro topónimo de Matamá que contén referencia a estas aves é unha área de vivendas e campos ao norte de Budiño denominada **As Anduriñas**, preto da cal sitúa o mapa de Marcos Alonso **A Pedra da Anduriña** (→ Pedra).

*Andoriña*, *anduriña* son denominacións comúns en galego e en portugués (*andorinha*) da ave de nome científico *Hirundo rustica*. O termo galego procede do latín HIRUNDINAM, o nome latino da ave cun sufixo diminutivo. A referencia ás andoriñas na toponimia (máis de cento vinte topónimos en Galicia Nomeada) pode responder a diferentes motivacións; nos máis dos casos á presenza ou abundancia deses paxaros nun lugar ou a formacións pétreas que evocan unha andoriña ou o seu característico rabo gallado, mais tamén poden deberse a un sobrenome de propietario. Na relación de alcumes e sobrenomes da parroquia recollidos por Marcos Alonso consta o de *Andoriño* (*Matamá II*, 309). *Andoriño* ou *anduriño* foi un termo moi usado para referirse aos emigrantes temporeiros a Castela ou a Portugal, por semellanza coas migracións estacionais das andoriñas. Nalgún dos casos, o topónimo feminino podería proceder do alcume, segundo a fórmula común na

zona: *A Andoriña* = 'a de Andoriño / do Andoriño'. É igualmente verosímil o proceso contrario, que *Andoriño* fose un sobrenome aplicado a alguén orixinario dun lugar chamado *A Andoriña*.



## ▶ Ánima

### As Ánimas

**As Ánimas** é o nome dunha zona no camiño que vai de Balvís ao Pazo, fronte á antiga casa do abade Xoán de Bastos. Motivou o topónimo un antigo peto de ánimas, hoxe desaparecido, situado no lugar, dependente da Confraría das Ánimas que existiu na parroquia, documentada desde o século XVII (*Matamá I*, 216, 222). Os petos de ánimas (ou *almiñas* nalgunhas áreas) son pequenos monumentos relixiosos populares, ao xeito de capeliñas cun peto para depositar esmolas, situados en camiños ou encrucilladas. Da devoción polo culto ás ánimas dos defuntos na tradición galega dá boa conta a proliferacion deste tipo de construcións e a súa correspondente pegada na toponimia: en Galicia Nomeada vemos máis de douscentos topónimos que conteñen os substantivos *ánimas* ou *almiñas*.

## ▶ Aparicio

### A Aparicia / A Parisia

Coñécese como **A Aparicia** ou **A Parisia** unha área da estrema con Beade, nas Carneiras. Igual ca outros topónimos da parroquia, é o fe-

minino dun antropónimo de propietario, neste caso un nome *Aparicio* (A Aparicia = 'a de Aparicio'), realizado co seseo propio da falal local e con aférese da vogal inicial, confundida co artigo feminino. É topónimo moi vinculado á historia das loitas veciñais de Matamá contra a instalación dun vertedoiro de lixo nesa zona (*Matamá II*, 167-169).

Aínda que *Aparicio* tamén ten uso como apelido, non o rexistramos entre os apelidos históricos da zona, polo que é máis probable que o topónimo proceda do nome persoal, este si documentado en Matamá, como nun *Aparicio de Comesaña*, demandado polos dereitos sobre un casal e outras posesións en Fragoso no ano 1558 (ARG, Galiciana). Un topónimo idéntico na parroquia de Coia, atestado en 1752 como «heredad de la Parizia» ha de ter a mesma orixe etimolóxica.

## ▶ Arriba → Abaixo, Arriba / → Riba

## ▶ Árbore

### Os Alborases / Os Alboraces / Os Alborás

Unha zona de arboredo ao oeste do cemiterio parroquial, xunto ao río de Sisón, vén rotulada no mapa de Marcos Alonso como **Os Alboraces**. Aparece con esa grafía nalgúns dos rexistros escritos, mais propiamente é ultracorrección dunha forma oral **Os Alborases**, interpretada como produto do seseo. *Alborases* é un plural dun previo **Os Alborás** ou **Os Arborás**, que xa era un plural de *arboral*, derivado colectivo de *árbore*. A formación con dobre plural *Alborases* é paralela da que se dá en *Ameases* (→ *Amieiro*) ou *Carballases* (→ *Carballo*).

## ▶ Arañas → Casa das Arañas

## ▶ Arca

### Arca, A Pedra da

**A Pedra da Arca** era o nome dunha área do noroeste do territorio parroquial, na zona das Touráns, hoxe no interior da Zona Franca. Ade-

mais desta forma plena, rexístrase tamén coas variantes *Peradarca* e aínda *Pedarca* (*Matamá II*, 300).

A presenza do substantivo *arca* nun nome de lugar confírelle a condición de «topónimo de interese arqueolóxico», pois *arca* é unha das denominacións comúns en galego para os monumentos megalíticos tamén coñecidos como dolmens, e esa é a motivación principal da presenza deste substantivo na toponimia. Neste caso, a creación da Zona Franca supuxo unha alteración da paisaxe tan profunda que o propio topónimo é o único vestixio que queda do posible monumento megalítico que quizais houbo nese sitio no pasado.

### ► Atrás, Diante, Dentro, Fóra

**O Lugar de Diante**
**O Campo de Atrás**
**Alá Dentro**
**O Cocho de Fóra**
**Balaído de Dentro**
**Balaído de Fóra**

Dun xeito paralelo aos topónimos formados compostos por un nome precedido de preposición (*Entre, So, Sobre, Tras*), son tamén comúns os compostos con formas adverbiais que indican posición relativa respecto doutro punto, como *diante* (< latín DE + IN + ANTE), *atrás* (< AD + TRANS), *fóra* (< FŎRAS) e *dentro* (< DE + INTRO), para significar respectivamente anteposición, posposición e localización exterior e interior. En Matamá temos os seguintes: **O Lugar de Diante**, na Barxa, **O Campo de Atrás**, entre Sisón e O Cercado, **Alá Dentro**, ao sur do Pazo, **Balaído de Dentro** e **Balaído de Fóra**, onda o Río Vello (→ Río) e mais **O Cocho de Fóra**, en Ribás.

### ► Asucada, Asucadiña → Suco

### ► Auga

**Agolvada / Agua Levada**
**O Agüeiro / O Agoeiro**

*Auga Levada* ou *Agualevada*, ademais de *Agolvada*, *A Agolvada* ou *A Golvada*, son formas relativamente comúns na toponimia galega. Non veñen motivadas por un elemento natural da paisaxe, senón por unha obra humana: unha canalización ou condución de auga, desviada dun río ou tomada dun manancial, sexa para regar os cultivos, sexa para alimentar un muíño, presa, batán ou outro destino. Estes nomes son o resultado dun composto *Aqua levata*, creación do latín galaico altomedieval que substituíu un antigo latín *Aqua lata* ('auga conducida', de onde topónimos como *Agolada*). Dado que o composto *augalevada* foi perdendo uso xa na Idade Media, para deixar paso ao substantivo simple *levada* 'canalización', os topónimos en que está presente o composto remontan probablemente á época medieval.

En Matamá, **Agolvada** o **A Golvada** (/*Agholbáda*/, con gheada) é o nome dunha área de campos ao oeste da Mó e recibe o seu nome dunha antiga canalización, probablemente para aproveitar a auga do Rego do Abelar, que atravesa a zona. Os topónimos *A Presa do Rato* e *A Presa do Abelar*, ademais do máis xenérico *As Presas* (→), na mesma área, quizais han de responder á mesma motivación: unha antiga condución de auga. Na documentación e na cartografía máis recentes figura este topónimo coas dúas variantes citadas, mais constaba coa forma plena, *sitio de* **Agualevada**, no Catastro de Ensenada (1753, 1762), onde se cualifican as propiedades dese nome como cultivos de regadío de segunda e terceira calidade.



Outro topónimo formado a partir do substantivo *auga* (*aghua* no galego local) é **O Agüeiro** (en ocasións rexistrado como *O Agoeiro*), nome dunha zona de terras de cultivo ao sur de Campos, próxima á estrema coa parroquia de Castrelos. Das diferentes acepcións que os dicionarios recollen para o substantivo *augueiro*, é problablemente a de 'canle para regar' a que motivou o topónimo. No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades que se encontran «al sitio del Agüeiro» veñen caracterizadas como parras e labradío de regadío, maioritariamente de primeira calidade.



Marcos Alonso recolle tamén unha forma *Lagoeiro* con que se rexistra ocasionalmente este topónimo. Baixo a aparencia dun derivado de *lagoa*, ha de ser o mesmo *O Agüeiro* alterado cun L- adventicio procedente do artigo en castelán, pola equivalencia fónica de *sitio del Agüeiro* e *sitio de Lagüeiro*.

### ► Bacelo

**O Bacelo / A Viña do Bacelo**
**O Bacelo do Pazo de Matamá**
**Os Bacelos**

*Bacelo* (< do latín BACĔLLUM, variante de BACŬLUM 'bastón') é nome común en galego que designa un pé de cepa ou videira e, por extensión, un bacelar ou viña, ou máis especificamente, a terra onde se planta viña por primeira vez. A cantidade de topónimos relacionados coas vides e a viticultura dá boa conta da importancia que tiveron na economía tradicional de Matamá.

**O Bacelo**, tamén chamado redundantemente **A Viña do Bacelo**, é unha terra a carón do Pazo de Abaixo, en Parada. Posiblemente era a viña do pazo inmediato, igual ca noutro topónimo paralelo **O Bacelo**

**do Pazo** ou **O Bacelo do Pazo de Matamá**, no núcleo do Pazo. Un plural **Os Bacelos** designa uns terreos na estrema coa parroquia de Castrelos á beira do cemiterio de Pereiró.

### ▶ Baixada → Rúa

### ▶ Balaído, Balaídos → Abelar, Abeleira

### ▶ Balsa

**A Balsa**
**Os Campos da Balsa**
**A Fonte da Balsa**
**O Lavadouro da Balsa**
**A Presa da Balsa**

**A Balsa** é unha das entidades de poboación tradicionais da freguesía de Matamá. Situada na parte occidental do termo parroquial, a mediados do século XVIII habitábana unicamente dúas familias, segundo nos informa o Catastro de Ensenada. Tamén tivo uso como apelido toponímico en cadeas onomásticas con que se identifican os veciños do lugar (*Domingo Pérez da Balsa*). Recibe tamén o mesmo nome, **A Balsa**, pola proximidade ao núcleo dese nome, un dos montes comunais da parroquia (*Matamá I*, 111, 113), que no ano 1753 era devesa real e tiña unha extensión de 130 ferrados (→ Devesa).

O substantivo *balsa* é un termo hispánico de orixe prerromana; a súa presenza na toponimia vén dada pola acepción de *balsa* como 'presa de auga', 'lugar onde embalsan ou reteñen as augas' (→ Presa, Tanque). O Nomenclátor de Galicia recolle outras once localidades chamadas *A Balsa* nas provincias de Lugo e A Coruña. O portal Galicia Nomeada recolle máis de trescentos topónimos con este nome ou derivados. En Matamá, o nome da localidade debeu vir motivado por unha presa, acaso a precedente da actualmente coñecida como **A Presa da Balsa**, preto da fonte chamada **A Fonte da Balsa** e mais do **Lavadouro da Balsa**. Ademais desta fonte xunto á presa, repítese o topónimo **A Fonte da**

**Balsa** algo máis ao sur da primeira, preto xa de Vilar, tamén cunha presa destinada a regar a zona denominada **Os Campos da Balsa**.

## ► Balvís

**Balvís**
**Balvís de Arriba / Balvís de Abaixo**
**A Fonte de Balvís**
**O Lavadouro de Balvís**
**A Presa de Balvís**
**O Outeiro de Balvís**

**Balvís** é o nome doutra das entidades de poboación ou barrios tradicionais da parroquia. Desde comezos do século XV formou parte das propiedades de San Domingos de Pontevedra en Matamá, de aí que dispoñamos de abundantes rexistros do topónimo na documentación dese convento. A mediados do século XVIII habitaban Balvís doce familias, segundo informa o Catastro de Ensenada.

O nome corresponde a un antigo *Belvís*, do latín BELLUM VISUM 'vista bonita'. Na toponimia galega, coma na doutras linguas hispánicas onde o habitual é a orde *nome* + *adxectivo*, son insólitos os compostos *adxectivo* + *nome*, coma este, que adoitan ser nomes de orixe culta ou condicionados pola linguaxe eclesiástica. A importancia que tivo desde a Idade Media o convento compostelán de Santa María de Belvís puido contribuír a facer dese nome un topónimo *de repertorio*, aplicable a lugares con boas vistas panorámicas. O Nomenclátor de Galicia recolle catorce localidades así chamadas, coas variantes *Belvís* (6) e *Balvís* (8); na microtoponimia tamén é máis frecuente a forma con <a>: 25 *Balvís* e 10 *Belvís* en Galicia Nomeada. A alteración *Belvís* > *Balvís* é un simple fenómeno fonético de disimilación vocálica.

Nas numerosas mencións de *Balvís* da documentación dos séculos XV a XVIII dos dominicos de Pontevedra aparece ocasionalmente como *Belvís* (alternan *Belbís, Belvís* e *Balbís* no século XVII e aínda se rexistra algunhas veces *Belvís* no Catastro de Ensenada, 1753), mais a forma actual, con <a> na primeira sílaba, xa debía de estar consolidada na Idade Media.

A documentación distingue como lugares diferentes os de Balvís de Abaixo e Balvís de Arriba, en ocasións denominados Balvís Grande e Balvís Pequeno, respectivamente (así no século XVIII no *Cobrador da renda* de San Domingos no partido de Vigo, PARES, AHN Clero L10238).


Foro del Lugar de Balvís el Grande, ó Balvís de abajo . . . . . . . . 17...
Foro del Lugar de Balvís de Arriba, alias Balvís pequeño . . . . . . . . 19...



Anotacións aos foros de Balvís no Tombo Becerro de San Domingos de Pontevedra, 1653 (PARES, CLERO, L. 10240)

Repítese *Balvís* noutros nomes de lugares situados nese barrio: **A Fonte de Balvís**, **O Lavadouro Balvís** e **A Presa de Balvís**. O núcleo habitado chamado O Outeiro (→) ou O Outeiro do Carracedo tamén se coñece como **O Outeiro de Balvís**.

## ▶ Banda

### A Banda do Regueiro

O substantivo *banda* é un termo común presente no galego, portugués e castelán, de orixe xermánica. Os dicionarios recollen varias

acepcións, entre elas as de «cada unha das dúas partes de certas cousas, comprendida entre unha liña central imaxinaria e o bordo» e «territorio máis ou menos amplo situado á beira e nas proximidades dun río, ría, accidente xeográfico etc.» (DRAG), que son as acepcións que orixinan topónimos. En Matamá chámase **A Banda do Regueiro** unha zona de campos á beira do *Rego da Mó*, que atravesa a zona deste mesmo nome.

### ► Bandeira

**Monte da Bandeira**
**Outeiro da Bandeira**

No Catastro de Ensenada e noutras fontes menciónase en Matamá un topónimo **O Outeiro da Bandeira**, hoxe perdido, ao cal lle asigna Marcos Alonso unha localización aproximada ao nordeste da Balsa, ao norte do Pereiro. O nome *outeiro* podería ter nel o significado de 'penedo' que adoita ter na zona. Non sabemos se se refire ao mesmo lugar que na documentación de San Domingos de Pontevedra se rexistra co nome de **Monte da Bandeira** entre os bens que posúe o convento na parroquia; no século XVII, unhas terras así chamadas, que se din anexas ao foro do lugar de Parada, constan de «casa y eira y atafona» («una atafona de moler casca»). Outros indicios levan a situar este *Monte da Bandeira* no extremo suroeste do termo parroquial, no linde con Valadares (Luna e Navaza, 2022: 241), mais pode ser un caso de homonimia, pois tanto *O Outeiro da Bandeira* coma *O Monte da Bandeira* son topónimos que se repiten noutras parroquias de Vigo e arredores, segundo podemos ver no portal Galicia Nomeada. Na documentación de San Domingos de Pontevedra dise que «estes dichos bienes están en el monte da Bandeira enfrente de la aldea de Ruybás» e tamén «monte que se dize da Bandeyra sito abajo de la hermita de Sanamaro (…) segundo alinda con el Rigeiro de agua que biene de Siçón para la aldea de Ruibás» (ano 1653, Clero L.10240).

Aínda que *bandeira* pode ter presenza na toponimia con outros significados e motivacións, boa parte destes compostos adoitan ser topónimos de pastoreo, nacidos da práctica de colocar un sinal no monte no lugar onde está pacendo o gando, de xeito que puidese verse desde

o val. Contén o substantivo común *bandeira* 'peza de tecido que se fai ondear no alto dun pau a xeito de estandarte', que se considera derivada de *bando* e *banda* 'grupo de xente armada', 'bandada, manda de animais', termos de orixe xermánica.



«... una eyra y una atafona no **monte da bandeyra** en Matamá», ano 1642 (PARES, AHN, Clero, L.10237)



«Y lo que se le aforó al dho **estevo de comesaña** fue un pedaço de monte en el que se dice **da Bandeira** sito abajo de la Hermita de **Sanamaro** en dha aldea y fra. de matama, que llebara en senbradura ferrado y mº de centeno, que es anego a este lugar de **parada** segun alinda con el **Rigeir**o de agua que biene de **Siçon** para la aldea de **Ruibas.** Y por otra Parte con el monte de Gondomar y camino que biene del dho lugar de parada Para la casa donde bibe el dho estevo de comesaña y **biñas da tellada** que son de dho convento que está abajo de la hermita de sanamaro» (1653, Tombo Becerro, PARES, AHN, Clero, L.10240)

## ► Baralla

### A Baralleira
### A Presa da Baralleira

Na estrema entre as parroquias de Matamá varios topónimos conteñen o substantivo común *baralla* ou o seu derivado *Baralleira*. Designan a especie de punta que introduce o territorio de Castrelos entre os de Matamá e de Beade, que no Catastro de Ensenada aparece denominada como

*Espigón das Barallas*. De aí toman o seu nome os *Muíños das Barallas*, en Castrelos.

Ao referirse a un destes *baralla* no estudo da toponimia de Beade (Carrasco e Navaza, 2014: 18), suxírese a posibilidade de que sexan continuadores dun xermanismo medieval *baralla* 'contenda, disputa', dada a condición estremeira do sitio. Aínda admitindo a verosimilitude desa etimoloxía, cremos máis probable que estes topónimos teñan a mesma orixe ca outros *Baralla* da toponimia galega (seis localidades con ese nome, ademais do da parroquia e concello de Baralla, Lugo), que foron explicados por Edelmiro Bascuas como hidrónimos prerromanos relacionados cunha raíz *var-* 'auga', a mesma raíz presente en *Barallobre*, *barcia* ou *barxa* (→) ou no castelán *Barajas* (neste contradicindo a opinión tradicional que o supoñía continuador dun latín VARALIA, derivado de *vara* e co significado de 'tecido de varas, sebe'). A notable presenza da auga na zona das Barallas onde estreman Beade, Castrelos e Matamá concorda cun significado hidronímico do topónimo. A parte situada en Matamá, denominada mediante un derivado **A Baralleira**, está atravesada polo Rego das Carneiras con varias presas ao longo do seu curso, entre elas a denominada **A Presa da Baralleira**.

## ► Barro

**As Barreiras**
**A Pedra das Barreiras**
**O Barreiro**
**O Campo do Barreiro**
**A Presa do Barreiro**
**O Barreiriño de Abaixo**
**O Barreiriño de Riba**
**Os Barreiros**
**A Canteira dos Barros**

*Barro* é un substantivo de orixe prerromana, común ao galego, castelán e portugués, que designa tanto a arxila coma a lama. Coa súa forma simple, *Barro*, ou con derivados *Barreira*, *Barreiro*, *Barroso* etc., ten moita presenza na toponimia galega, onde adoita referirse ao tipo

de terreo, barrento ou lamacento, ou a lugares de onde se extraía arxila para diversos usos.

Os derivados máis comúns son os formados cos sufixos *-eiro*, *-eira*. En Matamá chamábase **As Barreiras** unha zona de cultivos ao leste do cemiterio de Pereiró, que no Catastro de Ensenada (1753, 1762) viña cualificada como labradío de regadío de primeira e segunda calidade e que na actualidade quedou integrada na Zona Franca e na parte inmediata ao estadio de fútbol. Hai noticia documental dun topónimo **A Pedra das Barreiras** referido a unha pedra que demarcaba nese lugar a parroquia de Matamá (*Matamá I*, 32).

A documentación histórica rexistra tamén unha *Devesa da Barreira* próxima a Beirán que non podemos localizar con exactitude hoxe: quizais era unha denominación alternativa para *A Devesa*, en Beirán, ou ben designaba unha área na estrema da parroquia con Beade ou Valadares.

O masculino *barreiro* ten maior presenza na toponimia. **O Barreiro** é unha zona de campos con algunhas vivendas ao norte da Barxa, onde sitúa Marcos Alonso a presa chamada **A Presa do Barreiro** que se menciona na documentación histórica da parroquia. A toponimia acouta esa área dun xeito máis concreto distinguindo **O Barreiriño de Abaixo** e **O Barreiriño de Riba**, que no Catastro de Ensenada (1753, 1762) se rexistran tamén sen o sufixo diminutivo: *al sitio del Barreiro*; *al sitio del Barreiro de Arriba*. Na área ocupada hoxe pola Zona Franca houbo unhas propiedades de labradío chamadas igualmente ***O Barreiro***.

Na documentación de San Domingos de Pontevedra, entre os bens que o convento lle vende no século XVII ao veciño de Matamá chamado Gonçalo Afonso de Beirán constan unha casa e horta chamadas *O Barreiriño* «junto al Paço de Arriba» e mais un *Campo do Barreiro* (PARES, AHN, ES.28079, AHN Clero L.10240).


S. Pedro de matama, Casa y huerta do barreiriño =

Un plural **Os Barreiros**, que denomina unha área na estrema con Beade, á altura de Babio, rexístrase tamén no século XVII na documentación de San Domingos de Pontevedra (PARES, AHN Clero, L20186).

Cómpre ter presente que algún dos microtopónimos co masculino *Barreiro* pode non deberse ás características do terreo, senón a un apelido de propietario ou usuario dos campos, pois *Barreiro* é un apelido frecuente en Galicia e tamén no Val de Fragoso. En Matamá rexístranse persoas con este apelido polo menos desde o século XVII, como nun *Blas do Barreyro* que afora propiedades das franciscanas na parroquia ou nun párroco chamado don Xoán Barreiro de Comesaña a finais dese século (*Matamá I*, 163). En calquera caso, é apelido de orixe toponímica, na zona seguramente relativo aos núcleos de poboación dese nome nas parroquias de Alcabre e de Lavadores. Tamén é un apelido de orixe toponímica o segundo elemento do topónimo **A Canteira dos Barros** (→ Canteira).

## ► Barroca

**A Barroca**
**O Barroqueiro / O Barruqueiro**
**Camiño do Barroqueiro / do Barruqueiro**

Os nomes relacionados cun substantivo *barroca* na toponimia galega e portuguesa poden responder a diferentes motivacións, aínda que no suroeste galego adoitan designar sempre lugares situados nunha aba, cantil ou pendente moi pronunciada ou, en xeral, á beira dun acusado desnivel do terreo. Nesta acepción, *barroca* vén equivalendo a *barranco* ou *barronca*, outros termos da mesma familia léxica, de orixe prerromana. O Nomenclátor de Galicia recolle tres localidades chamadas *A Barroca* nos concellos de Oia (parroquia de Viladesuso), Vigo (Navia) e Vilagarcía de Arousa (Cea), ademais dun plural *As Barrocas* en Valadares (Vigo). Este último é un dos barrios da súa parroquia, situado nas costentas ladeiras orientais do monte Alba e do Cepudo. O nome dunha fonte pública de Vigo coñecida como *A Fonte da Barroca* vénnos aclarado por Nicolás Taboada Leal (1840: 34) cando nos informa de que *A Barroca* era o nome do precipicio que separaba as ladeiras do Castro (as rúas da Falperra e de Santiago) da Ribeira do Berbés.

En Matamá, un feminino **A Barroca** é o nome dunha área ao nordeste da Carapucha, ao sur de Paramos, situado nunha pendente. Un derivado **O Barroqueiro** ou *Barruqueiro* dá nome a uns campos na beira norte da Costa da Cavada ou rúa dos Canteiros, e repítese o mesmo

substantivo no **Camiño do Barroqueiro**, entre Alvite e a Pousa, xa na parroquia de Castrelos. Este segundo é unha das vías que salvan o acusado desnivel que separa as actuais avenida de Castrelos e avenida de Clara Campoamor.

### ► Barxa

**A Barxa**
**A Barxa da Oliveira**
**A Barxa das Pedras**
**A Barxa do Outeiro da Forca**
**As Barxas de Abaixo**
**As Barxas de Riba / As Barxas de Arriba**
**As Barxas Longas**
**O Camiño da Barxa**
**A Fonte da Barxa**
**O Lugar da Barxa**
**O Monte da Barxa / O Outeiro da Barxa**
**A Barxela**
**A Presa da Barxela**
**A Barxiña / A Barxiña da Fonte**

**A Barxa** é o nome dun dos núcleos tradicionais de poboación da parroquia, situado ao noroeste da Mó, e así constaba nos nomenclátores oficiais desde o de 1930, habitualmente castelanizado como *Barja*. A mediados do século XVIII habitaba na Barxa unha única familia, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada. Nas proximidades, outros topónimos conteñen o mesmo substantivo: **O Lugar da Barxa** (→ Lugar), **O Monte da Barxa** ou **O Outeiro da Barxa**, antiga devesa que aínda hoxe continúa a ser masa forestal, **A Fonte da Barxa** e mais **A Barxiña**, esta tamén chamada **A Barxiña da Fonte**. Supoñemos situado nesta área un *Campo da Barxiña* que se rexistra no século XVII entre os bens que tiña en Matamá o mosteiro de San Domingos de Pontevedra. As propiedades situadas *al sitio da Barxa* viñan cualificadas no Catastro de Ensenada como cultivos de regadío de primeira, segunda e terceira calidade.

Ao norte da Barxa, **As Barxas Longas** é o nome dunha ampla zona de campos, que identificamos cos rexistrados como *Campos da Barxa*

(1620, 1653) nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra. Toda a área da Barxa está circundada pola vía pública chamada **O Camiño da Barxa**, que a comunica con Vilar, ao oeste, e co Pazo, ao norte.


S Pedro de matama, Campos da barxa =

Repítese o mesmo topónimo algo máis ao norte, entre O Pereiro e San Amaro, onde están **As Barxas de Riba** ou **de Arriba**, **As Barxas de Abaixo**, **A Barxa da Oliveira** e **A Barxa das Pedras**, todas nunha zona húmida, atravesada por varios regatos, con algunhas presas e muíños. Xa na estrema con Santo André de Comesaña temos **A Barxa do Outeiro da Forca**, onda o marco deste nome, hoxe dentro da Zona Franca. Igualmente nos lindes da Zona Franca e á altura de Campos, no mesmo curso do Regueiro de Picón, atopamos un derivado diminutivo: **A Barxela** e **A Presa da Barxela**. O Catastro de Ensenada cualificaba as propiedades situadas *al sitio da Barxela* (ou *Barxiela*, *Bargiela*) como cultivos de regadío de primeira calidade.

*Barxa* é un termo común na toponimia galega que, igual ca a variante *barcia* (e *bárcena* noutras áreas do norte peninsular) designa terras fértiles e cultivadas á beira dun curso de auga. Son termos de orixe prerromana, derivados dunha raíz hidronímica indoeuropea *var- e documéntanse en latín medieval coas formas esdrúxulas *vargena* e *varcena*.

O Nomenclátor de Galicia recolle preto dun cento de localidades chamadas *Barxa* ou *Barcia* ou os seus derivados, e na microtoponimia cóntanse por centos.

## ▶ Bastos → Casa dos Bastos

## ▶ Beirán

**Beirán**
**Beirán de Riba / Beirán de Arriba**
**O Castro de Beirán**
**A Estrada de Beirán**

**Beirán** é outro dos núcleos habitados tradicionais de Matamá, situado no suroeste do territorio parroquial, próximo ás estremas con Beade e Valadares. Repítese o topónimo en **Beirán de Riba**, outra área de vivendas situada ao seu oeste e por onde discorre a denominada **Estrada de Beirán**, que comunica a rúa do Abade Xoán de Bastos coa avenida de Castrelos. Ao sur do propio núcleo habitado, nunha área de monte, atópase **O Castro de Beirán**, un ben de interese arqueolóxico, que acolle un xacemento catalogado como da Idade de Ferro.

O Nomenclátor de Galicia recolle outros dous núcleos de poboación chamados *Beirán*, nos concellos do Saviñao e da Pobra do Brollón, en Lugo, para os cales a tradición escrita vacila entre as grafías *Beirán* e *Veirán*, o mesmo que sucede co homónimo de Matamá. O estudoso Nicandro Ares explica os lugueses como topónimos de posesor, formados a partir do latín *Variani* ou *Veriani*, xenitivo dun nome persoal, quizais *Varianus*, ben atestado nos repertorios onomásticos latinos, ou dunha variante *Verianus* que se rexistra na epigrafía do Lugo romano. A mesma etimoloxía sería válida para o *Beirán* de Matamá, mais en tanto non dispoñamos de rexistros suficientemente antigos debemos aceptar como igualmente verosímil a posibilidade de que proceda dun étimo VALERIANI, xenitivo do nome persoal *Valerianus*, de uso ben documentado en territorio galego na época romana e na Idade Media, e nese caso o noso Beirán sería paralelo de *Veirão*, localidade e río (rio Veirão) do concello portugués de Vila Nova de Famalicão, que se atesta en latín no ano 974 como *villa que dicent Valeriani* e no século XIII como *Vayram*, *Vairam* e *Veiram*.

O lugar de Beirán en Matamá menciónase entre os bens doados no ano 1409 por dona Inés de Meira a San Domingos de Pontevedra e dispoñemos de numerosos rexistros do topónimo ao longo de máis de tres séculos nos documentos dese convento, onde adoita aparecer escrito con B- (*Beyrán*, *Beirán*). Esa foi a grafía que se consolidou, mais noutras fontes documentais, como a das franciscanas de Vigo, que se inicia en datas máis tardías (o convento fundárase a comezos do século XVII), prefírese a escrita con V- inicial, *Veyrán*, *Veirán*, continuadora das grafías medievais e que en rigor corresponde á grafía etimolóxica.


S. Pedro de matama, Lugar de Beiran
Juris de Vigo

O topónimo de Matamá tivo uso en cadeas onomásticas, coma nos nomes de *Gonçalo Afonso de Beirán* e *Pedro de Beirán* ou *de Veirán*, no século XVII, mais non parece que se consolidase como apelido. Existe na actualidade en Galicia un apelido *Beirán*, pero probablemente non garda relación co de Matamá, pois a maioría dos portadores residen en concellos de Terra de Lemos e han de ter o seu foco irradiador nos topónimos lugueses mencionados.

A mediados do século XVIII, Beirán, Balvís e A Mó eran os núcleos habitados da parroquia con maior poboación, con doce veciños (doce familias) en cada un deles, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada.

## ▶ Benade → Marco

## ▶ Besada, A → Vesar

## ▶ Besta → Cocho da Besta, Rabo da Besta

## ▶ Biscaíña → Caíña

## ▶ Boleira

### A Boleira

Coñécese como **A Boleira** unha pequena zona ao norte da Balsa, na estrema coa parroquia de Comesaña á altura do seu lugar de Sanín e da vía de acceso sur á da Zona Franca. O nome contén aparentemente un derivado de *bola* (< latín BŬLLAM) ou do seu masculino *bolo*. Na toponimia, estes nomes poden responder a variadas motivacións, as máis das veces para referirse a formacións pétreas de fasquía máis ou menos esférica. Non obstante, o feito de que non se rexistre este topónimo

no Catastro de Ensenada nin noutras fontes históricas e que en cambio conste *Boleiro*, *Boleira* na relación de alcumes ou sobrenomes actuais da parroquia (*Matamá II*, 301), fai máis probable que sexa un topónimo relativamente recente formado cun feminino de propietario (*A Boleira* = 'a do Boleiro'). Descoñecemos a motivación do alcume, relacionado con calquera das acepcións dos substantivos *bolo* ou *bola* / *bóla*.

## ► Borja → A Casa do Borja

## ► Bouza

**A Bouza**
**A Viña da Bouza**
**O Outeiro da Bouza**
**Bouzós** ou **O Campo dos Bouzós**

*Bouza* é un substantivo común do galego que os dicionarios definen como «terreo inculto poboado de mato, como toxos, xestas, uces etc.» (DRAG). É palabra de orixe prerromana, de etimoloxía controvertida. Na documentación histórica da parroquia menciónanse no século XVII os topónimos *A Bouza*, *O Prado da Bouza de Matamá*, *A Viña da Bouza* e mais *O Outeiro da Bouza*, todos eles de localización imprecisa, talvez nos arredores do Roupeiro.

**Bouzó** é o resultado propio do galego suroccidental dun diminutivo de *bouza* co sufixo correspondente ao latín -ŎLA, que noutras áreas galegas daría *Bouzoa* (como en *Mó*, *Pereiró* / *Moa*, *Pereiroa*). No Val de Fragoso, *Bouzó* é apelido toponímico relativamente común, presente en Matamá desde hai séculos e no nome dun dos núcleos habitados da parroquia de Coruxo chamado *Os Bouzós*. A documentación histórica rexistra en Matamá unhas propiedades chamadas **Bouzós** e **O Campo dos Bouzós** (*Matamá II*, 290). Dado o artigo masculino plural, non pode ser o diminutivo de *bouza*, aínda que esa sexa a orixe remota, senón o plural dun apelido toponímico *Bouzó*. O lugar chamado *Os Bouzós* en Coruxo debe o nome ao apelido dos habitantes.

Tamén ha de gardar relación con *bouza* o topónimo **A Rebouza** ou **A Rebousa** (→).

## ▶ Budiño

**Budiño**
**A Cruz de Budiño**
**Camiño de Budiño**

**Budiño** é o nome dunha área situada ao noroeste de Beirán con campos e vivendas. O topónimo incorporouse ao Nomenclátor de Galicia do ano 2003 como nome dunha das entidades de poboación da parroquia, mais non figuraba nos nomenclátores anteriores. No século XVIII, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada, as propiedades denominadas *Budiño* eran en parte labradío de secaño e en parte monte, maioritariamente cualificadas de segunda calidade. Repítese o nome no **Camiño de Budiño**, que une esa área co núcleo de Beirán, e mais na encrucillada denominada **A Cruz de Budiño**, onde esa vía empata coa rúa do Abade Xoán de Bastos.

**Budiño** é tamén nome de dúas parroquias nos concellos pontevedreses do Porriño e de Salceda de Caselas chamadas *Budiño* e *San Salvador de Budiño*, respectivamente, e mais dunha terceira no coruñés do Pino, nos arredores de Santiago. É topónimo prerromano e considérase que designa áreas húmidas ou facilmente inundables, polo que se ten considerado que pode gardar parentesco, máis ou menos remoto, co latín *buda* 'espadana', e con topónimos como *Bodas, Riodebodas, Bodón*, *Budial* ou *Boedo* doutras áreas, galegas e peninsulares, en ocasións de significado hidronímico, aplicados a lugares húmidos, ou fitonímico, aplicados á vexetación propia deses lugares. Tense suxerido orixe céltica, común ao francés *boue* 'lama', galés *baw* 'lama, sucidade'. As tres parroquias chamadas *Budiño* aparecen maioritariamente como *Bodiño* na documentación medieval (as pontevedresas: *Botinio* 1126, *Bodino* 1259, 1261, 1265, 1314, *San Salvador de Budinno* 1325, *Bodino* 1325, *Prioratus de Bodino, Tudensis diocesis* 1392, aínda *Bodiño* en 1682; a coruñesa: *portu de Bodino* 1237), pero desde os século XVII foise facendo común a variante con <u> na primeira sílaba, que xa é a única desde o século XVIII á actualidade.

A realidade orográfica da zona de Matamá denominada hoxe *Budiño* non parece concordar con eses significados, pois agás unha zona de fondal inmediata á encrucillada coñecida como *A Cruz de Budiño*,

o resto é maioritamente territorio en pendente ou elevado, cun relevo propio de ladeira ou de monte, onde é improbable o desenvolvemento de vexetación acuática ou o empozamento das augas pluviais. Cabería pensar entón na posibilidade de que *Budiño* fose un apelido ou sobrenome de propietario, acaso orixinario das mencionadas parroquias da Louriña. Non obstante, a documentación de San Domingos de Pontevedra diferencia en Matamá no ano 1620 as propiedades coñecidas como *Bodiño* ou *Budiño* doutras denominadas *Monte do Alto de Bodiño*, de onde deducimos que Budiño foi ao principio unha pequena parte ao oeste, na zona máis baixa, e de aí debeu pasar a aplicarse o mesmo nome a todo monte contiguo, incluído o cume ou coto. Na documentación dese mosteiro pontevedrés consta no ano 1666 en Matamá un *Campo do Bodiño* («campos do Rego y do Bodiño»), seguramente situado na parte baixa.

## ► Buraco

**As Buracas / A Buraca**
**A Buraquiña / O Monte da Buraquiña**
**O Buraquiño**

*Buraco* é un termo de orixe prerromana, ou especificamente celta, propio do galego e do portugués, paralelo do latín FORATUS (> galego *furado*). Tanto *buraco* coma a variante *burato* teñen aínda moita vitalidade no léxico galego actual e a súa presenza na toponimia pode estar relacionada con algún tipo de cova, perforación ou oco, ben natural, ben obra humana. O feminino adoita formar topónimos que designan os lugares escavados para a extracción de barro ou arxila destinados ás telleiras ou á artesanía oleira. Son relativamente comúns na microtoponimia; no portal Galicia Nomeada recóllense máis de 300 topónimos emparentados coa forma *buraco*, principalmente concentrados no sur, e algo menos de 300 coa de *burato*, estes máis dispersos no territorio. Coma noutras áreas meridionais galegas e no portugués, a variante *burato* é insólita na fala de Matamá, onde se usa preferentemente *buraco*, *buraca*.

Un plural **As Buracas** nomea unha zona de terreos cultivados entre O Roupeiro e Campos; tamén se rexistra como **A Buraca**, polo que é de

supoñer que o singular foi o primitivo e máis tarde se formou un plural por corresponder a diferentes propiedades, como sucede en *Abelar* / *Abelares* (→) ou tantos outros plurais secundarios da microtoponimia. Un diminutivo ***A Buraquiña*** é o nome dunha zona ao norte do Pereiro, tamén denominada ***O Monte da Buraquiña***. Marcos Alonso recolle na documentación histórica da parroquia un topónimo co masculino *O Buraquiño*, hoxe perdido.

## ► Buxo

**Os Buxos dos Monches**

*Buxo* é a denominación común en galego para o arbusto ou árbore de nome científico *Buxus sempervirens*, especie botánica de madeira moi apreciada para a artesanía, que ten presenza na paisaxe en sebes ou cercados vexetais, en exemplares illados ou como planta ornamental, mais non deixou moita pegada na toponimia. A plataforma Galicia Nomeada rexistra 38 topónimos galegos que conteñen no seu nome este substantivo.

Na parroquia de Matamá temos un exemplo no topónimo **Os Buxos dos Monches** (→ Casa dos Monches).

## ► Cabo

**O Cabo**
**A Carneira do Cabo**
**A Devesiña do Cabo**
**As Touráns do Cabo**

O substantivo común *cabo* (< latín CAPUT 'cabeza') ten numerosas acepcións asociadas á idea de 'punta, extremo'. É un termo moi presente na toponimia, onde adoita aplicarse a moi diversas realidades: no litoral unha punta de terra que se interna no mar, en terra calquera espazo situado ao final dun camiño ou nun extremo dunha área determinada…, con frecuencia en forma de compostos coas locucións *cabo de* ou *de cabo* / *do cabo*: *Cabo de Vila* ou *Cabodevila*, *A Vila do Cabo*, *Cabo de Aldea*, *Aldea do Cabo*…, ás veces convivindo con *Riba* ou

*Arriba, Baixo ou Abaixo, Cima, Fondo* etc., para designar varias partes dunha mesma realidade.

En Matamá, a medio camiño entre os núcleos de Vilar e da Barxa, no suroeste da parroquia, denomínase **O Cabo** unha zona de campos e cultivos. Consta como *sitio do Cabo* no Catastro de Ensenada, onde se cualifican as propiedades dese nome como labradío de regadío de terceira calidade. Non podemos determinar con exactitude a motivación do nome, quizais a súa situación no estremo do núcleo de Vilar.

Entre as diferentes áreas de campos que se recoñecen nas Carneiras (→) encóntranse as denominadas **A Carneira do Cabo** e **A Devesiña do Cabo** ou **A Devesiña do Cabo da Carneira**. Talvez deben o nome á súa situación no extremo leste da parroquia, lindando con Beade. Nos libros de apeos dos séculos XVI e XVII do convento de San Domingos de Pontevedra menciónase o *campo que se dize e nonbra da Carneira do Cabo*. No outro cabo do territorio parroquial, lindando con Coia, o complemento do topónimo **As Touráns do Cabo** (→ *Esturáns*) tamén viría motivado pola súa situación estremeira.

## ► Cabra

### O Cabreiro

A cabra (< latín CAPRAM) é un dos animais máis presentes na toponimia galega. En Galicia Nomeada recóllense preto de 800 lugares cun nome relacionado coas cabras, os máis deles derivados co sufixo *-eiro/-eira*. No Val de Fragoso un zootopónimo relacionado con esta especie dá nome á parroquia de Cabral.

Cómpre advertir que a referencia a estes animais pode ser metafórica, sobre todo na toponimia viaria, para referirse a lugares de tránsito difícil, como na locución *camiño de cabras* 'o que está cheo de riscos e é ademais moi esgrevio e perigoso para as persoas' (DdD).

**O Cabreiro** é o nome dunha pequena área, hoxe habitada, ao sur da igrexa de Matamá. O nome puido vir motivado tanto pola presenza destes animais no lugar coma polo mencionado uso metafórico, mais non podemos descartar a posibilidade de que obedeza a un alcume de propietario ou usuario, en calquera caso relacionado co nome destes animais. Marcos Alonso recolle *O Cabra* entre os sobrenomes actuais

da parroquia (*Matamá II*, 309). No galego da zona, coma no doutras áreas, debeu ter tamén moita vixencia a variante con metátese de R, *craba*.

### ► Cachar

**A Cachada**
**A Cacheira**
**A Canteira do Cacheiro**
**Os Campos do Cacharelo**

Teñen moita presenza na toponimia galega os derivados do verbo *cachar* na acepción de 'romper monte, arar por primeira vez un terreo bravo para dedicalo a cultivos de cereal'. No século XVIII, o Padre Sarmiento explicaba o significado de *cachar* en Pontevedra como «sembrar de trigo o centeno una roza después de ararla» (DdD). Este verbo *cachar* pertence á mesma familia do substantivo *cacho* (< latín *CACCŬLUM) 'pedazo, anaco' e o seu significado equivale a *britar*, *rozar*, *vesar*, *arrotear*, *romper monte* e outras denominacións relativas ao proceso de amansar as terras bravas para cultivar cereal nelas. O substantivo *cachada* designa a terra que se *cachou*, e vén sendo sinónimo de *roza, vesada, rotea* etc. Na toponimia galega ten notable presenza, tanto nos nomes de núcleos de poboación (o Nomenclátor de Galicia recolle 14 localidades chamadas *Cachada* ou *Cachadiña*) coma na toponimia menor (varios centos en Galicia Nomeada). A maior parte destes topónimos debeu nacer en data relativamente tardía, a partir dos séculos XVI e XVII, cando o espallamento do cultivo do millo levou a aproveitar zonas que estaban a monte.

En Matamá está presente este substantivo no topónimo **A Cachada**, nome dunha área ao oeste do Monte da Barxa. Tamén se coñecía como **A Cachada** unha propiedade situada xunto ao camiño das Antas, na actualidade no interior da Zona Franca.

Un topónimo **A Cacheira**, que daba nome a unhas terras situadas ao sur dos Ameás, hoxe tamén dentro da Zona Franca, parece constituír un feminino de propietario (*A Cacheira* = 'a do Cacheiro'), dado que consta un sobrenome *O Cacheiro*, *A Cacheira* entre os alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 309) e existiu no pasado **A Canteira do**

**Cacheiro** (→ Canteira), tamén na estrema coa Zona Franca. *Cacheiro* tamén ten uso como apelido, probablemente de orixe toponímica, mais no seu emprego como alcume cabe pensar tamén noutros significados do termo *cacheiro*, entre eles os de 'estaca', 'verraco' e 'ourizo cacho'.

Probablemente garda relación coa actividade de *cachar monte* o segundo elemento do topónimo **Os Campos do Cacharelo**, terras de labor ao oeste das Carneiras, no linde con Beade á altura de Babio. O feminino *cacharela*, quizais alteración dun derivado *cachadela*, diminutivo de *cachada*, igual ca *cachela*, diminutivo de *cacha*, adquiriu unha acepción secundaria, hoxe común, co significado de 'fogueira', motivado polo feito de que nas cachas ou cachadas se queimaban os terróns resultantes de vesar a terra para usar a borralla como fertilizante. Con todo, non sabemos se neste caso concreto o derivado de *cachar* se refire ao lugar que designa ou é un sobrenome persoal.

## ► Cachineira

### As Cachineiras

**As Cachineiras** era o nome duns campos de labor na estrema de Matamá con Coia, hoxe dentro da Zona Franca. Non é un topónimo frecuente. Un nome idéntico, *As Cachineiras*, denomina unhas terras na parroquia de Lesón, no concello da Pobra do Caramiñal, segundo vemos no portal Galicia Nomeada. Poderían ter relación cun adxectivo *cacheno* 'incompleto, manco, falto dunha parte', 'cacho, pedazo, anaco' (homónino de certa variedade de gando vacún, a *vaca cachena*), a partir dun derivado *Cacheneira*, acaso referido ao resultado dunha fragmentación das propiedades ou, quizais máis verosimilmente, relacionado cos labores agrícolas e derivado do verbo *cachar* (→). Os dicionarios galegos recollen un adxectivo *cachineiro*, *cachineira*, aplicado a quen cachea ou rebusca, que puido empregarse como alcume persoal e dar orixe a un topónimo de propietario (A Cachineira = 'a do Cachineiro'). En castelán existe un apelido *Cachinero*, propio de áreas meridionais da península, quizais orixinado nun sobrenome relacionado coa acepción de 'perista, persoa que comercia con obxectos roubados' que ten ese termo en castelán (DRAE).

O topónimo actual é un plural secundario dun singular **A Cachineira** previo, segundo vemos no Catastro de Ensenada (1753, 1762), que cualifica as propiedades situadas «al sitio de Cachineira» como labradío de secaño de segunda calidade. *Os Campos da Cachineira* figuran entre as propiedades vendidas por Francisco de Borja da Vila Comesaña (→ Casa do Borja) entre 1811 e 1815 (*Matamá I*, 280).

## ► Caíña

**A Caíña / As Caíñas**
**A Viña Caíña**

**A Caíña** é o nome dunhas terras en Ribelas. No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades situadas nesa zona («al sitio da Caíña») viñan caracterizadas como labradío de secaño de primeira calidade e parra de terceira. Debeu ser precisamente a caste de uva desas parras o que motivou o topónimo. No mesmo catastro recóllese un topónimo idéntico **A Caíña**, alternando co plural **As Caíñas**, para denominar propiedades cualificadas de devesa de primeira e parra de terceira e identificables co actual **A Caíña**, ao oeste da Lagarella. Para este, xunto coa denominación simple convive un composto **A Viña Caíña**, que redunda no significado do topónimo. A documentación recolle outro topónimo idéntico **A Viña Caíña** en Campos. Entre os bens do convento de San Domingos de Pontevedra en Matamá menciónase unha «viña caíña que esta junta del paço de Matamaa» (ano 1591), «viña cayña que dize e nombra do Paço» (ano 1620).

Aínda que tamén existe a uva *caíña branca*, o nome de *caíña* sen maior precisión (ou de *caíño* para referirse ao viño elaborado con ela) adoita referirse ás tintas, tamén chamadas *caíña tinta, caíña brava, cachón*, *tinta femia* e outras denominacións. Constitúen un grupo de variedades de videira autóctonas de Galicia e do norte de Portugal, lixeiramente acedas, que presentan acios ou cachos de tamaño mediano e non moi compactos. Aínda que o Padre Sarmiento glosaba no século XVIII o termo *caíño* como «clase de uvas en Pontevedra», o nome é común en todo o territorio; non só deixou pegada na toponimia pontevedresa, senón tamén na doutras áreas de Galicia. É talvez significativo da valoración que recibían estas variedades, humildes e resistentes ás

inclemencias climáticas (pero non aos fungos), o feito de que no Catastro de Ensenada (1753, 1762) outras parras, latas ou viñas de Matamá adoitan ser valoradas como de primeira ou segunda calidade, en tanto as situadas *al sitio da Caíña* son consideradas «parra de tercera».

*Caíño*, *caíña* son o resultado dun adxectivo latino *caninus*, *canina* 'de can'.

A documentación histórica da parroquia recolle un topónimo *A Vizcaíña* que Marcos Alonso supón denominación alternativa (ou erro de interpretación de *vid caíña*) para as terras chamadas *A Caíña* ao oeste da Lagarella. Dado que a localización é imprecisa, debemos admitir a posibilidade de que non se refiran ao mesmo sitio e que o segundo sexa realmente un topónimo perdido *A Biscaíña*, derivado do apelido ou sobrenome formado co xentilicio de Biscaia, que ten presenza en Galicia desde a Idade Media (no TMILG vemos un *Pedro Viscaýño* veciño de Muros no século XV) e en Vigo e no Val de Fragoso polo menos desde o século XVII.

## ► Cal

**A Cal**
**A Regueira da Cal**

O substantivo feminino *cal* é común no Val de Fragoso para designar unha condución de auga, nos máis dos casos obra humana, destinada ao rego, a un muíño, a un lavadoiro etc. É un dos resultados patrimoniais galegos do latín CANALEM, que noutras áreas de Galicia deu tamén o resultado *canle*.

Na toponimia de Matamá, **A Cal** é o nome duns campos ao leste da parroquia, preto do linde con Beade. No Catastro de Ensenada, as propiedades localizadas no «sitio da Cal» cualifícanse como devesa de primeira. A canle ou cal que motivou o topónimo foi obra humana, destinada ao aproveitamento da auga do Rego das Carneiras, que atravesa toda esa zona.

Na documentación relativa aos bens de San Domingos de Pontevedra na parroquia, a zona de campos hoxe chamada A Regueira (→), entre Parada e O Castro, menciónase tamén como **A Regueira da Cal**.

## ▶ Calvario

**O Calvario**
**O Calvario do Alambre**
**O Calvario dos Vimbios**
**O Calvario dos Carreiros**
**O Calvario dos Cordos**

Os lugares chamados *O Calvario* débenlle o nome polo regular á existencia dun conxunto monumental, comunmente tres cruces de pedra, que representa a crucifixión de Cristo. O Nomenclátor de Galicia recolle 28 entidades de poboación con ese nome e na toponimia menor aínda é máis frecuente (case douscentos exemplos en Galicia Nomeada). Na parroquia de Matamá, **O Calvario** é o nome dunha área onda o acceso sur á Zona Franca, á altura do Outeiro da Forca, ao oeste de Ribás. Consérvanse tres cruces no lugar, que no pasado estaban fincadas no chan e hoxe no alto dun muro. Pola zona pasaba o camiño que percorrían certas procesións relixiosas (*Matamá I*, 217, *Matamá II*, 207-208) e alí estaba situado o cruceiro mandado erixir por Pedro de Comesaña a finais do século XVII e trasladado tres séculos máis tarde ao cemiterio parroquial, onde se atopa na actualidade. No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades situadas «al sitio del Calvario» son cualificadas como monte de primeira calidade.

Na mesma área, varias partes concretas reciben denominación formada por un composto: **O Calvario do Alambre**, **O Calvario dos Vimbios**, **O Calvario dos Carreiros** e **O Calvario dos Cordos**. O primeiro debe probablemente o seu nome, co seu castelanismo léxico, a un cerramento con arame (< do latín tardío AERAMĬNEM). Para o segundo elemento dos topónimos *O Calvario dos Vimbios* e *O Calvario dos Carreiros*, véxase *Vimbio* e *Carro*. *Os Cordos* é probablemente un sobrenome ou apelido de familia; contén o adxectivo *cordo*, *corda* 'sensato, xuizoso, cabal, que ten cordura'. Como apelido está ben documentado na área tudense desde a Idade Media; na actualidade, maioritariamente castelanizado como *Cuerdo*, rexistra a máxima densidade de portadores no Val da Louriña e no concello do Porriño.

## ► Camba

### A Camba do Vao

O substantivo *camba* 'curva' é un termo de orixe céltica, dunha coñecida raíz indoeuropea **skamb*- ou **kamb*- 'torcer, virar, curvar', presente no galo *kambo* 'curva'. En galego, *camba* é o nome de cada unha das dúas pezas semicirculares da roda do carro tradicional, mais no seu uso como topónimo responde a unha acepción máis ampla que puido aplicarse a calquera realidade curvilínea, desde unha revolta nun camiño ou nun curso fluvial á leve concavidade do relevo dunha ladeira. É un termo bastante común na toponimia galega e adoita considerarse entre as mostras de supervivencia de léxico de orixe celta.

En Matamá está presente este substantivo no topónimo histórico **A Camba do Vao**, nome dunha pequena revolta moi cerrada do río Vello de Balaído pouco antes do lugar onde desembocaba no Lagares, na actualidade dentro da Zona Franca. Esa revolta do río servía de referencia para o deslinde das parroquias de Coia, Matamá e Santo André de Comesaña. É significativo un documento de apeo dos bens dos marqueses de Valadares do ano 1748, conservado no Arquivo Municipal de Vigo, que na demarcación entre Matamá e Coia menciona ese *Marco da Camba do Bau* (sic) e explica a motivación do nome pola curva que traza o río, semellante «a una C o camba de carro» (*Matamá I*, 32).



O río Lagares e o río Vello ou de Balaído (e neste, *A Camba do Vao*) no voo americano de 1956-1957

O segundo elemento do composto é o común *vao*, resultado galego do latín VADUM, que na toponimia adoita responder ao significado de ‘lugar por onde se pode atravesar a pé un curso de auga’.

### ► Camiño

**Camiño da Barxa**
**Camiño da Revolta**
**Camiño das Antas**
**Camiño de Budiño**
**Camiño do Barroqueiro**
**Camiño do Pazo**
**Camiño do Padrón**
**Camiño do Pisco**
**Camiño dos Carrexóns**
**Camiño dos Fondóns**
**Camiño Real**
**Suocamiño / Os Campos do Camiño**

*Camiño* (< latín CAMMINUM, á súa vez termo de orixe celta en latín) é palabra común en galego para designar unha vía pública. Moitos dos camiños tradicionais que en principio eran de terra convertéronse hoxe en día en rúas ou pequenas estradas asfaltadas, malia conservar a denominación tradicional de «Camiño de» seguido dun segundo elemento que as máis das veces se corresponde co nome da zona por onde discorre, como sucede co **Camiño da Barxa** (→ Barxa), o **Camiño da Revolta**, o **Camiño de Budiño** (→ Budiño), o **Camiño do Barroqueiro** (→ Barroca), o **Camiño do Pazo** (→ Pazo) ou o **Camiño do Padrón**. En ocasións, o nome refírese ao destino do camiño, como é o caso do **Camiño Real**, que atravesa A Igrexa e San Amaro e desemboca, cara ao leste, no auténtico *Camiño Real* que viña de Tui, do cal constituía un ramal.

O segundo elemento do nome do **Camiño do Pisco** (→ Pisco), un camiño transversal que une a Baixada á Mó co camiño da Barxa, na zona das Millaradas, presente tamén no nome *da Canteira do Pisco*, é seguramente un sobrenome de persoa ou de familia, pois figura na relación de alcumes actuais de Matamá. *Pisco* é a denominación habitual

na fala de Fragoso e de Miñor para o paxaro tamén chamado *paporrubio* (*Eritacus rubecula*).

Na denominación do **Camiño dos Fondóns**, que vai de Castrelos a Bouzas e atravesa a parroquia de Matamá pola beira da Zona Franca, o lugar chamado *Os Fondóns* a que se refire queda fóra da parroquia; é un derivado de *fondo*, que denominaba unha área baixa próxima ao río Lagares.

Noutros casos, o nome responde a algunha característica singular do camiño, como no chamado **Camiño dos Carrexóns** (→ Carro, Carrexar), tamén nomeado –e rotulado– como *dos Carrazóns*, que atravesa a parroquia na parte leste, nun trazado que vai de Valadares a Castrelos. É a mesma vía que no seu percorrido por Valadares era tamén coñecida como o *Camiño da Simona*. Admítese comunmente que o nome deste camiño se debe ao feito de ser transitado noutrora por *carrexóns*: transportistas, en carros do país, de leña e sobre todo de pedra. En Matamá, onde a extracción de pedra foi unha actividade económica capital (→ Canteira), un topónimo viario con este nome evoca a importancia que tivo a pedra desta área do Val de Fragoso no crecemento urbano de Vigo. *Carrexón* é un substantivo creado a partir do verbo *carrexar* 'transportar', e este un derivado de *carro*. Ademais de *carrexóns*, na fala local o subtantivo presente no nome deste camiño convive coas variantes como *carraxóns* e *carrazóns*.

**Suocamiño**, onde o substantivo *camiño* co artigo van precedidos da preposición *so* (< latín SUB), refírese á situación inferior dos campos que designa respecto da vía pública que vai de Campos, cara ao norte, ás Telleiras e a Pereiró, campos que se coñecen tamén coa denominación alternativa **Os Campos do Camiño** (→ Campo).

Como acontece na toponimia viaria doutras áreas do que foi o rural do Val de Fragoso e hoxe é o Vigo periurbano, a denominación oficial das vías públicas establecida polo Concello de Vigo, que tamén afecta aos enderezos postais e fiscais e á rotulación pública, non sempre coincide, no nome ou nas dimensións, coas denominacións tradicionais, de xeito que algúns camiños ou rúas contiguos pero diferentes reciben unha única denominación no nomenclátor municipal.

## ▶ Camos, camoés

### A Camoesa

**A Camoesa** é o nome dunha área de campos e varias vivendas ao norte do barrio do Roupeiro, á beira da denominada rúa do Roupeiro. No portal Galicia Nomeada engádense a este topónimo, na mesma área, uns *Campos da Camoesa* e mais unha *Casa Grande de Tras da Camoesa*. Conteñen un adxectivo *camoesa*, feminino de *camoés*, o xentilicio de Camos, parroquia do concello de Nigrán.

*Camos* é un topónimo de orixe prerromana, documentado en latín medieval como CAMONES, esdrúxulo, de significado e etimoloxía descoñecidos. Na Idade Media o topónimo rexístrase en galego como *Cámões*, *Cámoos* e finalmente *Camos*. Coa forma *Cámões* foi usado como apelido toponímico por unha familia nobre con poder en Baiona e en Pontevedra nos séculos XIV e XV. Un membro desta familia da segunda metade do século XIV, Vasco Pérez de Cámões, coñecido tamén como trobador, instalouse por razóns políticas na corte de Lisboa e da súa descendencia naceu o poeta Luís Vaz de Camões, tataraneto seu. En Portugal o apelido experimentou un desprazamento no acento, de *Cámões* a *Camões*, posiblemente por analoxía cos plurais das palabras portuguesas acabadas en *-ão* (*canção* / *canções*).

Aínda que tanto o apelido portugués coma o topónimo *A Camoesa* de Matamá proceden do topónimo *Camos*, son formacións diferentes. O apelido é continuador do topónimo, mentres que no xentilicio temos un derivado co sufixo *-és* (< latín -ENSE): de Camos, *camoés*, *camoesa*, como de Vigo *vigués*, *viguesa*, ou de Cangas *cangués*, *canguesa*. A Camoesa de Matamá debe probablemente o seu nome a que o lugar foi propiedade de alguén de Camos ou ben alguén alcumado *Camoés* por calquera relación con esa parroquia de Nigrán. Os topónimos formados mediante a forma feminina do nome de propietario precedida de artigo son comúns na toponimia do Val de Fragoso, especialmente en nomes de propiedades rústicas mais tamén de núcleos habitados: *A Falcoa, A Simona, A Gaga, A Garrida, A Rouca*…

Na lingua medieval, os derivados co sufixo *-és* non tiñan flexión de xénero, pois valía tanto para o masculino coma o feminino (consérvase nalgún arcaísmo como *cabra montés*), polo que debemos admitir que

se o topónimo *A Camoesa* naceu xa con esa forma, debeu de crearse despois do século XVI. Os rexistros escritos máis antigos que coñecemos corresponden ao Catastro de Ensenada (1752, 1761). Nel, as propiedades situadas «al sitio da Camoesa» son cualificadas como monte de primeira calidade e parra de segunda. Desde máis dun século antes hai noticia documental de propiedades na parroquia de fidalgos de Camos, como don Pedro Troncoso e Soutomaior, quen tamén se intitula «señor do lugar de Vilar en Matamá». É verosímil que o topónimo *A Camoesa* teña relación con esa estirpe, «os Troncoso de Camos» (*Matamá I*, 80).

*Camoesa* é tamén un nome de certa variedade de mazá, mais parece menos probable que sexan estas froitas as que motivaron o topónimo. O nome das *mazás camoesas* é tamén o xentilicio de Camos, que desde o galego se estendeu a outras linguas (port. *camoesa*, castelán *camuesa*, catalán *camosa*…). Na documentación da Colexiata de Baiona dos séculos XVI a XVIII menciónanse as mazás camoesas entre os produtos con que se pagaban as rendas de terras aforadas, e na parroquia de San Pedro da Ramallosa, a mediados do século XVIII (vémolo no Catastro de Ensenada), algunha propiedade pagaba anualmente á Colexiata «dos reales de vellón y media dozena de manzanas camoesas».

## ► Campo

**Campos**
**O Campo da Cima**
**O Campo da Coxa**
**O Campo da Devesa**
**O Campo da Fonte**
**O Campo da Lagarella**
**O Campo de Leiras**
**O Campo da Lumbre de San Pedro**
**O Campo da Pedra**
**O Campo da Pena**
**O Campo da Porta**
**O Campo da Presa**
**O Campo da Roxa**
**O Campo da Torre**
**O Campo da Virxe das Neves**
**O Campo das Pedras**
**O Campo de Abaixo**
**O Campo de Atrás**
**O Campo de Bastos**
**O Campo do Crego**
**O Campo do Medio**
**O Campo do Rato**
**O Campo do Rego**
**O Campo do Toural**
**O Campo dos Americanos**
**O Campo dos Comesañas**
**O Campo dos Cregos do San Amaro**
**O Campo dos Lagos**

**O Campo Grande**
**A Presa do Campo Grande**
**Os Campos da Balsa**
**Os Campos da Chuchona**
**Os Campos da Mina**
**Os Campos da Mó**
**Os Campos de Abaixo**
**Os Campos de Riba**
**Os Campos do Cacharelo**
**Os Campos do Camiño**
**Os Campos Longos**
**A Canteira do Campos**
**A Casa dos Campos**

O substantivo común *campo* (< latín CAMPU), con enorme presenza na toponimia, adoita designar espazos sen arboredo, normalmente chans ou de pouca pendente e acotío dedicados ao cultivo, mais tamén a outros usos.

Na toponimia de Matamá, este substantivo está presente en numerosos nomes de lugar, nos máis dos casos formando compostos coa estrutura *Campo de* + un segundo elemento, agás nunha forma simple en plural, **Campos**, que dá nome a unha das entidades de poboación tradicionais ou barrios da parroquia. Polo Catastro de Ensenada sabemos que a mediados do século XVIII residían en Campos seis familias. Dada a enorme presenza do substantivo *campo* como xenérico común na toponimia da zona, a ausencia do artigo en *Campos* subliña a súa singularidade como nome de entidade de poboación. Trátase dunha zona de vivendas rodeadas, efectivamente, de campos de labor, ao leste da parroquia, preto de Alvite e do linde con Castrelos. Refírese a este lugar o apelido toponímico *(de) Campos*, moi presente na documentación histórica de Matamá e tamén na súa toponimia en topónimos como **A Canteira do Campos** e **A Casa dos Campos** (→).

Fóra desta forma simple, a meirande parte dos topónimos que conteñen o substantivo *campo* son compostos cun segundo elemento que polo regular é ou ben un topónimo próximo ou o nome da zona onde se atopa o campo ou ben un nome persoal de propietario.

**O Campo da Devesa** (→ Devesa) é unha zona de terras de labor e vivendas ao leste de Beirán que se rexistra no século XVII como nome dunha herdade vinculada ao foro de Beirán na documentación de San Domingos de Pontevedra.

O topónimo **O Campo da Fonte** repítese en dúas zonas en Matamá: unha extensa área de campos ao sur da Revolta, que pode referirse no nome ou á Fonte do Salgueiral ou á Fonte das Degas, e unhas terras

con algunha vivenda onda o marco das Carneiras, no linde con Beade (→ Fonte). O primeiro é quizais o mencionado como *Campo do Agro da fonte* nun foro dos dominicos pontevedreses do ano 1591. Pola documentación dese convento coñecemos a produción de trigo do ano 1670 do *Campo da Fonte* situado nas Carneiras e doutros dous próximos chamados *Campo da Porta* e *Campo da Carneira*.

**Os Campos da Balsa** son uns campos de labor xunto ao núcleo deste nome (→ Balsa). **Os Campos da Mó**, unha extensa área de campos situada entre A Mó de Arriba e A Mó de Abaixo (→ Mó). O segundo elemento do topónimo **Os Campos do Cacharelo**, no mesmo linde coa parroquia de Beade á altura de Babio, é un derivado de *cachar* (→).

**O Campo de Leiras** son unhas terras de labor preto de Beirán, no linde con Valadares (→ Leira). Menciónase desde o ano 1591 nos apeos de San Domingos de Pontevedra, que tamén recollen un topónimo semellante, **O Campo da Leira**, como nome dunhas terras na Mó.

Na documentación histórica da parroquia menciónanse outros topónimos paralelos dos anteriores. **O Campo dos Lagos** localizábase probablemente na zona hoxe chamada Os Lagos (→ Lago), próxima ao linde con Castrelos á altura de Macal. **O Campo das Regadas** é un dos nomes con que aparece na documentación o simple **As Regadas** (→). **O Campo do Toural** era o nome dunhas terras de cultivo situadas no límite con Beade á altura de Babio. O substantivo *toural* repítese na toponimia galega (o Nomenclátor de Galicia recolle 14 localidades chamadas *O Toural*) e na portuguesa do norte, nesta alternando coa variante *toiral*, e tamén ten presenza significativa na toponimia asturleonesa, coa forma *toral*, que nesas áreas denomina un 'prado comunal para pasto do gando vacún' e tamén un 'espazo público aberto a xeito de eira ou praza'. Os dicionarios portugueses asígnanlle tamén un significado próximo ao de 'campo da feira' e defíneno como «espaço de uma feira reservado à compra e venda de bois e outros animais domésticos» (*Dicionário* da Porto Editora). Está presente tamén na toponimia urbana de Santiago de Compostela nos nomes da Praza do Toural e o Cantón do Toural. Admítese comunmente que este nome contén o resultado do latín TAURALEM, derivado de *taurus* 'touro', mais hai quen defende para moitos destes topónimos unha orixe prerromana, dunha base relacionada coa raíz indoeupea *teu- 'inchar, crecer', coma no

catalán *turó* 'outeiro', que confluíu ou se confundiu no latín hispánico coa familia léxica de *taurus*.

Un grupo de topónimos formados con *campo* son nomes compostos que teñen como segundo elemento unha referencia á posición relativa do lugar. Temos, así, unhas terras denominadas **Os Campos de Abaixo** ao oeste do núcleo de Campos, un **Campos de Riba** ao sur do Pazo e dous **O Campo do Medio**, un entre A Lagarella e a Mó e outro situado ao sueste de Beirán. **O Campo de Atrás**, situado entre Sisón e o Cercado, quizais se refire á súa posición ao sur do río. **O Campo do Camiño** ou **Os Campos do Camiño**, tamén chamados **Suocamiño** (*sub* + *o Camiño*), sitúanse, como suxire o nome, por baixo dun camiño, neste caso o que conduce de Campos ás Telleiras e Pereiró. A mediados do século XVIII, segundo informa o Catastro de Ensenada, unha familia de Matamá residía no lugar do *Campo do Camiño*. Un topónimo **O Campo da Sima** que a documentación histórica recolle nas proximidades de Beirán é probablemente **O Campo da Cima**, co seseo propio da fala local (→ Cima).

Entre os compostos de *campo* cun adxectivo só tempos exemplos con *grande* e *longo*, que se refiren á extensión e á forma dos campos que designan. Coa denominación **O Campo Grande** atopamos tres lugares diferentes na parroquia. Un deles é un campo de cultivo relativamente extenso ao sur de Ribás; outro, unha zona ampla de campos de labor e arboredo ao sur da Lagarella, xunto ao Rego do Ameal, onde dá nome á **Presa do Campo Grande**; e tamén se coñece como **O Campo Grande** unha terceira área, igualmente moi ampla, de campos e arboredo ao oeste das Milladas, na zona de Beirán. Pola súa banda, **Os Campos Longos** é o nome dunha franxa rectangular de terras no linde con Beade, paralela ao trazado da avenida de Clara Campoamor, que baixa desde As Longas ata os Seixos.

Outros compostos con *campo* refírense a algún elemento próximo na paisaxe, perdure ou non na actualidade ese elemento. Así, **O Campo da Pedra** ou **O Campo da Pena**, no límite con Coia, hoxe no interior da Zona Franca, talvez se refería a algunha rocha salientable. **O Campo da Rocha**, tamén relativo a unha pena ou formación pétrea, era o nome dunha terra de labor ao nordeste do Beirán, pola zona dos Campos Longos, no linde con Beade. **O Campo das Pedras** é o topónimo que se repite en dúas zonas diferentes: unha de cultivos ao leste do Pereiro

(preto da chamada *Barxa das Pedras*, onde hai un petróglifo) e outra zona máis pequena situada entre Ribelas de Riba e A Carapucha. **Os Campos do Rego**, ao sueste de Beirán, estremando con Valadares, han de deber o seu nome ás conducións de auga relacionadas coas presas da zona.

A documentación histórica recolle nos arredores de Ribás unhas propiedades chamadas **O Campo da Presa**, de localización imprecisa, e en Beirán **O Campo da Porta** (→ Porta). A proximidade á Mina do Lustra (→) debeu suscitar o nome duns terreos coñecidos como **Os Campos da Mina**, hoxe no interior da Zona Franca. **O Campo da Torre** debía o nome á súa localización xunto ao Lugar da Torre, en San Amaro. Dubídase se **O Campo do Río**, que se rexistra nos documentos como nome dunhas terras en Ribelas de Abaixo é o mesmo que noutras fontes escritas aparece como **O Campo do Pío** (*Matamá II*, 291) cun substantivo *pío*, masculino de pía (< lat. PĪLAM 'obxecto cóncavo, de pedra ou doutro material, usado como recipiente para líquidos); se se trata do mesmo lugar, unha das dúas denominacións é un erro da escrita.

Outro segundo elemento moi frecuente neste tipo de compostos é a referencia, mediante o nome, apelido ou alcume, á familia propietaria ou usuaria das herdades nomeadas. En Matamá, os topónimos deste tipo que conteñen o substantivo *campo* son moi numerosos: **O Campo de Bastos** (→ Casa dos Bastos), na actualidade dentro da Zona Franca; **O Campo do Rato**, en Campos, cun sobrenome que consta entre os alcumes actuais da parroquia; **O Campo do Crego**, ao sur de Ribás, que se referirá a algún eclesiástico (*crego* < latín CLERĬCUM) que foi propietario ou usuario do campo; **O Campo dos Americanos** onda a **Casa dos Americanos**, na Igrexa, refírese no seu nome á familia do emigrante Leonardo Alonso, que realizou obras filantrópicas na parroquia no século XX (*Matamá II*, 19-23). **O Campo da Coxa**, moi próximo do anterior, quizais garda relación co *Coxa* que consta entre os alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 309). É tamén un sobrenome o que vemos nos topónimos **Os Campos da Chuchona**, este ao leste da Revolta, cun derivado do verbo *chuchar* ('chupar, zugar'), como o da *meiga chuchona*, personaxe da mitoloxía popular, e **O Campo da Roxa** (→ Roxo). **O Campo dos Comesañas**, na zona das Carneiras, na estrema con Beade, refírese á familia propietaria, portadora do apelido relativo á veciña parroquia de Comesaña, topónimo de probable orixe prerro-

mana. **O Campo dos Cregos de San Amaro**, xunto ao Lugar da Torre en San Amaro, onde o substantivo común *crego* (< latín CLERĬCUM) pode referirse aos eclesiásticos que servían na capela ou ben á capelanía fundada no século XVIII (*Matamá I*, 279-284). A estes podemos engadir outro topónimo desaparecido, **O Campo da Sela de María Telma** (→ María Telma), hoxe no interior da Zona Franca, preto da estrema con Coia e Santo André de Comesaña.

**O Campo da Virxe das Neves**, situado xunto á Igrexa, garda relación con esa advocación mariana, que se celebra o 5 de agosto, e coas festas da parroquia realizadas na súa honra. O nome do campo virá motivado seguramente por destinarse o seu produto ou a súa renda a algún oficio relixioso: o labrador de Matamá Pedro Costas do Carballo deixou no seu testamento, do ano 1706, unha misa anual perpetuamente á Virxe das Neves que debería pagar quen herdase a súa casa (*Matamá I*, 212). Tamén é un nome motivado polo culto relixioso un **Campo de la Lumbre de San Pedro** (→ Candea) que aparece na documentación histórica, quizais castelanización dun **Campo do Lume de San Pedro**, paralelo de numerosos microtopónimos que responden á mesma motivación, como os que vemos en Galicia Nomeada: *A Devesa do Lume* en Domaio, Moaña, *A Veiga do Lume* en Aldán, Cangas, *A Viña do Lume* no Hío, Cangas, e en Amorín, Tomiño, *Campo de Lume* en Baredo, Baiona etc.

Outros topónimos que se rexistran na documentación histórica en forma de compostos con *campo de* son **O Campo da Nogueira** (→ Nogueira), **O Campo dos Bouzós** (→ Bouza) e **O Campo de Lougarés** (→ Lougarés).

## ► Can

### A do Can

**A do Can** é unha pequena zona á beira do Aloco e as Almuíñas, ao sur do Pazo de Cima, na actualidade cunha vivenda. O topónimo contén o zoónimo común *can* (< latín CANEM), mais aquí talvez a través dun uso antroponímico, como sobrenome de propietario, pois consta *O Can* na relación de alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*; 309).

## ▶ Cana

**A Presa das Caniñas**
**O Casal das Canas**
**O Canizo**
**O Canizo do Cepo**
**O Canizo do Loureiro / O Canizo Loureiro**

A cana común (< latín CANNAM), de nome científico *Arundo donax*, é unha especie moi abundante na flora galega, que a sociedade rural tradicional aproveitaba para formar sebes que dividían ou protexían do vento as herdades e mais para obter varas para diferentes usos agrícolas, e deixa moita pegada na toponimia, ben a partir da forma simple ou ben de derivados *Caneiro, Caneda, Canido* etc.

Temos o plural dun diminutivo de *cana* no nome da presa coñecida como **A Presa das Caniñas**, próxima á Fonte do Ouro, no Pereiro. A documentación histórica da parroquia rexistra un **Casal das Canas**, hoxe desaparecido, que Marcos Alonso sitúa nos arredores da Mó.

O substantivo común *canizo* (dun latín vulgar *CANNICĬUM ou *CANNICĔUM, tamén derivado de *canna* 'cana') ten múltiples acepcións: a armazón disposta para o secado de diferentes produtos agrícolas, a peza vertical que fecha a parte posterior do carro, unha especie de grade para achanzar a terra, a sebe de canas que cerca un eido e, en xeral, calquera estrutura feita con canas e corres ou varas entrelazadas. Na área tudense, desde a ría de Vigo ata o Miño, *canizo* é unha das denominacións populares do hórreo, e igual ca *canastro*, tamén derivado de *cana*, lembran no nome os primitivos antecedentes feitos con ese material. É verosímil que sexa esta última acepción, a de 'hórreo', a que motiva os topónimos de Matamá en que está presente este substantivo. Un deles, situado na Revolta, contén a forma simple, **O Canizo**. Nos apeos das propiedades de San Domingos de Pontevedra na zona menciónanse unhas herdades así chamadas, non sabemos se se refiren a este sitio de Matamá ou, máis probablemente, a un dos núcleos habitados do barrio do Carregal, na veciña parroquia de Valadares, tamén chamado *O Canizo*, topónimo que ha de responder á mesma motivación.

Outros dous topónimos levan un complemento: **O Canizo do Loureiro** (alternando con **O Canizo Loureiro**, coa preposición elidi-

da), nome duns campos con algunha vivenda ao norte de Parada e dos Redondelos, ao oeste do Roupeiro (→ Loureiro), e mais **O Canizo do Cepo**, hoxe dentro da Zona Franca. Neste, o segundo elemento do composto parece o nome común *cepo* (< latín CIPPUM) 'cañota, pé do tronco dunha árbore'.

## ► Candea

**A Candea**
**A Candea de San Pedro / A Candea do Vimieiro / A Eira da Candea**

O substantivo galego *candea* (< latín CANDĒLAM) designa, na súa acepción máis común, o 'obxecto de cera en forma de cilindro longo, que leva unha torcida no seu interior e serve para alumar' (DRAG). A presenza deste nome na toponimia adoita vir motivado por doazóns ou cargas sobre propiedades que destinaban o seu produto agrícola, ou parte del, á iluminación dunha igrexa.

En Matamá, **A Candea** é hoxe un campo entre vivendas situado ao norte da Caíña, entre Balvís e A Lagarella, probablemente o mesmo que figura no século XVIII no Catastro de Ensenada co nome de **Cocho da Candea**, cualificado como labradío de secaño de segunda calidade. A mesma cualificación reciben nese catastro outras propiedades «al sitio da Candea», correspondentes ao topónimo situado ao leste do Vimieiro (→ Vimbio), na actualidade dentro da Zona Franca, que Marcos Alonso (*Matamá II*, 292) documenta coas denominacións alternativas de **A Candea de San Pedro**, **A Candea do Vimieiro** e **A Eira da Candea**. Hai topónimos paralelos, formados a partir do substantivo *candea* e relacionados coa iluminación de igrexas ou ermidas, nas parroquias de Bembrive, Valadares e Navia, e na cidade de Vigo denominábase *A Candea* unha zona do Calvario onde hoxe está o instituto Castelao e as áreas contiguas.

Un topónimo de Matamá que se recolle na documentación como *Campo de la Lumbre de San Pedro* (*Matamá II*, 291), perdido na actualidade e que Marcos Alonso sitúa ao nordeste da Barxa e ao oeste da Lagarella, é seguramente unha castelanización dunha forma oral *O Campo do Lume de San Pedro*, coma outros topónimos semellantes que vemos no portal Galicia Nomeada (*O Prado do Lume*, *O Campo*

*do Lume*…) e que responden á mesma motivación: propiedades que dedican o seu produto ou a súa renda á iluminación da igrexa.

## ► Canónigo

***A Canóniga***

**A Canóniga** é o nome dunha área da estrema de Matamá coa de Beade, á altura do núcleo de Babio, nesta parroquia. A construción da estrada do Cuvi (campus universitario de Vigo), hoxe de Clara Campoamor, fixo desaparecer nesa zona un muíño tamén denominado *Muíño da Canóniga*.

Igual que ocorre con moitos outros topónimos do Val de Fragoso, este contén unha forma adxectiva feminina creada a partir dun nome de propietario. Significaría, polo tanto, 'a propiedade de alguén alcumado *Canónigo* ou *O Canónigo*'. En documentación dos séculos XVII e XVIII hai referencias a varios individuos da parroquia de Beade que levan ese sobrenome (Carrasco e Navaza, 2014: 62), polo que se pode supoñer que o topónimo tamén naceu nesa época. É o substantivo *canónigo*, forma castelá correspondente ao galego *cóengo*, o membro dun cabido catedralicio, procedente do latín CANONĬCUM. É moi posible que se aplicase este alcume a esa familia de Beade porque xestionaban os asuntos e as propiedades dalgún cóengo ou do cabido tudense (a «mesa capitular») nestas parroquias de Fragoso. Entre os diferentes marcos ou mollóns das estremas das parroquias, entre Matamá e Beade mencionaba o Instituto Geográfico y Catastral en 1939 o «situado en el monte pinar denominado *Canóniga*».

## ► Canteira

**A Canteira da Fonte Santa**
**A Canteira da Gaspara**
**A Canteira da Gelina a Brava**
**A Canteira da Regueira**
**A Canteira da Xesteira**
**A Canteira de Vilar**
**A Canteira do Cacheiro**

**A Canteira do Campos**
**A Canteira do Fabal**
**A Canteira do González**
**A Canteira do Izquierdo**
**A Canteira do Pazó**
**A Canteira do Pisco**
**A Canteira do Río**
**A Canteira do Severo**
**A Canteira do Valerio Trancas**
**A Canteira dos Barros**
**A Canteira dos Carballeira**
**A Canteira dos Cipriáns**
**A Canteira dos García**
**Rúa dos Canteiros**

*Canteira* é un termo común en galego para designar o lugar onde se realiza a actividade de extracción de pedra. É derivado de *canto* 'pedra', palabra hispánica de orixe prerromana, posiblemente céltica. A extracción de pedra foi no pasado unha das principais actividades económicas da parroquia de Matamá, circunstancia que deixou pegada na toponimia, cunha relevante cantidade de nomes de canteiras que dan testemuño da súa existencia, malia estaren hoxe desaparecidas.

Segundo Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos (*Matamá II*, 115-124), a actividade xa está documentada no século XVI, nun informe de visita dun intendente do Reino de Galicia, Joseph Regueiro, no ano 1594. No século XVIII, o Catastro de Ensenada reflicte a relevancia do oficio da cantaría en Matamá. O importante desenvolvemento da actividade na parroquia en datas máis recentes deu orixe á *Sociedad de Canteros-Monteros y Carreteros,* fundada en 1918 que, malia contar entre os asociados con canteiros das parroquias veciñas, estaba domiciliada en Matamá e conformada na súa meirande parte por xente da parroquia. En 1926 os canteiros de Matamá envíanlle unha carta ao alcalde de Vigo para avisar do conflito que mantiñan coa Federación Gremial de Patronos, que se negaba a aceptar unha suba no prezo da vara de pedra, o que os leva a ameazar con deixaren de abastecer de pedra a cidade de Vigo se non se atendían as súas demandas. Este gremio contaba cunha festividade de seu, a chamada *Rebullona*, que se cele-

braba o 3 de maio, día en que as canteiras e mais os carros de carrexar a pedra se engalanaban con bandeirolas e grilandas de flores para a celebración. A sociedade extinguiuse ao comezo da Guerra Civil, e o oficio foi decaendo a partir da década dos anos cincuenta, tanto debido á substitución da pedra por outros materiais de construción coma ao propio desenvolvemento industrial de Vigo, que atraeu a poboación das parroquias periféricas cara a sectores como a construción, a automoción ou a industria conserveira.

Os topónimos que conteñen o substantivo *canteira* en Matamá son todos nomes compostos onde o segundo elemento ou ben é nome da área en que se atopa ou ben o nome, apelido ou alcume de quen a explotaba. Entre os primeiros temos **A Canteira da Fonte Santa**, **A Canteira do Fabal**, **A Canteira da Gaspara**, **A Canteira da Regueira**, **A Canteira de Vilar**, **A Canteira da Xesteira** e **A Canteira do Río**. Entre os segundos, **A Canteira do Cacheiro**, no Padrón, no límite coa Zona Franca (→ Cachar), **A Canteira do Campos**, na área dos Pousos, **A Canteira do González** e **A Canteira do Pazó** preto dos Redondelos, **A Canteira do Izquierdo**, onda o núcleo de Vilar, **A Canteira dos Barros** e **A Canteira do Pisco** (→ Camiño do Pisco), ambas xunto á **Canteira do Río**, **A Canteira do Severo**, na zona da Gaspara, no linde con Valadares, **A Canteira do Valerio Trancas**, **A Canteira dos Carballeira** e mais a **Canteira da Gelina a Brava**, ao norte da Pedra Furada, **A Canteira dos Cipriáns** ao leste do Maruxento, na área da Mó, e **A Canteira dos García** na área da Gaspara, lindando con Valadares.

*Severo* é un antropónimo masculino continuador do latín *Severus*, formado sobre o adxectivo *severus* 'rigoroso', que na antiga Roma foi nome de emperador (Septimio Severo). *Cipriáns* é o plural do nome persoal *Ciprián*, variante de *Cipriano*, que ten en galego unha forma popular *Cibrán*, *Cibrao* e na súa orixe latina era un xentilicio relativo á illa de Chipre. *García* é un apelido común, antropónimo sen sufixo do nome persoal medieval *García*, ao cal se lle supón unha orixe no éuscaro.

O libro de Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos dedica un capítulo á cantaría de Matamá e á importancia que tivo na economía e na vida social da parroquia. Alí ofrécesenos unha nómina de personaxes e familias vinculadas ás actividades de extración (*monteiros*), labrado (*canteiros*) e transporte (*carrexóns*) da pedra. Moitos nomes persoais

presentes na toponimia de Matamá corresponden a persoas e a familias das cales se conserva memoria documental, e nalgúns casos fotográfica; remitimos a esa publicación para maior información sobre personaxes como os chamados *Valerio Trancas* ou *Gelina a Brava* ou sobre as principais liñaxes familiares arraigadas na parroquia desde hai séculos. Tanto *A Brava* coma *O Trancas* figuran na relación de alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 309, 311), o primeiro acaso suscitado por un apelido *Bravo*, o segundo por calquera das acepcións de *tranca*, entre elas a de 'bebedela'. *Valerio* é un nome tradicional de orixe latina, portado por un emperador de Roma e polo santo berciano San Valerio. *Gelina* parece un hipocorístico de calquera antropónimo feminino con esa terminación, como *Evangelina*.

A toponimia viaria mantén a lembranza do oficio dos canteiros na denominada oficialmente **Rúa dos Canteiros**, que comunica a igrexa coa avenida de Castrelos.

## ▶ Canto

**O Canto**
**O Canto do Río**
**O Cantón**

Un substantivo común *canto*, tamén de orixe prerromana coma o de *canteira*, mais neste caso non co significado de 'pedra' senón co de 'bordo, esquina', forma outros tres topónimos na parroquia de Matamá, coa súa forma simple e mais cun derivado *cantón*. Estes substantivos son notablemente produtivos na toponimia galega, segundo reflicten os máis de cincocentos nomes que os conteñen na plataforma Galicia Nomeada.

En Matamá, coa forma simple temos **O Canto**, preto do linde con Castrelos e Beade á altura de Macal, e un composto **O Canto do Río**, no linde con Coia, á beira do río Vello ou de Balaído. Nestes casos, o topónimo refírese á situación do lugar nun recanto ou esquina do territorio parroquial, nas estremas coas parroquias veciñas.

Un derivado **O Cantón** dá nome a unhas terras entre A Revolta e Ribelas de Riba, posiblemente por situárense nunha esquina ou recanto.

## ► Cañota

### A Cañota

O substantivo común *cañota* ten, entre outras acepcións, a de 'raíz ou cepo que queda dunha árbore caída ou cortada'. Polo regular ese é o significado que motiva os topónimos en que está presente. No Nomenclátor de Galicia constan oito entidades de poboación chamadas *A Cañota* ou *As Cañotas*, ademais dun derivado *Cañotal*. *Cañota* é un termo galego de orixe controvertida; tense suposto que podía ser derivado de *cana* (< latín CANNA), ou propiamente, un castelanismo derivado do correspondente *caña*, pero a documentación medieval galega dá proba do uso dese nome en galego antes de calquera influencia da lingua castelá, e xa consolidado como topónimo, coma no nome dun *Fernán Domínguez dito da Cañota, cidadán de Santiago*, do ano 1320.

Dado o emprego de *cañoto* nalgunhas áreas galegas e mais en Portugal como sinónimo de 'zurdo, esquerdeiro', non podemos descartar a posibilidade de que algún microtopónimo do tipo *A Cañota* sexa un topónimo de propietario relativo a alguén alcumado *Cañoto* (isto é: *A Cañota* = 'A de Cañoto ou do Cañoto', co mesmo procedemento que vemos en *A Gaga* ou *A Simona*).

Marcos Alonso sitúa un topónimo **A Cañota** nunha zona de campos e vivendas no tramo medio da vía pública chamada *Camiño do Padrón*, ao noroeste de Ribás, no linde da Zona Franca.

## ► Capela

### Capela de San Amaro / do San Amaro
### Capela da Soidade

O substantivo común *capela*, que designa un oratorio ou pequena edificación de carácter relixioso, ten moita presenza na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle corenta localidades con este nome, que tamén denomina un concello na provincia da Coruña. Na microtoponimia é aínda máis frecuente: no portal Galicia Nomeada superan os dous millares os topónimos que conteñen o substantivo *capela*. Na fala e na toponimia compite co castelanismo *capilla* (49

exemplos en Galicia Nomeada). Tanto a forma galega coma a castelá conteñen un derivado diminutivo de *capa* (< latín CAPPA) difundido a partir do francés *chapelle*, polo nome do santuario (*Sainte Chapelle*) creado na Idade Media pola monarquía francesa para albergar a capa de San Martiño de Tours, emblema da caridade do santo que dividiu a súa capa para darlle a metade a un mendigo aterecido de frío.

En Matamá está presente no nome da **Capela do San Amaro** ou **de San Amaro**, que aínda que remonta ao século XVI, a actual é do XIX (*Matamá II*, 101), e mais na **Capela da Soidade** ou **Capela de Nosa Señora da Soidade** en Beirán, fundada en 1696 (*Matamá I*, 218). Na documentación histórica da parroquia áchanse referencias á *Capela das Cinco Chagas*, desaparecida a comezos do século XIX, anexa á igrexa parroquial de San Pedro.

## ► Carapucha

**A Carapucha**
**A Fonte da Carapucha**
**A Chan da Carapucha**
**Rúa da Carapucha**

**A Carapucha** é unha das entidades de poboación tradicionais da parroquia, situada ao leste da Igrexa e de Ribelas. Os rexistros escritos máis antigos que coñecemos deste topónimo son dos séculos XVI e XVII, en nomes persoais relativos a veciños: *Afonso da Vila da Carapucha, sarxento Martiño Costas da Carapucha*…, mais o lugar e a súa denominación han de ser ben anteriores a esas datas. Polo Catastro de Ensenada sabemos que a mediados do século XVIII vivían na Carapucha cinco familias. A súa fonte pública denomínase **A Fonte da Carapucha** e probablemente a inmediata área de campos denominada hoxe *As Leiras Longas* é a que consta na documentación histórica como **A Chan da Carapucha**. Varias vías públicas situadas ao sur da rúa dos Canteiros reciben oficialmente o nome de **Rúa da Carapucha**, e así figuran na rotulación municipal.

O topónimo parece conter o substantivo común *carapucha* (< *caparucha*, *caparuza*) un probable derivado de *capa* (lat. CAPPAM) que significa ‘coroza, capa de palla ou xunco con que se cubrían a cabeza e os

ombros', 'carapuza, caparuza, capucha, peza de roupa para cubrir a cabeza', 'penacho ou crista na cabeza dalgunhas aves'. Descoñecemos a motivación do seu uso como nome de lugar, pero as hipóteses máis probables redúcense a dúas: ou ben foi un sobrenome persoal, aplicado a alguén que quizais adoitaba cubrirse cunha desas pezas, logo transmitido como sobrenome de familia, ou ben veu motivado por algún elemento da paisaxe, acaso algunha formación pétrea, pois o territorio de Matamá debeu ser abundante en penedos singulares, antes de que o intenso aproveitamento da pedra por parte dos monteiros fixese desaparecer moitos deles; nese caso, o nome podería vir motivado pola forma dese penedo, acaso cónica ou piramidal e que puidese lembrar unha coroza. Dada a presenza que teñen na toponimia galega os derivados dunha raíz indoeuropea **kar-* 'dureza, pedra' para denominar penedos e pedras singulares, cómpre admitir tamén a posibilidade de que sexa un topónimo de remota orixe prerromana alterado por atracción do nome común *carapucha*. A plataforma Galicia Nomeada recolle outros topónimos equivalentes ou semellantes, como *A Capucha*, na illa de San Simón, *As Casas de Carapuzas* e *O Peirao de Carapuzas* en Meira, Moaña ou *As Colmeas do Carapuza* en Lobios, Ourense, neste último caso un evidente sobrenome persoal, dado o artigo masculino.

## ► Carballo

**O Carballo / Campo (do) Carballo**
**A Presa do Carballo**
**O Muíño do Rego de Campo Carballo**
**O Carballo Cerquiño**
**O Carballo da Mó**
**O Carballo Seco**
**O Campo da Carballa**
**Carballás de Abaixo, Carballás de Riba / Carballases**
**O Carballalciño de Abaixo**
**A Carballeira**
**A Viña da Carballeira**
**A Carballeira do Ricoi**

*Carballo* é o nome común con que se designa en galego a árbore *Quercus robur*. É termo de orixe prerromana, probablemente derivado da coñecida raíz indoeuropea **kar-* 'dureza, pedra', que sobreviviu en galego tras competir co latín *robur, robŏrem* (o cal tamén deixou pegada na toponimia en formas como *Reboredo*, *Reboreda*). O Nomenclátor de Galicia recolle preto de duascentas localidades chamadas *Carballo*, *Carballal*, *Carballeira*, *Carballedo* etc., e na microtoponimia cóntanse por miles. Esta notable presenza na toponimia evidencia que os carballos foron unha das especies máis abundantes na paisaxe forestal tradicional de Galicia.

A forma simple **O Carballo** nomea unha zona cun pequeno grupo de vivendas e considerable extensión de campos e masa forestal ao leste da Devesa e na estrema con Castrelos. No Nomenclátor de Galicia de 2003 constaba como entidade de poboación, pero falta en todos os demais, talvez por considerarse parte doutro núcleo, ben da Devesa, ben de Alvite ou da Pousa de Abaixo, xa en Castrelos. A zona tamén se coñece como **Campo do Carballo** ou **Campo Carballo** e está atravesada polo curso fluvial que vén das Carneiras, polo que conta con topónimos relativos ao aproveitamento da súa auga: **A Presa do Carballo** e mais **O Muíño do Rego de Campo Carballo**. O feito de que este muíño e outros bens da zona aparezan documentados como propiedade dunha familia apelidada *Carballo* no Catastro de Ensenada (1753) podería facer pensar que o *carballo* dos topónimos é debido ao apelido, que en calquera caso é apelido de orixe toponímica, mais tamén puido suceder ao contrario, que fose este topónimo concreto o que orixinou o apelido na zona.

Repítese o mesmo nome ao norte de Ribelas de Abaixo nuns campos chamados **O Carballo**. Igual ca outros fitónimos que conteñen un nome masculino de árbore en singular, estes topónimos virían motivados pola presenza neses lugares dun único exemplar desta especie, seguramente de considerable tamaño.

Talvez fose tamén unha árbore concreta a que suscitou o nome dunha área boscosa situada ao norte do Outeiro da Mó chamada **O Carballo da Mó**.

**O Carballo Seco** é hoxe unha zona de vivendas e campos ao sur das Carneiras, a ambos os lados da avenida de Castrelos, preto da estrema con Beade. A árbore que motivou o topónimo viviu sen dúbida hai máis

de catro séculos, pois xa se menciona este nome entre as propiedades que tiña en Matamá o convento de San Domingos de Pontevedra no século XVII. No Catastro de Ensenada (1753, 1761), as terras situadas *al sitio do Carballo Seco* veñen cualificadas como labradío de secaño de terceira calidade. Nalgunha documentación rexístrase un nome alternativo de *Ferreira* («Ferreira o Carballo Seco», *Matamá II,* 296), quizais derivado dun apelido ou sobrenome dun propietario ou foreiro; *Ferreiro* e *Ferreira* figuran na relación de alcumes actuais da parroquia (Matamá II, 310)

Non parece que sobrevivise ata hoxe o nome dun **Campo da Carballa** que tamén se rexistra en 1620 entre os bens que posuían os dominicos pontevedreses en Matamá, co feminino *carballa*, que adoita designar exemplares de gran tamaño.

**O Carballo Cerquiño** é o nome dunhas terras con prados e arboredo ao norte de Ribás. O *cerquiño* ou *carballo cerquiño* (< lat. *QUERCINUS, derivado de *quercus* 'carballo') é a especie arbórea de nome científico *Quercus pyrenaica*, tamén chamada *cerqueiro*, *rebolo*, *carballo negro* ou *carballo mouro*, diferente do carballo común ou *carballo veriño* (*Quercus robur*).

Podería pertencer á mesma familia léxica de *cerquiño* e de *quercus*, relativo á presenza desta caste de carballos, o derivado co sufixo *-eira*, **A Cerqueira**, nome duns campos ao norte do núcleo da Mó, aínda que nestes casos é doada a confusión con derivados de *cerco*, *cerca* 'pechamento' (→ Cercado). Entre os bens de San Domingos de Pontevedra en Matamá menciónase en 1620 un *Campo do Cerqueiro* e unha *Veiga do Cerqueiro* que non podemos localizar hoxe con precisión.

O derivado colectivo de *carballo* co sufixo correspondente ao latino -ALE, *carballal*, forma varios topónimos na parroquia, maioritariamente localizados no linde con Santo André de Comesaña e hoxe dentro da Zona Franca, que nos informan da vexetación histórica desa área. Probablemente son topónimos formados a partir dun único **Carballás**, o plural do colectivo *carballal*, que orixinou denominacións máis precisas para referirse ás súas partes, cos nomes de **Carballás de Abaixo** ou **de Baixo**, **Carballás de Arriba** ou **de Riba** e mais **Carballalciño de Abaixo**. A variante **Carballases** é unha forma con dobre morfema de plural, como *cafeses* por *cafés*, a partir do que xa era o plural de *carballal*. Tanto *Carballás* coma *Carballases* son plurais secundarios, pois o

topónimo era orixinariamente singular, segundo vemos no documento do ano 1620 dos apeos de San Domingos de Pontevedra: «heredad que se dize e nombra do Carballal, que trae Afonso de Santo André» (PARES, AHN Clero L. 20186). A alteración do número (de singular a plural) dun nome de lugar é relativamente común na microtoponimia; véxase o que se di en Abelar / Abelares (→).



É igualmente frecuente o derivado *carballeira*, colectivo formado co sufixo -*eira* (< latín -ARIA) que é a voz común do galego para designar un arboredo de carballos. En Matamá, **A Carballeira**, tamén coñecida como **A Viña da Carballeira**, é o nome dunha zona hoxe de campos xunto ao núcleo de Parada; talvez se refire a esta viña a que aparece nun documento de compravenda do ano 1690 co nome *Parra da Carballeira* (*Matamá I*, 148).

**A Carballeira do Ricoi**, nome dunha área de arboredo ao norte da Mó de Abaixo, contén no seu segundo elemento un antropónimo ou nome de propietario, o apelido *Ricoi*, variante de *Ricón*, formado a partir dun nome persoal medieval *Ricone*, de orixe xermánica (< *riks* 'poderoso); *Ricón* e *Ricoi* son apelidos característicos de Redondela e arredores, e probablemente teñen o seu foco de irradiación no lugar de Ricoi, na parroquia de Fragas, concello do Campo Lameiro. Hoxe *O Ricoi* figura entre os sobrenomes e alcumes actuais (*Matamá II*, 311) e tamén nos que se rexistran na documentación histórica da parroquia, como un *Xoán Ricoi* que consta como «rendista» no século XIX (*Matamá* I, 257). Na veciña parroquia de Comesaña sobrevive unha variante coa flexión feminina do apelido no topónimo *A Casa da Ricoia* (Rodríguez Lemos, 2018: 154).

## ▶ Carneira

**As Carneiras**
**A Carneira da Mina**
**A Carneira da Presa**
**A Carneira das Pedras**
**A Carneira de Galicia**
**A Carneira do Alfonso**
**A Carneira do Cabo**
**A Carneira do Pedro**
**A Carneira de Surrego / de Suorrego**
**A Carneira do Xestal**
**A Carneira Pequena**
**O Lavadouro da Carneira**
**As Carneiras da Coutada**
**As Carneiras de Abaixo**
**As Carneiras Longas**
**A Cova da Carneira**
**O Rego das Carneiras**
**A Taberna das Carneiras / O Torno das Carneiras**

**As Carneiras** é outro dos núcleos de poboación tradicionais de Matamá, situado ao leste do seu territorio, no linde co de Beade, á altura do lugar de Babio, desta parroquia. Esta forma plural só se consolidou en datas relativamente recentes, pois na documentación histórica adoita alternar co singular **A Carneira**, especialmente para referirse ao núcleo habitado, que figuraba aínda en singular nos nomenclátores na primeira metade do século XX. A coexistencia do singular e do plural xa tiña séculos de existencia, pois aparece como *lugar das Carneiras* entre os bens situados na parroquia na doazón de dona Inés de Meira ao convento de San Domingos de Pontevedra no ano 1409, a doazón que inaugura a relación dese mosteiro pontevedrés con Matamá, e noutros documentos históricos, por exemplo, un preito de 1676 pola disputa do aproveitamento da auga do *Campo das Carneiras*, que vemos no arquivo Galiciana.

Polo Catastro de Ensenada sabemos que a mediados do século XVIII vivía no lugar *da Carneira* unha soa familia, e nese lugar estaba unha

das dúas tabernas da parroquia, que deu orixe aos nomes **A Taberna da Carneira** ou **das Carneiras** (→ San Amaro, Taberna de).

Malia a aparente relación co substantivo *carne*, considérase que *Carneira*(*s*) é un topónimo derivado dun tema prerromano *karn*-, formado sobre a raíz indoeuropea **kar*- 'duro, dureza, pedra', coma a de *Carnota* por exemplo, e viría motivado por penedos ou formacións pétreas coma as que aínda se enxergan nalgunhas partes desa área. Unha desas pedras singulares sería *A Pedra da Carneira* ou *Marco da Carneira* que o Catastro de Ensenada sinalaba na demarcación entre Matamá e Beade e que hoxe se conserva nunha propiedade particular (*Matamá* I, 28).

É sen dúbida un topónimo antigo; está formado a partir dunha raíz prerromana mais non é un topónimo prehistórico, posto que é un derivado mediante o sufixo -*eira* (< -ARIA), que é de orixe latina.

A forma simple do plural, **As Carneiras**, ademais do propio núcleo de poboación, nomea unha extensa zona de campos ao seu oeste. En toda esa área, algunhas partes específicas denomínanse con topónimos compostos cun segundo elemento que precisa a situación: **A Carneira da Mina** (→ Mina), **A Carneira da Presa** (→ Presa), **A Carneira das Pedras** (→ Pedra), **A Carneira do Cabo** (→ Cabo), **A Carneira de Sorrego** (→ Rego), **A Carneira do Xestal** (→Xesta) e **As Carneiras de Abaixo**. No topónimo **As Carneiras Longas**, o adxectivo refírese á forma alongada e estreita das propiedades, que aínda se observa a simple vista. **A Carneira do Pedro** (→) contén no seu segundo elemento un antropónimo ou nome persoal de propietario, o mesmo que **A Carneira de Galicia**, dado que consta *O Galicia* entre os alcumes da parroquia.

Nos libros de apeos dos séculos XVI e XVII de San Domingos de Pontevedra rexístranse na zona outros topónimos con este substantivo: unha *heredad que se dice e nombra da Carneira* (ano 1591), un *campo da Carneira da Presa* e mais un *campo que se dize e nonbra da Carneira do Cabo*. A mesma documentación histórica rexistra na zona outros topónimos compostos como **A Cova da Carneira**, **As Carneiras da Coutada** (→ Coutada), **A Carneira Pequena** e **A Carneira do Alfonso**, neste último cunha alteración dun orixinario *Afonso*, apelido común na zona e maioritariamente castelanizado como *Alonso* desde o século XVII.

Un documento do ano 1790 afora en Matamá «una tierra labradía y monte conocido por Fonte da Carneira» (*Matamá I*, 133).

Atravesa a zona en dirección sur-norte un curso de auga coñecido nesta parte como **Rego das Carneiras**, que abastece o **Lavadouro da Carneira** ou **das Carneiras** no sitio coñecido como **A Carneira da Presa**. É probablemente a mesma canalización que se documenta no século XVII como «agua del campo das Carneiras», con varias presas no seu curso.

## ▶ Carpinteira

**A Carpinteira**
**Camiño da Carpinteira**

**A Carpinteira** é o nome dunha zona próxima ao linde coa parroquia de Santo André de Comesaña; por ela discorre a vía pública que recibe oficialmente o nome de **Camiño da Carpinteira**, que empalma co camiño de Sanín.

O topónimo é probablemente un feminino creado a partir dun sobrenome relativo aos propietarios: *A Carpinteira* = «a do/de Carpinteiro» e contén o termo común procedente do latín CARPENTARIUM, onde era un préstamo con orixe no celta.

Na documentación do século XVII de San Domingos de Pontevedra relativa ás propiedades do convento en Matamá, adoita mencionarse conxuntamente cun *Campo da Vesadiña*: «Campo da Besadiña y Carpinteira».


Mathama. Besadiña y Carpinteira.

## ▶ Carrasca

**Os Carrascos**
**A Carrasqueira**

Son diversas as especies botánicas chamadas *carrasca* ou *carrasco* en galego, polo cal resulta difícil identificar a planta concreta que motivou cada topónimo formado con estes nomes. No Val de Fragoso, *carrasca* adoita designar principalmente a planta común de flores violáceas tamén coñecida como *queiruga* ou *queiroa* (*Calluna vulgaris*), mais como sucede noutras áreas, puido aplicarse o mesmo nome a outras especies semellantes, sexa da familia das ericáceas, sexa diferentes urces ou uces coñecidas en castelán xenericamente como *brezo*.

*Carrasca* e *carrasco* son nomes de orixe prelatina, relacionados coa coñecida raíz indoeuropea **kar*- 'dureza, pedra', aquí aplicada á vexetación propia de terreos pedregosos. Son relativamente frecuentes na toponimia galega. O Nomenclátor recolle vinte e sete localidades coas secuencias «carrasc» (12) e «carrasq» (15); a mesma busca en Galicia Nomeada ofrece 334 topónimos, repartidos por igual con unha e outra forma.



É dubidosa a motivación do topónimo que contén o plural masculino **Os Carrascos**, que tanto podería referirse á flora do lugar como conter un apelido de propietario ou sobrenome *Carrasco*, documentado na zona polo menos desde o século XVIII. Ademais do significado botánico (que en castelán é distinto, pois nesta lingua o *carrasco* é unha árbore, unha caste de aciñeira), no emprego desta palabra como sobrenome puido estar presente o significado de 'verdugo', común en portugués.

Non hai dúbida de que se refire á flora, e á presenza ou abundancia de carrascas no lugar, o topónimo formado co sufixo correspondente ao latín -ARIA, **A Carrasqueira**, nome duns campos e arboredos ao norte de Ribás. Outro topónimo idéntico **A Carrasqueira** denomina unha zona na estrema con Santo André de Comesaña, hoxe atravesada polo acceso sur á Zona Franca, á beira da Maesa, e onde Marcos Alonso sitúa un *Marco da Carrasqueira* que se menciona nas demarcacións históricas do territorio parroquial.

## ► Carrizo

### Carracedo, O Outeiro de

*Carrizo* é a denominación galega de varias plantas gramíneas, herbáceas, principalmente a *Phragmites communis*, mais tamén se aplica a outras especies parecidas pertencentes ao xénero *Carex* e nalgunhas zonas é denominación alternativa para a cana común (→). Admítese que o nome galego procede do *cārex, carĭcis* latino. Ten presenza relativamente abundante na toponimia, sobre todo a partir de derivados *Carregal* e *Carracedo*. Este último, un colectivo formado co sufixo -*edo* (< latín -ĒTU) está presente no topónimo **O Outeiro de Carracedo**, denominación alternativa do Outeiro de Balvís. No Nomenclátor de Galicia, onde vemos o termo *carracedo* no nome de cinco parroquias e oito lugares, recóllese un homónimo *Outeiro de Carracedo* no concello ourensán da Peroxa.



«O Monte do Outeiro de Carracedo» (*Tombo Becerro* de San Domingos de Pontevedra)

## ▶ Carro, carrexar, carreiro

**Camiño dos Carrexóns**
**O Calvario dos Carreiros**
**O Carreiro**
**A Restebiña do Carreiro**
**A Leira do Carreiro da Cereixeira**

*Carro* é o nome común en galego para designar o vehículo tradicional de transporte, historicamente movido por tracción animal. É continuador do latín vulgar *carrus*, un celtismo no latín, onde a forma clásica era *currus*. Na toponimia de Matamá temos dous tipos de derivados de *carro* que constitúen topónimos viarios, isto é, relativos aos camiños; un formado a partir do verbo *carrexar* e outros a partir do derivado *carreiro*.

*Carrexar* significa 'transportar' (literalmente 'transportar en carro'). Deste verbo formouse o substantivo *carrexón*, nome de quen traballa carrexando ou exerce ese actividade; o derivado sérvese dun sufixo empregado noutros nomes de oficios, como *ferrón* 'ferreiro', *cacharrón* 'oleiro'. Recibe o nome de **Camiño dos Carrexóns** (na rotulación viaria *Carrazóns*) a vía que segue o trazado do antigo Camiño Real que atravesaba a parroquia de Matamá polo seu extremo oriental. A motivación do topónimo foi o emprego desta vía para o transporte de pedra desde Matamá, Valadares, Beade e Castrelos cara a Vigo. Os numerosos topónimos da parroquia que conteñen o substantivo *canteira* (→) evidencian a importancia que tivo a extracción de pedra na economía tradicional da parroquia.

Os substantivos *carreiro* e *carreira* son tamén derivados de *carro*. O feminino *carraria* (VIA CARRARIA) designaba en orixe un camiño ancho de abondo para permitir o paso dun *carro*, e mantivo ese significado o seu descendente *carreira*; o masculino *carreiro*, en cambio, pasou a designar calquera camiño estreito en xeral.

A área chamada O Calvario, en Ribás, na estrema con Santo André de Comesaña ao leste do Outeiro da Forca, hoxe dentro da Zona Franca, distingue unha das súas partes co nome de **O Calvario dos Carreiros**. Ha de deber o seu nome a antigos camiños na zona, quizais os que conducían ao calvario que houbo no lugar (→ Calvario).

A documentación histórica da parroquia recolle outro topónimo **O Carreiro**, nas proximidades do Pazo, tamén rexistrado co nome alternativo **O Carreiro do Pazo** e que hoxe non podemos localizar con exactitude. O mesmo acontece cunha propiedade chamada **Leira do Carreiro** ou *Leira da Cereixeira*, e mais nun diminutivo plural **Os Carreiriños** ou **Leira dos Carreiriños**, que Marcos Alonso sitúa nos arredores de Beirán (*Matamá II*, 293).

Unha parte da Restebiña (→), en Alvite, consta na documentación como **A Restebiña do Carreiro**; o carreiro ao cal se refire ese nome posiblemente corresponde á actual rúa de Campos. Na Ceireixeira (→), ao leste de Beirán, rexístranse un **Carreiro da Cereixeira** e unha **Leira do Carreiro da Cereixeira**.

## ► Casa

**A Casa da Carola**
**A Casa da Tía Xiana**
**A Casa da Sinxela**
**A Casa das Arañas**
**A Casa das Novenas de San Amaro**
**A Casa de don Pedro**
**A Casa do Borja**
**A Casa do Londra**
**A Casa do Roxo**
**A Casa dos Bastos**
**A Casa dos Campos**
**A Casa dos González**
**A Casa dos Alonso**
**A Casa dos Americanos**
**A Casa dos Pintos**
**A Casa dos Ribeira**
**A Casa dos do Matías**
**A Casa dos Monches**
**As Casas Baratas**

O substantivo común *casa* (< latín vulgar CASAM) ten moita presenza na toponimia. Entre os nomes de lugar tradicionais de Matamá conta-

mos con ducia e media de topónimos compostos do tipo *Casa + de + segundo elemento*, onde este é, na meirande parte dos casos, nome ou alcume de propietario. Aínda que en rigor todas as casas, especialmente as illadas, son susceptibles de recibiren un nome, só algunhas produciron topónimo por seren construcións antigas ou de especial relevancia. Algunhas das casas que suscitaron o topónimo xa desapareceron, doutras só sobrevive ou sobreviviu ata hai uns anos un pardiñeiro. Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos estudan algunhas destas casas singulares no capítulo dedicado á cultura material da parroquia (*Matamá I*, 187-194).

Está presente este substantivo nos topónimos **A Casa da Carola** e **A Casa do Londra** (no Pazo), **A Casa da Tía Xiana** (ao pé do Monte da Barxa), **A Casa da Sinxela** (no Pereiro), **A Casa das Arañas** e **A Casa dos Campos** (en Vilar), **A Casa de don Pedro** (no Roupeiro), **A Casa do Roxo** (onda os Campos da Balsa), **A Casa dos Bastos**, **A Casa dos González**, **A Casa dos Alonso** (onda o Lugar da Barxa), **A Casa dos Americanos** (na Igrexa), **A Casa dos Pintos** e **A Casa do Borja** (na Mó), **A Casa dos Ribeira** (tamén chamada **Casa dos do Matías**, detrás da capela de San Amaro), **A Casa dos Monches** (no Pazo) e **A Casa das Novenas de San Amaro** (→ San Amaro).

**A Casa do Londra**, da cal aínda se conservan ruínas (dedícaselle un breve estudo en *Matama I*, 72), crese que puido formar parte das edificacións do primitivo Pazo de Arriba (→ Pazo). O nome da *londra* (< latín LŬTRAM), coma os doutros mustélidos (*furón, teixugo, garduña*…), forma parte do repertorio tradicional de zoónimos usados como sobrenomes de persoa, e en Matamá consta *O Londra* na relación de alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 309-311).

O segundo elemento do topónimo **A Casa da Carola** parece un nome persoal feminino, hipocorístico de *Carolina*, aínda que tamén existiu un sobrenome *Carolo*, *Carola* sen relación con ese nome persoal.

**A Casa da Tía Xiana** conserva a forma xenuína galega do nome persoal de alguén que se chamou realmente *Xiana* toda a súa vida, aínda que figurase como *Juliana* nos papeis.

**A Sinxela**, **A Araña**, **Monchas** / **Monches** e **O Roxo** constan na relación de alcumes actuais da parroquia (*Matama II*, 309-311); a primeira parece conter o adxectivo común *sinxela*, o segundo, o zoónimo *araña*, mais descoñecemos a motivación do seu uso como sobrenomes. O

sobrenome *Roxo* tamén ten presenza na toponimia de Matamá con formas femininas (→ Roxo). **A Casa das Arañas**, en Vilar, hoxe en ruínas, data probablemente do século XVII (*Matamá I*, 189).

Son escuros a orixe e o significado do segundo elemento dos compostos **Os Buxos dos Monches** (→ Buxo) e **A Casa dos Monches**. É sen dúbida un nome de propietario ou usuario, pois «Monchas/es (As/Os)» consta na relación de alcumes ou sobrenomes familiares da parroquia (*Matamá II*, 310). Podería ter a orixe no hipocorístico común *Moncha* do nome *Ramona*, mais resulta estraña a terminación *-es* para o plural masculino; pola mesma razón tampouco parece verosímil unha variante do ornitónimo *moucho*, *moucha*. En tanto non dispoñamos de mais información, debemos aceptar tamén a posibilidade de que sexa unha alteración ou adaptación ao galego da forma catalá dun apelido *Monge* ou *Monje*, de orixe foránea mais que se documenta en Bouzas e en Vigo desde o século XVIII.

**A Casa dos Campos** non contén no seu segundo elemento o substantivo común, senón un apelido de orixe toponímica ('a casa dos apelidados *Campos*'), supoñemos que relativo ao barrio de Campos, presente tamén en *A Canteira do Campos* (→). Para *A Casa das Novenas de San Amaro*, véxase o apartado relativo a este haxiónimo.

**A Casa de don Pedro** rexístrase tamén como *O Lugar de don Pedro* (→ Lugar).

O segundo elemento do composto **A Casa do Borja** tamén está presente na relación de alcumes actuais de Matamá: «Os Borjas» (*Matamá II*, 309). O topónimo parece conservar memoria de Francisco Borja da Vila Comesaña, que foi capitán dunha das alarmas do Val de Fragoso na loita popular contra os franceses en 1809 e fixo testamento en 1843 xunto coa súa dona Rosa de Abreu Pazó. No libro de Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos ofrécesenos unha sucinta biografía do personaxe (*Matamá I*, 259-260: «Persoeiros parroquiais»). Descoñécese a data de nacemento, mais é probable que fose na década de 1760, pois o nome persoal relativo ao santo da Compañía de Xesús chamado Francisco de Borja, canonizado a finais do século XVII, foi un nome de moda no XVIII entre as clases sociais elevadas, mais desapareceu varias décadas do repertorio onomástico español despois da expulsión dos xesuítas en 1767, o mesmo que ocorreu con *Ignacio*/*Ignacia*.

*González* e *Alonso* son apelidos patronímicos relativamente comúns e arraigados en Matamá desde hai séculos. Constitúen o patronímico de dous nomes persoais de orixe xermánica, o primeiro, co sufixo *-ez*, correspondente ao nome persoal *Gonzalo*; o segundo, sen sufixo, é castelanización dun antigo *Afonso*, ben atestado na documentación da parroquia ata o século XVII.

En *Matamá II* (19-23) infórmasenos da estirpe dos *Alonso* de Matamá, aos cales se debe vincular tamén o sobrenome presente nos topónimos **A Casa dos Americanos** e mais **O Campo dos Americanos**, na Igrexa, que reciben esa denominación (o xentilicio derivado de América) por razón da emigración a América do Sur.

Tamén son apelidos presentes desde hai séculos na parroquia *Pintos* (→) e *Ribeira*, ambos de orixe toponímica. O segundo documéntase coa forma galega nos séculos XVI e XVII (*Constança da Ribeira*, *Pedro da Ribeira o Vello*, *Pedro de Ribeira o mozo*…) e a finais do XVII comezou a verse substituído de vez nas fontes escritas pola forma castelanizada *Ribera* ou *Rivera* (*Matamá I*, 150, 171-175, 181).


Apeo de juan afonso de ma
tamaa de los bienes veredaxes
que tiene do paço de matamaa de
baxo e citación

Apeo de **Juan Afonso de Matamaa**, século XVI

*Os do Matías* consta na relación de alcumes da parroquia (*Matamá II*, 310). É antropónimo da tradición bíblica, portado por un dos discípulos de Cristo, e procede da lingua hebrea, onde significa ‘don de Deus’, e deu orixe en galego ás variantes *Macías* e *Macía*. Na historia da parroquia sobrancean algúns individuos deste nome, como Matías de Bastos (*Matamá I*, 253, 260-261) e Matías de Abreu «a persoa máis

adiñeirada do século XVIII» (*Matamá I*, 145, 171-175, 186). Repítese este nome nome persoal no topónimo *A Coutada do Matías* (→ Coutada).

*Bastos* é outro dos apelidos característicos de Matamá. Está presente nos topónimos **A Casa dos Bastos** e na denominación oficial da **Rúa do Abade Xoán de Bastos**. Podemos engadir a estes **O Campo de Bastos** (→ Campo), hoxe no interior da Zona Franca. É apelido común a Galicia e ao norte de Portugal, documentado nos dous territorios desde a Idade Media e de orixe controvertida. Nos rexistros medievais máis antigos consta en singular, ben como sobrenome (*Iohane Ioannis dicto Basto*, ano 1263, Oseira), ben precedido de preposición (*Pelagius Roderici de Basto*, ano 1342, Ourense). Aínda que na práctica se confundiron, probablemente tiñan orixes distintas, o sobrenome talvez aplicado a un pedáneo, mordomo ou cabezaleiro (na Idade Media denominábase *bastonarium* un cargo do poder local, que tamén se atesta en galego como sobrenome: *Domingo Pereç dito Bastoeiro*, ano 1343), en tanto que a forma precedida de preposición ten orixe toponímica, relativa á comarca portuguesa de Basto, no curso do río Támega, ao leste de Guimarães (onde se encontran as localidades de Mondim de Basto, Cabeceiras de Basto, Celorico de Basto…). *Bastos* sería entón un plural secundario, aplicado aos membros dunha familia (os *Bastos* serían en orixe 'os apelidados *de Basto*', do mesmo xeito que os apelidos *da Costa* e *da Vila* orixinaron plurais secundarios *Costas* e *Vilas*).

As primeiras referencias documentais do apelido *Bastos* en Matamá parecen datar do século XVII, relativas a un Bieito de Bastos, nado na veciña parroquia de Beade, que chegou a ser rexedor do Val de Fragoso e residiu en Matamá no lugar do Pazo. No libro de Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos dedícaselle un breve capítulo a parte desta estirpe familiar: «Historia dunha familia: os Bastos de Balvís», cun apartado monográfico dedicado á desaparecida casa dos Bastos (*Matamá I*, 260-272).

Un plural **As Casas Baratas** é o nome dun grupo de vivendas situadas onda o Sisón. Foi denominación popular común para os grupos de vivendas de promoción oficial construídas no século XX.

## ▶ Casal

**O Casal da Fría**
**O Casal de Ribás**
**O Casal de Sisón**
**O Casal das Veigas**
**O Casal de Núnez / de Nunes**
**O Casal do Esteiro**
**Os Casales de Abaixo**
**Os Casales de Riba**
**O Casal das Canas**
**O Casal da Pedra Furada**
**O Casal da Tapia**
**O Casal do Cruceiro**
**O Casal do Tombo**

Co termo *casal*, derivado de *casa* co sufixo correspondente ao latín -ALE, denominábase na Idade Media unha propiedade rural que abranguía a vivenda, coas dependencias auxiliares, e mais as terras que traballaba unha única familia. Tanto *casal* coma a variante *casar* e os plurais *casás*, *casais*, *casares* son moi comúns na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle preto de trescentas localidades con eses nomes. Ademais dos topónimos constituídos polas formas simples, en moitos outros forma compostos cun segundo elemento para precisar a localización, referirse ao propietario ou indicar algunha outra circunstancia.

En Matamá son varios os topónimos que conteñen este substantivo. Unha zona con vivendas situada preto do núcleo de Parada, ao nordeste da Igrexa, rexístrase na documentación como **O Casal de Nunes**, **de Núnez**, **de Núñez** e outras variantes. As primeiras son as formas xenuínas galegas, co apelido patronímico correspondente ao nome persoal masculino *Nuno* (< *Nunnus*, en castelán *Nuño*), en tanto que a terceira sería castelanización da forma orixinaria. O mesmo patronímico está presente no topónimo **A Fonte de Nunes** e **o Lavadouro de Nunes**, coa súa variante **Lunes**, por falsa identificación do apelido, realizado con seseo, co nome castelán do día da semana (→ Fonte). Este apelido rexístrase en Matamá desde a Idade Media e é verosímil que o topóni-

mo teña relación coa estirpe familiar de Fernán Núnez Capote, escudeiro do século XIV que fora propietario dos bens de Matamá que dona Inés de Meira doou ao convento de San Domingos de Pontevedra en 1409, entre eles, o **Casal de Parada** (*Matamá I*, 65). Ás veces aparece mencionado simplemente como **O Casal** («Lugar do Casal», «Campo do Casal», ano 1672, S. Domingos Pontevedra). No tempo do Catastro de Ensenada (1753), dúas familias de Matamá residen no «lugar do Casal».

**O Casal de Ribás** é unha pequena área ao sur de Ribás, que conta cunha denominación alternativa **O Casal do Sisón**. **O Casal das Veigas**, ao sur da Carapucha, son hoxe campos e unha vivenda. Ao leste da Barxa, preto do Rego da Mó, repítese o nome nos topónimos **O Casal da Fría**, **O Casal do Esteiro** e mais **Os Casales de Riba** e **Os Casales de Abaixo**. No primeiro, *Fría* parece conter o adxectivo común (< latín FRIGIDAM), podería pensarse que referido talvez ás condicións do lugar ou das súas augas, mais cremos máis verosímil que conteña un sobrenome de propietario, formado sobre ese adxectivo ou quizais relativo a un apelido *Frías*, de orixe castelá pero presente en Bouzas e no Val de Fragoso desde polo menos o século XVII; repítese no topónimo *A Presa da Fría* (→). No segundo, se contén o substantivo común *esteiro* (< lat. AESTUARIUM) 'estuario', só se explicaría o topónimo a partir dun uso de *Esteiro* como sobrenome ou apelido de propietario; con todo, tamén podería ter outra orixe, talvez un derivado de *esteo* (< lat. STĬLUM 'estaca') 'piar de pedra estreito, coma os empregados para soster a viñas'.

A documentación histórica menciona na parroquia os topónimos **O Casal das Canas** (→ Cana), próximo á Mó, **O Casal da Tapia** (→ Tapia), en Ribelas, **O Casal da Pedra Furada** (→ Pedra), en territorio situado hoxe no interior da Zona Franca, e outros dous *casais* cualificados como «labradío» mais de localización imprecisa: **Casal do Cruceiro** (→ Cruz) e **Casal do Tombo**. Este último, co substantivo *tombo* (< lat. TUMŬLUM 'elevación do terreo'), quizais nas proximidades da zona chamada *O Tombo da Mó*, xa na parroquia de Valadares.

## ▶ Cascallo

### A Cascalleira

*Cascallo* é un nome común en galego que o dicionario define como «conxunto de fragmentos miúdos de pedra, como os que se usan na construción de pavimentos» e considera sinónimo de *grava*, *grixo*, *pedregullo*, *pedrullo*. É un derivado do verbo *cascar* 'romper, escachar', común a todas as linguas peninsulares, que se supón procedente dun latín vulgar *QUASSICARE, formado a partir do clásico QUASSARE 'sacudir, bater'. Un derivado *cascalleira*, ademais de colectivo de *cascallo*, tamén se usou para denominar unha clase de terra agrícola, probablemente a que creba ou escacha cando perde a humidade. No século XVIII, o Padre Sarmiento recolle ese uso en Ponteveda: «a la tierra ligera llaman en Pontevedra *terra cascalleira*» (*Catálogo de Voces y Frases Gallegas*, 1745-1755, en DdD s. v. *cascalleira*).

Os topónimos relacionados con *cascallo* son relativamente comúns. Ben sexa aplicados a lugares onde abunda a pedra miúda, ben referidos á mencionada clase de terra, no portal Galicia Nomeada recóllense preto de 200 nomes de lugar desta familia léxica, coas formas *Cascallo*, *Cascalla*, *Cascallar*, *Cascallal*, *Cascalleira*. Este último é o derivado máis frecuente (102 topónimos), tamén presente no Nomenclátor de Galicia no nome de dous núcleos de poboación, nos concellos pontevedreses de Vila de Cruces e de Oia. Na toponimia de Matamá témolo no nome dunhas terras preto do Outeiro da Mó chamadas **A Cascalleira**, cun nome alternativo *O Abanico* (→). No Catastro de Ensenada recóllese unha variante *Casquilleira*, con <i> na segunda sílaba: «ferrado de monte de primera calidad al sitio de Casquilleira», con alteración da vogal átona <a> en <i> ao estar en contacto con consoante palatal, o mesmo fenómeno fonético que alterou *castañeiro* en *castiñeiro*.

## ▶ Castaña

**O Castañal**
**O Castaño**
**A Castiñeira**
**A Leira dos Castiñeiros**

Antes da difusión do cultivo da pataca, que non se consolidou ata a segunda metade do século XVIII e nalgunhas áreas ata comezos do XIX, as castañas constituían en Galicia un elemento primordial na alimentación humana e na economía rural tradicional. Na parroquia de Matamá, ademais dos topónimos derivados de *souto* (→), temos varios relativos á *castaña* (< latín CASTANĔAM) e á árbore que a produce.

**O Castañal** é unha pequena zona ao leste de San Amaro e ao sur da Igrexa. O topónimo contén un derivado mediante o sufixo correspondente ao latín -ALE e en orixe referiríase á presenza de castiñeiros no lugar. No século XVIII, as terras deste nome son cualificadas como monte de terceira e parra de terceira no Catastro de Ensenada. Noutros rexistros históricos o sitio vén denominado como *Viña do Castañal*. Un topónimo idéntico, **O Castañal**, dá nome a unhas terras con vivendas en Vilar, ao sur da Fonte da Balsa.

**O Castaño** é o nome duns campos na Balsa. Quizais se refire a unha árbore, coa denominación propia do castelán en vez de *castiñeiro*, mais non podemos descartar que conteña un sobrenome ou apelido formado polo nome da cor. Na documentación histórica da parroquia rexístrase un topónimo paralelo *O Castaño da Cavadiña*, que Marcos Alonso supón situado ao leste do Monte do Castro, en Beirán (*Matamá II*, 293).

**A Castiñeira** é nome dunha zona de campos e arboredo ao sur de Campos, ao oeste da Costa da Cavada, tamén chamada *Ribeliñas* (*Matamá II*, 302), e repítese o mesmo topónimo **A Castiñeira** como denominación dunha pequena área con algunha vivenda ao sur de Balvís. O feminino *castiñeira* debeu ter en orixe valor colectivo, 'sitio con castiñeiros', como sucede noutros casos en que o nome da árbore é un masculino en *-eiro* (cf. *salgueira* / *salgueiro*).

Na documentación histórica menciónase unha propiedade en Beirán chamada **A Leira dos Castiñeiros.**

## ► Castellano, castellana

**As Castellanas**

**As Castellanas** é o nome dunha pequena zona de campos con algunha vivenda ao oeste da Barxa. O topónimo débese probablemente

ao sobrenome da familia propietaria ou usuaria, formado co xentilicio castelán relativo a Castela, pois *A Castellana* figura na relación de alcumes da parroquia (*Matamá II*, 309).

### ► Castro

**O Castro**
**O Cocho do Castro**
**A Cruz do Castro**
**O Monte do Castro**
**O Castro de Beirán**

O termo *castro* (< latín CASTRUM) é o nome común con que se coñecen os asentamentos de poboación prehistóricos da chamada cultura castrexa, inmediatamente anterior á romanización, polo regular situados nunha elevación amurallada. Coa característica dispersión da poboación en pequenos núcleos autosuficientes que remonta aos tempos máis remotos, a cultura dos castros deixou unha vastísima pegada na toponimia, con centos de lugares que reciben o nome de *castro* ou derivados e compostos. No Nomenclátor de Galicia, está presente no nome de 421 localidades.

En Matamá tense constancia de dous castros. Un deles corresponde ao núcleo ou barrio chamado **O Castro**, entre O Roupeiro, Parada e Ribelas. Aínda que a arqueoloxía confirma que foi un lugar habitado na prehistoria, no século XVIII estaba deshabitado, segundo vemos no Catastro de Ensenada, que cualifica as propiedades situadas «al sitio del Castro» como parra de terceira e devesa de primeira. Rehabitado no século XIX, constitúe un dos *novos barrios* consolidados ao longo dese século, que só se incorporou como entidade de poboación aos nomenclátores oficiais a partir do de 1930. Os vestixios arqueolóxicos permiten recoñecer sobre o chamado **O Monte do Castro** un castro de pequenas dimensións mais que dominaba unha área moi extensa (*Matamá I*, 55).

Outro topónimo idéntico, **O Monte do Castro**, dá nome a unha área de monte ao sur da parroquia, en Beirán, no linde con Valadares, e corresponde ao segundo asentamento castrexo do territorio parroquial. Tamén é coñecido como **O Castro de Beirán** (*Matamá I*, 53). A el refí-

rese o segundo elemento do topónimo **O Cocho do Castro** (→ Cocho). Un **marco do Castro** no linde con Valadares, mencionado na demarcación de Matamá do Catastro de Ensenada e noutras fontes históricas, desapareceu coa construción da autovía VG-20 (*Matamá I*, 29-30).

## ► Cavada

**A Cavada**
**A Cavadiña**
**A Costa da Cavada**
**A Fonte da Cavadiña**
**O Lavadouro da Cavadiña**
**O Cavadón Redondo**
**Os Cavadóns de Abaixo**
**Os Cavadóns de Riba**

O substantivo *cavada*, que corresponde ao participio do verbo *cavar* (< latín CAVARE), na toponimia vén sendo equivalente de *roza*, *rotea* ou *arrotea*, *vesada*, *cachada* (→) e outros nomes aplicados a terras bravas ou de monte que se labran para cultivalas. Moitos destes nomes poden remontar á Idade Media, e outros equivalentes como *seara* ou *senra* son herdanza do substrato céltico prelatino, mais a maior parte dos formados con *cavada* na zona deberon nacer en data relativamente tardía, a partir do século XVI, coa expansión do cultivo do millo.

En Matamá temos unha forma simple, **A Cavada**, para a zona por onde discorre a estrada chamada **A Costa da Cavada**, entre Ribelas e Alvite, e nela un pequeno núcleo de vivendas, igualmente chamado **A Cavada**. Este só se incorporou aos nomenclátores oficiais como unha das entidades de poboación da parroquia de Matamá a finais do século XX, mais a mediados do século XVIII, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada, xa era un lugar habitado, daquela constituído por unha soa casa (*Matamá I*, 101), sen dúbida a que motivou o topónimo **O Lugar da Cavada**, co significado tradicional de *lugar* (→) no Val de Fragoso. O núcleo da Devesa, moi próximo, menciónase con frecuencia co composto **A Devesa da Cavada**, que tamén foi o nome da antiga devesa real alí situada (*Matamá I*, 113).

Un diminutivo **A Cavadiña** nomea os campos situados ao leste do Monte do Castro de Beirán, onde se encontran tamén **A Fonte da Cavadiña** e **O Lavadouro da Cavadiña**. Posiblemente se situaba preto destes unha propiedade chamada *O Castaño da Cavadiña* (→ Castaña) que se rexistra na documentación histórica da parroquia.

Un derivado de *cavada* co sufixo *-ón*, aquí talvez con valor aumentativo, é *cavadón*, que se repite na toponimia doutras parroquias do Val de Fragoso e ten presenza en Matamá nos topónimos **O Cavadón Redondo**, **Os Cavadóns de Abaixo** e **Os Cavadóns de Arriba**, nomes de terras ao norte da Devesa Real, hoxe nas marxes da autovía VG-20.

## ► Cebola → Horta (das Cebolas)

## ► Cela

**A Cela**
**As Touráns da Cela**
**As Xaídes da Cela**

Na súa cartografía de Matamá, Marcos Alonso sitúa no extremo noroeste do territorio parroquial, dentro da Zona Franca e á beira do linde con Coia, na proximidade das Touráns (→) e das Xaídes (→), tres topónimos que figuran na documentación histórica: **A Cela**, **As Touráns da Cela** e **As Xaídes da Cela**. Non podemos ter certeza de que conteña o substantivo común *cela* (< CELLAM), acaso relativo a un eremitorio altomedieval, pois podería ser tamén *Sela* (< SALELLAM) diminutivo do xermanismo *Sá*, *Saa* (< gótico SALAM), presente na toponimia da zona, cunha alteración da consoante inicial por considerala efecto do seseo (como en *Chouzo* por *Chouso*). Non sobreviviron estes topónimos ata a actualidade, nunha paisaxe profundamente transformada pola creación da área industrial.

## ► Cepo → Canizo do Cepo

## ► Cerca

**A Cerca / A Leira da Cerca**
**O Cercado / O Cercado do Río**
**A Presa do Cercado**
**O Muíño do Cercado**

O substantivo común *cerca* (< latín CIRCAM) 'sebe, muro, valado, pechamento dunha propiedade', aparece no topónimo **A Cerca** ou **A Leira da Cerca**, nome duns campos no Roupeiro.

*Cercado*, en orixe o participio do verbo *cercar* 'cerrar cunha cerca' ten uso como substantivo co mesmo significado de *cerca*. En Matamá, **O Cercado** é o nome dunha área ao sur de Sisón, coñecida tamén como **O Cercado do Río**. Deste nome toman o seu **A Presa do Cercado** e mais **O Muíño do Cercado**. Nesta zona apareceron recentemente diversos materiais arqueolóxicos que proban a actividade humana desde tempos moi remotos (*Matamá I*, 41-42).

Aínda que non podemos descartar por completo a posibilidade de que un topónimo *A Cerqueira* teña relación con estes e con *cerca*, é máis verosímil que se refira á caste de carballos chamados *cerquiños* ou *cerqueiros* (→ Carballo).

## ► Cereixa

**A Cereixeira**
**A Cereixeira de Abaixo**
**A Cereixeira de Riba**

O nome tradicional galego máis común para designar a árbore que dá as cereixas é *cerdeira*, continuador do latín CERSARIAM. Segue a ser o termo habitual na maior parte de Galicia, aínda que nalgunhas áreas *cerdeira* se viu substituído por un novo nome creado por derivación a partir do nome da froita (*cereixa* < lat. CERASIAM): *cereixeira*. O mesmo aconteceu no portugués. Hoxe *cereixeira* é o termo usual no galego do Val de Fragoso, mais a toponimia testemuña que *cerdeira* foi usado no pasado. O portal Galicia Nomeada recolle uns trinta topónimos coa secuencia *cerdeir-* no termo municipal de Vigo.

No «Apeo de los bienes que trae en Matamaa Pedro Costas», do ano 1591, recollido nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra, menciónase explicitamente as *cerdeiras* (co nome galego): «un pumar con su huerta de laranxos y limoheiros e muchas árvoles de çerdeiras e maçeiras y otras árvoles de frutas». Seguramente daquela xa convivían na fala as denominacións *cerdeira* e *cereixeira*, pois no século seguinte xa encontramos a segunda consolidada como topónimo nunhas *heredades de Juan d'Outeiro que se llaman da Cereixeira*, quizais correspondentes ás actuais **A Cereixeira de Arriba** ou **de Riba** e **A Cereixeira de Abaixo**, ao leste do núcleo de Beirán. Na mesma zona sitúa Marcos Alonso un topónimo *Leira do Carreiro da Cereixeira*, que tamén se menciona na documentación histórica. **A Cereixeira** é, ademais, o nome dunhas terras na Cavada, ao oeste da Costa da Cavada. Un terceiro topónimo idéntico, **A Cereixeira**, denomina unha pequena zona de campos e arboredo ao norte da Mó, ao sur da Viragaia.



### ► Cerqueira, cerquiño → Carballo

### ► Chamor

**O Chamor**
**As Altas do Chamor**
**As Baixas do Chamor**

Unha zona con algunhas vivendas ao leste da Revolta é coñecida como **O Chamor**, onde se distinguen dúas áreas con adxectivos substantivados que se refiren ás respectivas alturas do relevo: **As Altas do Chamor** e **As Baixas do Chamor**.

Aparentemente conteñen un substantivo *chamor* (< latín CLAMOREM), ben documentado na lingua medieval e que sobreviu no galego co significado de 'rogativa', segundo consta nos dicionarios, e tamén no portugués («Chamor. Procissão, por votos antigos, quasi sempre de freguesia para freguesia», no *Dicionário* de Figueiredo). Esa acepción puido motivar o seu uso como topónimo aplicado a lugares onde se realizaba algún rito relixioso, como no chamado *Monte Chamor* en Silleda, escenario de procesións e rogativas. Na toponimia galega non é doado distinguir os topónimos *Chamor* cos relacionados con *Chamorro*, igualmente presente en nomes de lugar, e de orixe e significado controvertidos, pois é frecuente a confusión entre uns e outros (*O Chamorro*, en Coia, figura no Catastro de Ensenada como *Chamor*, e Iván Sestay considera, no seu estudo da toponimia de Coia, que nese caso *Chamor* é unha simple variante de *Chamorro* con perda da vogal final).

No século XVIII, o Padre Sarmiento suxería a mesma etimoloxía de *chamor*, o latín CLAMOREM, para os diferentes *Chamorro* galegos. Outros autores identifican estes últimos cun adxectivo e substantivo *chamorro*, presente tamén en castelán, que significa 'coa cabeza pelada, calvo', de orixe incerta, probablemente prerromana ou relacionada co éuscaro, segundo Corominas e o DRAE. No século XV, en Castela e en Aragón usouse *chamorro* como sinónimo festivo de *portugués*, porque os varóns en Portugal adoptaran a moda de rapar a cabeza cando noutras áreas da Península aínda levaban o cabelo longo. O significado relativo á cabeza rapada ou á condición de portugués puido ser o que motivou o seu uso como sobrenome e logo apelido, documentado en Galicia desde a Idade Media (por exemplo, un *Afonso Fernandes Chamorro* en Ferreira de Pantón, do ano 1403, que vemos no TMILG).

Segundo Cabeza Quiles e outros autores, a partir dun significado 'cabeza pelada', *chamorro* puido aplicarse como nome a calquera formación pétrea ou accidente do relevo que puidese lembrar esa imaxe. Iván Sestay comenta o topónimo *O Chamorro* de Coia explicando que designou en orixe «un cón redondeado». No santuario ferrolán da Virxe de Chamorro, a entrada da ermida alberga unha enorme pedra esférica.

Non sabemos se a paisaxe de Matamá ten na zona coñecida como *O Chamor* algunha formación pétrea singular que puidese suscitar un topónimo *chamorro* (puido habela e ter desaparecido, como tantas *mós* e pedras singulares caídas baixo o pico dos monteiros) ou se talvez

existiu alí no pasado algunha clase de *via crucis* ou espazo semellante. Con todo, dado que non se rexistra en Matamá ningún *Chamor* (nin *Chamorro*) no Catastro de Ensenada, parece que o topónimo puido nacer despois de mediados do século XVIII, o que fai máis verosímil a posibilidade de que aquí *Chamor* sexa unha variante dun sobrenome de propietario *Chamorro*. É significativo que en Galicia os portadores do apelido *Chamorro*, aínda que distribuídos por todo o territorio, como adoita acontecer cos apelidos baseados en sobrenomes, rexistran a maior densidade nos concellos situados ao sur da ría de Vigo.

### ► Chan

**A Chan da Eira**
**A Chan da Mó**
**A Chan da Rúa**
**A Chan dos Pousos**

En toda a área suroccidental galega é común na toponimia un feminino *chan* para denominar espazos planos de maior ou menor extensión situados nunha pendente, no alto do monte ou rodeados de relevo máis accidentado. É continuación do latín PLANAM 'chá', co resultado propio do galego occidental, que non diferencia masculino e feminino nos derivados en *-án*. Aínda que nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra se menciona en Matamá un *Tallo do Chan* en 1620 (PARES, AHN Clero L. 20186), parece tratarse dun erro por *da Chan*, pois o resto da documentación só rexistra na toponimia da parroquia a forma feminina.

A zona de campos de labor que se encontra entre o núcleo da Mó e a masa forestal situada ao seu leste recibe as denominacións alternativas de **A Chan da Mó**, **A Chan da Eira** e mais A Eira da Mó. No oeste da parroquia, unha pequena chaira de campos cultivados e alguna vivenda ao norte da Balsa e ao sur de Ribás coñécese como **A Chan da Rúa**. Neste último, aínda que o feminino *da rúa* parece referirse á súa situación á beira dun dos antigos camiños a Santo André de Comesaña, non podemos descartar que conteña un apelido (cf. *O Serradouro do Rúa*, na Mó). **A Chan dos Pousos**, próxima á autovía VG-20, toma o seu nome da área onde se encontra, denominada *Os Pousos* (→), que foi parte da antiga devesa real da Barxa.

A documentación histórica relativa á parroquia recolle outros topónimos co substantivo feminino *chan* que non sobreviviron na actualidade: *A Chan da Carapucha* (→), *A Chan da Pereira*, *A Chan das Pedras* e *A Chan de Abaixo* (denominación alternativa de *A Fonte de Balvís*).

## ▶ Chousa, chouso

**A Chousa**
**O Chouso**

*Chousa* e *chouso* son o resultado galego do latín CLAUSAM, CLAUSUM, participio do verbo latino *claudere* 'cerrar'. Na toponimia aplícanse estas denominacións a propiedades cercadas ou pechadas. Nalgunhas zonas de Galicia, *chousa* é a denominación habitual para o que no Val de Fragoso se denominan *tomadas* (→). A documentación histórica da parroquia recolle un topónimo feminino **A Chousa** aparentemente desaparecido hoxe, e tamén un masculino **O Chouzo**, cunha grafía debida a considerar o <s> efecto do seseo, como acontece co topónimo *O Chouzo* de Coia, hoxe un topónimo urbano.

## ▶ Cima

**O Pazo de Cima**
**A Quinta do Pazo de Cima**
**O Campo da Sima / da Cima**

*Cima* (do latín CYMA, tomado do grego) en orixe significaba 'inchazón' e 'rebento ou talo novo dalgunhas plantas' mais pasou a usarse para designar o extremo superior ou máis alto de calquera realidade. Na toponimia, o complemento *de Cima* vén equivalendo a *de Riba* ou *de Arriba*. Así acontece en Matamá co nome do núcleo de poboación do Pazo, en ocasións denominado **O Pazo de Arriba** ou **O Pazo de Cima** para diferencialo do Pazo de Abaixo, situado en Parada.

A documentación histórica da parroquia recolle na zona de Beirán un topónimo *Campo da Sima*. Interpretamos que pode ser **O Campo da Cima** cunha grafía que reproduce o seseo da fala local.

## ▶ Coca

### A Coca

A documentación histórica de Matamá menciona unha propiedade denominada **A Coca** que Marcos Alonso supón situada ao noroeste da Mó, á beira do Cocho do Gapito (*Matamá I*, 294). No portal Galicia Nomeada rexístrase unha ducia de microtopónimos que conteñen este substantivo, mais poden responder a motivacións moi diferentes. Nalgúns deles parece que está o significado de *coca* como sinónimo de *bugallo* 'excrecencia dos carballos', usado en sentido figurado e aplicado a penedos ou outras formacións pétreas máis ou menos esféricas que poidan lembrar un bugallo, igual que tamén se usa *coca* como equivalente de 'cachola', denominación cómica da cabeza. Estes significados son continuación do latín *coccu* 'baga, froitiña esférica dalgúns vexetais', mais quizais teñen orixe distinta, probablemente prerromana, outras acepcións de *coca* como zoónimo ('verme', 'lombriga', 'miñoca', 'bicho, becho'), que emparentan o termo con *coco* ou *cocón* 'ser fantástico con que se asusta as criaturas' ou *coca* 'monstro que se saca en procesión nalgunhas festividades e que se considera representación do demo', coma as célebres do Corpus de Redondela ou o San Roque de Betanzos. De aí podería aplicarse tamén o nome de *coca* a un penedo de aspecto zoomorfo ou un petróglifo cunha figura que evocase un dragón, ou mesmo unha escultura que represente un deses seres, como sucede coa chamada *Fonte da Coca* do pazo de Ribadulla.

Estas acepcións de *coca* suscitaron tamén o emprego dun alcume ou sobrenome (que se rexistra xa na Idade Media, coma nun *Juan Pérez dicto Coca* do ano 1271 en Vilar de Donas) moi probablemente aplicado a unha persoa polo seu aspecto físico, motivación que parece corroborar a fraseoloxía coa expresión galega «feo coma a Coca». Dado que *Coca* existe tamén como apelido na zona (o escritor vigués Luís Taboada apelidábase *Taboada Coca*) e que na relación de alcumes e sobrenomes de Matamá tamén consta *A Coca* (*Matamá II*, 309), é verosímil que o topónimo veña motivado polo sobrenome ou polo apelido dos propietarios.

## ► Cocho

**O Cocho**
**Os Cochos**
**Os Cochelos**
**O Cochiño**
**O Cocho da Eira**
**O Cocho da Fonte**
**O Cocho da Lagarella**
**O Cocho da Mó**
**O Cocho de Fóra**
**O Cocho do Gapito**
**O Cocho de Herdeme**
**O Cocho de San Pedro**
**O Cocho de Suaigrexa**
**O Cocho de Vilar**
**O Cocho da do Pedro**
**O Cocho da Palerma das Touráns**
**A Tomada do Cocho da do Pedro**
**O Cocho do Castro**
**A Presa do Cocho**
**A Presa dos Cochelos**

O substantivo *cocho* 'horta', 'cultivo de hortalizas' é característico da Galicia suroccidental e ten especial presenza na toponimia do Val de Fragoso. Considérase relacionado co verbo *acochar* 'abrigar, resgardar' e polo regular designa pequenas parcelas cultivadas, as máis das veces cando non se accede directamente desde unha vía pública, senón por un camiño de servidume. A forma simple está presente nun singular **O Cocho**, na Mó (onde motiva o nome da presa chamada **A Presa do Cocho**), outro **O Cocho** en Beirán, dous plurais **Os Cochos**, un na Mó de Arriba e outro en Ribás, un derivado diminutivo **O Cochiño** (ou *A Viña do Cochiño*) en Beirán e un plural do tamén diminutivo **Os Cochelos**, ao sur da Mó, onde se sitúa **A Presa dos Cochelos**. Este *Cochelos* ha de ser un topónimo con séculos de existencia, pois o sufixo diminutivo *-elo*, *-ela* xa perdera rendemento na época medieval, substituído por *-iño*, *-iña*.

O actual **Os Cochos**, na Mó, podería ser o mesmo lugar que aparece como *Os Cochos das Viñas* en 1620 e noutras datas posteriores nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra.

Máis frecuentes son os topónimos compostos con este substantivo seguido dun segundo elemento, normalmente precedido da preposición: **O Cocho da Eira**, **O Cocho do Castro** e **O Cocho da Fonte** (en Beirán), **O Cocho da Lagarella** e outro **O Cocho da Fonte** (na Lagarella), **O Cocho de Fóra** (en Ribás), **O Cocho da Mó**, **O Cocho do Gapito** (na Mó), **O Cocho de Suaigrexa**, **O Cocho de San Pedro** e mais **O Cocho de Herdeme** (na Igrexa ou entre A Igrexa e Parada), **O Cocho de Vilar** (en Vilar) e **O Cocho do Pazo** (entre Balvís e o Pazo).

Un composto con adxectivo, que ha de referirse á forma alongada da propiedade, é **O Cocho Longo**, en Ribás.

*Gapito* é unha variante do nome persoal *Agapito* (→ A Costa do Gapito). Descoñecemos o que pode ser *Herdeme*, que ten aparencia de resultado do xenitivo dun antigo nome persoal.

A documentación histórica recolle outros topónimos formados con este mesmo substantivo, algún deles incluídos por Marcos Alonso no mapa parroquial, cunha localización aproximada deducida do propio nome ou das fontes escritas. Son os seguintes: **O Cocho das Canas**, **O Cocho da Horta** e **O Cocho de Lourenzo** (na Mó), **O Cocho de Ruibás** (en Ribás), **O Cocho do Pereiriño** (no Pereiro), **O Cocho do Limoeiro** (na Cavada), **O Cocho de Lougarés** (→) entre a Igrexa e Ribelas, **O Cocho da Palerma das Touráns** (→), hoxe no interior da Zona Franca, **O Cocho do Pombal** (→), en Beirán, **O Cocho do Piñeiro** (→) e **O Cocho da Besta**, este de localización descoñecida, co substantivo común *besta*, seguramente co significado de 'egua, femia do cabalo', acaso porque nalgún tempo pacía nese cocho un destes animais; no caso de que fose o mesmo que se rexistra noutras fontes escritas como *O Rabo da Besta*, a motivación sería seguramente a forma da propiedade (→ Rabo).

Tamén descoñecemos a localización dunhas propiedades denominadas **O Cocho do Pedro** ou **O Cocho da do Pedro**, mencionadas na documentación, e onda elas **A Tomada do Cocho da do Pedro**, en ocasións rexistradas simplemente como *A do Pedro* (*Matamá II*, 289).

## ► Codeso

### O Codesal / A Viña do Codesal
### Os Codesales

*Codeso* é o nome usual en galego, castelán e portugués (*codesso*) de varias especies de plantas papilionáceas semellantes ás xestas. Os máis de mil topónimos coa raíz *Codes-* que recolle o portal Galicia Nomeada son mostra da súa abundancia na flora de Galicia, manifestada na toponimia. *Codeso* procede do latín vulgar *cutisus*, adaptación do grego *cytisos*.

Unha área de campos de labor entre Balvís e o Pazo denominada *O Cocho do Pazo* tamén se coñece como **Os Codesales**. É un plural de creación relativamente recente, de morfoloxía castelanizante, como evidencia a terminación *-ales*, pois se fose tradicional esperariamos *Codesás*, conforme a dialectoloxía da zona (cf. *Ameal/Ameás*, *Carballal/Carballás*…), formado a partir dun singular previo. E, en efecto, no século XVII aparece en singular como **O Codesal** e **Campo do Codesal** nos foros de San Domingos de Pontevedra, e tamén consta en singular (sitio de *Codesal*) no Catastro de Ensenada (1753, 1761), onde as propiedades dese nome se cualifican como labradío de secaño de primeira e terceira calidade e labradío de regadío de segunda.

A documentación histórica menciona outro topónimo idéntico **O Codesal** en Ribás, onde dá nome a unha propiedade adquirida por San Domingos de Pontevedra no ano 1677, probablemente a mesma que noutras ocasións consta como **A Viña do Codesal**, mais aparentemente non sobreviviu ata hoxe este topónimo.


Casas terreñas en balbis y codesal y canpo do codesal y mas vs^as que andan
en foro Ab^o dabila y q s^e Rta-15-fen^os de tr^o-y,6 deçenteno = balen
mas Rta-f-208=k=

*O Codesal* e o *Campo do Codesal* en apeos e foros de San Domingos de Pontevedra (1620-1638, 1653)



«Ansí mesmo diçe que trae e posee un cocho de eredad que se llama **do codesal** que llieva en senbradura quatro ferrados de pan poco mas o menos, segun parte e se demarca con el **camino púlico que va de viade para la yglesia de san pedro de matamá** e parte ansí mesmo con el canpo de **afonso do salgueyro** que se llama el **campo de balbís»**

## ▶ Coello

### *A do Coello*

Unha zona situada ao leste das vivendas do Roupeiro é coñecida como **A do Coello**, coa fórmula «A de» habitual na microtoponimia da zona (→). Contén o zoónimo común *coello* (< latín CUNICŬLUM), aquí seguramente a partir dun uso antroponímico, como sobrenome ou apelido de propietario, pois *O Coello* consta entre os alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 309).

## ▶ Colondro

### O Colondreiro

**O Colondreiro** é o nome dunha parte dos campos denominados *As Regadas* (propiamente, entre as *Regadas de Arriba* e as *Regadas de Abaixo*), ao norte de Ribás, preto da Zona Franca. O Padre Sarmiento explicaba no século XVIII os termos galegos *colondreiro* e *colondro* do seguinte xeito: «En Tui, peral y peras de invierno» (DdD s. v. *colondro*). É verosímil que o topónimo responda á presenza na zona dunha pereira

desa caste de peras e que o termo tivese en Matamá no século XVIII o mesmo significado mencionado por Sarmiento, pois xa se rexistra este topónimo no Catastro de Ensenada («sitio de Colondreiro»).

*Colondro* é o substantivo común en portugués e outras áreas occidentais da península que designa certos cabazos de pequeno tamaño. Corominas supono relacionado cun prerromano *colodra* 'cabazo', 'recipiente' (atestado en latín medieval como *colotra* no ano 1060, en Sahagún) con interferencia de *cogombro* (< lat. CUCUMĔRUM). É verosímil que o nome das peras de inverno chamadas *colondros* lles veña pola semellanza con esas cucurbitáceas, acaso pola entalladura central da súa forma cilíndrica. Non podemos descartar, con todo, que fose un cultivo desa caste de cabazos e non unha pereira o que motivou o topónimo.

## ▶ Comesaña → Campo dos Comesañas, O

## ▶ Cordo → Calvario dos Cordos, O

## ▶ Corte

**A Cortella**
**A Cortiña das Regadas**
**As Cortiñas**

*Corte* é o termo común en galego para denominar a estancia onde dorme o gando. Tanto esa acepción coma outras de significado moi distante, como 'cámara lexislativa ou xudicial', 'residencia do rei ou soberano e do seu acompañamento e séquito' etc., proceden do latín vulgar CORTEM, clásico *cohortem* (*cohors, cohortis*), que en orixe significaba 'recinto pechado'.

*Cortella* é un diminutivo feminino correspondente a un latín CORTICŬLAM, e designaría unha corte máis pequena ou inferior ás habituais. Polas fontes históricas sabemos que boa parte das casas da parroquia de Matamá no século XVIII contaba con cortes anexas para o gando, habitualmente con cuberta vexetal de colmo, feita de palla ou

xunco, o mesmo ca moitas das propias vivendas, pois só unha parte destas eran *telladas*.

**A Cortella** é o nome dunha pequena área no Roupeiro, ao sur do Lugar de don Pedro e ao noroeste da Camoesa. Nalgúns casos, no alto dos montes ou en sitios afastados da poboación, os topónimos que conteñen os substantivos *corte*, *cortello* e *cortella* tamén poden referirse a arcas ou vestixios megalíticos, pero non é o caso deste topónimo do Roupeiro, que pola proximidade ás vivendas fai considerar máis verosímil que se refira a unha construción destinada ao gando.

Un plural **As Cortellas** denominaba unha zona de arboredo e prados ao sur do campo de fútbol do Penedo da Mó, zona hoxe atravesada pola autovía VG-20, na estrema con Valadares, e xa pertencente a esta parroquia.

*Cortello*, *Cortella* e os respectivos plurais teñen presenza relativamente frecuente na toponimia galega; o portal Galicia Nomeada recolle preto de 600 topónimos con eses nomes.

Aínda que tamén é derivado de *corte*, o substantivo común *cortiña*, moi común na microtoponimia (a plataforma Galicia Nomeada recolle máis de 7000 topónimos formados con *cortiña*) adquiriu un significado específico moi diferente, pois polo regular se aplica a un terreo cercado, próximo ás vivendas, con cultivos de hortaliza, cun significado próximo ao de *horta* ou *cocho*. Está presente en Matamá nos topónimos **As Cortiñas**, ao oeste da Barxa, e **A Cortiña das Regadas**, en Ribás, onda a estrema con Santo André de Comesaña ao norte do Outeiro da Forca. Este último idéntificao Marcos Alonso co que consta na documentación histórica como *A Cortiña* ou *A Viña da Cortiña*. Nesa documentación tamén se rexistran en Matamá outros topónimos semellantes, como *As Cortiñas do Pazo*, no Pazo, ou *A Cortiña de Abaixo*, en Balvís.

## ► Cortizo

**Os Cortizos**

En galego, *cortiza* (< latín CORTICĔAM, derivado de *cortex*) é a denominación da árbore tamén chamada *sobreira* ou *corticeira* e do produto obtido da súa casca, en tanto que o masculino *cortizo* formado a partir dese nome designa comunmente un trobo ou colmea para as abellas,

tradicionalmente feitos de cortiza. Deste xeito podemos considerar topónimos relativos á apicultura **Os Cortizos**, nome de dúas áreas en Matamá, unha en Vilar e outra en Balvís.

A xulgar pola información contida no portal Galicia Nomeada, o termo *cortizo* semella característico da toponimia da Galicia occidental e meridional para denominar as colmeas; noutras áreas predomina *colmea*, non sendo no norte e no oriente de Lugo, onde o habitual é *trobo*.

Dado o emprego histórico de *Cortizo* como sobrenome, non podemos descartar a posibilidade de que algúns topónimos *Os Cortizos* conteñan un alcume ou apelido de propietario.

## ► Coruxo, Coruxeira

**As Coruxeiras**
**A Curucha / A Curuxa / A Coruxa**

Na toponimia galega son relativamente frecuentes os nomes *A Curuxeira* ou *A Coruxeira* e os seus plurais. A plataforma Galicia Nomeada recolle máis dun cento de topónimos con esas formas, repartidos por todo o territorio. Nos máis dos casos conteñen un derivado do ornitónimo *curuxa*, nome de orixe prerromana, posiblemente onomatopeico, ben porque designan lugares caracterizados pola presenza desas aves nocturnas, ben en sentido metafórico, especialmente aplicado a sitios habitados situados no alto, en lugares de acceso difícil ou semiocultos entre a orografía e a vexetación, coma o hábitat característico desas aves. No Val de Fragoso pode confundirse doadamente con estes topónimos un xentilicio popular *coruxeiro*, *coruxeira*, aplicado aos habitantes da parroquia de Coruxo.

En Matamá coñécese como **As Coruxeiras** unha pequena área de campos de labor con algunha vivenda ao norte da Mó. A orografía da área non parece concordar cos espazos onde adoitan vivir curuxas, de xeito que parece máis verosímil que esteamos ante un topónimo motivado polo sobrenome do propietario, alguén orixinario ou veciño de Coruxo. *Coruxo* é un topónimo de orixe prerromana, posiblemente relativo á condición pedregosa do lugar.

A documentación menciona un topónimo **A Curucha** como nome dunha área de monte e arboredo na Balsa, ao oeste da zona denomina-

da A Maesa, na estrema da parroquia coa de Santo André de Comesaña preto da autovía VG-20. Descoñecemos a orixe e o significado deste topónimo. En *Matamá II* (p. 295) dáse como denominación alternativa **A Curuxa**, e nese caso estariamos ante un topónimo formado polo nome da ave nocturna, aínda que tamén parece verosímil aquí un feminino formado a partir do nome da parroquia de Coruxo (cf. *A Alboresa* 'a de Alborés' etc.).

### ► Costa

**A Costa da Cavada**
**A Costa da Mariñeira**
**A Costa da Ofelia**
**A Costa da Quinta**
**A Costa do Gapito**
**A Costa do Río**
**A Costiña das Maceiras**
**As Costeiras**
**A Presa das Costeiras**

O nome común *costa* (< lat. CŎSTAM) que orixinariamente se aplicaba ao lombo ('as costas'), tanto o humano coma o dos animais, pasou a designar unha pendente ou calquera lugar situado nun plano inclinado, na toponimia polo regular en topónimos viarios, isto é, relativos ás vías de comunicación, pois en xeral o topónimo xenérico *costa* adoita aplicarse a treitos de camiños ou vías públicas.

Na toponimia de Matamá temos **A Costa da Cavada** (→) como nome da vía que comunica Ribelas e Alvite. No Pereiro, ou entre o Pereiro e a Balsa, tres camiños en pendente reciben os nomes de **A Costa da Mariñeira**, **A Costa da Ofelia** e **A Costa do Gapito**. Os tres conteñen nomes persoais de propietario. *Mariñeira* consta na relación de sobrenomes da parroquia (*Matamá II*, 310). O antropónimo feminino *Ofelia* deriva do grego *ophelos* 'benéfico, servizal' e forma parte do santoral católico tradicional, vinculado a unha mártir do século III. No censo español actual, *Ofelia* é nome característico do noroeste; fóra de Galicia e Asturias, as áreas onde hai máis persoas con ese nome, só ten presenza significativa nas illas Canarias. *Gapito* é forma abreviada do nome persoal *Agapito*,

procedente do grego *agapētós* ‘amable, amado’, vinculado no santoral católico a un mártir do século III e ao papa santo Agapito, do século VI. Repítese este nome no *Cocho do Gapito*, na Mó. Descoñecemos quen foi a persoa que deixou pegada do seu nome nestes topónimos, talvez algún dos Agapito documentados en Matamá no século XIX, entre eles o presbítero Juan Agapito Alonso Rivera (*Matamá I*, 254) e Juan Manuel Agapito Abreu, emigrante no Uruguai (*Matamá II*, 219), ambos vinculados polos apelidos a estirpes notables da parroquia (Afonso/Alonso, Ribeira/Rivera, Abreu). Aínda que non é nome moi común, pode dicirse que *Agapito* contou con certa tradición na onomástica de Matamá. Na acta da Sesión da Deputación Provincial de Pontevedra do 17 de marzo de 1840 rexístrase a noticia dun «expediente de reclamación a solicitud de José Agapito Fernández, quinto por la parroquia de Matamá, para que Manuel Fernández, hijo de José y María de la Cruz Rouco, cuya plaza ocupa por deserción del dicho Manuel, para que le pague los 2.327 reales que gastó para su captura en Lisboa».

**A Costa do Río** é o nome da vía que conduce ao río de Sisón desde San Amaro. **A Costa da Quinta** recibe o seu nome da Quinta do Pazo de Arriba (→ Quinta). Na documentación histórica da parroquia rexístranse unhas propiedades chamadas **A Costiña** ou **A Costiña das Maceiras** (→ Maceira), que Marcos Alonso sitúa ao sur do núcleo da Mó.

Un derivado **As Costeiras**, tamén relativo á orografía do lugar, dá nome a unha área de prados e arboredo ao norte de Beirán, onde tamén se localiza a presa chamada **A Presa das Costeiras**.

A documentación rexistra tamén unha *Tomada do Costal*, de localización imprecisa, entre as propiedades vinculadas á capela da Soidade en Beirán. Non sabemos se ese *costal* é un derivado de *costa* relativo á orografía da zona ou se contén o substantivo *costal* ‘saco grande’, que ao cabo tamén é derivado de *costa* ‘lombo’, porque adoitaban levarse «ás costas».

## ► Coto

**O Cotiño**
**O Coto**
**O Coto da Maceira**
**O Coto do Mouro**
**O Outeiro do Coto do Mouro**
**A Toxeira do Coto do Mouro**

*Coto* é un nome común galego, dunha raíz prerromana *cott-* 'punta, elevación', que na toponimia designa a parte máis alta dun monte ou calquera elevación prominente no terreo. Non debe confundirse con *couto* (→), que designa un territorio acoutado.

Coa forma simple *coto*, ou derivados como *Cótaro* e *Cotro*, *Cotarelo* etc., ten moita presenza na toponimia. En Matamá témolo nos seguintes topónimos: **O Coto** ou **O Cotiño**, nome dunha área de arboredo entre A Mó e Budiño, **O Coto da Maceira** ou **O Cotiño da Maceira**, tamén coñecido como **O Outeiro da Maceira**, que denomina unha área na Maceira, ao leste da Lagarella, e **O Coto do Mouro** ou **O Outeiro do Coto do Mouro**, ao leste do Outeiro de Balvís (→ Mouro). O «lugar do Coto do Mouro» rexístrase adoito desde o século XVI na documentación de San Domingos de Pontevedra, con frecuencia no mesmo foro en que se inclúen as propiedades das Carneiras.

A documentación tamén dá conta, nas proximidades destes, dun **Prado do Coto do Mouro** (*Matamá I*, 136) e unha **Toxeira do Coto do Mouro**, esta última quizais a mesma que menciona como *toxal* no ano 1620 («toxal que se dize e nombra do Coto do Mouro»).


SPº de matama lugar do coto do mouro y das carñeiras
Año de 1556

O substantivo *mouro*, igual ca o feminino *moura*, adoitan estar presentes na toponimia asociados a lendas tradicionais referidas a monumentos megalíticos e outros vestixios prehistóricos.

## ► Couto, Coutada

**A Coutada dos Pousos**
**A Coutada Grande**
**A Coutada Nova**
**A Coutada do Lugar**
**A Coutada do Matías**
**A Coutada do Mentrastal**
**A Coutada dos Pinos**
**A Coutada de María das Neves**
**A Coutada da Fonte Santa**

O latín CAUTUM, participio do verbo *cavere* 'defender, protexer' deu orixe ao galego *couto*, termo común que designa un territorio acoutado e, ata o século XIX, unha demarcación xurisdicional correspondente a unha soa parroquia, como acontece coa parroquia veciña de Valadares, que no Antigo Réxime constituía couto autónomo. Do substantivo *couto* formouse o verbo *acoutar* 'demarcar un territorio' e un substantivo común *coutada*, que polo regular designa unha terra gañada ao monte para cultivar cereal, polo que vén equivalendo a *tomada*, pero propiamente é sinónimo de *estibada*, *chousa*, *zarra* e outros nomes que se refiren a espazos pechados para impedir que o gando e outros animais estragasen os cultivos.

Un topónimo *A Couto dos Pousos* (sic) que Marcos Alonso sitúa onda a estrema meridional da parroquia, hoxe ao sur da autovía VG-20, entre esta e a Devesa Real, debe ser un erro da transmisión escrita por **A Coutada dos Pousos**, pois toda esa zona (a ladeira meridional da antiga devesa real do Monte da Barxa, hoxe separada dos Pousos pola autovía VG-20) estaba constituída por diferentes *coutadas*: a máis extensa **A Coutada Grande**, e onda ela **A Coutada Nova** e mais **A Coutada do Mentrastal** (→ Mentrasto).

Repítese o substantivo *coutada* na toponimia doutras partes da parroquia: **A Coutada do Lugar**, unha área de campos ao leste da Carapucha (→ Lugar); **A Coutada do Matías**, con campos e algunha vivenda ao norte de Budiño e Beirán, cun nome persoal de propietario, e **A Coutada dos Pinos** (→ Piñeiro) ao noroeste do Roupeiro, ao sur da Pedra da Arca, xa dentro da Zona Franca. Unha zona da Mó de Abaixo coñe-

cida hoxe como *María das Neves* aparece na documentación como **A Coutada de María das Neves**. Nos arredores da Fonte Santa, no linde da parroquia con Santo André de Comesaña, tamén se rexistra un topónimo **A Coutada da Fonte Santa** (*Matamá I*, 166). Outros topónimos semellantes atestados na documentación histórica son *A Coutada da Abelleira* (→ Abella), *A Coutada das Gulpilleiras* (→ Golpella), *A Coutada das Millaradas* (→ Mil, Millar), *A Coutada do Pinedo* (→ Pena), *A Coutada da Quebrada* (→ Quebrar) e *As Coutadas do Raposo* (→ Raposo). E con este substantivo como segundo elemento, *As Carneiras da Coutada* (→ Carneira).

### ▶ Cova, Covo

**A Cova da Mó**
**A Cova da Carneira**
**O Covelo**

O substantivo *cova* 'concavidade, gruta, furna' (dun latín hispánico CŎVAM, clásico CAVAM) ten moita presenza na toponimia galega e designa depresións ou concavidades de diferentes tipos, desde grutas, cavernas, tobeiras de animais, furnas naturais, minas a ceo aberto ou a boca de conducións subterráneas de auga ata calquera buraco entre penedos que permita refuxiarse no seu interior.

Na documentación histórica da parroquia rexístranse dous topónimos **A Cova da Mó** e **A Cova da Carneira** que ao que parece non sobreviviron ata a actualidade. Tampouco chegou a hoxe unha viña chamada **O Covelo**, que sen dúbida se encontraría situada nunha depresión do terreo, pois tiña no seu nome un derivado do adxectivo *covo* (lat. hisp. CŎVUS, lat. clas. CAVUS) 'afundido, cóncavo'.

### ▶ Coxa → Campo da Coxa

### ▶ Crego → O Campo dos Cregos de San Amaro

## ► Cruz

**A Cruz de Budiño**
**A Cruz do Castro**
**A Cruz de Ribelas / O Cruceiro de Ribelas**
**O Cruceiro / O Casal do Cruceiro**
**A Encrucillada**

Nos topónimos en que está presente o substantivo feminino *cruz* (< lat. CRUCEM) ou o seu derivado masculino *cruceiro*, non sempre podemos saber se designaron en orixe o lugar onde se cruzan dous camiños (en galego *cruz*, *cruceiro*, *cruzamento*, *encrucillada*…) ou se veñen motivados por unha cruz ou cruceiro monumentais, que adoitaban colocarse nos cruzamentos ou encrucilladas. Con independencia de que nalgún momento houbese nese lugar unha cruz, cremos que o topónimo **A Cruz de Budiño** puido vir motivado pola acepción do feminino *cruz* como 'cruzamento' (en castelán *cruce*, masc.), relativa ao lugar onde hoxe empata o camiño de Budiño coa rúa do Abade Xoán de Bastos. Probablemente tamén se refire a unha encrucillada **A Cruz do Castro** mencionada na documentación histórica da parroquia e acaso tamén **A Cruz de Ribelas**, por máis que esta tamén se menciona como **O Cruceiro de Ribelas** e o derivado *cruceiro* tende a identificarse exclusivamente coas cruces monumentais, mais tamén se empregou no pasado como sinónimo de *cruz* na acepción de 'encrucillada'. A documentación tamén menciona en Matamá un **Casal do Cruceiro** que non puidemos localizar.

O único cruceiro monumental de Matamá hoxe é o situado no cemiterio, mandado erixir por Pedro Comesaña Beirán en 1691, segundo indica a inscrición da súa base, e trasladado ao lugar actual en 1958 desde o *via crucis* de que formaba parte (*Matamá I*, 217-218).

O topónimo **A Encrucillada** (< lat. INCRUCELIATAM), en Beirán, ao norte da capela da Soidade, probablemente se debe ao punto onde confluían dous camiños históricos: un era o que comunicaba Beirán co camiño dos Carraxóns e a actual avenida de Castrelos e o outro o proveniente da parroquia de Valadares pola Simona.

### ▶ Cuco → Pouso do Cuco

### ▶ Curral

**Os Currales**
**O Campo do Curral**
**A Presa do Curral**

*Curro*, *corro*, *curral*, *corral* son termos presentes nas linguas hispánicas e no occitano, ben coñecidos e probablemente relacionados co latín *currus* 'carro'. O significado habitual tanto de *curro* coma do derivado *curral* é o de 'cercado', 'cercado para os animais domésticos', e tamén 'espazo inmediato á casa onde se gardan o carro e outros apeiros de labranza'.

En Matamá, **Os Currales** é o nome duns campos ao norte da Barxa. Semella o mesmo que se rexistra en singular como **Campo do Curral** no século XVII na documentación relativa ás propiedades do convento de San Domingos de Pontevedra en Matamá, e en tal caso viría motivado por un único curral ou cercado para o gando. O plural *Currales* é tardío e responde á interferencia do castelán, pois o resultado patrimonial no galego da zona sería *Currás*. Ao sur da mesma zona sitúase **A Presa do Curral**, que ha de responder á mesma motivación e mantén no seu nome o singular orixinario.




### ▶ Curucha → Coruxo, Coruxeira

### ▶ Degas → A Fonte das Degas

## ▶ Devesa

**A Devesa**
**A Devesa do Rei**
**A Devesa Real**
**O Campo da Devesa**
**A Presa da Devesa**
**A Devesa da Balsa**
**A Devesa do Outeiro da Barxa**
**A Devesa Real do Maruxento**
**A Devesiña de Babio do Campo**
**A Devesiña do Cabo da Carneira**

*Devesa* é un termo común na toponimia galega; o portal Galicia Nomeada recolle máis de 2500 sitios con ese nome. Aplicouse en orixe a espazos de arboredo, habitualmente de carballos, polo regular situados en terreo comunal, aínda que desde o século XVIII, e sobre todo o XIX, moitas devesas pasaron a mans particulares e o nome pasou a designar calquera propiedade no monte dedicada á explotación forestal. No Catastro de Ensenada úsase o castelán *dehesa* para cualificar calquera terra de arboredo no monte, mais a presenza deste substantivo na toponimia responde a unha motivación máis específica. Unha boa parte dos topónimos *A Devesa*, especialmente nas proximidades do litoral, lembran que o lugar foi no pasado unha *devesa real* ou *devesa do rei*, isto é, unha carballeira de man común expropiada en nome da monarquía co obxecto de producir madeira destinada á construción naval. Desde o século XVI ata o XIX, as devesas reais foron motivo de litixios e preitos entre a veciñanza e a administración real; os administradores do rei realizaban periódicas inspeccións das devesas e impuñan sancións cando non se repoñían as árbores que se perdían. Xulio Fernández Pintos e Marcos Alonso Rodrigues dedican un capítulo do seu libro (*Matamá I*, 113) ás devesas reais da parroquia.

*Devesa* é o resultado galego do latín DEFENSAM, participio do verbo *defendere* 'defender, protexer, prohibir'. Ten paralelo no castelán *dehesa*, aínda que as *dehesas* castelás ou estremeñas non son exactamente o mesmo ca as *devesas* de Galicia.

No substantivo *devesa*, por un fenómeno fonético común de labialización, a vogal átona en contacto con /b/ altérase habitualmente en /o/ na fala da zona: /*dobesa*/, como /lobar/, /lobada/ para *levar*, *levada*.

En Matamá, **A Devesa** é un dos núcleos habitados tradicionais da parroquia, situado na parte leste do territorio, entre a Carapucha e Alvite. A mediados do século XVIII, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada, residían na Devesa once familias. O topónimo vén motivado por unha antiga devesa real, que a documentación denomina ás veces como **A Devesa da Cavada** (→). Nos nomenclátores dos séculos XIX e XX figuraba o topónimo castelanizado como *Dehesa*.

**A Devesa** é tamén o nome dunha área en Beirán, maioritariamente de arboredo aínda hoxe. Dela toma o seu nome **O Campo da Devesa**, que na documentación de San Domingos de Pontevedra do século XVII aparece vinculado ao foro do lugar de Beirán. Nesas fontes, as propiedades situadas nesta devesa de Beirán aparecen en mans privadas, ben de particulares, ben da capela de Nosa Señora da Soidade, mais previamente foran devesa real e monte comunal.

O monte denominado **A Devesa**, na Barxa, foi tamén unha devesa real, xa que se rexistra como **A Devesa Real** ou **A Devesa do Rei**, ademais doutras denominacións alternativas, como *O Monte da Barxa*, *O Outeiro da Barxa* ou **Devesa do Outeiro da Barxa**.

As principais devesas reais de Matamá estaban situadas na grande área forestal do sudoeste do seu territorio, no espazo comprendido entre A Barxa, A Balsa, O Maruxento e as estremas coas parroquias veciñas de Valadares e Santo André de Comesaña, área na actualidade atravesada pola autovía VG-20. No século XVIII, a Devesa da Balsa, devesa real, ocupaba 130 ferrados de superficie, máis de sete hectáreas. **A Devesa do Rei**, onda o núcleo da Balsa, hoxe unha pequena área de vivendas e campos ao leste da Balsa, e á beira dela **A Presa da Devesa**, lembran no nome a referencia a esa antiga devesa real, **A Devesa da Balsa**. Algo máis ao sur comeza a área forestal coñecida como O Maruxento, que se estende ao outro lado da autovía VG-20, onde se repite o topónimo **A Devesa do Rei** nunha das estremas coa parroquia de Santo André, e corresponde á antiga **Devesa Real do Maruxento** (→), de 200 ferrados (*Matamá I*, 113).

No catálogo documental da Deputación de Pontevedra (https://atopo.depo.gal) pódese acceder á documentación manuscrita das inspec-

cións realizadas nas devesas reais. No «Novo arranxo e establecemento dos Reais Plantíos e Devesas» no partido do Val de Fragoso do ano 1792 lese no relativo ás devesas reais de Matamá:

> Tiene esta feligresía su real deesa en el sitio que llaman da Balsa, de ciento y cinquenta ferrados de tierras de segunda y tercera calidad, compuestas de seiscientos y dos robles medianos y menos que medianos.
>
> Tiene otra real deesa en el sitio de Moruxento de sembradura de trescientos ferrados de tierra de segunda y tercera calidad compuesta de quatrocientos sesenta y nueve árboles, los trescientos ochenta y cinco menos que medianos y los ochenta y quatro nuevos.
>
> No se reconoce vivero alguno más de tan solamente el de la Carapucha, viejo con diez y ocho robles, los siete maiores señalados con la letra R y los once medianos.
>
> Tiene otro vivero junto a la dehesa de Moruxento sin árboles.

Cun derivado diminutivo, dous topónimos situados no sueste da parroquia, na estrema con Beade á altura de Babio, son **A Devesiña do Cabo**, tamén coñecida como **A Devesiña da Carneira do Cabo** e mais **A Devesiña de Babio do Campo**. Probablemente son vestixios toponímicos dunha antiga *Devesa da Carneira*, que encontramos mencionada desde o século XVI na documentación de San Domingos de Pontevedra.

## ► Deus → Outeiro de Deus

## ► Eido

**O Eido Vello**
**O Eido**

**O Eido Vello** é o nome dunha pequena zona na Devesa, na beira norte da Costa da Cavada, con vivendas e campos de labor. Contén o substantivo común *eido* (< latín ADĬTUM, participio de *adire* 'engadir'), que designa calquera terreo cultivado. O adxectivo *vello* puido aplicarse a terras incultas ou a bravo que xa foran mansas con anterioridade ou, máis probablemente, a eidos cultivados desde moito tempo atrás, caracaterizados dese xeito por comparanza con outros habilitados como cultivos en datas máis recentes. Un termo de orixe celta que posúe o galego para denominar un campo cultivado, *senra* ou *seara*

(< SENARA), significaba tamén na súa orixe 'eido vello', pois comparte a raíz indoeuropea *sen-* 'vello' que nos chegou do latín en termos como *senior*, *señor*, *senil* ou *senectude*.

A documentación histórica rexistra outros topónimos en Matamá con este mesmo substantivo que aparentemente non subsistiron ata hoxe: un homónimo **O Eido Vello**, que Marcos Alonso sitúa na Igrexa (*Matamá II*, 295), **O Eido de Beirán** e **O Eido de Vilar**, situados neses barrios da parroquia e mais **A Viña do Eido** e **O Lugar do Eido**, de localización imprecisa ou descoñecida.

### ► Eira

**A Eira**
**A Eira Longa**
**O Cocho da Eira**
**A Chan da Eira**
**A Lata da Eira**
**A Viña da Eira**
**A Eiriña**

*Eira* (< latín ARĔAM) é un nome común en galego que no hábitat rural designa o espazo aberto onde se realizaban diferentes labores agrícolas, particularmente a malla dos cereais. Nalgún caso, a eira pode corresponder a unha soa familia, e estar no interior dun *lugar* como acontece no antigo Lugar do Abade Xoán de Bastos (*Matamá I*, 268), mais polo regular as eiras que deixan pegada toponímica son antigos espazos públicos onde se realizaban labores comunais. Coa forma *eira*, a máis común, ou coa variante *aira*, ten moita presenza na toponimia galega; cóntanse por centos os exemplos recollidos na plataforma Galicia Nomeada con este substantivo ou compostos e derivados.

En Matamá, **A Eira** é o nome dunha pequena zona na Carapucha, que se repite noutra **A Eira** en Beirán, á cal se refiren os topónimos veciños **O Cocho da Eira** e **A Lata da Eira**. Un topónimo paralelo é **A Viña da Eira** (→ Viña), en Balvís. No barrio da Mó, o espazo denominado *A Chan da Mó* (→ Chan) aparece ás veces nas fontes escritas coa denominación alternativa de **A Chan da Eira**. Talvez corresponde a este

último un **Campo da Eira** que figura no século XVI entre as propiedades de Matamá pertencentes ao convento de San Domingos de Pontevedra.

**A Eira longa**, ao norte do Pazo, é unha zona de terras de cultivo. O adxectivo *longa* do topónimo ha de referirse á forma das propiedades.

Ao norte da Barxa, a área denominada *O Barreiriño de Arriba* (→ Barro) consta en ocasións cun nome alternativo que contén o diminutivo de *eira*: **A Eiriña**. No Catastro de Ensenada, as propiedades situadas «al sitio da Eyriña» viñan cualificadas como labradío de terceira calidade.

## ▶ Encrucillada → Cruz

## ▶ Entre

**Entremuros / Entre os Muros**
**Entre as Hortas**

A preposición *entre* (< lat. INTER) ten frecuente presenza na toponimia acompañando substantivos en plural que se refiren a algunha realidade situada a ambos os lados do espazo designado: *Entrerríos*, *Entrevalados*, *Entrecercas*, *Entreviñas*… Na plataforma Galicia Nomeada constan preto de oitocentos topónimos formados con esta preposición ou coa súa variante *antre*.

En Matamá témola en **Entremuros**, nome dunha área de cultivos entre A Barxa e Vilar, composto co plural do substantivo *muro* (< latín MURUM), talvez relativo a un valado ou cercado. Igual que sucede cos topónimos formados con outras preposicións, como *sobre* (< lat. SUPER) e *so* (< SUB), as estruturas tradicionais son *Preposición* + *Nome* ou ben *Preposición* + *artigo* + *Nome*; o artigo ante a preposición que aparece nalgúns casos é de creación recente e xorde cando o topónimo se volve opaco para os e as falantes. Así, por exemplo, *So a Viña* ou *Su a Viña* pode alterarse en *A Suaviña* cando os e as falantes deixan de interpretalo como 'debaixo da Viña'. Para o topónimo de Matamá, ademais de **Entremuros** tamén se rexistran as variantes **Entre os Muros** e mais **Os Entremuros**, esta última sen dúbida máis recente.

A documentación histórica da parroquia tamén rexistra unhas propiedades denominadas **Entre as Hortas** (→ Horta), topónimo que responde á mesma estrutura.

## ▶ Enxido

**O Enxido**
**A Viña do Enxido**

*Enxido* é a forma común na fala do Val de Fragoso para o substantivo común galego *eixido*, procedente do latín EXITU, participio do verbo *exire* 'saír, ir fóra'. Paralelo do castelán *ejido*, en orixe designaba un terreo inmediato á casa, habitualmente con viña e árbores froiteiras, de xeito que unha vivenda co seu eixido e a súa horta constituían o núcleo dun *lugar* (→), residencia dunha familia.

Na toponimia galega, este substantivo é característico das áreas meridionais. A plataforma Galicia Nomeada recólleo en máis de 200 topónimos, especialmente concentrados arredor das Rías Baixas e do suroeste ourensán, zonas onde é maioritaria a variante con nasalización do ditongo (*eixido* > *enxido*).

**O Enxido** é unha área no Pazo de Abaixo, en Parada. Na documentación histórica menciónanse unhas propiedades na Revolta denominadas **O Enxido** e **A Viña do Enxido**.

## ▶ Erville

**A Ervillesa**

**A Ervillesa** é o nome dunha pequena zona con campos e vivendas no barrio de Campos, preto da estrema coa parroquia de Castrelos. No Catastro de Ensenada, as propiedades situadas no sitio dese nome (*Ervillesa*, *Ervilleza*, *Hervilleza*) cualificábanse como parra de segunda, viña de segunda e labradío de secaño de terceira calidade. Igual ca *A Camoesa*, estamos ante un topónimo de propietario que contén un xentilicio feminino dun derivado mediante o sufixo *-és* (< -ENSE), neste caso relativo ao lugar de Erville, en Cela, Mos, na ladeira do monte do Galiñeiro, aplicado a alguén orixinario dese lugar (*A Ervillesa* = 'a do ervillés', e *ervillés* = 'de Erville'). As grafías con <z> son debidas ao seseo na fala local, coma outras vacilacións *Cima/Sima* ou *Alboresa/Alboreza*. O H- con que adoita escribirse, que tamén se advirte no

topónimo orixinario *Erville*, en moitas fontes rexistrado con H- inicial, responde á interferencia da familia léxica do castelán *hervir*.

Na relación de alcumes da parroquia consta un *Os Ervilleses* («Os Hervilleses» en *Matamá II*, 310), da mesma orixe. Talvez corresponde á mesma estirpe familiar que motivou hai séculos o topónimo *A Ervillesa*.

O topónimo *Erville*, que suscita o xentilicio *ervillés*, é de etimoloxía dubidosa, talvez prerromano. Non garda relación, malia a aparencia, con fitotopónimos como *Os Ervillás*, *Ervillegas* ou *Ervilleiros*, derivados de *ervilla* < latín ERVILIAM 'chícharo', alusivos á presenza ou abundancia desas leguminosas no lugar. Para *Erville* caben dúas posibles orixes: ou ben procede do xenitivo ARVILII ou ERVILII dun infrecuente nome persoal *Arvilius* ou *Ervilius* (rexístrase un individuo chamado *Ervilio* no século X en León) ou, máis probablemente, é de orixe prelatina, como outros topónimos galegos *Erbo*, *Herbogo* e semellantes.

No Catastro de Ensenada o topónimo emprégase tamén en cadeas onomásticas para referirse a veciños dese lugar de Campos, como nunha *Dominga Alonso da Hervilleza*.

## ▶ Escribán

### O Escribano

**O Escribano** é o nome dunha pequena área ao oeste das Barxas de Abaixo, onda o cemiterio parroquial. O topónimo probablemente contén o sobrenome de oficio dun antigo usuario ou propietario. *Escribano* é a forma castelá correspondente ao galego *escribán*; un escribán viña sendo equivalente a un *notario*. É un derivado do verbo *escribir* (< latín SCRIBERE). A plataforma Galicia Nomeada recolle noventa topónimos coas formas *escribano* e *escribana*, tres delas no concello de Vigo.

## ▶ Espía

### A Espía / A Espea

Coñécese como **A Espía** unha zona do Roupeiro, que en ocasións aparece rexistrada coa variante *A Espea*. Parece conter un nome relacionado con *espiar*, verbo de orixe xermánica procedente do gótico

*spaíhôn* 'axexar, espreitar'. É un termo presente nas linguas peninsulares desde a Idade Media. O topónimo debe de referirse á posición relativa do lugar, que permitiría velar, vixiar ou esculcar os arredores, coma outros topónimos idénticos espallados pola Península, a partir dunha acepción de *espía* como 'atalaia'. Hoxe o substantivo *espía* é tamén masculino, mais no pasado era feminino e con ese xénero está presente na toponimia, tanto na castelá (por exemplo, no *Cerro de La Espía* en Toledo) coma na galega (no *Con da Espía* na illa de Ons). Sería, xa que logo, un topónimo equivalente a Belvís, Miragaia e semellantes, que caracteriza o lugar pola panorámica que se enxerga desde el.

Entre os alcumes actuais da parroquia consta un composto *Espíalagartos* (*Matamá II*, 310); descoñecemos se garda relación con este topónimo.

## ► Espiño

### A Espiñeira / Espiñeiras

A documentación histórica da parroquia recolle un topónimo **A Espiñeira** (*Matamá II*, 296) de localización imprecisa e que aparentemente non sobreviviu. Debe de ser o mesmo que consta en 1762 en plural, **Espiñeiras**, entre as propiedades que ten en Matamá o veciño de Beade chamado Bernardo de Figueiró, segundo consta no Catastro de Ensenada.

O topónimo contén un derivado de *espiño* (< latín SPINUM), denominación galega das árbores coñecidas cos nomes científicos de *Crataegus monogyna*, tamén chamada *espiño albar* ou *estripeiro* (→), e *Rhamnus lycioides*, espiño negro ou escambrón. Tamén se aplica de maneira xenérica a outros arbustos ou pequenas árbores da familia das rosáceas, caracterizadas pola presenza de espiñas.

## ► Esqueiro, esqueira

### A Esqueira

Figura un topónimo *A Esqueira* (*Matamá II*, 296) entre os recollidos na documentación histórica que parece que non sobreviviron ata a ac-

tualidade. Podería ser un derivado de *esca*, *isca* (< lat. ESCAM), que en orixe significaba 'comida, alimento' (de aí a súa acepción como sinónimo de *cebo* para pescar) e que tamén se aplicou como «alimento do lume» a calquera materia vexetal que arde facilmente, e en particular a folla do piñeiro, moi usada como combustible. Non obstante, o topónimo tamén podería conter unha variante feminina do común *esqueiro* (< latín SCALARIUM), pasal que supera un desnivel ou comareiro mediante chanzos situados a diferente altura no muro ou na parede vertical, coma moitos outros *esqueiro* da toponimia, que presentan a variante *escairo* en áreas da Galicia central e oriental.

## ► Estripo

### O Estripeiro



**O Estripeiro** é o nome dunha pequena zona á beira da Carapucha. *Estripo* e *estripeiro* son denominacións comúns galegas do espiño al-

bar, *Crataegus monogyna*, pequena árbore ou arbusto da familia das rosáceas, de follas lobuladas, flores brancas e un froito consistente en pequenas boliñas vermellas (→ Espiñeira).

Este nome procede do latín *STIRPARIUM, derivado de *stirpem* 'estirpe, tronco', que alude ao seu emprego tradicional como patrón para enxertos de árbores froiteiras.

É relativamente común na toponimia da Galicia suroccidental. O portal Galicia Nomeada recolle preto de setenta topónimos coa forma simple *Estripo* ou os derivados *Estripeiro* e *Estripeiral*.

Na documentación histórica da parroquia, este topónimo tamén se rexistra coas variantes *O Estrepeiro* e *O Esterpeiro*.

## ▶ Estévez → Fonte dos Estévez

## ▶ Estrada → Rúa

## ▶ Esturáns

**As Touráns** / **Estouráns** / **Esturáns**
**As Touráns de Abaixo**
**As Touráns de Riba**
**As Touráns do Cabo**

**As Touráns** era o nome dunha zona na estrema de Matamá con Coia, ao sueste do estadio de Balaídos, hoxe no interior da Zona Franca, onde se distinguían diferentes partes denominadas **As Touráns de Abaixo**, **As Touráns de Riba** ou **de Arriba** e **As Touráns do Cabo**. Na documentación escrita rexístrase tamén na mesma zona un cuarto topónimo paralelo, *As Touráns da Cela*.

Son topónimos de orixe e significado escuros. Cremos verosímil que **As Touráns** sexa unha alteración popular do nome de *(Os) Esturáns*, un dos barrios ou núcleos habitados tradicionais da veciña parroquia de Coia. A alteración respondería á interpretación da primeira sílaba de *Esturáns* (ou de *Asturáns*, co vocalismo orixinario) coma se fose o artigo feminino.

Estes topónimos de Matamá virían motivados, xa que logo, por herdades traballadas por xente dese lugar de Coia, do mesmo xeito que se lles aplicaron os nomes de *Macal* ou *Babio* a propiedades de xente deses lugares de Castrelos e Beade nas parroquias contiguas. O nome do lugar dos Esturáns en Coia contén un xentilicio medieval ASTURIANOS > *Asturáns* > *Esturáns* (/*As Touráns*). Trataríase, nese caso, dun topónimo paralelo de *Astureses* (parroquia de Boborás, Ourense), da mesma orixe mais con distinto sufixo. A alteración de *Esturáns* en *As Touráns*, que interpreta a sílaba inicial do topónimo coma se fose o artigo plural feminino do galego, ha de ser relativamente antiga, pois os lugares de Matamá xa se rexistran con ese nome no Catastro de Ensenada (1753, 1762), onde veñen maioritariamente cualificados como labradío de secaño de segunda.

## ▶ Faba

### O Fabal
### A Canteira do Fabal

**O Fabal** é o nome dunha zona de campos de labor con algunha vivenda ao noroeste de Parada. Rexístrase desde finais do século XVI entre as propiedades que ten en Matamá o convento de San Domingos de Pontevedra. No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as terras deste nome viñan cualificadas como monte e labradío de secaño de primeira e terceira calidade e tamén como parra de terceira. Repítese este substantivo no topónimo **A Canteira do Fabal** (→ Canteira).

O topónimo contén un derivado colectivo mediante o sufixo *-al* a partir do nome da leguminosa coñecida como *faba* (< latín FABAM), de nome científico *Vicia faba*. Como noutras áreas do Val de Fragoso, tradicionalmente chamábase *faba* a grande de cor verde ou branca, mentres que a doutras variedades se denominaba ordinariamente *feixó* ou *feixón* (< latín PHASEOLUM) ou a variante *freixó* ou *freixón*.



«...con mas la eredad que se diçe e nombra do Fabal, que llieva en sembradura ocho ferrados de pan...» (ano 1620)

## ▶ Faxardo

### A Faxarda

**A Faxarda** é o nome duns campos na Barxa, ao norte do Rego da Mó. É un feminino creado a partir dun apelido de propietario e significaría 'a de Faxardo', segundo unha fórmula habitual na toponimia do Val de Fragoso. O Nomenclátor de Galicia recolle o topónimo *A Faxarda* como o nome dun lugar da parroquia de Ove, no concello lugués de Ribadeo, que ha de responder á mesma orixe etimolóxica.

En Galicia, *Faxardo* (*Fajardo*) é hoxe un apelido característico sobre todo das Rías Baixas, que rexistra no municipio de Boiro a maior concentración de portadores, mais parece orixinario da antiga provincia de Mondoñedo. É tamén relativamente común noutras áreas peninsulares, sobre todo na franxa mediterránea, onde está presente desde a Idade Media debido á participación de cabaleiros galegos no avance bélico dos reinos cristiáns cara ao sur, como Afonso Eanes Faxardo, adiantado maior de Murcia en 1387, orixinario de Ortigueira. A figura dunhas ortigas no brasón heráldico dos *Fajardo* do sueste peninsular lembra o topónimo galego berce da estirpe. A orixe etimolóxica do apelido *Faxardo* é controvertida; pola terminación tense asociado a nomes persoais medievais de orixe xermánica en -*ardo* ou -*aldo*.

Na zona de Vigo atéstase este apelido desde polo menos o século XVII, portado por unha familia fidalga beneficiaria da Granxa que tiña en Teis o mosteiro compostelán de San Martiño Pinario.

## ▶ Ferreira → Carballo Seco

## ▶ Figueira

### Figueirido

A *figueira* (< latín FICARIAM, derivado de *ficus* 'figo') é unha árbore común na flora galega e ten asemade moita presenza na toponimia. A plataforma Galicia Nomeada recolle máis de oitocentos topónimos coa secuencia «figueir-».

A documentación histórica recolle en Matamá un único topónimo desta familia léxica: **Figueirido** ou **O Campo de Figueirido**, posiblemente situado ao norte da Barxa (*Matamá II*, 296). *Figueirido*, variante de *Figueiredo*, é un colectivo de *figueira* mediante o sufixo correspondente ao latín -ĒTU.

## ▶ Fondo

**O Fondo do Lugar**
**O Fondal**
**Camiño dos Fondóns**

O adxectivo e substantivo *fondo* é o resultado común galego do latín FUNDUM, paralelo do portugués *fundo* e dos casteláns *fondo* (substantivo) e *hondo* (adxectivo). Na toponimia adoita aplicarse a lugares situados nunha depresión do terreo ou nun plano inferior, e na locución *Fondo de* (*Fondo de Vila* ou *Fondevila*, *Fondo do Lugar* etc.) adoita formar parella con compostos con *Cima de* ou semellantes.

A documentación histórica de Matamá recolle un topónimo ***O Fondo do Lugar*** que aparentemente non sobreviviu ata hoxe; a súa localización é imprecisa, posiblemente eran terras inmediatas ao Lugar da Cavada, e ese sería o *lugar* (→) ao cal se refire o topónimo.

Dous substantivos derivados de *fondo* comúns na fala e na toponimia da zona son *fondón e fondal*, que designan áreas situadas nunha depresión do terreo onde habitualmente empozan as augas pluviais. O primeiro está presente no nome do **Camiño dos Fondóns**, que atravesa a parroquia de Matamá pola beira da Zona Franca e corresponde a un antigo camiño que se dirixía a Bouzas desde Castrelos; recibe o seu nome dunha das zonas que atravesa, na beira do río Lagares nesta última parroquia. Na documentación histórica de Matamá menciónase tamén un topónimo **O Fondal**, hoxe non localizado.

## ▶ Fonte

A Fonte da Pulga
A Fonte da Abelleira (/Abilleira)
A Fonte da Balsa
A Fonte da Carapucha
A Fonte da Carneira
A Fonte da Cavadiña
A Fonte da Lagarella
A Fonte da Peideira
A Fonte da Raña
A Fonte da Regueira
A Fonte da Regueiriña
A Fonte da Revolta
A Fonte da Tomada
A Fonte das Degas
A Fonte das Manteigas
A Fonte das Millaradas
A Fonte das Regadas
A Fonte de Alvite
A Fonte de Balvís
A Fonte de Nunes
A Fonte de Ribelas
A Fonte de Tras do Regueiro
A Fonte de Vilar
A Fonte do Lameiro
A Fonte do Ouro
A Fonte do Outeiro
A Fonte do Río
A Fonte do Salgueiral
A Fonte do Xubalbido
A Fonte dos Estévez
A Fonte Santa
A Coutada da Fonte Santa
O Marco da Fonte Santa
A Canteira da Fonte Santa
O Campo da Fonte
A Horta da Fonte de Vilar
A Fontiña
A Fontenla

*Fonte* (< latín FONTEM) é un termo extraordinariamente común na toponimia galega. En Galicia Nomeada constan máis de 25.000 topónimos coa secuencia «font-». Tanto pode designar un nacente ou manancial natural coma unha construción destinada ao aproveitamento público da auga potable, en ocasións acompañada dun lavadoiro (*lavadouro* na fala local, coma en toda a área).

No territorio de Matamá está presente este substantivo nos topónimos da relación precedente. Moitos deles son compostos cun segundo elemento que indica o barrio ou localidade que ten esa fonte como a súa fonte pública (A Balsa, A Revolta, Alvite, Ribelas, Vilar, O Outeiro…), a zona onde se encontra a fonte (A Raña, A Regueira, Tras do Regueiro, O Lameiro, O Río –de Sisón–, O Salgueiral, O Xubalbido…) ou ben un apelido ou sobrenome de propietario ou usuario (As Degas, As Manteigas, Os Estévez…). *As Degas* é un derivado do nome persoal *Dego*, variante popular de *Diego*, mediante a fórmula do feminino, e non o nome persoal medieval *Egas* precedido de preposición; *O Dego*

ou *O Degho*, con gheada, figura como *O Dejo* na relación de alcumes da parroquia (*Matamá II*, 309). *Manteiga* ten uso como apelido e sobrenome e contén o substantivo común *manteiga*, termo de orixe prerromana, paralelo do castelán *manteca*. *Estévez* é o patronímico galego correspondente ao nome *Estevo* (< STEPHANU); rexístranse individuos con este apelido en Campos desde polo menos o século XVI, segundo vemos na documentación de San Domingos de Pontevedra (coma un «Gonçalo Estévez vezino de la aldea de Campos» (ano 1596, *Tombo becerro 1653*, PARES, AHN Clero, L.10240).

**A Fonte da Peideira**, igual ca **A Mina da Peideira**, coincide no seu nome co da área en que se encontran, **A Peideira**, ao noroeste de Ribás, no linde coa parroquia de Santo André de Comesaña. Contén un derivado de *peido* (< lat. PEDĬTUM), acaso motivado por algún cheiro característico da zona ou da súa auga, pois a familia léxica deste termo é relativamente común na toponimia vinculada ás augas sulfurosas.

**A Fonte da Carneira**, que conserva no segundo elemento o singular orixinario do topónimo *As Carneiras*, daba nome tamén ás terras cultivadas e de monte da zona, segundo consta nun foro de 1790: «tierra labradía y monte conocido como Fonte da Carneira» (*Matamá I*, 133).

Descoñecemos a motivación de **A Fonte da Pulga**, nome dunha fonte situada nas Millaradas, ao oeste da Mó, ao norte da VG-20, que debe de ser a mesma que algunha documentación denomina **A Fonte das Millaradas**. Podería pensarse nunha orixe antroponímica do segundo elemento, pois *pulga* (< latín PULLĬCA), igual ca outros zoónimos, foi usado como sobrenome persoal, mais non figura na relación de alcumes da parroquia (*Matamá II*, 309-311).

**A Fonte da Raña**, no Roupeiro, tamén recibe o seu nome do da zona en que se atopa. Na toponimia galega, o substantivo *raña*, relacionado co verbo *rañar* 'rabuñar, gaduñar' adoita designar áreas situadas á beira dun río ou regato que sofren erosión nas enchentes (→ Raña).

O segundo elemento do composto **A Fonte de Nunes** deu lugar a unha castelanización do topónimo como «Fuente de Lunes» ou «del Lunes» por semellanza fónica co nome castelán do día da semana, e orixinou unha regaleguización «do Luns» que acadou certo uso oral e escrito. Este topónimo ha de gardar relación con *O Casal de Nunes* ou *de Núñez*, ben atestado na documentación histórica da parroquia (→ Casal); a confusión co *lunes* do castelán só puido vir motivada pola

forma galega do apelido patronímico (*Núnez*, *Nunes* na fala local seseante) e non pola súa forma castelanizada.

O único topónimo de Matamá en que o substantivo *fonte* vén acompañado dun adxectivo é **A Fonte Santa**, nome dunha fonte e tamén dos seus arredores, ao sur da vía VG-20, na estrema coa parroquia de Santo André de Comesaña. Repítese esta denominación noutros topónimos próximos: **O Marco da Fonte Santa** e mais **A Canteira da Fonte Santa**. Habitualmente aplícase este adxectivo ás augas ás cales se lles atribúen propiedades curativas ou milagrosas. En Galicia Nomeada cóntanse noventa e cinco topónimos co nome de *Fonte Santa*. A documentación histórica recolle a referencia a unha propiedade chamada **A Coutada da Fonte Santa** en 1766 (*Matamá I*, 166).

Outros topónimos compostos con *fonte* como segundo elemento son **O Cocho da Fonte** (→ Cocho) e **O Pinar da Fonte** (→ Piñeiro).

**A Fontenla** é o nome dunha área entre Parada e O Roupeiro. Tanto pode ser un diminutivo de fonte, *Fontela*, cunha consoante nasal adventicia, como, máis probablemente, o resultado de FONTANELLA, diminutivo dun latín *fontana*, tamén derivado de *fons, fontis*. No latín medieval de Galicia, *fontanum* e *fontanam* aplícanse tanto a un manancial coma a canalización que aproveita a súa auga, e ese é o significado que teñen na toponimia galega os resultados *Fontán* e *Fontao*. Rexístrase este topónimo en 1687 como *Campo da Fontenla* nun documento de venda de Domingo González do Roupeiro e a súa dona María de Campos (*Matamá I*, 137). **A Fontiña,** na Mó, é un diminutivo común de *fonte*.

Nos documentos históricos relativos a Matamá rexístranse outros topónimos como *A Fonte da Regueiriña*, en Beirán, e varios compostos con *fonte* que aparentemente non sobreviviron: *O Campo da Fonte*, nome dunha herdade situada entre O Pazo e A Revolta, *A Lata da Fonte*, de localización descoñecida, e *A Horta da Fonte de Vilar*, que supoñemos onda a fonte dese nome.

## ► Forca

**A Forca**
**O Outeiro da Forca / O Outeiro Forcado**
**A Barxa do Outeiro da Forca**
**O Pinar da Forca**

No Catastro de Ensenada (1753, 1762) e noutras demarcacións da parroquia de Matamá adoita sinalarse na estrema con Santo André de Comesaña un marco no lugar chamado **O Outeiro da Forca** (→ Outeiro). Ese debeu de ser o nome orixinario da zona, tamén coñecida co simple **A Forca**, onde tamén se encontran **A Barxa do Outeiro da Forca** (→ Barxa) e mais **O Pinar da Forca** (→ Piñeiro).

Os topónimos formados co substantivo *forca* (< lat. FURCAM), por máis que na fantasía popular poidan suscitar a asociación –que pode ser certa nalgún caso excepcional– cun patíbulo para axustizar por enforcamento, polo regular refírense a unha bifurcación viaria (cf. o nome de *Forcadela*, onde confluía o camiño do Val de Tebra co que viña da Guarda en dirección a Tui) aínda que tamén poden vir motivados por algunha formación pétrea, un *outeiro* (co significado de 'penedo' na fala local) de formas que susciten a idea de bifurcación, como unha pedra fendida en dúas gallas. No caso do Outeiro da Forca, parece confirmar ese segundo significado a denominación alternativa de **O Outeiro Forcado** con que aparece nalgunhas fontes. Na actualidade xa non parece posible comprobar que outeiro concreto puido suscitar o topónimo, pois a área viuse profundamente transformada coa construción do acceso sur á Zona Franca.

## ► Forno

### O Forniño

**O Forniño** son unhas terras de labor ao suroeste de Campos. O nome é un diminutivo de *forno* (< lat. FURNUM ou FORNUM). Na toponimia, este substantivo pode referirse a edificacións que albergaron un forno (de pan, de cal, de tella…) ou a concavidades naturais no terreo, como equivalente do feminino *furna*. Tamén se aplicou, especialmente o derivado diminutivo (*fornelo*, *forniño*, *fornela*) a monumentos megalíticos. Descoñecemos cal destas acepcións motivou o topónimo de Matamá. No Catastro de Ensenada, as propiedades situadas no Forniño viñan cualificadas como labradío de primeira calidade.

## ▶ Fosqueira

### A Fosqueira

**A Fosqueira** é hoxe unha zona de campos e vivendas entre A Rouca, na Revolta, e o Outeiro de Balvís. O topónimo parece conter un derivado do adxectivo *fosco* (< latín FUSCUM) 'escuro', que puido designar áreas sombrías, acaso pola abundancia da vexetación, mais tamén se aplica ás persoas como equivalente a 'túzaro', 'de mal carácter', coma o correspondente castelán *hosco*.

Na relación de alcumes e sobrenomes da parroquia consta *O Fosqueiro* (*Matamá II*, 310). É verosímil que o sobrenome teña relación co topónimo, mais non sabemos cal é primeiro. O topónimo ten máis de trescentos anos, pois vemos o **Campo da Fosqueira** mencionado polo menos desde comezos do século XVIII entre as propiedades que tiña en Matamá o convento de San Domingos de Pontevedra.


Quarta Parte del Campo do Casal,
y Campo da Fosqueira

Título de foros de San Domingos de Pontevedra (século XVIII, PARES, AHN, Clero, L. 10238)

## ▶ Freixa

### A Freixa

Repítese un topónimo **A Freixa** en dous sitios de Matamá. Un deles no suroeste da parroquia, na estrema con Valadares, á beira da autovía VG-20. O outro, unha zona do Monte do Castro en Beirán.

Neste caso estamos ante un topónimo equívoco. Na toponimia da Galicia suroccidental, unha *freixa* ou *feixa* é unha fervenza ou cachón nun curso fluvial; é palabra de etimoloxía controvertida, quizais prerromana, que xa atraeu a atención do Padre Sarmiento no século XVIII. Malia o parecido, non garda relación co nome da árbore chamada *freixo*

(< lat. FRAXĬNUM). A plataforma Galicia Nomeada recolle trinta e oito topónimos A Freixa, a maioría na provincia de Pontevedra, e case sen excepción designan lugares situados nun curso fluvial, polo que supoñemos que a motivación é unha fervenza ou cachón. Non podemos dicir o mesmo destes topónimos de Matamá, que moi probablemente teñen orixe diferente e están formados a partir do nome do lugar do Freixo, na parroquia de Valadares, un fitotopónimo relativo ás mencionadas árbores. O primeiro deles está situado no camiño tradicional que conduce desde Matamá a ese lugar da parroquia veciña. O outro topónimo **A Freixa**, en Beirán, ha de responder talvez á mesma motivación. Sería polo tanto unha forma feminina do nome do lugar de procedencia do propietario: *A Freixa* = 'a de alguén do Freixo', como sucede con *Alboresa* (→) 'a de alguén de Alborés'. Non consta *Freixo* na relación de alcumes da parroquia, mais si *A Freixeira*, acaso formado a partir dun apelido toponímico *Freixeiro*, relativo á parroquia de San Tomé de Freixeiro

## ► Frío, Fría

**As Frías**
**O Casal da Fría**
**A Presa da Fría**

Entre os topónimos compostos co substantivo *casal* (→) encóntrase **O Casal da Fría**, na Barxa, e ao seu carón **A Presa da Fría**, á beira do Rego da Mó. O segundo elemento parece conter o adxectivo común *fría* (< lat. FRIGĬDAM), mais descoñecemos a motivación concreta que o xerou. Na microtoponimia adoita aplicarse este adxectivo ás augas, moi frecuentemente acompañando o substantivo *fonte*, mais non faltan exemplos con *bouza, lama, braña* ou outros substantivos onde o topónimo subliña neses lugares o feito de teren temperaturas inferiores ás dos arredores. É verosímil que tamén se referise á temperatura o nome dunha área chamada ***As Frías***, no noroeste da parroquia, hoxe dentro da Zona Franca.

Rexístrase en Vigo polo menos desde o século XVIII un apelido castelán *Frías*, orixinario da localidade burgalesa homónima, mais non

temos constancia de ninguén con este apelido na documentación histórica de Matamá.

## ▶ Gago

### *A Gaga*

**A Gaga** é o nome dunha zona de monte e arboredo ao norte do campo de fútbol do Penedo da Mó. O topónimo é un feminino formado sobre o alcume ou apelido *Gago*, segundo unha fórmula habitual na microtoponimia do Val de Fragoso: *A Gaga* = 'a de Gago'. *Gago* é apelido e sobrenome relativamente común, equivalente a *Tato* ou *Tatexo,* que se refería ao xeito de falar da persoa a quen se aplicaba.

Como apelido e como sobrenome, *Gago* ten uso noutras parroquias de Fragoso desde a Idade Media. A mediados do século XVIII, entre os propietarios de Matamá cóntase o chamado *Miguel Gago*, veciño de Vigo, que tiña casa no Roupeiro e vínculos con Beirán e coa familia dos Ríos, unha das estirpes históricas da parroquia (*Matamá I*, 150). Non podemos atribuír a ese individuo o topónimo, pois nese tempo **A Gaga** xa era topónimo consolidado. Na comprobación do Catastro de Ensenada (1762), as propiedades situadas «al sitio da Gaga» (tamén «Jaga», cunha grafía que reproduce a gheada) cualificábanse como labradío de secaño de segunda e terceira calidade.

## ▶ Gaiteiro

### A Gaiteira

**A Gaiteira** é unha área de monte no estremo sur da parroquia, na zona de Beirán, ao leste do campo de fútbol do Penedo da Mó e ao norte da circunvalación VG-20. Parece constituír un novo exemplo de topónimo formado mediante o feminino do nome ou sobrenome de propietario (A Gaiteira = 'a do Gaiteiro'). Non se rexistra *Gaiteiro* ('persoa que toca a gaita') na relación de alcumes e sobrenomes actuais da parroquia, pero sen dúbida debeu existir no pasado. O primeiro gaiteiro de Matamá de que se ten noticia é o xastre Xan Rouco, mencionado a mediados do século XVII (*Matamá I*, 121).

Considérase que *gaita*, termo común ao galego, portugués e castelán, é un substantivo de orixe xermánica, procedente do gótico *gaits* 'cabra', pois os foles das gaitas facíanse con pel deste animal.



«... Pedro da Rriveira, Estevo Costas, Gregorio Martinez, Juan Rrouco de Parada, gaiteiro...»

## ► Galantón

Unha área do interior da actual Zona Franca, ao noroeste do Roupeiro, aparece na documentación histórica da parroquia de Matamá co nome de **Galantón** («sitio de Galantón»). Eran terras de cultivo, caracterizadas no Catastro de Ensenada (1753, 1762) como labradío de secaño de primeira, segunda e terceira calidades. O nome parece conter un derivado dos termos de orixe francesa *galán*, *galante* 'persoa elegante e cortés que procura agradar ou seducir', que tamén tivo e ten uso como sobrenome e apelido, polo que é probable que *Galantón* sexa en última instancia un topónimo de propietario. En Galicia hai portadores dun apelido *Galante*, especialmente no sur de Ourense, pero non de *Galantón*, que si existe como apelido, aínda que minoritario, noutras áreas da Península e en Hispanoamérica. Á falta de rexistros escritos máis antigos, non podemos descartar a posibilidade de que sexa unha alteración dalgún composto de *val* ou de *agro* co nome persoal *Antón*.

## ► Gapito → A Costa do Gapito, O Cocho do Gapito

## ► Grota, Garota

### A Garota

**A Garota** era o nome que recibía unha área de monte ao noroeste do Roupeiro, á beira das Terzas, hoxe no interior da Zona Franca. Marcos Alonso inclúe na cartografía de Matamá dous topónimos *A Garota do Borja* e mais *O Balcón da Garota* e sitúaos na mesma área, cunha tipo-

grafía que os distingue como nomes documentados por escrito pero de localización imprecisa.

*Garota*, a pesar da homofonía con *garoto*, *garota* 'rapaz, rapaza', propio do portugués brasileiro, non ten relación con eses termos e debe de ser unha alteración dun orixinario *Grota*, alterado por anaptixe ou vogal de apoio que crea unha sílaba máis. O portal Galicia Nomeada recolle máis de medio cento de topónimos co termo *Grota* ou ben coa variante *Agrota*, que interpretamos como resultado da aglutinación do artigo feminino, e só excepcionalmente coa forma trisilábica *garota* (un *Coto da Garota* en Salvaterra de Miño). Os dicionarios atribúenlle a este substantivo *grota*, para o cal se ten proposto unha orixe prelatina, o significado de «abertura hecha por las crecidas en la margen de los ríos» (DdD). En portugués, os dicionarios actuais asígnanlle a *grota* os significados de «abertura por onde a água das enchentes invade os campos marginais» e «terreno em plano inclinado, na intersecção de duas montanhas»... Un autor portugués do século XVI usa *grota* como equivalente a *barranco*: «Tem uma grota ou barranco que se chama Grande, pelo êle ser dum quarto de légua de comprido...» (Gaspar Frutuoso, ano 1590). De acordo con estes significados, os topónimos que conteñen o substantivo designarían áreas co relevo moi erosionado por efecto das augas (→ Raña, con significado próximo).

Nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra rexístrase en 1620 «la heredad que se diçe da Garota da Tomada, que llevará en sembradura seis ferrados de pan» (PARES, AHN, Clero L.20186). No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades do «sitio da Garota» veñen cualificadas como monte de terceira calidade.

## ▶ Gaspar

**A Gaspara**
**A Canteira da Gaspara**

**A Gaspara** é unha das entidades de poboación da veciña parroquia de Valadares, e por extensión tamén se aplica o mesmo nome a unha área próxima na estrema entre Valadares e Matamá. O topónimo é un feminino de propietario, formado a partir do antropónimo *Gaspar* (A Gaspara = 'a de Gaspar'), nome persoal tomado dun dos Reis Magos,

que se difundiu na onomástica hispánica a partir de finais do século XVI, a raíz da promoción que fixo a igrexa postridentina da festividade da Epifanía. O topónimo é unha forma adxectiva creada mediante o feminino do nome persoal, segundo o mesmo procedemento que vemos en *A Faxarda, A Gaga, A Rouca* etc.

## ► Gorga

### A Gorgosa

Os dicionarios galegos recollen un substantivo *gorga* como denominación de varias plantas parasitas dos xéneros *Cuscuta* e *Spergula*. É un termo galego e portugués de orixe escura, quizais prerromana. A *Cuscuta epithymum* é ben recoñecible polo seu aspecto de fíos amarelos ou avermellados, tamén chamados *barbas de raposo* ou *liño de raposo*. As *Spergula* son plantas invasivas nos cultivos; segundo os dicionarios, a *Spergula arvensis* recibe ademais do de *gorga* os nomes de *esparcela* e *pipirigallo*, e comparte coa *Cuscuta* o nome de *liño de raposo*. En portugués un composto *gorga-dos-montes* é o nome da *Spergula pentandra*. A algún destes significados botánicos (máis probablemente a *Cuscuta*, dadas as características do terreo) debe o seu nome a **A Gorgosa**, unha zona de monte ao oeste da Barxa, na estrema con Santo André de Comesaña, ao norte da autovía VG-20. *Gorgosa* é en orixe un adxectivo abundancial formado co sufixo correspondente ao latín *-osus*.

O mesmo significado botánico é o que adoitan ter na toponimia os derivados *Gorgal*, *Gorgueiro*, *Gorgoso*, aínda que nalgún caso poden confundirse con formas de significado moi diferente, relacionadas con *gurgullo*, *gorgullo*, *agurgullar*, *gorgullón* e semellantes, hidrónimos relativos a nacentes de auga ou mananciais, relacionados cun latín tardío *gŭrgus*, de orixe onomatopeica, que imita o ruído da auga a ferver. Probablemente vén tamén motivado pola planta parasita chamada *gorga* un topónimo *O Gorgal*, en Cabral, que orixinou unha forma *O Gorxal* por hipergaleguización da realización *ghorghal*, con gheada.

## ▶ Granxa

### As Granxas

Antes do século XII, cando a orde monástica do Císter difundiu o substantivo *granxa* (do francés *grange*, e este do latín GRANĬCA, derivado de *granum* 'gran, cereal'), o galego xa posuía un substantivo *graña* (< GRANĔAM) para designar a mesma realidade: unha explotación dedicada ao cultivo e ao almacenamento de produtos agrícolas para propietarios residentes noutro lugar, maioritariamente os mosteiros. Na toponimia conviven estes topónimos de orixe medieval, que responden a ese significado, con outros de creación máis recente, os máis deles do século XX, onde *granxa* ten o significado actual de 'explotación gandeira'.

En Matamá, coñécese como **As Granxas** unha ampla zona de campos de labor con algunha vivenda ao sueste da Lagarella, entre esta e Budiño. O nome actual é un plural secundario de creación relativamente recente, pois o topónimo consta en singular, **A Granxa**, en todas as fontes históricas, o mesmo ca no Catastro de Ensenada (1753, 1762), onde se cualifican as terras dese nome como monte de primeira calidade e labradío de segunda e terceira. Xulio Fernández Pintos e Marcos Alonso Rodrigues identifican atinadamente este topónimo coas propiedades que o mosteiro de San Domingos de Pontevedra posuía na parroquia desde o século xv, parte das cales tiña aforadas Tristán Francés a comezos do século XVI (*Matamá I*, 68-70) e foron obxecto de longos litixios entre ese convento e algunhas familias fidalgas de Fragoso e Miñor. Por exemplo, o iniciado coa demanda presentada polos dominicos pontevedreses no século XVII contra Xoán de Barros Falcón e os fillos do bacharel Cadaval sobre a revindicación da «Granja de Matamá», documentación que podemos ver no arquivo virtual Galiciana.

## ▶ Golpella

### As Gulpilleiras

*Vulpes vulpes* é o nome científico da raposa ou raposo, coñecido animal da familia dos cánidos. *Vulpes* era o seu nome latino, e dese nome e do seu diminutivo *vulpecŭla* proceden en galego o masculino

*golpe* e o feminino *golpella*. Como outros animais hostís para os humanos, neste caso pola súa actividade depredadora contra as galiñas e outras aves domésticas, o seu nome considerouse tabú e foi substituído por denominacións eufemísticas, principalmente a de *raposa*, *raposo*, un derivado de *rabo* interferido pola familia léxica do verbo latino *rapio* 'arrebatar, secuestrar'. No norte de Lugo sobrevive hoxe *golpe* como denominación do animal, e o diminutivo *golpella* debeu de ter uso en toda Galicia antes de verse desprazado por *raposa*, *raposo*.

Os derivados de *golpella* teñen presenza na toponimia de todo o territorio galego, sobre todo mediante derivados co sufixo -*eira*. O Nomenclátor de Galicia recolle quince localidades chamadas *A Golpilleira*, *A Gulpilleira* ou os seus plurais, e na microtoponimia é moito máis común. Ademais destas formas tamén se rexistran outras variantes como *Golpelleira*, *Gorpilleira*, *Grupilleira*.



«... congostra que ba de la balsa a las golpelleyras» (San Domingos, *Tombo becerro*, PARES, AHS, Clero, L. 10240)

En Matamá, **As Golpelleiras** (na fala local pronunciado con gheada) é unha zona con vivendas ao sur de Ribás, onda o Casal de Sisón. Nos apeos de San Domingos de Pontevedra consta entre os bens deste convento en Matamá unha *Tomadiña das Golpelleiras* ou *Gulpilleiras* (1620) e faise referencia á «congostra que ba de la Balsa a las Golpelleyras» (1653). En 1689, o presbítero Pedro de Comesaña comproulle ao convento de San Domingos de Pontevedra a *Coutada das Gulpilleiras* co labradío anexo chamado do *Rabete da Vesadiña* en 1689 (*Matamá I*, 171). Nalgún momento do pasado foi un lugar habitado; no Catastro de Ensenada (1753) consta que o veciño Hermenegildo Comesaña posuía unha casa terreña «al sitio de Julpilleiras», pero daquela xa non era habitable, pois estaba arruinada.

## ▶ Herba

**O Herbal**

**O Herbal** é unha denominación alternativa que recibe a área tamén chamada *A Lagoa* (→), ao sur do San Amaro, á beira do río de Sisón. É un derivado co sufixo colectivo *-al* a partir de *herba* (< latín HERBAM), comunmente aplicado a lugares destinados a pasto ou forraxe para o gando.

É un termo moi común na toponimia galega. A plataforma Galicia Nomeada recolle 695 topónimos que conteñen o substantivo *herbal*.

## ▶ Herville → Erville

## ▶ Herdeme

**O Cocho de Herdeme**

Carecemos de información suficiente que nos permita recoñecer a etimoloxía e o significado do segundo elemento do composto ***O Cocho de Herdeme*** (→ Cocho), unha pequena zona de terras de labor ao leste de Parada. Coma noutros compostos con *cocho*, podería ser un nome ou alcume persoal do propietario ou usuario.

## ▶ Horta

**A Horta**
**A Horta da Mó**
**A Horta Fechada**
**A Horta da Fonte de Vilar**
**A Horta do Limoeiral**
**A Horta de Balvís**
**A Horta das Cebolas**
**A Hortiña**
**As Hortas**
**Entre as Hortas**
**O Huerto**

*Horto* e *horta* son substantivos comúns que designan un terreo cercado destinado ao cultivo de verduras e hortalizas, en moitos casos tamén con árbores froiteiras. Remontan ao latín *hortus*, que en orixe significaba ‘cerrado, fechado’; na toponimia de Matamá, veñen equivalendo ao común *cocho*. O habitual na toponimia galega é o feminino, que en Matamá está presente nos seguintes topónimos: **A Horta**, nome dunha pequena área en Ribás, á beira da fonte e o lavadouro de Tras do Regueiro, cualificada no Catastro de Ensenada como labradío de regadío de primeira calidade, outra **A Horta**, zona de cultivos en Ribelas, e unha terceira **A Horta** ou **A Horta da Mó**, na Mó, á beira da fonte da Tomada. Outro topónimo idéntico, no Pazo, debeu de motivar o nome da presa chamada **A Presa da Horta**. **A Horta Fechada**, ao sur da capela da Soidade en Beirán, contén o participio do verbo *fechar*, forma común en toda a área tudense e en portugués, fronte a *pechar* noutras áreas de Galicia. A estes hai que engadir un diminutivo **A Hortiña** en Parada, ao sur do Pazo de Abaixo, e un plural **As Hortas** en Ribás, ao norte da Quirincosta, que identificamos co que figuraba no Catastro de Ensenada como *A Horta*, en singular, cualificado como parra de primeira e segunda calidade.

A documentación histórica rexistra na parroquia outros topónimos semellantes: **A Horta da Fonte de Vilar**, onda a fonte e lavadouro de Vilar, **A Horta do Limoeiral** en Parada, **A Horta de Balvís** ou **A Horta das Cebolas**, en Balvís, outra **A Hortiña** en Campos e un composto mediante a preposición *entre* (→), **Entre as Hortas**. Un castelanismo **O Huerto** dá nome hoxe a unha área ao oeste da Cachada, en Vilar, por riba da autovía VG-20.

## ► Igrexa

**A Igrexa**
**O Cocho de Suaigrexa**

O substantivo correspondente ao latín *ecclesia* ten moita presenza na toponimia galega. No Nomenclátor de Galicia cóntanse por centos os topónimos que conteñen o nome *Igrexa* ou variantes como *Eirexa*, *Eirixe*, *Eirexe*, *Grixa*, *Grixoa*, *Grixó*…, e na microtoponimia son tamén moi abundantes.

En Matamá, **A Igrexa** é un dos núcleos habitados tradicionais da parroquia, que recibe o seu nome por situarse nel a igrexa parroquial de San Pedro. Para o relativo á historia do nome da parroquia, véxase o que se di na «Introdución». Sabemos polo Catastro de Ensenada que a mediados do século XVIII vivían no lugar da Igrexa oito familias. Desde o século XVI, o nome aparece sistematicamente castelanizado como *Iglesia*, ou coa abreviatura *Yglª*, na documentación escrita, e figuraba como *Iglesia* ou *La Iglesia* nos nomenclátores ata hai poucas décadas. O segundo elemento do topónimo **O Cocho de Suaigrexa**, que explica a situación do *cocho* por debaixo da igrexa, contén a preposición *so-* (< latín SUB), frecuentemente alterada en *su-*, especialmente ante vogal.

*En Matamá I* (301-304) ofrécesenos información acerca da historia da igrexa parroquial. A actual, construída sobre a antiga, presumiblemente románica, é obra do século XIX, pero non o campanario, que é de 1915.

## ▶ Infesta

### A Infesta

Coas variantes *enfesta* e *infesta* repítese en Galicia este topónimo, un adxectivo proveniente do latín *infestus*, *-a*, *-um*, que en orixe significaba 'hostil, levantado contra o inimigo', pero acabou usándose como 'empinado, costento, erguido'. *Enfesto*, *enfesta* teñen paralelo no castelán *enhiesto*, e na toponimia aplícanse a lugares caracterizados por situárense nunha costa moi pronunciada. A plataforma Galicia Nomeada recolle corenta e dous topónimos coa forma *Enfesta* e 104 con *Infesta*.

**A Infesta** en Matamá é unha zona ao oeste da Mó, ao sur do Monte da Barxa, entre este e a autovía VG-20, efectivamente caracterizada pola súa acusada pendente.

Consta como *Infesta* ou *Monte da Infesta* na documentación relativa ás propiedades de San Domingos de Pontevedra en Matamá. No ano 1731, o convento aforoulle ao veciño Pedro Alonso un pedazo de monte «de la Ynfesta (...) con la obligación de lebantar casa (como lo hizo)».


Foro de la Casa nueba y territorio
en el Monte de la Ynfesta

Foro da casa nova que fixo Pedro Alonso na Infesta (PARES, AHN, Clero, L. 10238)

## ► Insua

**As Insuelas**

Menciona a documentación de San Domingos de Pontevedra desde o século XVI un topónimo de Matamá ***As Insuelas***, que aparentemente non sobreviviu ata a actualidade. Marcos Alonso sitúao na Abelleira, ao sur da Mó. Contén un diminutivo do común *insua* < (lat. INSŬLAM 'illa'), que na toponimia adoita designar a zona comprendida no ángulo do encontro de dous cursos fluviais.



«montasgo das ynsuelas que llieva de sembradura dos buzios de pan...» (ano 1591, PARES, AHN, Clero, L. 10233)

En Galicia Nomeada recóllense 912 topónimos co substantivo *insua*, e 87 co diminutivo *insuela*. O sufixo diminutivo -*elo*, -*ela* (< latín -ELLU, -ELLA) deixou de ter rendemento en galego xa na Idade Media, substituído por -*iño*, -*iña*, o que nos informa da antigüidade destes derivados.

## ► Lagar, Lagarella

**A Lagarella**
**A Fonte da Lagarella**
**O Lavadouro da Lagarella**
**Tras do Lagar**

**A Lagarella** é outro dos núcleos habitados tradicionais de Matamá. Xa existía na Idade Media e pola documentación de San Domingos de Pontevedra coñecemos as diferentes familias que tiveron aforado desde comezos do século XVI o lugar da Lagarella e as súas terras, propiedade dese convento (*Matamá I*, 77). A mediados do século XVIII habitaban A Lagarella tres familias, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada.

O topónimo contén un diminutivo mediante o sufixo diminutivo -*ella* (latín -ICŬLA) de *lagar* (< lat. LACALEM), un derivado de *lacus* 'lago, poza'. Igual que sucede co nome do río Lagares (historicamente chamado *Sárdoma*; na zona mencionado tamén nalgunhas fontes como río *da Foz* ou *da Fos*), no topónimo *A Lagarella* pode dubidarse se garda relación co común *lagar* 'recipiente onde se pisa a uva' ou se refire a lugares alagadizos, onde se forman pozas ou lagoas en períodos de chuvias. Topónimos inmediatos ao núcleo da Lagarella (como *O Cocho da Fonte*, **A Fonte da Lagarella**, **O Lavadouro da Lagarella**, *O Ameal*, *A Mina*) e as numerosas presas dos arredores poderían facer sospeitar un significado hidronímico, mais os dicionarios recollen un feminino *lagareta* como nome dun 'lagar pequeno' e é verosímil que a *lagarella* orixinaria fose unha «casa de lagar» coma a que se nos describe no «Apeo de los bienes que trae en Matamáa Pedro Costas» a finais do século XVI: «Una casa grande tellada con su corral y junto della dos cortes y mas la casa de un lagar colmadas y un palleiro de tener paxa…».

Un destes lagares de pisar uva tamén deixou pegada no topónimo **Tras do Lagar**, nome dunha área no Roupeiro. Un topónimo que a documentación histórica rexistra como **Sulagar**, na Mó («Cocho de Sulagar»), podería conter tamén este substantivo precedido da preposición *so* (→ So, sub), mais tamén se documenta con variantes como *Seulugar* e *Seulogar*, onde parece que o segundo elemento do composto era *lugar* (→).

## ▶ Lagarto

**O Lagarto**
**O Lagarto da Pedra**

*Lagarto* (dun latín hispánico **lacartus*, variante do latín *lacertus*) é un substantivo común en galego, castelán e portugués. O seu emprego na

toponimia pode vir motivado pola presenza ou abundancia deses réptiles no lugar (especialmente no derivado en *-eira*, *lagarteira*), pero en casos coma este, co zoónimo en singular, adoita referirse a petróglifos ou formacións pétreas mais tamén a calquera accidente que puidese lembrar un lagarto pola forma sinuosa.

Unha área da estrema entre Matamá e Valadares, ao oeste da Mó e ao sur do Monte da Barxa, entre este e a autovía VG-20, coñécese como **O Lagarto**. Unha parte desta área, chamada **O Lagarto da Pedra**, está en territorio de Matamá; o resto da área e mais a contigua, denominada *O Lagarto de Arriba*, pertencen xa a Valadares. No Catastro de Ensenada, as propiedades situadas «al sitio del Lagarto» viñan cualificadas como monte de segunda e terceira calidade.

## ► Lago, lagoa

**A Lagoa**
**A Lagoíña**
**Os Lagos**
**A Lagoa do Castro**

*Lago* e *lagoa* (< latín LACUM e LACUNAM) son nomes comúns en galego que designan masas de auga rodeadas de terra. O feminino *lagoa* adoita aplicarse ás máis pequenas, non sempre permanentes.

En Matamá, **A Lagoa** é o nome dunha zona de terras de labor á beira de Ribeliñas, entre Ribelas de Abaixo e Campos. É quizais a mesma que nalgunhas fontes escritas se denomina **A Lagoíña** (*Matamá II*, 297). As propiedades que rexistra con eses nomes o Catastro de Ensenada (1753, 1762) veñen cualificadas como labradío de regadío de primeira e segunda calidade. Chámase tamén **A Lagoa** unha área de campos e arboredo ao sueste de Paramos, na Devesa, preto da estrema coa parroquia de Castrelos. Un terceiro topónimo **A Lagoa** denomina unha ampla área ao sur de San Amaro, onda o río de Sisón, a ambas as beiras deste; a parte situada máis ao leste tamén se coñece como *O Herbal* (→ Herba).

A documentación escrita menciona así mesmo un composto **A Lagoa do Castro**, que Marcos Alonso sitúa entre Parada e O Castro, e que debe de referirse a este último no seu segundo elemento.

O masculino *lago* témolo en plural no topónimo **Os Lagos**, nome dunha zona no sueste da parroquia, ao leste do Outeiro do Coto do Mouro, preto da estrema con Castrelos á altura de Macal.

O nome da *Lagarella* (→) contén un derivado de *lagar*, que en última instancia tamén está emparentado etimoloxicamente con *lago*.

### ▶ Lama

**A Lama da Mó**
**A Lameira**
**O Lameiro**
**A Fonte do Lameiro**
**O Lavadouro do Lameiro**

O substantivo común *lama* 'barro, bulleiro, lodo', 'terra mollada, enchoupada ou lamacenta' é un termo de orixe prerromana. Tanto na forma simple coma en derivados ou compostos ten moitísima presenza na toponimia para designar lugares húmidos. Nalgunhas áreas galegas *lama* e o derivado *lameiro* adquiriron significados específicos, e así en Ourense e o sur de Lugo poden ser sinónimos de *prado*. A plataforma Galicia Nomeada recolle 3491 topónimos co substantivo lama ou o seu plural, e 3012 cos derivados *lameiro e lameira*.

En Matamá temos o simple *lama* no topónimo **A Lama da Mó**, unha área de monte ao sur do campo de fútbol do Penedo da Mó, entre este e a autovía VG-20. Neste lugar atópase outro dos conxuntos de petróglifos prehistóricos da parroquia. No Catastro de Ensenada, as propiedades situadas nesa zona («sitio da *Lamadamó*») cualifícanse como monte de primeira calidade e labradío de secaño de terceira.

O mesmo catastro define como parra e regadío de primeira e terceira calidade as terras situadas no sitio chamado **A Lameira**, que era o nome tradicional da área onde se localiza hoxe o cemiterio parroquial.

O correspondente masculino **O Lameiro** dá nome a unha área ao norte da Mó, na mesma zona onde se encontra **A Fonte do Lameiro** co seu lavadoiro, **O Lavadouro do Lameiro**. Na documentación rexístrase na mesma zona unha *Presa do Lameiro*.

## ▶ Landra

**O Landral**

O galego *landra*, o nome do froito de árbores coma o carballo, remonta ao latín *glans, glandis*, do mesmo significado, ou ao seu diminutivo GLANDŬLAM. A presenza deste substantivo na toponimia evoca un arboredo de carballos ou aciñeiras. En Matamá temos un derivado colectivo co sufixo *-al* (< latín -ALE) en **O Landral**, nome dunha ampla zona, principalmente de terras de labor, entre Beirán e As Carneiras. O topónimo rexístrase co nome actual desde o século XVII na documentación de San Domingos de Pontevedra, pois formaba parte dos bens que posuía este convento en Matamá. No Catastro de Ensenada, as propiedades que se localizan «al sitio do Landral» cualifícanse como monte de primeira e terceira calidade e labradío de secaño de segunda e terceira.

## ▶ Laranxa

**O Laranxal**
**O Laranxo**
**A Viña dos Naranxos**

O galego *laranxa*, coma o portugués *laranja* e o castelán *naranja*, é un termo de orixe árabe. A presenza de laranxeiras nas hortas de Matamá está documentada polo menos desde o século XVI, nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra, que mencionan entre os bens que ten aforados en Matamá o veciño Pedro Costas «un pumar con su huerta de laranxos y limoheiros». Un derivado colectivo **O Laranxal** é o nome dunha zona ao norte de Ribás, entre o núcleo de vivendas e a Fonte das Regadas. No Catastro de Ensenada, as propiedades deste nome (rexistrado como *Laranxal* e *Naranxal*) cualifícanse como labradío de secaño e parra de primeira calidade.

Na documentación histórica da parroquia rexístrase tamén un masculino **O Laranxo** ou **O Naranxo** nas proximidades do Roupeiro e un plural **Os Naranxos** ou **A Viña dos Naranxos** de localización imprecisa. Son topónimos formados cun castelanismo para o nome da árbore, me-

diante o masculino do nome da froita, segundo o modelo de *manzano* ou *castaño*, pois en galego é un derivado feminino (*laranxeira*).

## ▶ Largo

**Os Largos**
**A Leira Larga**
**O Campo Largo**

O adxectivo *largo*, *larga* mantén en galego e en portugués o significado etimolóxico que tiña *largus* en latín 'amplo, ancho', mentres que en castelán pasou a adquirir o significado de 'longo' (→ Longo). Na toponimia urbana, un substantivo *largo* designa un espazo aberto onde conflúen varias rúas, e en portugués vén equivalendo a *praça*. En Matamá, **Os Largos** é o nome dunha pequena zona en Parada. Este topónimo é talvez herdeiro, cun plural secundario e cunha elisión do substantivo, dun **Campo Largo** que o convento de San Domingos de Pontevedra engadiu aos seus bens na parroquia no ano 1668. En 1762, a comprobación do Catastro de Ensenada menciona un topónimo **A Leira Larga**, hoxe perdido, entre as propiedades en Matamá de Pedro Alonso, veciño de Castrelos que ten casa na Carapucha.

## ▶ Lata

**A Lata**
**A Lata da Eira**
**A Lata Vella**

O substantivo *lata* é un termo de orixe prerromana, posiblemente céltica, presente no baixo latín *latta*, que significa 'vara, pau longo'. De aplicarse ás varas transversais ou aos esteos da armazón que sostén as parras, *lata* pasou a significar tamén 'parra, emparrado', e ese é o significado que adoita ter na toponimia galega e portuguesa. Existe tamén como lusismo léxico nas illas Canarias, onde *latada* ou *enlatada* é a denominación dun *emparrado*. No Catastro de Ensenada e na súa comprobación (1753, 1762), as videiras de Matamá aparecen diferenciadas en *viñas* e *parras* (*Matamá I*, 109); as primeiras son probable-

mente cepas baixas ou tamén as que teñen forma de árbore ou que crecen servíndose dunha árbore como soporte, tal como se fai aínda nalgunhas áreas portuguesas, en tanto que as denominadas *parras* nese catastro corresponden ás chamadas popularmente *latas* na zona e están elevadas sobre unha estrutura de madeira.

Está presente este nome en **A Lata**, unha área de cultivos ao sur de Beirán, preto da Simona, na estrema con Valadares, probablemente a mesma que tamén se rexistra co nome de **A Lata da Eira**, e outra chamada **A Lata Vella,** no Pereiro.

A documentación histórica recolle en Matamá outros topónimos paralelos, como *A Lata da Fonte*, *A Lata do Palleiro* e *A Latiña*, de localización incerta, e mais *A Lata Pequena*, este probablemente en Beirán.



«… y [o]tra casa más terreña y una corte y **lata** y huerta» (San Domingos Pontevedra, PARES, AHN, Clero, L. 10240)

## ▶ Lavadouro

**O Campo do Lavadouro**
**O Lavadouro da Balsa**
**O Lavadouro da Balsa de Arriba**
**O Lavadouro da Carneira**
**O Lavadouro da Cavadiña**
**O Lavadouro da Devesa**
**O Lavadouro da Mó**
**O Lavadouro da Raña**
**O Lavadouro da Regueira**
**O Lavadouro da Revolta**
**O Lavadouro das Degas**
**O Lavadouro das Regadas**

**O Lavadouro de Alvite**
**O Lavadouro de Balvís**
**O Lavadouro de Nunes**
**O Lavadouro de Tras do Regueiro**
**O Lavadouro do Lameiro**
**O Lavadouro do Río**
**O Lavadouro dos Pintos**
**Os Lavadouros**

Entre os derivados de verbos teñen presenza relativamente común na toponimia os formados mediante o sufixo correspondente ao latín *-oriu*, *-oria*, que adoitan designar o lugar onde se realiza a acción expresada polo verbo. A diferenza do galego estándar, onde o resultado común destes derivados presenta a terminación *-oiro*, *-oira* (*obradoiro, lavadoiro*) a solución do galego tudense e de case todo o portugués é *-ouro*, *-oura*, de xeito que o nome *lavadoiro* presenta en Matamá a forma local *lavadouro*.

Os lavadoiros adoitan ser na actualidade espazos acondicionados, cunha pía de construción e cubertos, mais os máis deles consistían tradicionalmente nunhas simples pedras deitadas sobre a auga na beira do río, de aí que en moitos casos continuasen denominándose simplemente *o río* ou o *río de lavar*. A plataforma Galicia Nomeada recolle 1161 topónimos que conteñen o substantivo *lavadoiro*, espallados por todo o territorio, e 130 coa variante *lavadouro*, todos eles situados no sur da provincia de Pontevedra.

Na toponimia de Matamá, un plural **Os Lavadouros** dá nome a unha zona inmediata ao **Lavadouro da Mó**, do cal tomou o nome, polo que interpretamos que se trata dun plural secundario. Unhas terras de labor en Campos son coñecidas como **O Campo do Lavadouro**. O resto dos topónimos en que está presente este substantivo designan os diferentes lavadoiros da parroquia: **O Lavadouro dos Pintos**, no Pazo de Cima, cun apelido no seu segundo elemento (→ Casa), **O Lavadouro do Río**, no río de Sisón, **O Lavadouro da Carneira**, nas Carneiras, e **O Lavadouro da Devesa**, na Devesa.

En moitos casos o lavadoiro recibe a mesma denominación ca a fonte que o alimenta (→ Fonte) e no mapa parroquial de Marcos Alonso figuran os dous elementos cun só rótulo: «Fonte e Lavadouro de X».

Son **O Lavadouro de Alvite**, **O Lavadouro da Balsa** e **O Lavadouro da Regueira** (na Balsa), **O Lavadouro da Barxa**, **O Lavadouro da Cavadiña** (ao sur de Beirán, preto xa da Simona, en Valadares), **O Lavadouro da Lagarella**, **O Lavadouro do Lameiro** (en Beirán), **O Lavadouro de Nunes** (entre o Castro e A Igrexa; → Casal de Nunes, Fonte de Nunes), **O Lavadouro da Revolta** e **O Lavadouro das Degas** (na Revolta), **O Lavadouro de Tras do Regueiro** (entre Ribelas e A Carapucha), **O Lavadouro da Raña** (no Roupeiro), **O Lavadouro das Regadas** (en Ribás) e **O Lavadouro de Balvís**.

## ► Laxe

**As Laxes**
**Laxela**

*Laxe* é nome común en galego, que os dicionarios definen como «pena de grandes dimensións e de superficie lisa, que aflora nun terreo sen sobresaír del». É un termo de orixe prerromana, probablemente céltica, que se documenta en latín medieval como *lágena*. Ten moita presenza na toponimia de toda Galicia. O portal Galicia Nomeada recolle preto de 3000 topónimos coa secuencia *lax-*, correspondente a *laxe* e a súa variante *laxa*.

**As Laxes** é o nome duns campos ao sur de Parada. Rexístrase nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra no ano 1620: «heredad que se dice das Lajes que quedó de Antonio de Parada». Parece que o nome alternou cun diminutivo **Laxela** e un composto redundante **As Laxes da Laxela**, se realmente corresponde ás mesmas propiedades, como supón Marcos Alonso, as que aparecen ás veces na documentación como *laxes* «de La Xiela» (*Matamá II*, 305).

## ► Lebogada → Lobagada

### ▶ Leira

**O Campo de Leiras**
**O Campo da Leira**
**A Leira da Sieca**
**A Leira da Cerca**
**As Leiras Longas**
**A Leira Nova**

*Leira* é un termo común galego de orixe prerromana que designa de maneira xenérica un campo de cultivo e ao cal se lle supón como étimo un celta *PLAREA 'chan, plano'. A plataforma Galicia Nomeada recolle preto de 400 topónimos que conteñen este substantivo, distribuídos por todo o territorio.

Na toponimia de Matamá está presente en plural no nome dunhas terras de labor denominadas **O Campo de Leiras**, en Beirán, no sueste da parroquia, na estrema coa de Valadares á altura do Carregal, que se rexistra nos apeos de San Domingos de Pontevedra desde o ano 1591. A documentación histórica menciona outro **Campo da Leira** no barrio da Mó. Ao norte dese campo, xa preto de Beirán, sitúa Marcos Alonso un topónimo **A Leira da Sieca**, cun segundo elemento de orixe e significado escuros (acaso un hipocorístico *Xeca*, de *Xosé*?). Un composto con *cerca* (→ Cerca, cercado) é **A Leira da Cerca**, no Roupeiro.

A forma alongada das propiedades motivou o topónimo **As Leiras Longas**, nome dunha área extensa de terras de labor ao norte da Carapucha, probablemente a mesma que na documentación se denomina tamén *A Chan da Carapucha* (→ Chan). **A Leira Nova**, en Balvís, é quizais un topónimo replicante doutro **A Leira Vella** que se rexistra na documentación histórica da parroquia.

Son moitos os topónimos recollidos nesa documentación que conteñen o substantivo *leira* e que aparentemente non sobreviviron ata hoxe. Entre eles, *A Leira larga* (→ Largo), *A Leira da Cela* ou *A Leira da Sela* (→), preto da estrema con Coia, na actualidade dentro da Zona Franca. Non lonxe dela, *A Leira das Pementas*, cun segundo elemento que supoñemos sobrenome de familia propietaria, ou quizais do apelido *Pimenta*, relativamente común en Portugal, nun caso e no outro relacionados co substantivo común *pemento*, *pementa*, do latín PIGMENTUM

'colorante'. *A Leira de Vasco*, en Ribás, contiña o nome persoal *Vasco* (→), galego e portugués, correspondente ao castelán *Velasco*, e en Beirán situábanse *A Leira dos Castiñeiros*, *A Leira dos Carreiriños* e mais *A Leira da Cereixeira*, por outro nome *A Leira do Carreiro*. Podemos engadir unha *Leira da Pereira Grande*, de localización descoñecida, e un diminutivo *A Leiriña* na Revolta.

## ► Limoeiro

**As Limoeiras**
**O Cocho do Limoeiro**
**O Limoeiral**

*Limoeiro* é a denominación común galega da árbore que dá limóns, formada mediante o sufixo *-eiro* a partir do nome da froita (*limón* < lat. LIMONEM), coa característica perda do -n- intervocálico da evolución regular do latín ao galego. Na documentación do San Domingos de Pontevedra relativa aos bens que ese convento posuía en Matamá atopamos reiteradas referencias aos limoeiros entre as árbores froiteiras en hortas, eixidos, cochos e pomares; vémolo na enumeración do «Apeo dos bens que trae en Matamá Pedro Costas» do século XVI (→ Laranxa), e mais no foro do lugar do Pazo, do ano 1621, onde se fan constar explicitamente oito limoeiros.



«Apeo de los bienes que trae en Matamaa Pedro Costas» (San Domingos de Pontevedra, 1591)

Un feminino **As Limoeiras** denomina uns campos ao nordeste de Vilar, ao sueste do Pereiro. Pode tratarse dunha denominación feminina da árbore, pois hai constancia do seu emprego (*limoeyra* en 1535, segundo Elixio Rivas, DdD) ou, máis probablemente, coma noutros casos en que o nome da árbore é un masculino co sufixo *-eiro*, o feminino pode ter valor colectivo (*salgueiro*/*salgueira*, *castiñeiro*/*castiñeira*). O masculino está presente no nome nunha pequena área da Cavada que se rexistra como **O Cocho do Limoeiro**.

A documentación histórica recolle un derivado con sufixo colectivo na zona de Parada, **O Limoeiral** ou **Horta do Limoeiral**.

## ▶ Liño

### Os Liñares

O cultivo do liño (< latín LINUM), polo seu aproveitamento téxtil, foi unha actividade agrícola común no pasado. Aínda que non falta constancia documental do cultivo de liño en Matamá (*Matamá I*, 110), así como da existencia de presas destinadas a empozalo, ese cultivo só deixou pegada na toponimia da parroquia no nome dunha área denominada **Os Liñares**, ao oeste do Regueiro de Picón e hoxe dentro da Zona Franca. O nome é un derivado formado co sufixo colectivo *-al*, habitualmente alterado en *-ar* como adoita suceder cando existe un L nunha sílaba precedente (LINALEM > *liñal*/*liñar*, como en *Abelal*/*Abelar* →). No Catastro de Ensenada, as propiedades que reciben este nome veñen cualificadas como labradío de regadío de segunda.

O Nomenclátor de Galicia recolle 65 localidades chamadas *Liñar* ou *Liñares*. En Galicia Nomeada cóntanse por centos os topónimos derivados de *liño*, o que evidencia a importancia que tivo na agricultura tradicional.

## ▶ Lobagada

### As Lebogadas

Na toponimia galega, especialmente na microtoponimia, repítense nomes como *A Lobagueira* ou *A Lobagada*, con variantes como *lebe-*

*gueira*, *lavagueira* ou *albagueira* (= *A Lobagueira* con perda da vogal da sílaba inicial e aglutinación do artigo), *lobagada*, *lebogada*. Denominan habitualmente un curso de auga, permanente ou estacional, que descende por unha ladeira en pendente, ás veces natural, ás veces unha canalización. Téñense por termos de orixe incerta, talvez prerromana, formados cunha base *lob*- que pode remitir á raíz hidronímica indoeuropea **leu*-, a mesma que deu orixe ao verbo latino *lavare* 'lavar'. As variantes con <e> na primeira sílaba semellan ultracorrección (cf. /lobada/ na fala, por *levada*) dun <o> orixinario, pois estes topónimos xa se rexistran con <o> no latín medieval (no CODOLGA vemos unha *aquam de Lobagaria* nun documento do mosteiro de Melón do ano 1252).

En Matamá, **As Lebogadas** é o nome dunha pequena área na Mó, ao leste dos campos chamados Os Lavadouros e ao sur da Fontiña. Talvez se denominou en orixe *A Lebogada* o regato chamado rego das Mazoqueiras (→) nesa zona. No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades situadas *al sitio de Lebogadas* constan como labradío de secaño de primeira calidade e de regadío de primeira e segunda.

## ► Longo, Longa

**A Longa**
**O Marco da Longa**
**As Longas**
**As Barxas Longas**
**Os Campos Longos**
**A Eira Longa**
**As Leiras Longas**

O adxectivo *longo* (< lat. LONGUM) na toponimia denomina realidades, habitualmente terras de labor, caracterizadas polas súas dimensións cando son notablemente máis longas ca largas (→ Largo). En Matamá, un singular **A Longa** é unha zona de campos ao sueste da Carapucha, ao norte dos Xubalbidos. O plural **As Longas** denomina unha pequena área no linde con Castrelos, ao leste da Lagoa. Repítese **As Longas** ao sur das Carneiras, entre a estrema con Beade e a avenida de Castrelos, á beira da área chamada *As Tiriñas de Babio de Abaixo*, onde o dimi-

nutivo de *tiras* ha de responder á mesma motivación: a forma estreita e alongada das propiedades. Preto do cemiterio de Pereiró e hoxe dentro da Zona Franca, houbo uns campos de labor denominados igualmente **As Longas**.

**O Marco da Longa** é denominación alternativa do Marco da Andoriña (→).

Acompañando un nome, repítese este adxectivo nos topónimos **As Barxas Longas**, na Barxa (→ Barxa), **Os Campos Longos**, preto de Beirán (→ Campo), **A Eira Longa**, ao norte do Pazo (→ Eira) e **As Leiras Longas** (→ Leira) na Carapucha.

Na toponimia do Val de Fragoso, e tamén doutras áreas galegas, son relativamente comúns os derivados deste adxectivo mediante o sufixo átono de orixe prerromana -*ara*, -*aro* (o mesmo de *gándara*, *cótaro* etc.) a partir deste adxectivo, coas formas *A Lóngara* ou *A Longra*, motivados tamén por formas alongadas na paisaxe, mais non contamos con ningún exemplo entre os topónimos de Matamá.

## ▶ Lougares

**Lougarés**
**O Cocho de Lougarés**
**O Campo de Lougarés**

**Lougarés** é o nome dunha pequena área ao leste da Igrexa, ao sur de Ribelas, con algunha vivenda. Menciónase como **Cocho de Lougarés** nun foro de San Domingos de Pontevedra do ano 1591 e como **Campo de Lougarés** en 1653. A mediados do século XVIII, segundo nos informa o Catastro de Ensenada, residía no lugar de Lougarés unha única familia. O topónimo parece conter un xentilicio, co mesmo sufixo que vemos en *A Camoesa*, só que aquí na forma do masculino, xerado a partir do nome da parroquia mondaricense de Lougares. Este *Lougarés* sería, polo tanto, a forma popular correspondente a un cultismo *lougarense*. Consideramos verosímil que fose en orixe un sobrenome de propietario, alcumado *lougarés* por ser orixinario de Lougares, Mondariz.

O topónimo *Lougares* de Mondariz rexístrase coa forma actual no século XIII na documentación do mosteiro de Melón; unha única atestación do século XII, coa forma *Locares*, podería facer pensar que contén

o resultado dun latín LOCALES 'lugares', pero o ditongo *ou* da primeira sílaba é obstáculo para esa etimoloxía, polo que quizais é un topónimo de orixe prerromana, talvez da raíz hidronímica **leu* (→ Lebogada).



«... y mas el cocho de Lougarés que está cerrado e circundado sobre si que llieva de sembradura dos celemines de pan...»

## ► Loureiro

**Loureiro, O Canizo do**
**O Loureiral**

*Loureiro* é a denominación común galega da árbore que recibe o nome científico de *Laurus nobilis*. Procede de LAURARIUM, un derivado do nome latino *laurus*. Na forma simple, en singular e en plural, ou en derivados como *Loureiral*, *Louredo*, *Lourido*, *Lordelo*..., é un tema moi presente na toponimia galega. No Nomenclátor de Galicia as localidades que conteñen no seu nome unha referencia aos loureiros superan as duascentas; a plataforma Galicia Nomeada recolle máis de mil topónimos desa familia léxica.

En Matamá, **O Canizo do Loureiro** ou **O Canizo Loureiro** (→ Canizo) é o nome duns campos con algunha vivenda ao norte de Parada, preto da Zona Franca.

Un derivado colectivo **O Loureiral** denomina unhas terras de labor ao oeste de Parada. No Catastro de Ensenada (1753) as propiedades situadas «al sitio del Loureiral» cualificábanse como labradío de secaño de primeira calidade.

## ▶ Lugar

**O Lugar da Barxa**
**O Lugar da Cavada**
**O Lugar da Igrexa**
**O Lugar da Torre**
**O Lugar de Ribás**
**O Lugar de Diante**
**O Lugar de Don Pedro**
**O Lugar de Riba**
**O Lugar do Outeiro**

Na toponimia tradicional do Val de Fragoso, o substantivo *lugar*, ademais do seu valor xenérico equivalente a 'sitio', 'localización', designaba especificamente unha vivenda rural, co seu eixido (*enxido*) e horta e outras dependencias, todo dentro dun cercado.

En *Matamá I* (268) ofrécesenos unha reconstrución do plano do *lugar* do abade don Xoán de Bastos.

Entre os topónimos tradicionais de Matamá sobreviven uns cantos que tiveron orixinariamente ese significado, sempre coa fórmula *O Lugar de* seguido dun segundo elemento: **O Lugar da Barxa**, **O Lugar de Riba** ou **de Arriba** e **O Lugar de Diante**, os tres na Barxa; **O Lugar da Torre**, ao sur de San Amaro; **O Lugar de Don Pedro**, no Roupeiro; **O Lugar do Outeiro**, no Outeiro de Balvís; **O Lugar de Ribás**, **O Lugar da Cavada** e **O Lugar da Igrexa**. A documentación histórica da parroquia recolle outros topónimos paralelos, de localización descoñecida ou imprecisa, como **O Lugar da Oliveira**, **O Lugar da Pereira**, **O Lugar do Eido**…

## ▶ Lume → Candea

## ▶ Macal

**Macal / O Macal / Os Macales**

**Macal** é o nome dunha das entidades de poboación da veciña parroquia de Castrelos, onde tamén dá nome a un pequeno afluente do río Lagares. Parte das terras cultivadas situadas ao oeste dese lugar xa

se encontran en territorio de Matamá e reciben o nome de **O Macal** ou **Os Macales**.

Non se rexistra outro *Macal* na toponimia galega. O artigo destes microtopónimos de Matamá é secundario, pois no *Catastro de Ensenada* (1753, 1762) só se documenta sen el: «sitio de Macal», tal como o nome do lugar de Castrelos, que tamén se rexistra sempre sen artigo. Aínda que pola terminación en *-al* pode semellar un colectivo, non existe un nome **maco, *maca, *maque* ou algo semellante que poida orixinar un derivado *macal*, polo que quizais teña orixe nun xenitivo MACCARII, dun nome persoal de orixe latina *Maccarius*, se non é un topónimo de orixe prerromana, relacionado con *Mácara*, nome dunha aldea do concello de Palas de Rei, de significado descoñecido.

## ► Maceira

**A Maceira**
**O Outeiro da Maceira**
**O Cotiño da Maceira**
**O Coto da Maceira**
**O Outeiro da Maceira**
**A Veiga da Maceira**
**A Viña da Maceira**
**A Costiña das Maceiras**

Para o substantivo común *mazá* (< latín MATIANAM) úsase en Matamá, como en toda a Galicia occidental, a variante *mazán*, que na fala tradicional local se realiza con seseo. O nome común galego da árbore, *maceira* (< lat. MATIANARIAM) convive na actualidade en toda esta área cunha denominación derivada do nome da froita (*mazanceira/masanseira*), de xeito paralelo ao de *cerdeira/cereixeira* (→ Cereixa). Como sucede con outros topónimos que conteñen nomes de árbores que son femininos en *-eira*, o topónimo tanto puido vir motivado por un único exemplar como ter desde a orixe un significado colectivo.

**A Maceira** é hoxe o nome dun núcleo habitado da parroquia, aínda que non figuraba como tal nos nomenclátores oficiais, probablemente por considerarse unha parte da Lagarella. Polo Catastro de Ensenada sabemos que a mediados do século XVIII residían na Maceira dúas fami-

lias. Ao leste da Maceira sitúase a área denominada indistintamente **O Outeiro da Maceira**, **O Coto da Maceira** ou **O Cotiño da Maceira** (→ Coto, Outeiro).

Entre as propiedades de San Domingos de Pontevedra na parroquia consta unha denominada **A Veiga da Maceira** (→ Veiga) nun foro de 1591 e mais un «campo y **Viña da Maceira**» que o convento ampliou por compra doutros dous ferrados de terra en 1673. Na mesma documentación histórica tamén se rexistra unha **Costiña das Maceiras** nos arredores da Mó (*Matamá II*, 295).

## ▶ Maeso

**A Maesa**

Denóminase **A Maesa** unha área de campos e vivendas na Balsa, ao norte da autovía VG-20 e preto do acceso sur á Zona Franca. O topónimo semella un feminino de propietario ou usuario segundo a fórmula habitual na zona (A Maesa = 'a de Maeso'). É un topónimo relativamente recente; non o recolle o Catastro de Ensenada e o rexistro escrito máis antigo que se coñece é do ano 1887, cando aparece como denominación alternativa dunha parte da Devesa da Balsa ou Monte da Balsa (*Matamá I*, 287), polo que podemos consideralo unha mostra toponímica do paso de parte dos montes comunais a mans particulares na segunda metade do século XIX, no caso de Matamá máis estimulada polo aproveitamento dos recursos de pedra ca polos forestais. *Maeso* é un apelido castelán, en orixe un sobrenome, variante de *maestro*, continuadores nesa lingua do latín *magister*, *magistrum* e correspondentes ao galego *mestre*.

## ▶ Marco

**O Marco da Andoriña**
**O Marco da Canóniga**
**O Marco da Carneira / A Pena Carneira**
**O Marco da Ferreira**
**O Marco da Fonte Santa**
**O Marco da Longa**

**O Marco da Pedra Furada**
**O Marco da Telleira**
**O Marco das Barreiras**
**O Marco das Xaídes**
**O Marco do Outeiro da Forca**
**O Marco do Penedo da Mó**
**O Marco do Picón**
**O Marco do Pragal**
**O Marco Grande de Balaído**

*Marco* é o nome común que designa o fito, mollón ou pedra que serve para delimitar un territorio. Como *marca*, *marcar*, *demarcar* e toda a súa familia léxica, son termos de orixe xermánica, presentes en todas as linguas peninsulares. Aínda que calquera propiedade pode vir delimitada por marcos, os que producen topónimos consolidados adoitan ser os que sinalan lindes de certa importancia, como as estremas entre parroquias.

No libro de Marcos Alonso Rodrigues e Xulio Fernández Pintos dedícaselle un capítulo á demarcación parroquial con detallada información de 35 marcos e dos rexistros escritos que ofrece a documentación histórica desde o século XVI (*Matamá I*, 24-32). Nalgúns deles, en lugar do substantivo *marco* temos un termo equivalente (*pedra*, *padrón*), o que orixina denominacións alternativas (*A Pedra Furada* / *O Marco da Pedra Furada, O Padrón Grande* / *O Marco do Padrón Grande, O Marco Grande de Balaído* / «O Marco Grande de Santa María de Crestelos [Castrelos] que está no medio de Velaýde»). Os seus nomes responden ao esquema *O Marco* + *de* + *segundo elemento*, e remitimos a este segundo elemento para a explicación etimolóxica.

*O Marco da Telleira*, que sinala a estrema con Castrelos ao sur do cemiterio de Pereiró, ilustra unha das caras da pedra co relevo de dúas chaves cruzadas, representación icónica de San Pedro, a advocación parroquial de Matamá. Ten interese a denominación alternativa con que se rexistra este marco na documentación: *Marco de Benade* ou *Venade*. O Nomenclátor de Galicia recolle tres localidades, nas provincias da Coruña e Lugo, con ese nome. É o resultado do xenitivo BENENATI, dun nome persoal de orixe latina *Benenatus* 'ben nado, ben nacido', usado entre nós desde a época romana ata o século XII. Non

sabemos se este *Benade* do nome do marco é o topónimo orixinario do lugar ou se, máis probablemente, contén un apelido Benade, relativo a unha familia propietaria ou usuaria dos terreos. Na actualidade é un apelido característico do Baixo Miño e ten no concello de Tomiño a maior densidade de portadores, o que significa que debeu orixinarse por referencia a algún outro topónimo *Benade* nesa zona.

*O Marco da Andoriña* é a denominación alternativa de *O Marco da Longa*, do mesmo xeito que *O Marco da Ferreira* é o mesmo ca *O Marco da Canóniga*. *O Marco do Penedo da Mó* desapareceu coa construción da autovía VG-20, *O Marco das Xaídes*, coa construción da Zona Franca. A estes poden sumarse outros como *O Marco do Caramanchel*, *de Cataboi*, *da Simona*, *de Sanín* etc., que conteñen no seu segundo elemento un topónimo das parroquias contiguas.

### ► María

**María das Neves**
**A Coutada de María das Neves**
**O Campo da Sela de María Telma**
**Pedra María / Peramaría / Pumarías**

O nome persoal *María* é a adaptación ao latín, a través do grego, dun nome hebreo *Maryam*, en última instancia de orixe aramea. Por ser *María* o nome da nai de Cristo converteuse no nome feminino máis empregado na tradición cristiá ao longo dos séculos.

Na toponimia de Matamá está presente no topónimo **María das Neves**, nome dunha área da Mó de Abaixo, que tamén se rexistra por escrito como **A Coutada de María das Neves**. Este antropotopónimo de propietario feminino non consta no Catastro de Ensenada, polo que deducimos que é de creación posterior. A parroquia integrou na súa tradición o culto a Nosa Señora das Neves e a celebración da súa festividade, que conmemora unha nevada na antiga Roma en pleno mes de agosto atribuída á intervención milagrosa da Virxe María. Este culto debeu favorecer o uso do nome asociado a esta advocación mariana na onomástica feminina da parroquia.

Repítese *María* como formante dun nome feminino composto no topónimo **O Campo da Sela de María Telma**, nome dunha área próxima

á estrema con Coia e con Santo André de Comesaña, hoxe no interior da Zona Franca. Vemos nel o nome *María Telma*, coa forma feminina de *Telmo*, un antropónimo característico da diocese tudense, difundido polo culto a San Telmo (< SANT' ERASMUS), identificado na tradición local con Pedro González Telmo, secretario do bispado de Tui no século XIII.

Na documentación histórica de Matamá menciónase tamén un topónimo **Mariandrés**, probablemente alteración dun orixinario *María Andrea*, mais corresponde a unha zona da veciña parroquia de Valadares, onde sobrevive coa forma *O Cocho de Mariandrés*, no barrio do Carregal (*Toponimia de Valadares*, 170).

Un topónimo **As Pumarías**, que dá nome a unha área no suroeste de Matamá, entre o núcleo de Vilar e a autovía VG-20, non garda relación con *pumar* (→), malia a aparencia, pois semella alteración dun orixinario **Peramaría**, isto é, un composto de *pedra* co nome persoal *María* (→ Pedra), pois con ese nome e co de **Pedra María** tamén se rexistra na documentación. Posiblemente foi en orixe con preposición, *Pedra de María*.



## ► Marqués, Marquesa

**A Marquesa**
**O Pinal do Marqués**
**O Xubalbido do Marqués**

A documentación histórica de Matamá mostra que os marqueses de Valadares, ou propiamente a estirpe dos Sarmiento de Valadares (pois o marquesado concedéuselles relativamente tarde, en 1673), oriúndos da veciña parroquia de Valadares, foron uns dos grandes propietarios de terras na parroquia (*Matamá I*, 75-78). *Marqués*, título nobiliario, é un

derivado de *marca* 'territorio', termo de orixe xermánica, como *marco* (→).

Parece seguro que se refire ao marquesado de Valadares o topónimo **O Pinal do Marqués**, próximo da estrema con Matamá mais xa en territorio desoutra freguesía, que responde a repoboacións forestais da segunda metade do século XVIII. En cambio, pode dubidarse se tamén responde a esa motivación o segundo elemento do topónimo **O Xubalbido do Marqués** (→ Xubalbido), que tamén podería conter un sobrenome de propietario ou usuario, dado que consta *O Marqués* entre os alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 310).

Suscita as mesmas dúbidas un feminino *Marquesa*, que ademais tamén tivo uso como nome persoal, presente na zona chamada **A Marquesa**, hoxe con vivendas, no Outeiro de Balvís. Podería constituír un feminino de propietario (A Marquesa = 'a do Marqués'), segundo o procedemento común na microtoponimia da zona: *A Gaspara, A Simona, A Alboresa, A Rouca, A Gaga*…

## ► Martiz

### Os Martices

Recibe o nome de **Os Martices** unha zona do linde coa parroquia de Valadares, no bordo meridional do termo parroquial, onde unha moderna pasarela atravesa a vía de circunvalación VG-20, ao sureste do campo de fútbol do Penedo da Mó. O topónimo designa tamén a área que queda ao sur desa estrema, xa na parroquia de Valadares.

É un plural da forma tradicional galega (*Martiz*) do apelido patronímico derivado do nome persoal *Martiño*. Este patronímico ten presenza na toponimia (o Nomenclátor de Galicia inclúe dez localidades chamadas *Martices* ou *Os Martices*) e sobreviviu ocasionalmente na fala, mais no seu uso oficial como apelido, na maior parte dos casos foi substituído polo correspondente castelán *Martínez*.

## ► Maruxa (Moruxa, Muruxa)

**O Maruxento**
**Parque Forestal do Maruxento**

*Muruxa*, *moruxa*, *muruxes, moruxes* e tamén *maruxa*, esta interferida polo hipocorístico de *María*, son denominacións usuais en galego para a planta tamén chamada *herba paxareira*, de nome científico *Stellaria media*, herba ventureira que medra en sitios húmidos. Proceden do latín MURUGĬNEM, un derivado de *mus, muris* 'rato', pois outro dos nomes latinos desta planta era *muris auris* 'orella de rato'.

O topónimo *O Maruxento*, compartido por Matamá coas veciñas parroquias de Comesaña e Valadares, constitúe un *unicum* na toponimia galega. En Galicia Nomeada vemos un cento de topónimos relacionados con estes fitónimos, entre eles tres núcleos habitados recollidos no Nomenclátor de Galicia (dous *Muruxás* e un *A Muruxosa*), mais ningún derivado mediante o sufixo -*ento*, formador de adxectivos coa connotación de abundancia.



*Stellaria media*, moruxa

**O Maruxento** é unha ampla área de monte no suroeste de Matamá, convertida na actualidade no **Parque Forestal do Maruxento**, herdeiro da antiga devesa real, na actualidade separado do resto do territorio parroquial polo trazado da autovía VG-20. O topónimo denomina tamén a parte pertencente ao territorio das parroquias veciñas.

Aínda que os dicionarios recollen a variante *maruxa* como nome desta planta, aquí a alteración da vogal da sílaba inicial produciuse en datas relativamente recentes e xa no topónimo, que orixinariamente era *Muruxento*, pois incluso se rexistra con esa forma, mesmo alternando xa coa variante con *ma-*, a mediados do século XVIII no Catastro de Ensenada. Neste catastro, as terras situadas «al sitio del Murugento» (*Muruxento* / *Marugento* / *Marujento*) veñen caracterizadas como monte de segunda e terceira calidade, incluídos 30 ferrados de *devesa real* (→ Devesa).



▶ **Matamá → Introdución (nome da parroquia)**

▶ **Mazoca**

**A Masoqueira / A Mazoqueira**
**A Presa da Masoqueira**

**A Masoqueira** é o nome con que se coñece unha área de monte ao oeste do campo de fútbol do Penedo da Mó. A documentación histórica rexistra nas inmediacións dese lugar unha presa denominada **A Presa da Masoqueira**.

Descoñecemos a orixe e significado deste topónimo, que se documenta tamén como **A Mazoqueira**. Semella derivado dun hipotético

*mazoco, *mazoca, que non recollen os dicionarios, e ten paralelo nun *Mazocal* na veciña parroquia de Valadares. Para este último suxírese a posibilidade de que sexa unha variante local de *Bazocal*, derivado de *bazoca*, *bazoco*, *bazoque*, termos que teñen presenza na microtoponimia suroccidental de Galicia e adoitan designar pozas, pequenas depresións do terreo ou ocos nun laxedo que se encharcan en períodos de chuvia. Son termos de orixe etimolóxica escura, quizais relacionados con *bacía* e outros nomes de recipientes (*Toponimia de Valadares*, 174-175). No concello coruñés da Capela, nas Fragas do Eume, unha fervenza do río Sesín recibe o nome de *Fervenza da Mazoca*, mais neste caso o topónimo tense interpretado como un derivado de *mazo*, quizais alusivo á semellanza do ruído do cachón de auga co do mazo dun ferreiro.

## ► Mendoia

**A Mendoia / Mondoia / As Mendoias**

**As Mendoias** (e tamén en singular, *A Mendoia*, cunha variante *A Mondoia*) é un topónimo que designa unha área de prados e de arboredo ao sur das Longas, ao leste da Carapucha, preto da estrema de Matamá con Castrelos á altura de Macal. Del toma o seu nome **A Presa das Mendoias**.

**Mendoia** é o nome dunha parroquia do concello ourensán da Pobra de Trives; considérase un topónimo de orixe prerromana, relativo á orografía, pois comparte a raíz indoeuropea de *Menduíña* ou *Mondoñedo*, remotamente emparentada coa do latín *mons*, *montis* 'monte'. Podería explicarse a súa presenza na toponimia de Matamá debido a un sobrenome ou apelido toponímico dunha familia propietaria, acaso procedente desa parroquia ourensá. Con todo, a documentación histórica non rexistra ese apelido en Matamá nin nas parroquias veciñas, pero si un apelido toponímico *de Oia* ou *d'Oia*, relativo a Santa María de Oia e ao seu mosteiro ou á freguesía viguesa de San Miguel de Oia, presente por exemplo nos nomes de *Álvaro de Oia*, que exercía señorío en San Tomé de Freixeiro a finais do século XV, e de *Catalina López d'Oya*, quen coa autorización do seu pai, Alonso Blanco, vende unha propie-

dade na Lagarella no ano 1591, segundo consta nun documento do marquesado de Valadares conservado no Arquivo Municipal de Vigo.

En suma, o topónimo *Mendoia* semella ser un antropónimo *Men d'Oia* ou *Men de Oia*, co nome persoal *Men*, forma abreviada de *Mendo* (< Menendu, hipocorístico no nome persoal de orixe xermánica *Hermenegildus*), seguido dese apelido toponímico. A forma orixinaria é o singular e **As Mendoias** sería un plural secundario. Unha alteración semellante deu **A Gordoia**, en Comesaña, a partir dun antigo *Agro de Oia* (Rodríguez Lemos, 2018: 78).

## ► Melón

### O Meloal / Os Menoales

O nome dunhas terras de labor entre A Revolta e A Carapucha figura na documentación escrita con diferentes variantes: *O Menoal*, *Manoal*, *Meloal*, *Os Menoales*, *Os Manuales*. No Catastro de Ensenada (1753) aparece tamén adaptado ao castelán como *El Melonar* e caracterízase como labradío de terceira calidade. Entre as variantes mencionadas, ***O Meloal*** é a denominación máis etimolóxica, pois corresponde a un derivado de *melón* co sufixo colectivo *-al*, coa perda da consoante nasal no derivado como en *limón* / *limoeiro*. A alteración de ***O Meloal*** en ***O Menoal*** responde a un fenómeno común de disimilación consonántica e seguramente se produciu cando o topónimo xa se volvera opaco e non se percibía como un derivado de *melón*.

Talvez se refire á froita cucurbitácea comunmente chamada *melón* (< lat. melonem), mais non podemos descartar outros significados, pois segundo os dicionarios, nalgunhas áreas de Galicia tamén se chamaba *melón* certa clase de cabazo. Un terceiro significado posible, que tamén recollen os dicionarios, é o de *melón* como 'herba pobre e gateña que nace nos prados secos' (e por extensión, 'peluxe, barba incipiente'). Calquera destas acepcións relativas á vexetación puido suscitar o topónimo. Non garda relación co nome do concello ourensán de *Melón* e o seu mosteiro, que responde a outra orixe, quizais prelatina.

## ► Menor

**Os Menores**
**A Leira dos Menores**

A documentación histórica de Matamá rexistra como **Os Menores** ou **A Leira dos Menores** unha propiedade na Mó. Ten paralelo nun feminino *A Menora* na veciña parroquia de Valadares, no barrio da Garrida. Conteñen o adxectivo común *menor* (< lat. MINOREM). Estes nomes na toponimia poden responder a dúas motivacións: ben gardan relación coa orde dos Frades Menores, unha rama laica dos franciscanos, ben se aplicaron a propiedades de orfos administradas por terceiros durante a minoría de idade. Calquera das dúas razóns pode explicar o nome da *Leira dos Menores*, que debe de ser a mesma que se menciona como «heredad de los menores» e tamén «otro pedaço qu'es de los menores» na documentación do convento das franciscanas de Vigo (Memorial Cobrador de Censos, 1672), onde se sitúa a propiedade preto do camiño «que va para San Juan del Freixo». Se nestas mencións podería interpretarse que o topónimo corresponde aos franciscanos menores, noutro documento desa mesma fonte parece máis ben que se refire a menores de idade ao falar da renda que pagan «Gonsalo de Campos y aora por el Alonso da Vila y Domingo Alonso por los menores de Estevan Alonso y Martin Costas Sargento». Nun libro de apeos de San Domingos de Pontevedra consta un de 1591 relativo á «parte & quiñón que agora traen los hijos menores de Pº Costas difunto» (PARES, AHN, Clero 10233).


Apeo de la parte & quiñon que

## ▶ Mentrasto

**A Coutada do Mentrastal**
**O Mentrastal**



Dentro da *Coutada Grande* (→), unha ampla zona de arboredo ao suroeste do Monte da Barxa, hoxe na banda norte da autovía VG-20, aparece denominada na documentación histórica como **O Mentrastal** ou **A Coutada do Mentrastal** (*Matamá II*, 299).

O topónimo contén un derivado colectivo formado mediante o sufixo *-al* a partir de *mentrasto*, *mentastro* ou *mentraste* (< latín MENTASTRUM), denominacións comúns dunha especie botánica tamén chamada *menta brava*, de nome científico *Mentha rotundifolia*. É un derivado de *menta* mediante o mesmo sufixo de *padrasto* / *padrastro*, e o significado orixinario viría sendo 'falsa menta'.

É un fitotopónimo con relativa presenza na microtoponimia (na toponimia urbana de Vigo hai tamén *Os Mentrastes*, nome tradicional dunha área próxima á rúa de Cantabria) mais ausente do Nomenclátor, pois non hai ningunha entidade de poboación cun nome desta familia léxica; si os hai en Portugal, como unha parroquia de Valença do Minho chamada *Mentrestido*.

## ► Mil, millar

**As Millaradas de Abaixo**
**As Millaradas de Arriba**
**A Mó das Millaradas**
**A Millada**
**O Campo da Millada**
**As Milladas**
**A Presa das Milladas**

Non sempre resulta doado diferenciar os topónimos relacionados co numeral *mil* e a súa familia léxica dos relativos ao cereal chamado *millo*, sexa o millo tradicional, millo miúdo ou paínzo (*Panicum miliaceum*) ou sexa o millo americano (*Zea mays*), que transformou significativamente a paisaxe agrícola galega mais non deixou tanta pegada na toponimia coma o millo tradicional. Certa lenda etimolóxica latina xa vinculaba o nome do *milium* ao número mil, porque supostamente cada semente deste cereal podía xerar mil grans, mil sementes novas, do mesmo xeito que o nome do centeo (< latín CENTENUM) pola mesma razón se asociaba ao número cen.

A partir dos numerais *mil* (< latín MILLE) e *millar* (< MILLIAREM), da medida chamada *milla* (< MILIA [PASUUM] 'miles de pasos') e as pedras que as sinalaban, chamadas *miliarios*, formouse un verbo *amillarar*, que tivo un significado orixinario de 'medir e demarcar con miliarios unha superficie ou unha distancia' e sobreviviu na terminoloxía administrativa co significado de «medir un terreo para os efectos fiscais». O *Dicionario de Autoridades* da RAE do ano 1770 definía *amillarar* en castelán como «repartir entre los vecinos de un pueblo las contribuciones por los millares en que se regulan sus caudales y grangerías».

Supoñemos relacionados co verbo *amillarar* os topónimos **As Millaradas de Arriba** e **As Millaradas de Abaixo**, ao suroeste da Mó, na zona inmediata á ponte que atravesa a autovía VG-20 cara ao Maruxento. Nesa zona é onde se encontra o **Petróglifo das Millaradas**, que contén a representación dun cérvido, coñecido tamén como **O Cervo das Millaradas** (*Matamá I*, 46-47). A documentación histórica da parroquia rexistra o nome do lugar no século XVII coa mesma forma actual: *Coutada das Millaradas* (*Matamá I*, 78), e na mesma zona un paralelo *As Millaradas*

*do Tapón*. A parte suroccidental do barrio da Mó, na Mó de Abaixo, situada ao leste desa área, tamén é coñecida como **A Mó das Millaradas**.



Figura de cérvido no Petróglifo das Millaradas [foto: Megaliticia.blogspot.com]

É verosímil que o nome das Millaradas teña relación con deslindamentos históricos, acaso de moitos séculos atrás, pois outros topónimos idénticos xa se documentan en latín antes do ano 1000. A finais do primeiro milenio recibía a denominación de *territorio de Millarada* a bisbarra do alto Lérez (*in territorio Miliarata, discurrente ribulo Lerice*, ano 953, Codolga), nome que hoxe sobrevive no dunha parroquia do concello de Forcarei chamada Millarada. Xa tiña uso tamén hai máis de mil anos un equivalente castelán, presente nun topónimo burgalés *Las Mijaradas*, citado no ano 943 como *Milieratas* (Riesco Chueca, 2006: 214).

O Nomenclátor de Galicia recolle oito localidades chamadas *(A) Millarada* e dúas co masculino *Millarado* e *Millaradelo*. No portal Galicia Nomeada pasan de sesenta os topónimos que conteñen este termo, seis deles no concello de Vigo.

O nome dunha zona chamada **As Milladas**, tamén na estrema de Matamá con Valadares á altura da Simona, rexístrase en singular como

**A Millada** ou **O Campo da Millada** nos séculos XVI e XVII entre as propiedades que ten na zona o convento de San Domingos de Pontevedra. Repítese o nome no segundo elemento do composto **A Presa das Milladas**, situada nesa área. Na *Toponimia de Valadares* (2022: 179), admítese a posibilidade de que este topónimo teña relación co *millo*, mais quizais debamos descartala, tanto pola natureza do sitio, pouco axeitado para o cultivo dese cereal (no Catastro de Ensenada as propiedades situadas «al sitio da Millada» veñen cualificadas como monte de segunda e terceira calidade) coma pola morfoloxía do topónimo, cunha terminación en -*ada* que é propia dun participio verbal. Os dicionarios españois recollen en diferentes áreas do norte peninsular un verbo *amillar* equivalente a *amillarar* (https://www.rae.es/tdhle/amillar), formado non sobre *miliario* senón sobre *milla*. Moitos dos topónimos *A Millada* ou *As Milladas* ou *As Amilladas* están nas estremas parroquiais, o que apoia a hipótese de que se refiran a antigas demarcacións e disputas de lindes, e responden á mesma motivación ca os diferentes *Milladoiro*.

## ▶ Mina

**A Mina da Carneira**
**A Mina da Peideira**
**A Mina do Lustra**
**A Mina do Preito**
**Os Campos da Mina**
**A Carneira da Mina**

*Mina* é un nome común que pode referirse tanto á escavación destinada á extracción dun mineral e á propia veta ou vea dese mineral coma a unha condución subterránea de auga. Agás nalgunhas áreas xeográficas concretas con presenza de industria mineira, na toponimia galega o termo *mina* adoita referirse á auga e designa unha boca ou entrada á galería da condución soterrada e tamén á propia galería, e iso é o que sucede en Matamá.

Hoxe *mina* é un termo moi común, o mesmo ca a súa numerosa familia léxica: *minar*, *minería*, *mineiro*, *mineral*…, mais non son propiamente palabras patrimoniais e antigas, senón préstamos chegados do francés a partir da Idade Media. Antes da difusión e consolidación do

galicismo, as minas de mineral denominábanse en Galicia *covas*, segundo vemos nun documento de Celanova do ano 958 onde se fala de «ipsa cova unde vena sacant», para referirse á excavación, e no mesmo documento explica que a *vena* é a veta ou filón, a vea de mineral: «ipsa vena unde illum ferrum faciunt» (Codolga).

Na toponimia de Matamá temos o substantivo *mina* en media ducia de topónimos, todos referidos a minas de auga. **A Mina do Lustra** e **Os Campos da Mina** sitúanse ao norte do Roupeiro, na estrema coa Zona Franca e xa dentro dela. Os segundos toman o seu nome da primeira, onde *O Lustra* (→) é un sobrenome de propietario, pois consta na relación de alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 310); descoñecemos a motivación deste alcume, acaso relacionado co substantivo *lustre* 'brillo' ou co verbo *lustrar* 'dar brillo' mais tamén 'lostregar', ou cun apelido *Lustres*, característico da banda norte da ría de Arousa.

**A Mina do Preito**, entre a Lagarella e Balvís, na área denominada *O Preito*, seguramente debe o seu nome a algún litixio xudicial.

Reciben a súa denominación da zona en que se encontran as chamadas **A Mina da Peideira** (→) e **A Mina da Carneira**, esta entre O Landral e o camiño dos Carrexóns, onde ten correspondencia nun topónimo simétrico, **A Carneira da Mina**, ao oeste do Landral.

## ▶ Miragaia → Viragaia

## ▶ Mó

**A Mó**
**A Chan da Mó**
**A Cova da Mó**
**O Carballo da Mó**
**A Lama da Mó**
**O Rego da Mó** ou **O Regueiro da Mó**
**A Mó das Millaradas**
**A Mó de Abaixo**
**A Mó de Antes do Río**
**A Mó de Arriba**
**A Mó de Tras do Río**

**O Cocho da Mó**
**O Lavadouro da Mó**
**O Outeiro da Mó**
**O Penedo da Mó**
**O Tombo da Mó**
**O Viveiro da Mó**
**Os Campos da Mó**

O substantivo feminino *mó* é o resultado do galego suroccidental e do portugués correspondente ao galego común *moa* (< latín MOLAM) 'peza dentaria da parte posterior da boca con que se tritura a comida' e tamén 'pedra do muíño', 'pedra de amolar, para afiar ferramentas'. É un termo relacionado co verbo *moer* (< latín MOLERE). A tradición popular ten asociado coas rodas dos muíños os topónimos en que está presente este nome, mais en realidade non responden a esa acepción da palabra, senón que adoitan vir motivados por penedos graníticos naturais, illados, redondeados e lambidos pola erosión. No Codolga encontramos exemplos en latín medieval como *Petra de Mola* (ano 1204, Oseira) que son propiamente denominacións redundantes, o mesmo que acontece co *Penedo da Mó* de Matamá, que ten un paralelo de hai case mil anos (1061) noutro *Peneto de illa Mola* portugués do ano 1061.





Á esquerda, penedos na parroquia de Mos, no concello deste nome (foto: aspedrasquefalan.blogspot.com).
Á dereita, Bosque de Ridimoas (< río de Moas) en Beade, Ourense (foto: *La Región*)

O Nomenclátor de Galicia recolle dúas ducias de localidades cun nome que contén este substantivo; a maioría co resultado *moa*, ou a variante *moá* en parte de Ourense e sur de Lugo. A variante monovocálica, *A Mó*, dá nome a un lugar da parroquia de Rubiós, no concello das

Neves, ademais do de Matamá, e en plural á parroquia que dá nome ao concello de *Mos*. Nesta última salientan aínda hoxe na paisaxe as *moas* graníticas que motivaron o topónimo.

En Matamá, **A Mó** é un dos seus núcleos ou barrios históricos, situado no sur da parroquia, próximo ao linde con Valadares.

O Catastro de Ensenada informa de que a mediados do século XVIII residían na Mó doce familias, o mesmo ca en Beirán e Balvís, os tres barrios máis poboados de Matamá. A Mó está constituída por varias partes denominadas **A Mó de Arriba**, **A Mó de Abaixo** e **A Mó das Millaradas**. A primeira rexístrase en ocasións como **A Mó de Tras do Río**, do mesmo xeito que A Mó de Abaixo tamén se menciona ás veces como **A Mó de Antes do Río**.

Está presente este mesmo nome como segundo elemento de composición noutros moitos topónimos de Matamá, nalgúns casos por referencia ao propio barrio da Mó, noutros pola presenza doutras *mós* ou pedras illadas desas características en diferentes zonas do territorio parroquial.

Son topónimos vivos na actualidade **Os Campos da Mó**, uns campos preto da Mó de Abaixo, nome que se repite noutro **Os Campos da Mó** na estrema con Valadares ao sur da autovía VG-20, **O Carballo da Mó**, **A Chan da Mó** (por outro nome **A Chan da Eira**), **O Cocho da Mó**, **A Cova da Mó**, **A Lama da Mó**, **O Lavadouro da Mó**, **O Outeiro da Mó**, **O Penedo da Mó**, **O Rego da Mó** ou **Regueiro da Mó**, **O Tombo da Mó** (xa en Valadares → Casal do Tombo) e **O Viveiro da Mó** (→ Viveiro).

Marcos Alonso sinala no seu mapa da parroquia algúns outros topónimos recollidos na documentación histórica que aparentemente non sobreviviron ata hoxe: *A Venda da Mó* (entre a Mó e a autovía VG-20), co común *venda* 'establecemento de camiño que atende os viaxeiros', *O Xardín da Mó* (→ Xardín), na Mó de Arriba, *A Mó de San Román*, ao leste do Maruxento e ao sur da autovía VG-20, onde o segundo elemento do composto ha de ser un antropónimo de propietario, *San Román*, apelido toponímico que na zona é orixinario do lugar homónimo da parroquia nigranesa de Priegue, e *A Mó da Razón*, unha área na estrema con Valadares (→ Razón). O nome do campo de fútbol de Matamá consolidou a denominación **O Penedo da Mó**, mais na documentación escrita esa área tamén aparece mencionada como **A Pedra da Mó** (*da Moo*).

Se para a forma escrita do nome da parroquia (véxase a introdución) seguiu sendo habitual ata o século XVIII a grafía medieval con dobre vogal (*Matamaa / Matamá*), a grafía arcaizante *Moo* subsistiu ata datas máis recentes, pois aparece desde os rexistros máis antigos do século XVI ata o século XX. O feito de que alternase coa grafía *Mó* xa no século XVII (por exemplo, nun *Jerónimo Martinez da Mo/da Moo*, do ano 1672) indica que a grafía era simplemente convencional e que daquela xa se pronunciaba unha soa sílaba.



Monteiros extraendo bloques de pedra dunha *mó* en Matamá (*Matamá II*, 117)

## ▶ Monches → Buxo

## ▶ Monte

**O Monte da Balsa**
**O Monte da Barxa**
**O Monte das Xaídes**
**O Monte do Castro**

**O Monte do Castro de Beirán**
**O Monte do Xordo**
**O Monte da Buraquiña**

*Monte* é un termo común, procedente do latín MONTEM. Na toponimia, ademais de designar unha elevación do relevo, tamén ten un significado que non é oronímico, senón relativo ao aproveitamento do terreo, pois dise que están «a monte» os terreos bravos, isto é, non amansados ou cultivados. No Catastro de Ensenada asígnaselles a cualificación de *monte* ás terras incultas de bouza ou mato, dedicadas a producir toxos e xestas, en tanto que as dedicadas á produción forestal adoitan vir cualificadas como *devesa*.

En Matamá, o substantivo *monte* está presente nos seguintes topónimos: **O Monte da Barxa**, tamén chamado O Outeiro da Barxa, que foi devesa real, como tamén o foi **O Monte da Balsa** ou *Devesa do Rei* (→), na Balsa; **O Monte das Xaídes** (→ Xaíde), no ángulo da estrema coas parroquias de Coia e Santo André de Comesaña, desapareceu no interior da Zona Franca; **O Castro** ou **O Monte do Castro**, onda o núcleo habitado do Castro, é un topónimo de interese arqueolóxico, pois corresponde a un asentamento castrexo, igual ca outro topónimo idéntico, **O Monte do Castro**, situado ao suroeste de Beirán, na estrema coa parroquia de Valadares á altura do lugar da Simona. **O Monte da Buraquiña**, ao norte do Pereiro, é unha denominación alternativa do simple *A Buraquiña* (→ Buraco). **O Monte do Xordo**, unha área ao norte do Roupeiro, na estrema coa Zona Franca, ten no segundo elemento do composto un sobrenome de propietario ou usuario, pois *O Xordo*, *A Xorda* figuran na relación de alcumes da parroquia (*Matamá II*, 311).

A documentación histórica de Matamá recolle outros topónimos co substantivo *monte* que non sobreviviron ata a actualidade: **O Monte da Pedra Redonda**, **O Monte das Pandereteiras** (por *pandeireteiras*, quizais un topónimo de carácter anecdótico, derivado do nome do instrumento musical de percusión), **A Presa do Monte** e **O Monte dos Arruídos**, este último cunha forma do participio do antigo verbo *ruír* (< latín RUERE) 'precipitarse, arruinarse', posiblemente aplicado a unha zona pedregosa que pode suxerir a imaxe de ruínas de antigas edificacións.

## ▶ Mouro

**O Coto do Mouro**
**O Outeiro do Coto do Mouro**
**A Toxeira do Coto do Mouro**

Ademais do seu uso como adxectivo, co significado de 'escuro', proveniente do latín MAURUM, o galego *mouro* emprégase como substantivo co significado de 'musulmán' e tamén para designar os seres míticos (*mouros* e *mouras*) que supostamente viven ocultos ou soterrados. Para explicar esta última acepción, e apoiándose na existencia de topónimos como *Maura Morta* documentados no século VI, antes de calquera presenza musulmá na península, tense proposto que co latino *maurus* confluíu outro termo de etimoloxía prerromana, relacionado cun celta **movron* 'morto, defunto', que se aplicou a eses seres de ultramundo, con frecuencia vinculados a vestixios de idades remotas.

Por esta razón, a presenza dun complemento *do Mouro*, *da Moura* ou *dos Mouros* nun nome de lugar fai del un «topónimo de interese etnográfico e arqueolóxico», pois aínda que excepcionalmente pode vir motivado por un alcume de propietario, en moitos outros casos garda relación con lendas e restos prehistóricos. É probable que sexa este o caso do topónimo de Matamá **O Coto do Mouro** ou **O Outeiro do Coto do Mouro**, situado ao leste do lugar do Outeiro.

Entre os bens do convento de San Domingos de Pontevedra en Matamá consta *O Coto do Mouro* no mesmo apeo do lugar da Carneira ou das Carneiras, aforados en 1638 a Domingo Alonso e Antonio de Campos, veciños da parroquia, que lle pagaban de renda anual ao mosteiro 19 ferrados de trigo. Nesa documentación menciónase tamén **A Toxeira do Coto do Mouro** (→ Toxo), situada no mesmo lugar. Na comprobación do Catastro de Ensenada (1762) aparece ás veces erradamente como «Couto (sic) do Mouro» (→ Coto).

## ▶ Mouteira

**A Mouteira**

Unha *mouta* ou *mouteira* é unha elevación ou prominencia do relevo do terreo, tanto se é obra humana, por exemplo unha anta ou monólito, coma se é natural, uns penedos, unha duna, unha matogueira de vexetación…, habitualmente usados como marco ou sinal de demarcación. Como topónimo é relativamente frecuente no Val de Fragoso (cf. *A Mouteira*, *As Mouteiras*, *A Fonte das Mouteiras* na veciña parroquia de Valadares).

En Matamá, **A Mouteira** é un dos marcos que sinalan a estrema con Castrelos, ao leste do barrio da Devesa. *Mouta* e *Mouteira* considéranse termos de orixe prerromana, derivados dunha raíz **mott-* 'montículo, elevación'. Nalgunhas áreas do litoral galego tamén se denominan *mouteiras* ou *moutillóns* as dunas dos areais.

O mapa de Marcos Alonso identifica este lugar chamado A Mouteira cunha propiedade que se rexistra como *A Couteira* ou *A Coutería* na documentación histórica da parroquia. Son topónimos diferentes; *Couteira* é unha grafía errada por *Coutería* ou *Coutaría* 'dereitos vinculados a un couto'. As terras dese nome quizais gardan relación coa veciña parroquia de Valadares, couto de señorío laico (→ Couto).

## ▶ Mosqueira

**Mosqueira**
**O Campo de Mosqueira**

A documentación histórica recolle en Matamá os topónimos **Mosqueira** e **O Campo de Mosqueira** que Marcos Alonso sitúa no sueste da parroquia, na zona das Carneiras ou de Beirán. Aparentemente, non sobreviviu ata hoxe. Contiña un derivado de *mosca* (< latín MUSCAM); a ausencia de preposición (*de Mosqueira*, non *da Mosqueira*) fai pensar nun apelido de propietario, relativamente común e habitualmente castelanizado como *Mosquera*.

## ▶ Muíño

**O Muíño da Canóniga**
**O Muíño da Devesa**
**O Muíño da Regueira**
**O Muíño da Tomada**
**O Muíño da Tomadiña**
**O Muíño das Barxas**
**O Muíño de Alvite**
**O Muíño do Cercado**
**O Muíño do Rego do Campo Carballo**
**O Muíño do Sisón de Abaixo**
**O Muíño do Sisón de Arriba**
**O Muíño dos Soutelo**

O substantivo *muíño*, dun latín tardío MOLĪNUM, relacionado co verbo *molere* 'moer', ten moita presenza na toponimia de toda Galicia. A plataforma Galicia Nomeada recolle 10 900 topónimos con este substantivo. En Matamá, os muíños concentrábanse principalmente no río de Sisón (→), aínda que tamén había outros nas estremas con Beade e Castrelos e con Santo André de Comesaña.

Do chamado **O Muíño da Regueira**, na Balsa, situado ao leste do acceso sur da Zona Franca e hoxe restaurado, hai referencias escritas desde o ano 1689, que o vinculan a Pedro da Ribeira e ao seu fillo Domingo Antonio de Rivera (*Matamá I*, 123), personaxes da historia de Matamá que exemplifican nos seus nomes o proceso de castelanización da onomástica familiar da parroquia.

No Catastro de Ensenada (1753, 1762) decláranse en Matamá catro muíños: tres no río de Sisón e outro no Rego de Campo Carballo, preto do linde con Castrelos. Cando nesas fontes atopamos a fórmula *Muíño de + nome e apelido* («Muíño de Matías de Abreu», «Muíño de don Ventura de Abreu»…) non podemos saber se estamos ante topónimos consolidados na fala local ou só un xeito de referirse ao propietario nese documento. Os do río de Sisón (→) son os que motivaron os topónimos actuais **O Muíño de Sisón de Arriba**, **O Muíño de Sisón de Abaixo** e **O Muíño da Tomadiña**. As denominacións non son constantes nas fontes escritas: o Muíño de Sisón de Arriba menciónase tamén

como **O Muíño das Barxas**; o Muíño da Tomadiña, como **Muíño da Tomada**, **Muíño do Cercado** ou **Muíño dos Soutelo** (→). Nos traballos de reconstrución deste último apareceu a data de 1565 nunha das pedras da porta de entrada (*Matamá I*, 122).

O **Muíño do Rego de Campo Carballo** vén identificado por Marcos Alonso co que noutras fontes se denomina *Muíño da Devesa* e *Muíño de Alvite*, no linde con Castrelos. Aos anteriores debemos engadir o **Muíño da Canóniga** (→), na estrema con Beade.

## ▶ Muros, Entre os → Entre

## ▶ Nabo

### O Nabal

Unha herdade chamada **O Nabal** vén rexistrada na documentación histórica da parroquia nas proximidades de Beirán. *Nabal* é un derivado de *nabo* (< lat. NAPUM), e emprégase habitualmente como equivalente a *horta*, *cocho*, *porral* ou *cortiña*, co significado xenérico de 'herdade próxima á casa dedicada a varios cultivos de hortalizas'.

A plataforma Galicia Nomeada recolle 1556 topónimos co substantivo *nabal* e máis de cincocentos co plurais *nabás* (180), *nabales* (234) e *Nabais* (140)

## ▶ Navarro

### A Viña de Navarro

Un topónimo A **Viña de Navarro**, situada en Campos, que se rexistra na documentación dos séculos XVIII e XIX, non sobreviviu ata hoxe. É un topónimo de propietario, cun sobrenome ou máis probablemente un apelido formado a partir do xentilicio de Navarra. Non rexistramos este apelido entre a veciñanza de Matamá na documentación histórica da parroquia, mais si na veciña de Castrelos, segundo vemos no Catastro de Ensenada. Descoñecemos se tamén pertencía a estes Navarro de Castrelos un eclesiástico chamado Francisco Navarro, racioneiro da colexiata de Vigo, que aparece vinculado ao beneficio de San Pedro

de Matamá no ano 1606 nun documento do Arquivo da Catedral de Santiago (ACS).

## ▶ Nogueira

**A Nogueira**

Na documentación histórica da parroquia constan en Campos os topónimos, hoxe desaparecidos, **A Nogueira**, **O Campo da Nogueira** e **A Viña da Nogueira** (*Matamá II*, 299). Contiñan o substantivo *nogueira* (< latín NUCARIAM, derivado de nux 'noz'), nome común galego da árbore que dá noces.

As nogueiras están presentes na flora arbórea de toda Galicia. No Nomenclátor de Galicia constan setenta e seis entidades de poboación co substantivo *nogueira* no seu nome, sen contarmos as variantes e os numerosos derivados. Na plataforma Galicia Nomeada recóllense 625 topónimos que o conteñen, 25 deles no concello de Vigo.

## ▶ Novo, Nova / Vello, Vella

**A Coutada Nova**
**A Leira Nova**
**A Presa Nova**
**A Tomada Nova**
**A Viña Nova**
**As Tomadas Novas**
**A Novella, As Novellas**
**Novás**
**Os Novases**
**A Lata Vella**
**A Leira Vella**
**A Tomada Vella**
**A Torre Vella**
**A Viña Vella**
**O Balaído do Río Vello**
**O Río Vello de Balaídos**
**O Eido Vello**
**O Río Vello**
**O Outeiro do Vello**
**O Souto do Vello**
**A Presa do Souto do Vello**
**A Vellota**

*Novo* e *nova* teñen moita presenza na toponimia como adxectivos. En Matamá vémolos acompañando diferentes nomes: **A Coutada Nova** (→ Couto), **A Leira Nova** (→ Leira), **A Presa Nova** (→ Presa), **A Tomada Nova**, **As Tomadas Novas** (→ Tomada) e **A Viña Nova** (→ Rebouza, → Viña).

Un derivado **A Novella** ou **As Novellas** («As Nobellas» en *Matamá II*, 300) é o nome dunha área situada hoxe dentro da Zona Franca, ao norte do Outeiro da Forca, na estrema de Matamá con Santo André de Comesaña. O plural é secundario, pois no Catastro de Ensenada desta parroquia consta en singular, coas variantes **Novella** e **Novelle** (Rodríguez Lemos, 2018: 95), o que leva a supoñer que, máis ca un derivado de *nova* co sufixo diminutivo -*ella* (< latín -ĭCULA), pode tratarse dun antropotopónimo (A Novella = 'a de Novelle'). O apelido *Novelle*, toponímico, procede regularmente do xenitivo dun nome persoal de orixe latina *Novellus*, en última instancia un derivado do adxectivo *novus*, e rexistra no concello de Redondela unha densidade significativa de portadores.

Un derivado *noval*, que vén definido nos dicionarios como adxectivo (*terra noval*) ou substantivo masculino aplicado a terras bravas amansadas que se destinan a labradío por primeira vez, está presente nun plural **Novás** (< latín NOVALES), nome dunha área de campos onda o ángulo suroeste do cemiterio de Pereiró. No Catastro de Ensenada, as propiedades situadas «al sitio de Novás» veñen cualificadas como monte de primeira calidade e viña de primeira, segunda e terceira. Unha denominación alternativa **Os Novases** é seguramente máis recente, con artigo (na documentación histórica rexístrase sen el) e con dobre morfema de plural como en *Alborás*/*Alborases*, *Ameás*/*Ameases*, *Carballás*/*Carballases* (→).

Noutros compostos temos o adxectivo antónimo, *vello, vella* (< latín VETŬLUM, VETŬLAM): **A Leira Vella** (→ Leira), **O Eido Vello** (→ Eido), **A Lata Vella** (→ Lata), **O Outeiro do Vello** (→ Outeiro), **O Río Vello**, **O Balaído do Río Vello** e **O Río Vello de Balaídos** (→ Río), **O Souto do Vello** e a **Presa do Souto do Vello** (→ Souto), **A Tomada Vella** (→ Tomada), **A Torre Vella** (→ Torre), **A Viña Vella** (→ Viña). Nos topónimos *O Outeiro do Vello* e *O Souto do Vello* non podemos saber se hai un substantivo elidido ou se «o Vello» ten neles valor antroponímico.

Tamén parece gardar relación co adxectivo *vella* o derivado presente nos topónimos **A Vellota** e **O Cocho da Vellota** (→).

## ► Nunes → O Casal de Nunes, A Fonte de Nunes

## ▶ Ofelia → A Costa de Ofelia

## ▶ Oliveira

**A Barxa da Oliveira**

A toponimia confirma que as oliveiras tiveron no pasado moita maior presenza na flora galega da que teñen na actualidade. A plataforma Galicia Nomeada recolle 111 topónimos que conteñen o substantivo *oliveira* (< latín OLIVARIAM).

En Matamá temos un único exemplo no topónimo **A Barxa da Oliveira** (→ Barxa).

## ▶ Ouro

**O Ouro**
**A Fonte do Ouro**

**A Fonte do Ouro** é o nome dunha fonte onda o Campo das Pedras, ao leste do núcleo do Pereiro. Os campos de labor inmediatos coñécense como **O Ouro**. Podería parecer que a denominación da fonte lle vén deste topónimo, pero máis probablemente foi ao contrario, pois *Fontedouro*, *Fonte de Ouro* ou *Fonte do Ouro* son nomes relativamente frecuentes na toponimia galega e portuguesa e teñen correspondencia nos *Fuente del Oro* ou *de Oro* e *Font d'Or* doutras áreas peninsulares. Na veciña parroquia de Valadares, no barrio do Freixo, repítese o topónimo *A Fonte do Ouro* ou *A Fontedouro*.

O Nomenclátor de Galicia recolle unha localidade chamada *Fontedouro* no concello ourensán de Punxín, que se documenta como *A Fonte do Ouro* no século XV, e tamén se chama *A Fonte do Ouro* un barrio de Santiago de Compostela. Baixo a aparencia dun composto co substantivo *ouro* (< latín AURUM), os máis deles proceden dun hidrónimo prerromano *auriu*, quizais céltico, como o que vemos nos diferentes ríos chamados *Ouro* (por exemplo, o que dá nome ao concello lugués do Valadouro), cun correspondente feminino *Auria*, o antigo nome de Ourense, de onde o derivado *Auriense* que orixinou o actual.

No portal Galicia Nomeada recóllense máis de 70 topónimos *Fonte do Ouro* ou *Fonte de Ouro* espallados por todo o territorio. Un composto híbrido do latín *fonte* e o hidrónimo *Auria*, **Fonte-Auria*, foi sen dúbida identificado no pasado como *fonte aurea* 'de ouro', pero non é verosímil a presenza dese metal precioso nos numerosos *Fontoira* ou *Fontoura* da toponimia galega (en Galicia Nomeada, 24 *Fontoira* e 5 *Fontoura*, un destes o vigués de Alcabre que tamén dá nome á *Praia de Fontoura*) e portuguesa (entre eles a freguesía de *Fontoura*, no concello de Valença) e os igualmente abundantes *Fontoria*, *Hontoria* ou *Ontoria* do castelán.

### ► Outeiro

**O Outeiro / O Outeiro de Balvís / O Outeiro do Carracedo**
**O Outeiro do Coto do Mouro**
**O Outeiro da Forca / O Outeiro Forcado**
**O Outeiro do Vello**
**O Outeiro da Mó**
**O Outeiro da Barxa**
**O Outeiro da Bouza**
**O Outeiro das Merendas**
**O Outeiro de Deus**
**O Outeiro da Bandeira**

O substantivo *outeiro*, derivado do adxectivo latino *altus*, ten enorme presenza na toponimia galega. Ademais dun significado xeral de carácter oronímico, relativo ao relevo, aplicado a elevacións do terreo, que é o máis habitual en case todo o territorio, ten outro máis específico, litonímico, como sinónimo de *penedo*, aplicado a formacións pétreas illadas. Este segundo significado é especialmente común na toponimia da Galicia suroccidental, e seguramente foi o significado orixinario da maioría dos *outeiro* da toponimia de Matamá, aínda que non sempre sobrevivise a suposta formación pétrea que puido motivar o topónimo, talvez por efecto do labor de monteiros e canteiros. Nalgúns destes topónimos, atendendo á orografía do espazo que designan, dubidamos se a motivación foi a situación elevada ou se foi un outeiro 'penedo' concreto.

**O Outeiro** é un dos núcleos de poboación tradicionais da freguesía, situado a pouca distancia de Balvís, que tamén recibiu as denominacións alternativas **O Outeiro de Balvís** e **O Outeiro do Carracedo**. A mediados do século XVIII, segundo nos informa o Catastro de Ensenada, residían catro familias no Outeiro do Carracedo.

**O Outeiro do Coto do Mouro** (→ Coto, → Mouro) é unha ampla zona de campos e monte que vai desde o leste do núcleo do Outeiro ata o norte da Lagarella, amplamente rexistrada (con ese nome ou simplemente co de *O Coto do Mouro*) na documentación de San Domingos de Pontevedra desde comezos do século XVII. A orografía dunha parte desa área podería xustificar o significado orográfico de *outeiro* como 'monte', mais é verosímil que responda ao mesmo significado de *coto* como 'prominencia rochosa', e en tal caso *outeiro* e *coto* neste topónimo serían termos redundantes motivados pola mesma realidade xeográfica.

**O Outeiro da Forca** (→ Forca), na estrema con Santo André de Comesaña, ten como denominación alternativa **O Outeiro Forcado**, o que parece indicar que *outeiro* tiña aí tamén significado litonímico e designaba un penedo singular. Dificulta a identificación do elemento concreto que motivou o topónimo o feito de que toda a parte norte desa área pasou a integrar a Zona Franca e sufriu unha enorme alteración, tamén na súa orografía, e o mesmo podemos dicir doutro topónimo **O Outeiro do Vello**, á beira das Touráns (→), tamén no interior da Zona Franca na actualidade. O segundo elemento do composto puido ser en orixe un antropónimo (un sobrenome ou apelido *Vello*) ou o adxectivo dun substantivo masculino elidido (*campo*, *camiño* etc.).

Se o elemento motivador do topónimo **O Outeiro da Mó** foi un outeiro litonímico ('penedo'), non orográfico ('monte'), cabería a posibilidade de que fose o mesmo que motivou o nome alternativo **O Penedo da Mó**, consolidado na toponimia actual como nome do campo de fútbol (→ Pedra, Penedo).

**O Outeiro da Barxa** consta na cartografía da parroquia realizada por Marcos Alonso como outra denominación da zona de monte tamén coñecida como *O Monte da Barxa* ou *A Devesa da Barxa*, que foi no pasado devesa real (→ Barxa, Devesa, Monte). Que alternen *monte* e *outeiro* para designar un mesmo espazo leva a considerar moi probable que o significado de *outeiro* neste topónimo sexa o orográfico 'peque-

no monte', mais non podemos afirmalo con certeza, pois as denominacións alternativas dunha mesma realidade xeográfica non teñen que responder necesariamente á mesma motivación.

Na documentación histórica da parroquia aparecen outros topónimos que conteñen o substantivo *outeiro*. Un deles é **O Outeiro das Merendas**, situado no Maruxento, na estrema con Valadares. Menciónase a mediados do século XVIII entre as parcelas de monte comunal. A *merenda* (< latín MERENDAM) do topónimo podería referirse a algunha práctica anecdótica do pasado, aínda que máis probablemente contén un fitónimo *merenda*, nome de certas plantas do xéneros *Croccus* e *Colchicum*, tamén chamadas falso azafrán ou azafrán bravo, outonos, quitamerendas e tollemerendas. *Merenda* é unha variante abreviada destes compostos, e chámanse así estas plantas, segundo explicaba o Padre Sarmiento «porque salen en septiembre, cuando ya no se dan meriendas a los oficiales», isto é, aos xornaleiros (DdD).

No libro da *Toponimia de Valadares*, nesta mesma colección, explícase outro topónimo compartido coa parroquia de Matamá, **O Outeiro de Deus**, pola probable relación coa condición de «dizmo a Deus», aplicada a propiedades que no Antigo Réxime estaban libres de cargas ou rendas, pois só pagaban o décimo eclesiástico, o «dizmo», que era universal. A referencia ao *dizmo a Deus* está presente no nome dunha das vías públicas da parroquia de Beade chamada *Camiño de Dimadeus* ('dizmo a Deus').

Na documentación histórica de Matamá hai referencias a outro **Outeiro das Xesteiras**, de localización imprecisa, quizais a actual *A Xesteira* (→). Tamén consta na documentación un topónimo **O Outeiro da Bouza**, na zona do Roupeiro.

Descoñecemos a motivación do nome do **Outeiro da Bandeira**, posiblemente situado ao norte do Pereiro; parece descartable que sexa unha alteración dun primitivo *de Lavandeira* (*Matamá I*, 299), pois os topónimos *lavandeira* adoitan nomear áreas á beira dun curso fluvial que se anegan nas enchentes (→ Campos da Lavandeira), en tanto que este topónimo parece designar unha área de monte. Podería ser unha denominación alternativa do Monte da Bandeira (→) ou, aínda aplicados a lugares distintos, responder ambos á mesma motivación.

## ▶ Padrón, O → Pedra

## ▶ Palermo, Palerma

**A Palerma**
**O Cocho da Palerma das Touráns**

Os dicionarios recollen un substantivo e adxectivo *palerma*, valido para os dous xéneros, coma en portugués, ou cunha variante *palermo* para o masculino, cos significados de 'parvo, simple, bobo', e aínda un verbo *apalermar* e o participo e adxectivo *apalermado/a*. É un termo de etimoloxía escura. Parece descartable calquera relación co topónimo *Palermo*, a capital de Sicilia, por máis que se use *paduano,-a* ('da cidade italiana de Padua') cun significado equivalente.

Deben de responder a un alcume ou sobrenome de propietario *Palermo* ou *Palerma* os topónimos **A Palerma**, nome dunha área de prados e arboredo entre A Barxa e Vilar, e mais **O Cocho da Palerma**, tamén rexistrado como **O Cocho da Palerma das Touráns** (→), hoxe no interior da Zona Franca, que consta entre as propiedades vendidas por Francisco de Borxa da Vila Comesaña a comezos do século XIX (→ Casa do Borja).

## ▶ Palla

**A Veiga da Palla**
**A Viña da Palla**

*Palla* (< latín PALĔAM) é a denominación común para a cana seca dos cereais, principalmente a do centeo e o trigo. Ademais doutros usos, como a mantenza dos animais, a palla, en especial a de centeo, usábase para formar o *colmo* con que se teitaban as edificacións. A documentación histórica da parroquia infórmanos de que no pasado eran poucas as casas cubertas telladas, pois moitas delas, ademais das edificacións anexas, como cortes e cortellos e lagares, eran colmadas, isto é, cubertas con colmo.

Temos referencia a este produto no topónimo **A Veiga da Palla**, nome duns campos ao leste da Lagarella (→ Veiga), mais desoñece-

mos a motivación exacta dese nome. Non sabemos se corresponden a este mesmo sitio as propiedades que constan no Catastro de Ensenada como **A Viña da Palla**, cualificadas como labradío de secaño de terceira calidade.

Cabe a posibilidade de que sexa o mesmo sitio que noutras fontes documentais se menciona como *A Veiga das Pedras*, pois a Veiga da Palla linda ao leste coa Carneira das Pedras (→).

## ▶ Palpiñeira → Pedra

## ▶ Pampillo

### A Pampilleira

**A Pampilleira** era unha área situada ao norte do Roupeiro, á beira do Regueiro de Picón, na actualidade no interior da Zona Franca. O topónimo é un colectivo de *pampillo*, denominación común galega do *Chrysanthemum segetum* ou *Glebionis segetum*, tamén chamada *pampullo*, planta da familia das compostas, de flores amarelas, e por extensión tamén se lles dá o mesmo nome a outras plantas semellantes do xéneros *Anthemis* e *Calendula*.



O nome do *pampillo* é de etimoloxía discutida; Corominas (DCECH, s .v. *pámpano*) suxire unha posible relación coa familia léxica de *pampinus*, nome latino da folla da videira. Quizais a relación vén dada porque os pampillos adoitan nacer espontaneamente nas terras de viñedo. A mediados do século XVIII, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada, as propiedades de Matamá situadas no «sitio de Pampilleira» estaban maioritariamente dedicadas a viña e parra.

## ▶ Parada

### Parada

**Parada** é outro dos núcleos tradicionais ou barrios de Matamá. O seu nome procede do latín PARATAM e é un termo moi repetido na toponimia galega; o Nomenclátor de Galicia recolle 20 parroquias que o conteñen no seu nome, e pasan de 60 as entidades de poboación. Corresponde ao participio do verbo *parar* e constitúe un topónimo viario, pois designaba lugares habitados situados nun camiño de certa importancia onde podían facer pausa os viaxeiros.

A relación de rexistros escritos do topónimo remóntase polo menos a 1409, onde se menciona o **Casal de Parada** entre os bens procedentes da familia dos Núnez Capote que dona Inés de Meira lles doou aos dominicos pontevedreses. No libro de Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos ofrécesenos información histórica desta localidade, da súa relación con algunhas familias fidalgas do Val de Fragoso e co convento de San Domingos de Pontevedra. Os bens que inclúen Parada adoitan aparecer na documentación deste convento coa denominación alternativa de *Lugar do Paço de Matamá de Abaixo*. O complemento de *Matamá de Abaixo* refírese á consideración do territorio parroquial en dúas zonas: *Matamá de Cima* ou *Matamá de Arriba* sería a parte sur da parroquia, desde o Pazo á estrema con Valadares, e Matamá de Abaixo a parte norte, que tiña o seu centro en Parada (*Matamá I*, 64-74).

A vía que suscitou o topónimo era probablemente o camiño que vindo do sur, de Beirán e a Mó e a parroquia de Valadares, seguía polo Roupeiro en dirección a Coia e Bouzas. Polo Catastro de Ensenada sabemos que a mediados do século XVIII residían en Parada cinco familias.


S. Pedro de matama, Lugar de parada
Jurisdicion De Vigo

Encabezamento do foro de Parada no *Tombo becerro* de San Domingos, 1653 (PARES, AHN, Clero, L. 10240)

## ► Paramio, paramo, páramo

### Paramos

**Paramos** é o nome dunha área extensa ao sur da Devesa. Rexístrase polo menos desde o século XVIII, no Catastro de Ensenada, onde as propiedades situadas «al sitio de Paramos» veñen cualificadas como monte e devesa, parra e labradío de secaño e regadío, maioritariamente de primeira e segunda calidade.

*Páramo* e *paramio* son termos hispánicos prerromanos, de orixe céltica segundo algúns autores, a pesar do *p-* inicial que aparentemente é impropio das linguas célticas, e designan polo regular terras altas e pouco produtivas. O termo chegou a nós en dúas variantes, presentes na toponimia: *páramo*, con sufixo átono, e *paramio*, con sufixo tónico. Deste último, con perda do iode, procede o topónimo *Paramos* de Matamá, paralelo do nome da parroquia de Tui chamada *Paramos*, que se documentaba como *Paramios* en latín medieval (*ecclesie sancti Iohannis de Paramios qui iacet in cauto tudensi*, ano 1180, Codolga).

Ademais da parroquia tudense, o nomenclátor recolle outro *Paramos* (parroquia e lugar) no concello coruñés de Val do Dubra, dous *O Paramo* (en Noia e en Ponteareas) e un *Paramios* en San Cristovo de Cea, Ourense. Coa forma esdrúxula témolo no nome da parroquia e lugar de *Páramo*, en Castroverde, Lugo, e no do concello do Páramo, tamén en Lugo. En Galicia Nomeada vemos 47 *Paramo/Paramos*, todos

eles no oeste de Galicia, e 27 *Páramo/Páramos*, repartidos entre a provincia de Lugo e a Galicia occidental.

A orografía do lugar e mais a caracterización que se fai no Catastro de Ensenada das terras situadas en Paramos non parecen concordar plenamente co significado común de *páramo* e *paramio*, polo que debemos admitir a posibilidade de que o topónimo proceda dun apelido ou sobrenome de propietario, quizais orixinario da parroquia de Tui dese nome.

## ► Pardal

**O Pardal**
**A Presa do Pardal**

*Pardal* é un ornitónimo común en todas as linguas hispánicas que designa o paxaro *Passer domesticus*, tamén chamado *gorrión*. É un derivado do adxectivo *pardo* (< latín PARDUM), relativo á cor cincenta desta ave.

Na toponimia de Matamá está presente este substantivo no nome dunha área ao sur do Pazo, con campos e algunha vivenda, ao oeste do camiño que conduce á Barxa, denominada **O Pardal**. Ao norte desa área sitúase **A Presa do Pardal**.

O uso como topónimo dun nome de animal en singular pode responder a algún feito anecdótico, unha forma particular dunha pedra ou unha inscrición zoomórfica (→ Lagarto), pero dado o frecuente emprego de *Pardal* como alcume, probablemente aplicado a persoas de corpo miúdo, é máis verosímil que neste caso esteamos ante un topónimo formado a partir dun sobrenome de propietario, especialmente tendo en conta que *O Pardal* figura na relación de alcumes da parroquia (*Matamá II*, 311). Se os actuais portadores deste sobrenome o herdaron dos que motivaron o topónimo, habería que pensar nunha transmisión continuada de xeración en xeración durante máis de catrocentos anos, pois «la heredad del Pardal» xa se rexistra nun apeo de San Domingos de Pontevedra do ano 1591 (→ Xaídes).

## ▶ Parede

**A Pardiñeira**

A documentación histórica da parroquia menciona un topónimo **A Pardiñeira** (*Matamá II*, 300), non localizado na actualidade. Contén o resultado dun latín PARIETINARIAM, derivado de *parietem* 'parede'. É mais común o masculino *pardiñeiro*, termo vivo na fala, que designa as ruínas dunha edificación ou vivenda. Tanto *parede* coma os seus derivados adoitan ter este significado na toponimia e veñen motivados por ruínas de antigas construcións.

## ▶ Pasal → Poldras

## ▶ Pazo, Pazó

**O Pazo / O Pazo de Arriba / O Pazo de Matamá de Cima**
**O Pazo de Abaixo / O Pazo de Matamá de Abaixo**
**O Bacelo do Pazo**
**O Cocho do Pazo**
**A Presa do Pazo**
**Pazó, A Canteira de**

O substantivo *pazo* (< latín PALATIUM) ten abundante presenza na toponimia galega. Aplicábase a unha edificación de certa importancia, non necesariamente o que hoxe se denomina un *pazo* ou *palacio*, senón a vivenda dunha familia principal, e na sociedade medieval feudal, a residencia do señor local.

Nas entidades de poboación de Matamá, temos este substantivo no nome dun dos núcleos ou barrios tradicionais, chamado **O Pazo** ou **O Pazo de Matamá**, tamén coñecido como **O Pazo de Arriba**, **de Riba** ou **de Cima** para diferencialo do chamado **O Pazo de Abaixo** ou **O Pazo de Matamá de Abaixo**, situado no núcleo de Parada. Tanto un coma outro están abundantemente rexistrados na documentación histórica da parroquia. Xa constan entre os bens de Matamá que recibira dona Inés de Meira de Fernán Núnez Capote e que ela doou a San Domingos de Pontevedra no ano 1409: *Quinta do Paço de Avaxo (…) Paço de Arriba*

(*Matamá I*, 65). En ocasións aparece escrito con grafías que reproducen o seseo (*Martín Costas do Passo*, no ano 1672-1673, no *Memorial Cobrador de Censos* das Franciscanas de Vigo). A mediados do século XVIII, segundo informa o Catastro de Ensenada, residían no barrio do Pazo dez familias.

Como segundo elemento de compostos, vemos este mesmo nome nos topónimos **O Bacelo do Pazo de Matamá** (→ Bacelo), situado no Pazo, e mais **O Cocho do Pazo** (→ Cocho), denominación alternativa da área tamén coñecida como *Codesales* (→ Codeso), entre O Pazo e Balvís. Tamén se refire no seu nome ao barrio do Pazo o topónimo ***A Presa do Pazo*** (→ Presa).

Un diminutivo de *Pazo* mediante o sufixo latino *-olus*, *Pazó* (< PALATIOLUM), está presente no nome dun dos núcleos habitados da veciña parroquia de Castrelos, o principal foco irradiador dun apelido toponímico *Pazó*, relativamente común na zona. Vemos este apelido na toponimia de Matamá, en referencia a un propietario, na zona coñecida como ***A Canteira de Pazó*** (ou *de Pasó*, cando a escrita rexistra o seseo local), ao norte de Ribás, na estrema coa Zona Franca. *Pazó* aparece moito como apelido na documentación histórica de Matamá e tamén figura na relación de alcumes e sobrenomes actuais da parroquia (*Matamá II*, 310).


S. Pedro de matama. casal de Parada
De quinta del paço de abaixo = De paço de arriba
Lugar de parada = de balbis = das carneiras = de beiran
Sitas en dha fra = y en la fra de Sestero de beade = Lu
gar de carvallo do paço = da sesta de biade =
Do porto = De quintian darriba = De quintian de abaixo
Todos estos lugares y casales con los dellos anexo =
Son anexos a la dha quinta de matama
que se dice el paço de abaixo =
Año de 1509

Foros en Matamá no *Tombo becerro* (1653) de San Domingos de Pontevedra (PARES, AHN, Clero, L. 10240)

### ▶ Pedra, Padrón

**O Padrón**
**A Pedra da Andoriña**
**A Pedra da Arca**
**A Pedra da Mó / O Penedo da Mó**
**A Pedra Furada**
**O Marco da Pedra Furada**
**O Casal da Pedra Furada**
**A Pedra Redonda / O Monte da Pedra Redonda**
**A Pedra do Seixo**
**Peramaría / Pedra María**
**A Barxa das Pedras**
**A Carneira das Pedras**
**A Veiga das Pedras**
**O Campo das Pedras**
**Palpiñeira**
**O Pragal / O Pregal**

O substantivo *pedra* é enormemente produtivo na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle 150 localidades con el no seu nome, sen contarmos os derivados, e son miles os microtopónimos recollidos en Galicia Nomeada. Moitas veces as pedras singularizadas na toponimia foron marcos que sinalaban lindes, motivación especialmente frecuente no derivado co sufixo *-ón* (< latín *-one*), que nalgúns casos conservan o vocalismo orixinario (*pedrón*) pero máis comunmente o alteran en *padrón*. En Matamá **O Padrón** é un pequeno núcleo habitado do barrio de Ribás situado na estrema coa Zona Franca e coa parroquia de Santo André de Comesaña, polo que non parece haber dúbida de que recibiu o nome pola proximidade co marco que sinalaba o linde con esa parroquia. Deste topónimo toma o seu nome o **Camiño do Padrón** (*Camiño Padrón* na rotulación municipal).

Seguramente tivo uso como sinal de demarcación **A Pedra da Arca** (→ Arca), tamén no extremo noroeste da parroquia, hoxe no interior da Zona Franca. O substantivo *arca* podería referirse a un monumento megalítico, e dada a enorme frecuencia con que se empregaron os megálitos prehistóricos nas demarcacións parroquiais, é probable que

a motivación inicial do topónimo fosen os restos dunha arca, usados como pedra de demarcación. No Catastro de Ensenada, as propiedades situadas «al sitio de Pedra d'Arca» viñan cualificadas como monte de terceira.

Tamén cumpriu a función de demarcación **A Pedra Furada** ou **O Marco de Pedra Furada**, hoxe nome dunha zona ao leste de Ribás, na estrada que conduce a Santo André de Comesaña. O adxectivo, correspondente ao participio de *furar* (< latín FORARE 'perforar'), referiríase a algún buraco ou orificio da pedra, probablemente debido á erosión natural, aínda que non faltan casos (como o *Monte Furado*, en Valdeorras) en que o *furado* dos topónimos foi obra humana. Na proximidade deste marco debía de localizarse o **Casal da Pedra Furada** (→) que se menciona na documentación histórica.

**A Pedra da Mó** é unha denominación alternativa do *Penedo da Mó* (→ Penedo).

Na documentación da parroquia menciónase na zona da Barxa un topónimo **A Pedra Redonda** ou **O Monte da Pedra Redonda**, de localización imprecisa, onde a motivación do topónimo foi a forma da pedra, e tamén outro **A Pedra do Seixo**, na zona da Devesa, e mais unha **Pedra da Andoriña** ou **da Anduriña** (→), próxima a Budiño.

Un composto **Pedra María** ou **Peramaría**, tamén **Peramaría do Cano**, acaso dun orixinario **Pedra (de) María**, era o nome dunha área no suroeste de Matamá, entre o núcleo de Vilar e a autovía VG-20. En ocasións, rexístrase como *Pumaría(s)*, que parece unha alteración do mesmo nome.

O plural *as pedras* está presente, precedido de preposición, como segundo elemento de varios topónimos de Matamá. Un é **A Barxa das Pedras**, unha das partes da Barxa ou As Barxas, ao oeste do cemiterio, onde se localiza un petróglifo prehistórico, e algo máis ao sur, ao leste do Pereiro, **O Campo das Pedras**. Repítese **O Campo das Pedras** como o nome dunha pequena zona entre Ribelas de Arriba e A Carapucha. Entre as diferentes partes en que se dividen os campos das Carneiras, unha é coñecida como **A Carneira das Pedras**. Probablemente se situaba tamén nesa zona unha **Veiga das Pedras** mencionada na documentación histórica. Non podemos descartar que nalgún destes topónimos estea un sobrenome familiar ou apelido, pois entre os propietarios de

terras en Matamá a mediados do século XVIII consta un *Juan de las Piedras, de Vigo*, segundo vemos no Catastro de Ensenada.

**O Pragal** é o nome dun dos marcos da estrema entre Valadares e Castrelos na parte próxima á parede oeste do cemiterio de Pereiró, mencionado como *Marco do Pragal* ou *da Devesa do Pragal*. É probable que sexa unha variante de *O Pregal* (que tamén se rexistra na documentación escrita) e ambas alteración dun orixinario *pedregal* (< lat. PETRICALEM), en última instancia derivado de *pedra*. O topónimo tanto puido vir motivado pola presenza ou abundancia de pedra no lugar coma a un sobrenome ou apelido *Pregal* probablemente relativo á localidade dese nome da parroquia de Negros no concello de Redondela, que na documentación histórica alterna coa variante *Pragal*. Repítese *Pragal* en Portugal como o nome dunha freguesía portuguesa en Almada, distrito de Setúbal. Para o *Pregal* redondelán tense suxerido unha explicación etimolóxica a partir do xenitivo *Precarii* dun nome persoal latino *Precarius*; foneticamente é verosímil, mais non temos constancia do emprego dese nome na Gallaecia romana nin na Galicia medieval. Parece máis verosímil unha variante de *pedregal* como a que se dá noutras áreas do norte peninsular; na toponimia rioxana, conviven o estándar *Pedregal* con variantes como *Pregal* (Robres), *Los Pregales* (Jubea) e *Los Peregales* (Laguna). Parece un topónimo redundante ou tautolóxico o composto un topónimo *Pragal das Pedras*, en Petelos (Mos), que consta nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra no ano 1591.


Apeo de Pragal das Pedras sito en S. mames
de Petelos valle de louriña a fojas [illegible]
y cinquenta y dos.

No Catastro de Ensenada menciónanse varias propiedades, cualificadas como viña de segunda calidade e monte de primeira, co nome de **Palpiñeira**. Se non se trata dunha deformación de *Pampilleira* (→ Pampillo), podería ser tamén un composto de *pedra* (talvez *Pedra Piñeira* > *Parpiñeira*), ou derivado dun antropónimo *Pai Piñeiro*.

Tamén é en última instancia un derivado de *pedra* o substantivo *peirao*, presente no topónimo **Sabarís do Peirao** (→).

## ► Pedro

**O Lugar de don Pedro**
**A Casa de don Pedro**
**A do Pedro**
**O Cocho da do Pedro**
**O Cocho do Pedro**
**A Tomada do Cocho da do Pedro**

O nome persoal *Pedro* mantívose ao longo dos séculos entre os máis usados na tradición onomástica cristiá, e en Matamá debeuse de ver favorecido pola advocación parroquial.

Na toponimia de Matamá, ademais de **O Lugar de don Pedro** ou **A Casa de don Pedro**, no Roupeiro (→ Lugar), estaba presente este nome persoal en varios topónimos recollidos na documentación histórica, como unha parte das Carneiras (→) que vén rexistrada como **A Carneira do Pedro**, ou outros de localización imprecisa como **A do Pedro**, **O Cocho do Pedro** ou **O Cocho da do Pedro** e mais **A Tomada do Cocho da do Pedro** (→ Cocho).

## ► Peideira

**A Peideira**
**A Fonte da Peideira**
**A Mina da Peideira**
**A Presa da Peideira**
**O Camiño da Peideira**

**A Peideira** é o nome dunha área ao noroeste de Ribás, no linde da parroquia de Matamá coa de Santo André de Comesaña. Nela encóntranse tamén **A Fonte da Peideira** e **A Mina da Peideira**, **A Presa da Peideira** e mais **O Camiño da Peideira**.

Estes topónimos conteñen un derivado do substantivo común *peido* (< lat. PEDĬTUM), acaso motivados por algún cheiro característico da zona ou das súas augas, pois a familia léxica deste termo é relativamente usual na toponimia vinculada ás augas sulfurosas.

## ▶ Peirao → Sabarís do Peirao

## ▶ Peixe

### A Peixa

Coñécese como **A Peixa** unha zona de monte e arboredo ao sur da circunvalación VG-20, próxima á Fonte Santa, no sueste do territorio parroquial. É un feminino do zoonimo común *peixe* (< lat. PISCEM), seguramente aquí como alcume de propietario. Tanto pode responder a alguén coñecido co sobrenome de *Peixa* como, máis probablemente, ser unha forma adxectiva formada a partir da forma masculina (*A Peixa* = 'a do Peixe'), segundo unha fórmula habitual na microtoponimia de todo o Val de Fragoso.

Non constan *Peixa* ou *Peixa* na relación de alcumes e sobrenomes da parroquia (*Matamá II*, 307-311). *A Peixa* xa era un topónimo consolidado a mediados do século XVIII, pois o Catastro de Ensenada rexistra varias propiedades «al sitio da Peixa», cualificadas como monte de terceira. Probablemente é un topónimo replicante deste outro relativamente próximo, formado co diminutivo *A Peixiña*, en Comesaña, que designa unhas «tomadas (…) na parte traseira do actual Centro Recreativo Nautilius» e que aparece no Catastro de Ensenada desa parroquia (1752) coa estraña grafía de *Peichiña*, *Fonte Peichiña* (Rodríguez Lemos, 2018: 106).

## ▶ Pelar

### A Pelada

**A Pelada** é na actualidade unha pequena área no interior da Zona Franca, situada á beira do ángulo suroeste do cemiterio de Pereiró. O topónimo contén un participio do verbo *pelar*, en última instancia un derivado de *pel* (< PĔLLEM) ou de *pelo* (< PĬLUM), seguramente aplicado en orixe a unha zona deforestada ou onde se rapou a vexetación para dedicala a cultivos.

A diferenza do que sucede noutras áreas peninsulares e románicas, non é moi común a familia léxica de *pelar* na toponimia galega, e non

se rexistran exemplos na documentación medieval, polo que seguramente topónimos como *A Pelada* (34 en Galicia Nomeada) son relativamente recentes, posteriores ao século XVI, e constitúen unha nova mostra da toponimia derivada da transformación de terras bravas en cultivos, como *Cachada*, *Rotea*, *Vesada* etc. Na toponimia máis antiga, a idea de 'pelado' viña expresada por termos da familia do verbo *rapar* ou do adxectivo *raso*, *rasa*. Con todo, este topónimo de Matamá xa existía a mediados do século XVIII, pois consta no Catastro de Ensenada, onde as propiedades situadas «al sitio da Pelada» veñen cualificadas como parra e labradío de segunda calidade.

## ▶ Pelame

### Pelame / Palame

Recibe o nome de **Pelame** unha zona de campos de cultivo ao oeste de Campos. *Pelame* ou *pelamio* (derivado de *pel* ou ben do latín PELLAMĬNEM) son denominacións galegas para o lugar onde se curten as peles, mergullándoas en *pozas* ou *aloques* (→ Aloco). No empozado enchóupanse as peles en auga con casca de piñeiro ou doutras árbores, para que o tanino contido nela separe os restos orgánicos das peles e vaia curtindo o coiro. Segundo vemos no portal Galicia Nomeada, a variante *pelame*, aínda que tamén está presente nalgúns topónimos da área máis oriental de Ourense, é case exclusiva da zona tudense e da ría de Vigo, fronte á variante *pelamio*, presente en máis dun cento de nomes de lugar doutras áreas galegas.

Na documentación medieval tudense vemos repetidas referencias aos *pelames*, *palames* ou *palamos* dos curtidores e zapateiros da cidade (Suso Vila: *A cidade medieval de Tui*, 241). Non consta este topónimo de Matamá no Catastro de Ensenada, polo que deducimos que o pelame que o motivou debeu funcionar máis tarde, talvez no século XIX.

## ▶ Pementas → Leira das Pementas

## ▶ Pena, Penedo

**A Pena Carneira**
**O Penedo**
**O Pinedo**
**O Penedo da Mó / A Pedra da Mó**

Como noutras áreas do sur pontevedrés, na toponimia do Val de Fragoso está pouco representado o substantivo *pena* (< latín PĬNNAM) 'pedra', equivalente do castelán *peña*, que noutras zonas de Galicia é un termo común da fala e ten moita presenza na toponimia. Para realidades que nesoutras zonas se denominarían *pena*, aquí adoita empregarse *outeiro*, *pedra* ou *penedo*, este último un derivado de *pena*. Son excepción o topónimo **A Pena Carneira** con que algunha fonte escrita denomina O Marco da Carneira (→) e **O Campo da Pena**, que tamén é unha denominación alternativa para O Campo da Pedra, no linde coa parroquia de Coia.

Máis común na toponimia local é o derivado *penedo*. Coa forma simple, **O Penedo**, dá nome a unha área de campos ao norte do Pazo, onda a fonte do Salgueiral.

Podería conter unha variante *Penedo*, máis ca un derivado colectivo do castelanismo *pino*, o nome dunha zona de monte en Beirán que aparece na documentación escrita como **O Pinedo** ou **A Coutada do Pinedo**, topónimos que non chegaron ata hoxe (*Matamá II*, 302).

**O Penedo da Mó**, nome da área de monte situada ao oeste de Beirán, aparece nos rexistros históricos co nome alternativo de **Monte da Pedra da Mó**, mais é a primeira destas denominacións a que se impuxo na actualidade, debido ao seu emprego como nome do campo de fútbol. Xa se mencionou atrás (→Mó) que un topónimo idéntico se rexistra en latín no ano 1061 como *Peneto de illa Mola* (Codolga):



«… Posee un pedaço de monte en el penedo da moo…», ano 1620 (PARES, AHN, Clero, L. 20186)

## ► Pereiro, Pereira

**O Pereiro**
**A Pereira**
**O Lugar da Pereira**
**As Pereiras**
**A Pereiriña**
**O Pereiriño**
**O Cocho do Pereiriño**
**Pereira Botella**

**O Pereiro** é o nome doutro dos núcleos habitados tradicionais de Matamá, situado no suroeste do termo parroquial, próximo á Barxa e a Vilar. Un documento do ano 1209, en latín, recolle unha doazón que se lle fai ao mosteiro de Melón dunhas herdades «in Fragoso loco certo Pirario», e dado que non hai outro núcleo habitado deste nome no Val de Fragoso, corresponde moi probablemente ao lugar do Pereiro en Matamá. A mediados do século XVIII, segundo o Catastro de Ensenada, vivían no Pereiro seis familias.

O nome é o resultado do latín PIRARIUM, un derivado de *piram* 'pera', relativo ás árbores comúns que dan peras. O nome desta árbore é en galego comunmente feminina (*pereira* < latín PIRARIAM) mais tamén se emprega o masculino *pereiro* para designar a maceira que dá *peros*, isto é, unha variedade de mazás máis altas ca anchas. Con todo, é probable que na toponimia o masculino *pereiro* teña valor colectivo, pois na documentación medieval galega en latín (Codolga), en tanto que nas enumeracións de árbores sempre se mencionan as pereiras en feminino (…*mazanarias, castanarias, perarias, avelanarias*…, ano 1001, Celanova), cando se enumeran os colectivos, úsase ás veces o masculino (…*pumares, cersares, avelanares, perarios, amenarios*…, ano 1016, Lugo).

*Pereiro* e *Pereira* son termos con abundante presenza na toponimia galega. Só no Nomenclátor de Galicia constan 87 entidades de poboación co masculino *pereiro* e 138 co feminino *pereira*, sen contarmos compostos e derivados, e na plataforma Galicia Nomeada pasan de 3700 os topónimos que conteñen a secuencia «Pereir-». Cómpre lembrar, así e todo, que aínda que o habitual é que os topónimos que conteñen os substantivos *pereiro* e *pereira* sexan fitónimos relativos a

estas árbores, nalgún caso excepcional poden confluír con eles algúns derivados antigos de *pedra* (PETRARIUM, PETRARIAM), con redución do grupo consonántico -*dr*-, coma no nome persoal *Pedro* e a súa forma popular medieval *Pero*, de onde o patronímico *Pérez*, e tal como vemos no topónimo *Pedra da Arca* e a súa variante *Peradarca* (→ Arca).

Parece referido ao núcleo do Pereiro o nome dun **Campo do Pereiro de Abaixo** que se menciona na documentación histórica (*Matamá I*, 209), que tamén recolle un diminutivo **O Pereiriño** e **O Cocho do Pereiriño**, nas proximidades do Pereiro, e outro diminutivo coa forma feminina, **A Pereiriña**, nas Carneiras.

Un feminino **A Pereira** dá nome a unha área de campos onda a Costa do Gapito, na Balsa. Na documentación histórica menciónase outro **A Pereira** ou **O Lugar da Pereira**, na Igrexa. Un plural **As Pereiras** é a denominación duns campos nas Carneiras. No pasado houbo outro topónimo idéntico **As Pereiras** nos arredores do Roupeiro; non sabemos se ten relación co que consta noutras fontes como **Pereira Botella** (*Matamá II*, 300), que denomina unha área ao norte do Roupeiro, preto da Zona Franca. As variantes con que se rexistra este (*Pereira Botello, Pereiro Botello*...) fan pensar que o segundo elemento pode ser un sobrenome ou apelido.

## ► Pestana

### A Pestana

**A Pestana** é o nome dunha área próxima a Ribás, onda a entrada sur da Zona Franca e no linde termo parroquial de Santo André de Comesaña. Aparentemente contén o substantivo feminino *pestana*, termo común do galego, o portugués e o castelán (*pestaña*), probablemente de orixe prerromana.

Na plataforma Galicia Nomeada rexístranse outros topónimos *A Pestana*, entre eles os compostos *A Peneda da Pestana* e *A Fraga da Pestana*, nos concellos ourensáns de Vilardevós e da Mezquita, respectivamente, onde *peneda* e *fraga* fan supoñer que é a forma particular dunha formación pétrea o que suscita a denominación. Non dispomos de información que nos permita saber se este topónimo de Matamá responde a un uso metafórico da *pestana* anatómica aplicada a algu-

nha realidade física, coma eses casos (acaso relacionada coa acepción de *pestana* como 'cada unha das partes baixas dos sucos abertos polo arado', DdD) ou se, menos probablemente, contén un sobrenome e apelido *Pestana*, común ao galego e ao portugués.

## ► Pexego

**Os Pexegueiros**

Coñécese como **Os Pexegueiros** unha área de campos de labor ao leste do barrio de Vilar. *Pexegueiro* é o nome común da árbore que dá *pexegos*, de nome científico *Prunus persica*. O nome común galego *pexego* (e as variantes esdrúxulas *péxego* e *préxego*, coma o portugués *péssego*) e tamén a denominación científica da especie botánica derivan do latín PERSICUM 'de Persia', pois os antigos romanos atribuíanlle unha orixe persa a esta froita e coñecíana como *malum persicum* 'mazá persa'.

Os fitónimos relativos aos pexegueiros son menos frecuentes na toponimia galega ca os referidos a outras froitas máis comúns, como mazás, peras, cereixas, ameixas, figos ou castañas. O Nomenclátor de Galicia recolle unha parroquia chamada *Pexegueiro* en Tui, un lugar co feminino *Pexegueira* tamén en Tui, dous *Prexigueiro* e un diminutivo *Prexigueiró* (nos concellos ourensáns do Irixo, Ribadavia e O Pereiro de Aguiar), dous *Pexegueiro* (no concello de Pontevedra e no coruñés de Dodro) e un plural *Pexegueiros* en Cesuras, A Coruña. Coas secuencias «pexeg-» e «prexig-», a plataforma Galicia Nomeada rexistra sesenta e seis microtopónimos.

## ► Pico, Bico

**Picón**
**Os Picóns de Abaixo**
**Os Picóns de Riba**
**O Regueiro de Picón / do Picón**
**O Regueiro dos Picóns**
**As Ramadas de Picón de Abaixo**

Considéranse que remontan a un celtismo **beccu* 'punta' os substantivos *pico* e *bico* 'peteiro, parte dura e saínte da boca das aves e por extensión calquera obxecto de forma puntiaguda'. Na toponimia poden aplicarse estes termos a calquera realidade xeográfica rematada en punta, tanto no relevo coma na forma das propiedades.

Un derivado *picón* figura nos dicionarios con diferentes significados (certo tipo de fariña, certa variedade de castañas, unha ferramenta de labranza etc.) e tamén como nome do carbón vexetal, mais quizais foron as acepcións máis xenéricas de *picón* como 'pico, punta, cabo' ou 'pico, cima dun monte' (DdD) as que puideron suscitar topónimos como **O Marco do Picón**, un dos que sinalan a demarcación parroquial (*Matamá I*, 27), e mais **Os Picóns de Abaixo** e **Os Picóns de Arriba**, todos eles hoxe dentro da Zona Franca, nos arredores do **Regueiro de Picón** ou **Regueiro dos Picóns**, que discorría pola mesma área.

A documentación histórica mostra que a forma orixinaria do topónimo era o singular. O plural *Picóns* veu provocado talvez pola existencia dun *Picón de Arriba* e un *Picón de Abaixo* e debeu consolidarse tardiamente.


tando con Matamá pasa al marco Do Picón
Venade, Longa, y Macal, ...

«... pasa al marco do Picón, Venade, Longa y Macal...» (CME, 1753)

No Catastro de Ensenada e noutras fontes máis recentes aparecen estes topónimos con artigo (*O Picón*), o que induce a interpretar o nome *picón* como un substantivo común. Así e todo, na documentación de San Domingos de Pontevedra dos séculos XVI e XVI rexístrase sempre sen artigo («heredad que se dize e nombra de Picón», «campo que se diçe de Picón de Rriba», «heredad das Ramadas de Picón de Vaxo...»). Se, como parece, o artigo é secundario e serodio, faise máis probable que na orixe do topónimo estea un nome persoal ou sobrenome *Picon*, ben documentado na Idade Media galega entre os séculos X e XIII, segundo vemos no Codolga (*suo servo nomine Picon* no ano 911, *Petrus Johannes Picon* en 1232, *Iohannes Petri, dictus Picon* en 1245).



«… la eredad que se dice e nonbra de Picón, que está sita en San Pedro de Matamá», ano 1620 (PARES, AHN, Clero, L. 20186)

## ▶ Pintos

**A Casa dos Pintos**
**O Lavadouro dos Pintos**




Distribución dos portadores do apelido Pintos (Cartografía dos apelidos de Galicia)

*Pinto* é un substantivo común en galego, procedente do participio latino *pinctus*, variante do latín clásico *pictus* 'pintado'. O seu uso como alcume e apelido, na forma do singular, foi común na Idade Media en galego e en portugués. Coa forma do plural, *Pintos*, é apelido característico das rías de Pontevedra e Vigo, e supónselle unha orixe toponímica, co principal foco de irradiación na aldea de Pintos, freguesía de Marcón, no concello de Pontevedra.

*Os Pintos* consta na relación de alcumes e sobrenomes da parroquia (*Matamá II*, 311), sen dúbida motivado por devanceiros portadores dese apelido. Está presente nos topónimos ***A Casa dos Pintos***, na Mó, e ***O Lavadouro dos Pintos***, no Pazo. Na veciña parroquia de Comesaña tamén hai un topónimo *A Casa do Pintos* en Sanín (Rodríguez Lemos, 2018: 153).

## ► Piñeiro

**O Piñeiro**
**O Cocho do Piñeiro**
**A Piñeira**
**O Pinal**
**O Pinal do Marqués**
**O Pinar da Fonte**
**O Pinar da Forca**
**O Pino Manso**
**A Coutada dos Pinos**

As árbores do xénero *Pinus* tiveron no galego medieval unha denominación *piño* (< lat. PINUM) que conviviu co derivado *piñeiro*, a forma que se consolidou. Coas repoboacións forestais, a partir do século XVIII, xeneralizouse tamén o uso en galego do castelanismo *pino*, presente en Matamá nos topónimos **O Pino Manso** ou **A Coutada dos Pinos** (→ Couto) e nos derivados *pinal* e *pinar*.

O nome *piñeiro* (< PINARIUM) estaba presente nos topónimos **O Piñeiro** e **O Cocho do Piñeiro**, que a documentación sitúa nas proximidades de Ribás ou de Parada, e noutro **O Piñeiro** en Balvís (*Matamá II*, 301). Un feminino **A Piñeira**, na zona de Beirán, debeu ter probablemente en orixe un valor colectivo ('lugar de piñeiros').

O derivado colectivo en *-al* formado a partir do castelanismo *pino*, **O Pinal**, é o nome dunha parte da antiga devesa real ao oeste do Maruxento, quizais a pegada toponímica dos primeiros piñeiros de repoboación na zona. Na área próxima, mais xa pertencente á parroquia de Valadares, repítese o colectivo no topónimo **O Pinal do Marqués** (→ Marqués).

A variante *pinar* vémola nos topónimos **O Pinar da Fonte**, preto do Outeiro de Balvís, ao norte do Coto do Mouro, e mais **O Pinar da Forca**, ao oeste de Ribás, na estrema coa parroquia de Comesaña na zona do Outeiro da Forca.

A diferenza dos piñeiros difundidos coas repoboacións forestais, que corresponden a diferentes variedades da especie *Pinus radiata* ou *Pinus insignis* e outras semellantes, as máis delas de orixe foránea e polo regular destinadas a formar áreas boscosas, o *piñeiro manso* (*Pinus pinaster*), en cambio, adoita ter presenza na paisaxe con individuos illados. Ese debe de ser o caso do topónimo de Matamá **O Pino Manso**, na Mó de Abaixo. Galicia Nomeada recolle 30 topónimos relativos a esta especie en singular, 9 coa forma *O Piñeiro Manso* e 21 co castelanismo *O Pino Manso*, estes últimos propios da Galicia occidental (21 topónimos). Malia que se acepta que esta variedade de piñeiro non adoitaba formar colectivos boscosos, temos un exemplo co derivado *pinar* en *O Pinar Manso*, na Ponte Ulla, no concello coruñés de Vedra.

## ► Piricoto

### O Piricoto

Os dicionarios galegos recollen un substantivo *pericoto* ou *piricoto* cos significados de 'parte máis alta de calquera cousa' e 'copa dunha árbore'. Considérase un derivado de *coto* (→), nome de orixe prerromana, mediante un prefixo. Da variante asturleonesa **pericueto*, procede o castelán *vericueto* 'lugar ou sitio áspero e quebrado por onde non se pode andar senón con dificultade', significado que tamén lles acae aos lugares designados polos topónimos galegos *Pericoto* ou *Piricoto*, polo regular situados en sitios elevados de difícil acceso.

En Matamá, **O Piricoto** é unha zona de monte no suroeste da parroquia, onda o Outeiro de Deus e o linde con Valadares. É topónimo

que se repite no Val de Fragoso: *O Piricoto* é tamén o nome tradicional dunha zona da veciña parroquia de Castrelos que hoxe compite coa denominación comercial da urbanización construída no lugar e onde se conservan vestixios dun castro coñecido como O Castro do Piricoto; tamén se repite O Piricoto na parroquia de Lavadores, e un miradoiro dos montes de Chandebrito é coñecido igualmente como *O Piricoto*.

Coa grafía *Pericoto* está presente nun par de nomes da toponimia litoral do concello coruñés de Cedeira, segundo vemos en Galicia Nomeada.

## ► Pisco → Camiño do Pisco, Canteira do Pisco

## ► Poldras

### As Poldras

**As Poldras** era o nome dunha área na estrema de Matamá con Comesaña e Coia, onda o chamado río Novo de Balaído, hoxe no interior da Zona Franca. Alternaba cunha variante *As Poldres* (Rodríguez Lemos, 2018: 110), que se rexistra na toponimia do Val de Tebra, en Tomiño (Río das Poldres, Ponte das Poldres).

Son topónimos viarios nacidos en cursos fluviais, e conteñen o substantivo común *poldra*, feminino de *poldro* (< lat. PULLĬTRUM) 'cría de cabalo, cabalo novo', usado en galego como termo común para designar un pasal, polo regular obra de man humana, consistente en varias pedras alternas que emerxen da auga e permiten atravesar a pé o río pasando dunha noutra. Neste caso As Poldras servían para cruzar o río Novo de Balaído e daban nome aos arredores. Unha denominación alternativa para este mesmo lugar era **O Pasal**, nome da familia léxica do verbo *pasar*, do mesmo significado e que responde á mesma motivación.

A plataforma Galicia Nomeada recolle 58 topónimos que conteñen este plural de *poldra* no seu nome, todos eles situados na Galicia meridional en dúas áreas significativas, unha entre a ría de Vigo e o Miño e outra no sur da provincia de Ourense, en tanto que parece non ter presenza nas provincias do norte. Os topónimos que conteñen o substantivo *pasal* (74 en Galicia Nomeada) espállanse por todo o territorio.

## ▶ Pomba

**O Pombal**
**O Cocho do Pombal**

A documentación histórica de Matamá rexistra unhas propiedades en Beirán chamadas **O Pombal** e mais **O Cocho do Pombal** no ano 1668 (*Matamá I*, 78). *Pombal*, un derivado de *pomba* (< latín PALUMBAM), é a denominación común da pequena edificación, con frecuencia de planta circular, dedicada á crianza de pombas domésticas. Da importancia que tivo a cría de pombas no pasado en Galicia poden dar conta os máis de 700 topónimos co substantivo *pombal* ou a variante *pombar* que se recollen en Galicia Nomeada, aínda que cómpre ter presente que nalgún casos, coma noutros derivados *Pombeira, Pombeiro*, os topónimos non viñeron motivados polas pombas domésticas senón polos pombos bravos.

Onde non hai constancia da existencia dun pombal na zona, cabe a posibilidade de que *Pombal* fose un apelido, pois é relativamente común entre a ría de Vigo e o Miño, de orixe toponímica, que concentra nos concellos de Oia e de Moaña máis da metade dos portadores de toda Galicia.

Tamén consta na documentación *A Viña do Palomar* preto de Alvite. Non sabemos se o topónimo naceu co segundo elemento en castelán ou se a documentación que o rexistra traduce un *Pombal* da oralidade.

## ▶ Porta

**A Porta**
**O Campo da Porta**

**A Porta** é o nome duns campos en Beirán. Rexístrase tamén como **O Campo da Porta** na documentación. O topónimo contén o substantivo común procedente do latín *porta* ‘entrada’, mais descoñecemos cal pode ser a motivación. Puido tratarse da porta de entrada a unha herdade ou a un *lugar*, mais dada a situación, na beira do camiño procedente da Simona e da parroquia de Valadares, tamén podería referirse

ao lugar por onde o camiño cruza o linde entre as dúas parroquias, que no pasado tamén era fronteira de xurisdición.



«... sobre el Campo da Carn[eir]a, y da Fonte y **da Porta**, anejos al lugar de Beirán», ano 1731 (PARES, AHN, Clero, L. 10241)

## ▶ Poula, Poulo

**As Poulas**
**Os Poulos**
**As Tomadas do Poulo**

*Poulo*, *poula* (< latín PABŬLUM, PABŬLA 'alimento') son nomes comúns que designan terras non cultivadas que se deixan para pasto do gando. A expresión *deixar a poula*, equivale a *deixar a ermo*, *a monte* ou *a bravo*, para referirse ao campo que se deixa de cultivar.

En Matamá, **As Poulas** é o nome dunha área de cultivos ao leste da parroquia, no linde con Castrelos á altura de Macal. Un masculino **Os Poulos** designa unha zona de monte ao sur da Mó de Arriba. Está presente tamén no segundo elemento do composto **A Tomada do Poulo**, nome dunha zona entre A Mó e A Barxa, ao sur do Rego da Mó (→ Tomada).

A plataforma Galicia Nomeada recolle 1259 topónimos cos substantivos *poulo* e *poula*, a maior parte deles na provincia de Ourense e no sur de Pontevedra.

## ▶ Pouso

**O Pouso do Cuco**
**Os Pousos**
**A Chan dos Pousos**
**Os Pousiños**

Os termos vinculados ao latín *pausa* deron orixe a moitos topónimos viarios. Se o feminino *pousa* adoita dar nome a lugares habitados, un masculino *pouso* adoita designar, nunha costa ou pendente, un relanzo chan que lles permite repoñer folgos aos camiñantes. Esta debe de ser a motivación dos topónimos ***Os Pousos*** e ***Os Pousiños***, na antiga devesa real da Barxa, hoxe na parte que quedou ao sur da circunvalación VG-20, e nas súas inmediacións ***A Chan dos Pousos*** (→ Chan). No Catastro de Ensenada aparece en ocasións escrito *Pouzos*, por hipercorrección dun suposto seseo, do mesmo xeito que se rexistran grafías como *Alboreza*, *Chouzo* e *Cizón* por *Alboresa*, *Chouso* e Sisón. As terras situadas «al sitio dos Pouzos» viñan cualificadas maioritariamente como monte de terceira.




Dos ferrados y quarta de
monte tercera Calidad al sitio de
los Pouzos Cerrado.

«al sitio do Pouso do Cuco / al sitio de los Pouzos» (CCME, ano 1762)

Parece que responde á mesma motivación o composto ***O Pouso do Cuco***, que designa unha área ao norte de Campos, no camiño da Telleira. *Cuco* é probablemente o ornitónimo común e o topónimo talvez se referiría á presenza ou abundancia desas aves (ou do seu canto) no lugar, aínda que nalgún caso *Cuco* pode estar presente na toponimia a partir dun sobrenome persoal, igualmente formado a partir do nome do paxaro. A mediados do século XVIII as terras de Matamá denominadas *Pouso do Cuco* viñan cualificadas no Catastro de Ensenada como viña, parra e labradío de secaño de primeira e segunda calidade.

## ▶ Pozo

**O Pozo Negro**
**O Pozo Negro de Balaído**

O substantivo común *pozo* (< latín PUTĔUM) designa comunmente a perforación destinada ao aproveitamento da auga subterránea. Con todo, non se refire a esa clase de pozos o composto *O Pozo Negro*, que igual ca o equivalente *Piago Negro* ou *Pego Negro* (< PELĂGUM 'mar') adoita designar unha zona dun río caracterizada pola súa profundidade.

En Matamá, **O Pozo Negro** ou **O Pozo Negro de Balaído** (*Matamá I*, 25) era o nome dun dos marcos históricos que sinalaban o perímetro da parroquia (o denominado *marco núm. 1* no mapa de Marcos Alonso), situado no río Lagares á altura do Balaído de Dentro, hoxe na Zona Franca.

## ▶ Pragal → Pedra

## ▶ Preito

**O Preito**

Coñécense como **O Preito** unhas terras de labor ao norte da Lagarella, entre esta e Balvís. Aínda que descoñecemos os pormenores, suponse que han deber o seu nome a algún tipo de disputa xudicial ou litixio pola propiedade ou o arrendamento das terras.

No portal Galicia Nomeada vemos máis de corenta topónimos que conteñen o nome *preito*. Igual ca outros formados con *contenda* (e os antigos participios *conteso*, *contesa* 'disputada'), *demanda*, *querela* etc., son topónimos motivados por algún litixio xudicial pola propiedade ou o aproveitamento das terras. *Preito*, igual ca o castelán *pleito*, son termos con orixe no francés medieval *plait*, este procedente do latín PLACĬTUM.

## ► Presa

A Presa da Abelleira
A Presa da Balsa
A Presa da Baralleira
A Presa da Barxela
A Presa da Devesa (da Balsa)
A Presa da Fría
A Presa da Horta
A Presa da Masoqueira
A Presa da Peideira
A Presa da Regueira
A Presa da Tomada
A Presa das Caniñas
A Presa das Costeiras
A Presa das Manteigas
A Presa das Mendoias
A Presa das Milladas
A Presa das Rans
A Presa das Terzas
A Presa de Balvís
A Presa de Sorrego
A Presa do Abelar
A Presa do Barreiro
A Presa do Campo Grande
A Presa do Carballo
A Presa do Cercado
A Presa do Cocho
A Presa do Curral
A Presa do Pardal
A Presa do Pazo
A Presa do Rato
A Presa do Río
A Presa do Salgueiral da Cavada
A Presa do Souto do Vello
A Presa do Xubalbido
A Presa dos Cochelos
A Presa dos Salgueiros
A Presa Nova
As Presas
A Carneira da Presa
A Tomada da Presa
O Xubalbido da Presa

O aproveitamento das augas mediante presas e levadas tivo enorme importancia na sociedade agrícola tradicional. A toponimia de Matamá conserva memoria do minucioso aproveitamento deste recurso, tal e como mostra a simple identificación das presas no mapa parroquial realizado por Marcos Alonso. Aínda que tamén se empregaron outras denominacións, como *balsa* (→) ou *tanque* (→), hoxe *presa* é a denominación común local para a obra destinada a reter e almacenar a auga destinada ao rego. *Presa* vén sendo o participio do verbo *prender* 'reter, conter'.

Aínda que o segundo elemento dos topónimos compostos que dan nome ás presas pode responder a múltiples motivacións, e constituír desde un fitónimo relativo á flora da zona, como **A Presa das Caniñas**, no Pereiro (→ Cana) a un zoónimo como **A Presa das Rans**, ao nordeste

de Beirán (→ Ra), polo regular os nomes das presas responden a dúas fórmulas maioritarias: ben indican o lugar en que se sitúa a presa, ben identifícana mediante un antropónimo (nome, apelido, alcume…) que adoita designar a persoa ou familia propietarias ou usuarias da presa. Para a explicación dos segundos elementos destes compostos, remitimos á entrada correspondente, segundo a orde alfabética. Un único caso co substantivo *presa* acompañado dun adxectivo é **A Presa Nova**, ao suroeste de Balvís.

Responden ao primeiro dos modelos mencionados (*A Presa de* + topónimo próximo) **A Presa da Abelleira** ou **da Abilleira** (→ Abella), ao sur da Mó; **A Presa da Balsa**, na Balsa (→ Balsa); **A Presa da Baralleira**, nas Carneiras (→ Baralla); **A Presa da Barxela**, en Campos (→ Barxa); **A Presa da Devesa**, na Devesa da Balsa (→ Devesa); **A Presa da Horta**, no Pazo (→ Horta); **A Presa da Peideira**, en Ribás (→ Peideira); **A Presa da Tomada**, ao oeste da Mó (→ Tomada); **A Presa das Costeiras**, en Beirán (→ Costa); **A Presa das Milladas**, na estrema con Valadares (→ Mil); **A Presa de Sorrego**, ao leste da Lagarella (→ Rego); **A Presa do Abelar**, na Barxa (→ Abelar); **A Presa do Campo Grande** (→ Campo); **A Presa do Cercado** ou **do Cercado do Río**, ao sur do Sisón (→ Cercado); **A Presa do Cocho** e **A Presa dos Cochelos**, na Mó (→ Cocho), **A Presa do Curral**, na Barxa (→ Curral); **A Presa do Salgueiral da Cavada**, en Ribelas (→ Salgueiro); **A Presa do Souto do Vello**, ao norte da Mó (→ Souto) e **A Presa do Xubalbido** ao leste da Carapucha (→ Xilbarba).

Responden ao segundo modelo, mediante un sobrenome ou apelido, **A Presa da Fría**, ao leste da Barxa (→ Fría); **A Presa do Pardal**, no Pazo (→ Pardal); **A Presa das Manteigas**, cun sobrenome ou apelido *Manteiga* (→ Fonte das Manteigas); **A Presa do Tío Pepe** (denominación alternativa da Presa das Rans) e **A Presa do Rato** en Campos (→ Rato). **A Presa das Mendoias** parece recibir o seu nome do lugar en que se encontra, mais este contén tamén un antropónimo (→ Mendoia). Nalgúns casos é dubidoso se pertencen ao primeiro ou ao segundo modelo: **A Presa do Carballo** (→ Carballo), **A Presa dos Salgueiros** (→ Salgueiro).

Outros compostos en que *presa* está como segundo elemento dan lugar a parellas de topónimos simétricos. Hai **A Presa da Tomada** e **A Tomada da Presa** (→ Tomada), **A Presa do Xubalbido** e **O Xubalbido da Presa**, **A Presa da Carneira** e **A Carneira da Presa**; estes últimos rexistrados documentalmente desde o século XVI (→ Carneira).

Un plural **As Presas**, que dá nome a unha área ao sur da Barxa, entre a Barxa e a vía de circunvalación VG-20, ha de referirse a varias presas da zona vinculadas á rede do Rego do Abelar, como as presas chamadas do Abelar, do Rato etc. O topónimo *Agolvada* ou *Agua Levada* (→ Auga) é un sinal de que a intervención humana para o aproveitamento dos recursos hídricos na zona xa tiña moitos séculos de historia. Algunhas das presas situadas máis ao leste, como **A Presa da Abelleira** ou **da Abilleira**, ao sur da Mó, desapareceron coa construción da autovía VG-20.

Na documentación histórica da parroquia, sobre todo na dos séculos XIX e XX, faise mención doutras presas, algunhas de localización só aproximada ou imprecisa e noutros casos como denominación alternativa das presas coñecidas con outro nome: *A Presa do Lameiro* (→ Lama), *A Presa da Masoqueira* ou *da Mazoqueira* (→ Mazoco), *A Presa do Monte* (→ Monte), *A Presa das Terzas*, esta na zona da mesmo nome, hoxe na zona Franca (→ Terza), *A Presa do Barreiro* (→ Barro), *A Presa do Lameiro* (→ Lama) e *A Presa do Pazo* (→ Pazo). Tamén rexistra a documentación un topónimo *O Campo da Presa* nas proximidades de Ribás (→ Campo), que aparentemente non sobreviviu ata hoxe, mais é verosímil que se referise á presa chamada *A Presa Redonda e da Peideira* (→).

## ▶ Pumar

**O Pumar do Tío Santonio**
**Os Pumares**
**Pumariños, Pumariño**
**As Pumarías**

*Pomar* e *pumar* son derivados do latín *pomum* 'froito' ou do seu plural singularizado *poma*, que pasou a equivaler a *mazá*. Coas dúas variantes, *pumar* e *pomar*, teñen notoria presenza na toponimia do norte peninsular, onde polo regular designan un campo con árbores froiteiras, ou máis especificamente maceiras. En Galicia son moi comúns; a plataforma Galicia Nomeada recolle 740 e 166 topónimos coas formas *pumar* e *pomar*, respectivamente.

En Matamá temos este substantivo nos topónimos **Os Pumares**, ao norte do cemiterio parroquial, **O Pumar do Tío Santonio**, ao oeste de Ribelas de Arriba, e un diminutivo **Pumariño**, que alterna co plural **Pumariños** como nome dunha área ao norte do Pazo de Abaixo, en Parada. O primeiro destes aparece coa denominación alternativa de *sitio do Pumar da Iglesia* no Catastro de Ensenada (1753, 1762), onde vén cualificado como labradío de secaño de segunda calidade. A mesma fonte cualifica como parra de terceira e labradío de secaño de segunda e terceira as propiedades situadas «al sitio de Pumariño». *Santonio* é unha alteración de *José Antonio* ou *Xosé Antonio*.

Malia a aparencia, non debe gardar relación con estes un topónimo *As Pumarías* rexistrado na documentación histórica da parroquia (*Matamá II*, 302), que semella unha alteración dun plural secundario do composto de *pedra* co nome persoal *María*, dadas outras atestacións escritas onde o sitio aparece cos nomes de *Pedra María*, *A Pera María*, *A Peramaría do Cano* (→ Pedra).

## ▶ Quebrar, crebar

**A Quebrada**
**A Coutada da Quebrada**

**A Quebrada** é unha zona de monte na estrema suroccidental da parroquia, lindante coa de Comesaña ao suroeste da Barxa e inmediata á circunvalación VG-20. Caracterízase por un acusado desnivel do terreo, que constitúe a motivación do topónimo. Este é o substantivo común feminino correspondente ao participio do verbo *quebrar* ou *crebar* (< latín CREPARE). Na documentación medieval galega en latín emprégase este termo para referirse a paisaxes de orografía fragosa ou moi accidentada («illam petram longam de super terra crepata», ano 1135, Toxosoutos).

En Matamá, no ano 1756 don Ventura de Abreu recibiu do seu tío don Matías a doazón de varias herdades na parroquia, entre elas a *leira da Coutada da Quebrada* (*Matamá I*, 174). É verosímil que este nome sexa a corrección dunha forma popular *crebada*, que é en rigor a forma etimolóxica. As metáteses de <r> (cambio de sílaba) son comúns en todo o galego suroccidental (→ Quirincosta), mais o habitual é o paso

a unha sílaba anterior, non á seguinte. O nome da veciña parroquia de Castrelos aparece adoito na documentación anterior ao século XIX como *Crastelos* ou *Crestelos*.

Segundo a documentación de San Domingos de Pontevedra, **A Coutada da Quebrada** era unha parte das Coutadas do Raposo (→ Raposo).

## ► Quinta

**A Quinta**
**A Costa da Quinta**
**A Quinta / A Quinta do Pazo de Cima**
**A Quinta do Pazo de Abaixo**

**A Quinta** é o nome dunha pequena área ao oeste do Pazo, á beira da vía pública coñecida como **A Costa da Quinta**. Aparece mencionada na documentación como *A Quinta do Pazo de Arriba* ou *de Cima*, para diferenciala doutra **A Quinta**, no Pazo de Abaixo. Rexístranse ambos os topónimos desde polo menos o ano 1409 (*Matamá I*, 65): «A Quinta / Quinta de Matamaa que se dize o Paço de Avaxo».

**A Quinta** era tamén o nome dunha pequena zona na estrema da parroquia coa de Coia, onda o chamado Balaído de Dentro, hoxe no interior da Zona Franca.

O topónimo *Quinta* contén o numeral ordinal e partitivo de *cinco*. Aínda que na súa orixe romana designou propiedades ofrecidas como recompensa aos soldados despois dunha vitoria militar, correspondentes a unha quinta parte do botín, axiña pasou a designar unha *villa* ou casa rural coas súas terras inmediatas. A diferenza de *lugar*, que na toponimia da zona designa unha vivenda familiar e o seu terreo circundante, polo regular cercado ou valado, a *quinta* constituía unha casa principal ou señorial e os seus terreos ocupaban unha superficie moito maior. Deste xeito, *quinta* viña equivalendo aproximadamente a *pazo*, aínda que por *pazo* se entendía a edificación propiamente dita e por *quinta* o conxunto da propiedade, coa vivenda principal e as súas terras.



Foros en Matamá. San Domingos de Pontevedra *Tombo becerro* do ano 1653 (PARES, AHN, Clero, L. 10240)

## ► Quirincosta

**A Quirincosta / A Quiringosta / A Caringosta**

**A Quirincosta** é o nome dunha área de Ribás. *Quirincosta* é unha variante común na toponimia do Val de Fragoso e do territorio tudense para o que comunmente se di *congostra* noutras zonas do galego.

Este substantivo procede do latín CONGUSTAM, usado en orixe como un adxectivo de *via* 'camiño' para referirse á súa condición angosta ou estreita, encerrada entre valados ou afundida. O resultado regular do galego a partir dese étimo sería *congosta*, *congosto*, formas que se rexistran no latín medieval, mais adquiriu desde moi cedo un <r> adventicio, como sucede noutros casos nesa secuencia fonética (-st- > -str-) e xa se documenta como *congostra* na Idade Media. A particular evolución de *congostra* a *quirincosta* explícase por unha acumulación de fenómenos fonéticos comúns: metátese do R, que retrocede ata a silaba inicial, disimilación da vogal pretónica (*Congostra* > *Crongosta* / *Cringosta*), inserción dunha vogal de apoio ou anaptítica (*crin-* > *quirin*) e o enxordecemento, propio das áreas con gheada, da consoante velar (g > k) tras nasal (como en *dominco*, *manqueira* por *domingo*, *mangueira*).

Na documentación de San Domingos de Pontevedra relativa aos bens de Matamá menciónase no século XVII a «congostra que ba de la balsa a las Golpelleyras» (→ Golpella).

Na documentación escrita aparece este topónimo coas variantes *Congostra*, *Quirincosta*, *Quiringosta* e *Caringosta*.

A plataforma Galicia Nomeada recolle 250 topónimos co substantivo *congostra*. As formas *Quiringosta* e *Quirincosta* suman máis de cen, concentradas no sur da provincia de Pontevedra.

## ▶ Ra

**As Rans**
**A Presa das Rans**

*Ran* é a denominación común na fala de Matamá para o batracio coñecido como *ra* noutras áreas galegas. É o resultado propio do galego occidental para o latín RANAM. A referencia a estes animais está presente en dous topónimos da parroquia: **As Rans**, nome dunhas terras de labor ao suroeste do Pazo, ao oeste do Pardal, probablemente as mesmas que constan no Catastro de Ensenada (1753, 1762) como «sitio de Rans» e veñen cualificadas como labradío de secaño de primeira calidade, e mais **A Presa das Rans**, denominación alternativa para *A Presa do Tío Pepe*, ao nordeste de Beirán.

Cóntanse por centos os topónimos galegos relativos ás *ras*, incluídos derivados como *Reiro*, *Rairo*, *Raíndo*, *Renda* ou *Rendo*, que resultan máis opacos. Dos 35 topónimos que recolle a plataforma Galicia Nomeada co plural *As Rans*, 7 localízanse no concello de Vigo.



«la eredad que e dice e nombra das rrans», ano 1620. Apeos de San Domingos (PARES, AHN, Clero, L. 20168)

## ▶ Rabo

**O Rabete**
**O Rabete da Vesadiña**
**O Rabo da Besta**

*Rabo* é un termo común ao galego, castelán e portugués, ao cal se lle supón orixe no latín RAPUM 'nabo' e que se aplica ao apéndice caudal dos animais e en sentido figurado a calquera apéndice ou parte que sobresae dun todo. Na toponimia, *rabo* e derivados adoitan aplicarse a accidentes xeográficos ou propiedades rústicas caracterizadas pola súa forma longa, estreita ou cun estremo alongado que pode semellar un rabo. Con ese significado é tamén usual o derivado diminutivo *rabete*, relativamente común na toponimia de Vigo e arredores (o portal Galicia Nomeada recolle topónimos *O Rabete* nas parroquias de Cabral, Coruxo, Chandebrito, Gondomar, Nigrán e Vilaza).

En Matamá repítese este derivado en catro localizacións: **O Rabete**, nome dunhas terras de labor ao oeste de Campos, á beira do Regueiro de Picón, outro **O Rabete** onda os Campos da Balsa, ao norte da Balsa, un terceiro **O Rabete** no Pazo e un cuarto **O Rabete da Vesadiña**, na Vesadiña, en Ribás. Este último rexístrase nos libros de apeos do século XVII de San Domingos do Pontevedra ata o ano 1689, data en que o convento llo vendeu a don Pedro de Comesaña (*Matamá I*, 171).

A documentación histórica recolle na parroquia outro topónimo de localización imprecisa ***O Rabo da Besta***, que debe de responder á mesma motivación, relativa á forma das propiedades. *Besta* (< lat. BESTIAM) é a denominación xenérica para os equinos e tamén se usa como sinónimo de *egua* 'femia do cabalo'.

## ▶ Ramo, rama

**As Ramadas de Picón de Abaixo**

Un substantivo *ramada*, derivado de *ramo* ou *rama* (< lat. RAMUM, RAMAM), co significado de 'frondosidade', 'área boscosa', aplicado en orixe sen dúbida a unha zona de arboredo, está presente no topónimo **As Ramadas de Picón de Abaixo**, mencionado en 1620 nun foro das

propiedades de San Domingos de Pontevedra en Matamá (*Matamá I*, 74): «con mas la eredad das Rramadas de Picon de vaxo que llevara de sembradura seis ferrados de trigo poco mas o menos e parte con el rrio de Valaido e con heredad de Juan Gonçalez de Campos» (PARES, AHN, Clero L. 20186).

O mapa de Marcos Alonso sitúao no estremo norte do territorio parroquial, preto de Balaídos, onda o Regueiro de Picón, na actualidade dentro da Zona Franca.



## ▶ Raña

**A Raña**
**A Fonte da Raña**
**O Lavadouro da Raña**

Coñécese como **A Raña** unha zona situada ao noroeste do Roupeiro, onde dá nome á **Fonte da Raña** e ao **Lavadouro da Raña**.

*Raña* é un substantivo feminino relacionado co verbo *rañar* 'raer, rascar, rabuñar', que se supón emparentado etimoloxicamente co zoónimo *araña* (< latín ARANĔAM). O Nomenclátor de Galicia recolle varias ducias de topónimos relacionados con este termo: *Raña, Rañoa, Rañada, Rañado,* con ou sen artigo, e cóntanse por centos na microtoponimia. Todos eles remiten no seu significado a *rañar* como 'raer, erosionar', pois tanto se aplican a lugares na beira dun curso fluvial erosionados por efecto das augas coma a montes ou áreas con pouca vexetación, mais tamén poden referirse a actividades humanas en derivados como *Rañadoiro*, equivalente a *Rapadoiro* 'terreo de monte baixo (xestas, uces, toxos…) que se rapa periodicamente'.

No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades situadas «al sitio de la Raña» cualificábanse como labradío de secaño de segunda e terceira calidade.

## ▶ Raposo

**O Raposo**
**As Coutadas do Raposo**

**O Raposo** é unha zona de monte e campos ao oeste da Balsa, na estrema coas parroquias de Santo André de Comesaña e de Valadares.

O feito de que se rexistre sen artigo no Catastro de Ensenada («sitio de Raposo», 1753, 1762) podería facer pensar que quizais non é propiamente un zoónimo, senón que contén un sobrenome ou apelido *Raposo*, mais outras fontes históricas anteriores recólleno con artigo: «monte do Raposo», «Coutadas del Raposo», polo que é moi verosímil que se refira ao animal (→ Golpella, Gulpilleiras), quizais non tanto pola súa presenza na zona como máis probablemente por algunha forma da paisaxe que puidese parecérselle, acaso a propia ladeira meridional desa área, que desde o lugar do Freixo, na parroquia de Valadares, se coñece como **O Lombo do Raposo** (Luna e Navaza, 2022: 219).


Foro de las Coutadas, y Devesa da
Fonte Santa, da Freija, y da Quebrada,
aliás Coutadas del Raposo

Encabezado de foros de San Domingos de Pontevedra, século XVIII (PARES, AHN, Clero, L. 10238)

## ▶ Rato

**O Campo do Rato**
**A Presa do Rato**

**O Campo do Rato** é o nome dunha área en Campos, ao sur da Ervillesa, na estrema coa parroquia de Castrelos. O segundo elemento, o zoónimo *Rato*, está seguramente empregado como referencia á familia propietaria ou usuaria do campo. Ha de responder á mesma motivación o topónimo **A Presa do Rato**, na zona da Barxa denominada As Presas (→).

*Rato* e *Rata* constan na relación de alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 311); se os portadores deste sobrenome corresponden á mesma estirpe familiar que suscitou o topónimo, estariamos ante unha tradición de moitas xeracións, pois xa no século XVIII (CCME, 1762) se menciona entre os bens de Jacinto Alonso, veciño da Devesa, a propiedade chamada *O Campo do Rato*, cualificada como labradío de secaño de segunda.

*Rato* é o nome común galego para varias especies de pequenos roedores da familia dos múridos, entre eles o rato doméstico (*Mus musculus*) e o rato de campo (*Apodemus sylvaticus*). No pasado tamén se empregou un derivado *ratón* (de onde *ratoeira*), que é o que se impuxo en castelán. O seu frecuente emprego como alcume aplicado a persoas puido responder a múltiples motivacións: polo aspecto miúdo, polo carácter inquieto, polos dentes…

## ► Raxó

**Raxó**
**O Campo de Raxó**

Recibe o nome de **Raxó** (tamén con artigo, *O Raxó*, e en plural, *Os Raxós*) unha pequena zona de campos con algunhas vivendas ao norte de Budiño, ao leste da área denominada As Granxas. O topónimo coincide co nome dunha parroquia (Raxó) do concello pontevedrés de Poio, rexistrado en latín medieval como *Raiola* na documentación da Armenteira, e ten paralelo nos *Raxoa* e *Raxoá* doutras zonas galegas. Probablemente é o resultado do diminutivo co sufixo -ola (na zona -ŎLA > *-oa* > *ó*) do nome feminino *raia* (de *raio* < lat. RADIUM), talvez co significado de 'linde, estrema'.

O de Matamá, nos rexistros históricos máis antigos aparece sen artigo, polo que deducimos que o uso do artigo debe ser relativamente

recente (e contradise coa probable orixe etimolóxica feminina do termo). No século XVII, **O Campo de Raxó** forma parte dos bens de San Domingos de Pontevedra anexos ao foro do lugar de Balvís (PARES, AHN, Clero L. 10240).



«… la casa y quinteiro donde viven (…) campo de Raxó (…) campo de Xaíde», ano 1653

## ▶ Razón

### A Mó da Razón

Entre os topónimos de Matamá que conteñen o substantivo feminino *mó* (→) consta un composto **A Mó da Razón** como nome dunha área no sur da parroquia, no linde coa de Valadares. A *razón* do topónimo posiblemente se refire a certo imposto que cobraba o cabido catedralicio, e garda relación co nome do cóengo *racioneiro*. *Razón* e *ración* son os resultados galegos do latín RATIONEM, do feminino *ratio* 'proporción'. Estamos ante un topónimo relacionado coa fiscalidade eclesiástica, semanticamente vencellado aos que conteñen o sintagma *Dizmo a Deus* (→ Deus), neste caso a partir da acepción de *razón* como «prebenda eclesiástica que ten a súa renda na mesa capitular», DRAG, s. v. *ración*). Na veciña parroquia de Comesaña rexístrase un topónimo paralelo *A Derrazón* (Rodríguez Lemos, 2018: 65).

Nun dos libros de apeos e foros de San Domingos de Pontevedra relativos ás propiedades do convento en Matamá especifícase que o *dizmo* ou *diezmo a Dios* dalgunhas propiedades de monte viña duplicado (dous dizmos), pois pagaban un 10 % correspondente ao *dizmo* propiamente dito e outro 10 % correspondente á *razón*: «montazgos de dos diezmos, que hes dar de diez manoxos dos, uno al diezmo y otro a la rraçon» (1591, AHN, Clero L. 10233).



«dos diezmos, que hes dar de diez manoxos dos, **uno al diezmo y otro a la rraçon**»

## ▶ Rebouza

### A Rebouza

Os dicionarios recollen un substantivo *rebouza* coas acepcións de ‘terra que se deixa en barbeito’ e ‘desnivel ou cemba á beira do camiño’. Probablemente é un derivado de *bouza* (→) precedido do prefixo re-, aplicado a terreos que se deixan *a bouza*, *a poula* ou *a ermo* durante un tempo, isto é, sen cultivar. Está presente en Matamá na área denominada **A Rebouza** (**A Rebousa**, co seseo local) ao oeste de Budiño e ao norte da Gaga, con campos de labor e arboredo.

No Catastro de Ensenada, as terras que reciben este nome veñen caracterizadas como monte de primeira calidade e labradío de secaño de segunda e terceira. Nalgunha documentación aparece coa denominación alternativa de *Viña Nova* («da Rebouza ou Viña Nova»).

En Galicia Nomeada recóllense 63 topónimos *A Rebouza* ou *As Rebouzas*, seis deles no concello de Vigo. Un masculino *O Rebouzo* (27 topónimos) é característico da Galicia oriental. Teñen paralelo nos *Rebouça* da toponimia portuguesa.

## ▶ Reitor

### A Reitoral / A Rectoral

**A Reitoral** ou *rectoral* son denominacións habituais para a vivenda residencia do párroco ou abade, o cura reitor da parroquia. En moi-

tas parroquias, como en Matamá, ten a denominación alternativa de *A Abadía*, un derivado de *abade* (→), como reitoral o é de *reitor* (< latín RECTOREM), outra das denominacións do cura párroco.

Os derivados de *reitor* ou *rector* teñen moita presenza na toponimia; o portal Galicia Nomeada recolle 264, moitos deles nun composto *A Casa Reitoral*. No Nomenclátor de Galicia constan nove entidades de poboación chamadas *A Reitoral* ou *A Rectoral*.

Xulio Fernández Pintos e Marcos Alonso Rodrigues ofrecen no seu libro (*Matamá I*, 162-168) información da casa reitoral de Matamá e de diferentes abades históricos.

## ▶ Redondo

**Os Redondelos**
**O Cavadón Redondo**
**A Pedra Redonda**

O adxectivo *redondo*, *redonda* (< latín ROTUNDUM, ROTUNDAM) ten moita presenza na toponimia. No Nomenclátor de Galicia cóntanse máis de oitenta núcleos habitados que o conteñen no seu nome; en Galicia Nomeada son máis de 2000 microtopónimos, entre os cales haberá algúns formados a partir dun apelido *Redondo*, pero os máis deles han de vir motivados pola forma máis ou menos circular dunha propiedade, dun penedo ou de calquera accidente xeográfico. Son igualmente comúns os diminutivos co sufixo -*elo*, -*ela*: sete localidades chamadas *(O) Redondelo* e tres *Redondela* (a vila e o concello dese nome, un lugar no concello coruñés de Mañón e outro no lugués de Ribas de Sil), e en Galicia Nomeada, 48 *Redondela* e 153 *Redondelo*.

En Matamá, un diminutivo plural **Os Redondelos** dá nome a unha área de monte e terras de labor ao norte de Parada, ao noroeste do Roupeiro, na estrema coa Zona Franca. Deste topónimo recibe o seu nome o **Petróglifo dos Redondelos** (*Matamá I*, 49). Coma outros topónimos da zona en que a fragmentación das propiedades xerou un plural secundario, tamén é verosímil que este fose en orixe un singular, *O Redondelo*. Descoñecemos a exacta motivación que o produciu. Parece pouco probable que conteña un sobrenome de propietario, aínda que o lugar de Redondelo (Tortoreos, As Neves) ou a propia vila de Redonde-

la puido xerar un sobrenome toponímico con esa forma; talvez se debe á forma dun campo, como en **O Cavadón Redondo** (→ Cavar) ou dun penedo ou penedos, como en **A Pedra Redonda** e **O Monte da Pedra Redonda** (→ Pedra).

## ► Regada

**As Regadas**
**O Campo das Regadas**
**As Regadas de Abaixo**
**As Regadas de Riba**
**A Cortiña das Regadas**
**A Fonte das Regadas**
**O Lavadouro das Regadas**
**As Regadiñas**

O substantivo *regada* é o participio do verbo *regar* (< latín RIGARE) e adoita designar terras de labor de regadío. Igual ca na lingua común, na toponimia os derivados de *regar* conflúen cos dun termo de orixe prerromana *rego* (→), que significa 'suco que abre o arado' entre outras acepcións.

En Matamá, unha zona relativamente ampla de terras de labor ao norte de Ribás é coñecida como **As Regadas**, ben atestada con este nome ou como **O Campo das Regadas** desde comezos do século XVII na documentación de San Domingos de Pontevedra. No Catastro de Ensenada, as propiedades así chamadas veñen cualificadas como labradío de secaño e regadío, maioritariamente de segunda calidade, e como monte de primeira. Hoxe distínguense **As Regadas de Arriba** ou **de Riba**, **As Regadas de Abaixo** ou **de Baixo** e **A Cortiña das Regadas** (→ Corte). O curso de auga que suscitou os topónimos ten o seu punto de referencia na **Fonte das Regadas** (→ Fonte). Un diminutivo **As Regadiñas** daba nome a unhas propiedades en Campos (*Matamá II*, 302).



«El campo das Regadas que llevara en senbradura veynte ferrados de pan...», ano 1620 (PARES, AHN, Clero, L. 20186)

## ► Rego, Regueira, Regueiro

O Rego
O Rego da Mó
O Regueiro da Mó
O Rego das Carneiras
O Rego do Ameal
O Rego do Salgueiral
Os Campos do Rego
Sorrego (/Surrego)
Sorrego de Abaixo
Sorrego de Arriba
A Presa de Sorrego
O Regueiro de Picón
Tras do Regueiro
A Banda do Regueiro
A Fonte de Tras do Regueiro
A Regueira
A Regueira da Cal
A Canteira da Regueira
A Fonte da Regueira
O Lavadouro da Regueira
O Muíño da Regueira
A Presa da Regueira
A Fonte da Regueiriña

O substantivo común galego *rego* considérase de orixe céltica, dun étimo **rěku*, e nas principais acepcións significa 'suco (aberto polo arado)' e 'regueiro, pequeno curso de auga'. Este termo e os seus derivados confluíron e confundíronse cos da familia léxica do verbo *regar*, de orixe latina, e na práctica os nomes *rego*, *rega*, *regueiro* ou *regueira* aplicadas a un curso fluvial adoitan asociarse ao aproveitamento das augas para regar os cultivos. Na toponimia de Matamá, *rego* ten o seu significado común hidronímico e aplícase a pequenos cursos de auga naturais, con independencia de que os máis deles foron aproveitados desde hai moitos séculos para o regadío dos campos de labor, con maior ou menor intervención humana mediante presas, tornos e levadas. En moitos dos casos, *rego* e *regueiro* funcionan nos topónimos como nomes xenéricos intercambiables (*O Rego da Mó* = *O Regueiro da Mó*).

**O Rego das Carneiras** é un curso de auga do leste do territorio parroquial. Flúe cara ao norte, pola zona das Carneiras ata a Devesa e vai alimentar **O Regueiro de Picón**, que desembocaba no río Vello na actual Zona Franca. O que corre entre a Mó e A Barxa coñécese como **O Rego da Mó** ou **O Regueiro da Mó**, onde tamén motiva o topónimo **A Banda do Regueiro**. Outros son **O Rego do Ameal**, entre A Mó e A Lagarella e **O Rego do Salgueiral**, entre A Revolta e Ribelas.

**O Rego** ou **Os Campos do Rego** é unha área ao sueste de Beirán, na estrema con Valadares. É un topónimo moi atestado na documentación de San Domingos de Pontevedra relativa aos seus bens en Matamá. No século XVIII, a herdade *do Rego*, xunto co lugar de Beirán, foron obxecto de litixios entre particulares e o convento pontevedrés. No Catastro de Ensenada, a maior parte das propiedades localizadas «al sitio do Rego» veñen consideradas labradío de regadío de primeira calidade.



*O Campo do Rego* nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra, ano 1591 (PARES, AHN, Clero, L. 10233)

Precedido da preposición *su-/so*, está tamén presente no topónimo **Surrego** ou **Sorrego** (< sub + rego), que tamén se rexistra como *Suorrego* e *Sorrego* (< *so o Rego*) 'por baixo do rego', e que probablemente se refire ao rego do Ameal. Distínguense nesa zona **Sorrego de Arriba** e **Sorrego de Abaixo**, e onda eles **A Presa de Sorrego**, ao leste da Lagarella.

O derivado *regueiro*, ademais dos mencionados, está presente tamén na área denominada **Tras do Regueiro**, entre Ribelas e A Carapucha, da cal toman o seu nome **A Fonte de Tras do Regueiro** e **O Lavadouro de Tras do Regueiro**.

O feminino **A Regueira** dá nome a unha área na Balsa, no linde con Santo André de Comesaña e á beira do acceso sur á Zona Franca; nela sitúanse **A Fonte da Regueira**, **O Lavadouro da Regueira**, **O Muíño da Regueira**, **A Presa da Regueira** e mais **A Canteira da Regueira**. Outro **A Regueira** é o nome dunha área entre Parada e O Castro e un terceiro **A Regueira**, o dunha área ao leste do Outeiro de Balvís, na zona dos Xubalbidos, probablemente relacionada coa auga da mina e de varias presas que hai nos arredores. Na documentación menciónase unha **Fonte da Regueiriña** en Beirán.

**O Regueiro da Cal** (*Matamá II*, 302) que aparece tamén como **A Regueira da Cal**, en feminino, na documentación histórica («la Regueira que llaman do Castro por otro nombre da Cal», no ano 1715), debe de corresponder ao actual **A Regueira** entre Parada e O Castro, que perdeu o complemento relativo a unha canalización (*cal* < lat. CANALEM).


Regueira

► Rei, Real → Devesa

## ▶ Resteba

**A Restebiña**
**A Leira da Restebiña**
**A Restebiña do Carreiro**

**A Restebiña** é o nome dunha zona de terras de labor en Alvite, á man dereita entrando na rúa dos Canteiros desde a avenida de Castrelos. Supoñemos que está situada nesa área **A Leira da Restebiña** (*da Restiviña*) que formaba parte do dote matrimonial ofrecido para o casamento do fillo de Martiño Costas da Carapucha en 1688 (*Matamá I*, 207). A parte norte desta área identificábase co composto **A Restebiña do Carreiro** (→). As propiedades localizadas na *Restibiña* ou *Restiviña* veñen cualificadas no Catastro de Ensenada (1753, 1762) como labradío de regadío de segunda calidade.

Na toponimia galega*, resteba* e os seus derivados son característicos do suroeste e case exclusivos da provincia de Pontevedra. Dos trinta e un microtopónimos formados con ese nome recollidos en Galicia Nomeada, máis da metade localízanse arredor da ría de Vigo. No norte ten presenza a variante con R, *restreba* (196 topónimos na Coruña e Lugo), cun R adventicio na secuencia -st- ante vogal (-st- > -str-), como en *congostra* (→).

*Restreba* figura nos dicionarios co significado de «couces das canas de cereal que quedan presas á terra despois da sega» (DRAG), isto é, como sinónimo de *restroballo* ou *restrollo*. Na toponimia adoita designar terras dedicadas a cereal que se cultivaban dúas veces ao ano; isto é, o restrollo da primeira colleita volvía ararse para un segundo cultivo, a chamada colleita serodia, de restreba, de revolta ou de restrolleira. O Padre Sarmiento explica a palabra e asóciaa ao nome da *esteba* (< lat. vg. STEPA, clás. STIPA), isto é, da abeaca, rabiza ou manceira do arado: «resteba (…) Significa la segunda sementera. En Pontevedra, después de haber cogido el trigo o centeno, se ara y se siembra o maíz o mijo menudo o panizo u otro fruto, en la misma tierra. Acaso porque la esteba o arado vuelve» (Sarmiento, *Catálogo de voces y frases gallegas*, 1745-1755, en DdD).

## ▶ Revolta

**A Revolta**
**A Fonte da Revolta**
**O Lavadouro da Revolta**
**O Camiño da Revolta**

**A Revolta** é outro dos núcleos habitados tradicionais de Matamá, situado ao sur de Ribelas e da Carapucha. Toman o seu nome por referencia a este lugar **A Fonte da Revolta**, **O Lavadouro da Revolta** e **O Camiño da Revolta**. A mediados do século XVIII residían na Revolta tres familias, segundo sabemos polo Catastro de Ensenada, e a finais do século XIX eran once as vivendas (*Matamá I*, 240).

*Revolta* é un substantivo común, formado sobre *volta*, participio de *volver*, na acepción que significa 'curva', cun prefixo *re*-. Adoita ter presenza na toponimia para designar unha volta máis ou menos pronunciada no trazado de camiños principais ou secundarios. Con todo, este mesmo substantivo tamén se aplicou a terras onde se cultivaba cereal de *revolta*, isto é, serodio ou dunha segunda colleita anual (→ *Resteba*), e non sempre podemos saber cal dos dous significados motivou un topónimo.

Repítese na toponimia de todo o territorio galego con relativa frecuencia: o portal Galicia Nomeada recolle máis de 2200 sitios chamados *A Revolta*, e no Nomenclátor de Galicia consta como nome de 37 localidades, entre elas a de Matamá.

A motivación do topónimo puido ser acaso algún punto no trazado sinuoso do camiño que une as actuais rúa de Manuel Cominges e a rúa dos Canteiros, e que consta na rotulación municipal como **Camiño da Revolta**, mais tamén é verosímil que a denominación se referise na súa orixe á extensa volta que traza ao sur de toda esa área a rúa de Manuel Cominges, isto é, o antigo camiño procedente de Beirán e Valadares.

## ▶ Riba → Abaixo, arriba

## ▶ Ribás

**Ribás**
**As Ruibás / As Ribás / A Ribás / Arribás**
**O Casal de Ribás**
**O Lugar de Ribás**



*Rubia tinctorum*

***Ribás*** é o nome doutro dos núcleos habitados tradicionais da parroquia. Se a mediados do século XVIII consta que o habitaban catro familias, foi o núcleo que maior crecemento experimentou ao longo do século XIX ata converterse no núcleo máis poboado (*Matamá I*, 240).

A grafía sen acento, *Ribas*, con que erradamente se rexistraba nos nomenclátores do século XX, agravou o progresivo afastamento entre a denominación oficial, a forma tradicional do topónimo e a súa realización oral na fala local.

A documentación histórica amósanos que en orixe era **Ruibás** (Roybás, Ruybás, Roibás), isto é, un plural dun feminino *ruibal*, colectivo co

sufixo *-al* a partir de *ruiba* ou *rubia*, nome de certa planta bastante común, de floriñas amarelas, hoxe especie silvestre ou brava mais que no pasado foi tamén cultivada polo aproveitamento da súa raíz vermella para tinxir tecidos, de aí o nome científico de *Rubia tinctorum*.

En Matamá, ademais do nome do núcleo de Ribás, conteñen este termo os topónimos **O Casal de Ribás** (→ Casal) e **O Lugar de Ribás** (→ Lugar).

Na toponimia galega son máis abundantes os derivados da variante *rubia*; no Nomenclátor de Galicia constan vinte localidades dispersas co derivado *Rubial*, *Rubiás*, en tanto que os formados a partir de *roiba* son propios do norte da Coruña e Lugo (tres *Roibás*, tres *Roibera* ou *Roubeiras*) e os de *ruiba* pontevedreses (un *Ruibal* en Moraña e dous *A Ruibal* en Pontevedra).

En ocasións rexístrase este topónimo con artigo (**As Ruibás**, **As Ribás**) con grafías que reproducen unha pronuncia /Arribás/, debido ao rotacismo (o *s* asimilado ao *r* seguinte, coma en *Israel*, que se adoita pronunciar /irrael/), de aí a grafía **A Ribás** proposta no libro de Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos. A documentación histórica vacila no uso con artigo e sen el, con predominio das formas sen artigo, maioritariamente nas usadas en cadeas onomásticas (como nun *Juan Pérez de Ruibás*, de 1620, Galiciana, ou un *Gregorio Costas de Roibás* de 1638, aínda que este tamén se rexistra como *darruybás*) e optamos aquí por usar a forma sen artigo, que é a denominación oficial que consta no Nomenclátor de Galicia. A cartografía de Google (2004) usa «das Ribas» con artigo para o nome da rúa, mais por erro sen acento.



«Rigeiro de agua que biene de Siçon para la aldea **de Ruibás**» (1653, *Tombo becerro* de San Domingos)



«Apelidos toponímicos nun foro de 1638: do Pazo, de Ruibás (**de rroibas**), de Campos, do Pereiro, da Igrexa, de Comesaña…»



«Gregorio Costas de Roibás» noutros documentos do mesmo foral
(1653) é «Gregorio Costas **das Ruibás**» (Darruybás)

A redución do ditongo da sílaba inicial (*Rui-* > *Ri-*), por máis que as sílabas átonas están máis expostas a alteracións do vocalismo, non é un fenómeno fonético habitual (o esperable sería a conservación do ditongo, coma noutras *Ruibal* mencionadas), polo que supoñemos que a substitución na fala de *Ruibás* por *Ribás* debeu de producirse no século XIX ou quizais xa no XX, sen dúbida favorecida pola errada grafía con que aparecía nos escritos oficiais. Polo Catastro de Ensenada (1753, 1762) sabemos que a mediados do século XVIII a denominación común aínda era *Ruibás*, non *Ribás*.



«campos de rriva de **Ruibaas** de rriva e de vaxo parten e se
demarcan con el campo de la lagoa...» (ano 1620)

## ► Ribelas

**Ribelas**
**Ribelas de Abaixo / Ribelas de Baixo**
**Ribelas de Arriba / Ribelas de Riba**
**A Cruz de Ribelas**
**O Cruceiro de Ribelas**
**A Fonte de Ribelas**

O substantivo *riba* (< latín RIPAM 'beira, ribeira') ten moita presenza na toponimia e tanto pode referirse á situación elevada dun sitio respecto das inmediacións, co significado do adverbio *arriba* ou das locucións *de arriba* e *de riba* ou *riba de* (→ Abaixo, Arriba), como designar a beira dun curso de auga, co mesmo significado do seu derivado *ribeira*. Un diminutivo co sufixo correspondente ao latín -*ella* é por forza un topónimo relativamente antigo, pois -*ela*, -*elo* xa perderan rendemento na lingua na Idade Media como formadores de diminutivos, substituídos por -*iño* / -*iña*.

**Ribelas** é o nome dunha das entidades de poboación tradicionais da parroquia. Desde finais do século xv aparece vinculada á casa dos Sarmiento de Valadares, señores da veciña parroquia dese nome, e na documentación dos séculos xvi a xviii advírtese como as propiedades aforadas por esa casa –marquesado desde 1673– nos arredores de Ribelas foron acrecentando arreo a súa extensión (*Matamá I*, 76). Segundo o Catastro de Ensenada, a mediados do século xviii residían en Ribelas sete familias.

Aínda que o núcleo habitado diferencia dúas partes, **Ribelas de Arriba** e **Ribelas de Abaixo**, na práctica percíbese como unha única entidade, á cal se refire o segundo elemento dos topónimos **A Cruz de Ribelas** ou **O Cruceiro de Ribelas** (→ Cruz) e mais **A Fonte de Ribelas** (→).

Na documentación histórica aparece en cadeas onomásticas, como segundo apelido toponímico, para identificar persoas naturais ou veciñas deste barrio, como nun *Domingo Alonso de Rivelas* que é foreiro en Matamá de propiedades das franciscanas de Vigo (PARES, *Memorial Cobrador de Censos*, 1672-1673).

Quizais garda relación con Ribelas, acaso por designar propiedades de xente dese barrio ou constituír unha denominación replicante, un topónimo con dobre sufixo diminutivo **Ribeliñas**, que dá nome á area tamén coñecida como *A Castiñeira* (→).

### ► Ricoi → Carballeira do Ricoi, A

## ▶ Río

**Río Lagares, Río Sárdoma, Río da Foz**
**O Río**
**O Río de Sisón**
**O Río Vello**
**A Costa do Río**
**A Fonte do Río**
**O Lavadouro do Río**
**A Presa do Río**
**A Canteira do Río**

A rede hidrográfica de Matamá artéllase en dúas cuncas fluviais tributarias do **río Lagares**, que establecía o linde norte do territorio da freguesía. *Lagares* é un plural de *lagar* (→) e constitúe o nome máis usual na actualidade para referirse ao río, pero ata o século XX conviviu con outras denominacións, como a de **río da Foz**, principalmente no treito final do seu curso, e sobre todo **río Sárdoma**, que constitúe o nome antigo, prerromano, que tamén deu nome á parroquia así chamada. Rexístrase como *Sárdoma* na documentación do mosteiro de Melón (*ribulo Sardoma* ano 1153, *flumen Sardome* ano 1159) e noutros textos medievais. É un derivado da coñecida raíz hidronímica indoeuropea *sar-* (a mesma que vemos no nome do río *Sar* compostelán), cun sufixo átono de probable valor aumentativo 'río grande', relativo á súa condición de río principal do Val de Fragoso.

Na zona norte de Matamá, o curso deste río, que flúe na dirección leste-oeste, dividíase dous brazos case paralelos, o máis meridional coñecido como **Río Vello de Balaído** ou **de Balaídos**, que volvían confluír máis adiante onda a Camba do Vao (véxase a imaxe en → Camba). A situación respecto destes brazos do río explica os complementos de compostos como *Balaído de Dentro* e *Balaído de Fóra*, que constitúen o núcleo irradiador do topónimo *Balaídos* actual (→ Abelá). A profunda transformación experimentada coa creación da Zona Franca canalizou e reconduciu os ríos nesa zona. Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos dedican un capítulo enteiro ás obras da Zona Franca e ao «Matamá desaparecido» (*Matamá II*, 129-149).

As dúas cuncas fluviais corresponden a afluentes pola banda esquerda do río Sárdoma. A máis occidental procede do sueste da parroquia; acolle no seu inicio o chamado Rego das Carneiras (→) e recibe diferentes achegas (e diferentes denominacións) no seu curso cara ao norte ata a zona onde quedou canalizado. O curso antigo, logo de virar cara ao oeste á altura de Alvite, denominábase *O Regueiro* (→) ou *O Regueiro de Picón* antes de desaugar no **río Vello de Balaídos**.

A outra cunca fluvial discorre polo sur e o leste da parroquia. As achegas máis meridionais corresponden ao Rego da Mó, que corre de leste ao oeste e recibe pola dereita as augas do Rego do Ameal e pola esquerda as do Rego do Abelar para confluír co **Río de Sisón**, o curso fluvial da parroquia, fóra do río Vello e do Lagares, que recibe a denominación xenérica de *río* e non a de *Regueiro* ou *Rego*, e constitúe *o río* de Matamá por antonomasia. Toma o seu nome da zona denominada *Sisón* (→), tamén coñecida como **O Río**. O nome desta zona, situada ao suroeste do San Amaro, repítese como segundo elemento de compostos que designan realidades situadas nela: **A Fonte do Río**, **O Lavadouro do Río**, **A Presa do Río** e **A Canteira do Río** e mais a vía pública chamada **A Costa do Río**.

## ► Rodal

### A de Rodal

Coñécese como **A de Rodal** unha pequena área de campos e vivendas ao leste da Carapucha, ao sur da Devesa.

Pola estrutura do topónimo, co substantivo sen artigo (*de* e non *do*) e coa fórmula «A de» (→), debemos interpretalo como un topónimo de propietario. *Rodal* é un apelido toponímico orixinario do Morrazo, relativo ao lugar dese nome (hoxe un microtopónimo que non figura no Nomenclátor) na parroquia do Hío, en Cangas, que constitúe o seu foco de irradiación. É un derivado de *roda* (< lat. ROTAM), quizais aplicado a un camiño ou vía pública. Na actualidade os concellos de Cangas e de Vigo albergan máis da metade do total dos portadores deste apelido e temos constancia da súa presenza en Matamá.

*A de Rodal* ha de ser un topónimo de creación relativamente recente, probablemente do séculos XIX ou XX, pois non se rexistra no Catastro de Ensenada.

## ► Rouco, Rouca

### A Rouca

*Rouco* (< latín RAUCUM) é un adxectivo común que significa 'afectado de rouquén' ou 'de voz áspera e pouco clara' (DRAG). Como sobrenome persoal tivo moito uso desde hai séculos e consolidouse como apelido, con máis de 3000 portadores na actualidade, segundo a *Cartografía dos apelidos de Galicia*, con significativa densidade en Vigo e no Val de Miñor, onde se documenta o seu uso desde a Idade Media. Ha de terse en conta que, coma outros apelidos formados a partir dun sobrenome, ata o século XIX tiña flexión de xénero dependendo do sexo do portador (*Pedro Rouco*, *María Rouca*), un uso que continuou vivo na fala a pesar da fixación oficial da forma masculina do apelido a raíz da creación do Rexistro Civil en 1875.

En **A Rouca**, hoxe unha pequena área ao leste da Revolta, con campos e algunha vivenda, non podemos ter certeza de se contén un adxectivo feminino de propietario (A Rouca = 'a de Rouco') ou se responde a unha propietaria feminina. No Catastro de Ensenada xa se rexistra con este nome («sitio da Rouca») e vén cualificado como labradío de secaño e monte de terceira calidade. *Rouco* é un apelido vinculado á parroquia desde hai séculos; no século XVII, un veciño chamado *Rodrigo Rouco* pagaba, xunto con Francisco da Vila, vinte ducados anuais ás franciscanas de Vigo polos bens deste convento en Matamá, e polas mesmas datas un veciño de Parada chamado *Juan Rouco*, xastre, era coñecido como O Gaiteiro, pois tamén exercía como tal (*Matamá I*, 121).



Outro *Juan Rouco*, do Pereiro, era un dos tres veciños a quen lles tiña aforados o convento de San Domingos de Pontevedra os bens asociados ao lugar de Balvís no ano 1638.



## ▶ Roupeiro

### O Roupeiro

**O Roupeiro** é o nome dun dos núcleos habitados tradicionais de Matamá. O Nomenclátor de Galicia recolle catro localidades con esta denominación, que era tamén o nome dunha das aldeas da parroquia de Santiago de Vigo, hoxe integrada no espazo urbano vigués.

O lugar do Roupeiro e as propiedades rústicas asociadas a el perteneceron desde polo menos a segunda metade do século XVI ata o século XIX aos señores de Valadares, arrendados en foro a diversos veciños (Matamá I, 76). Polo Catastro de Ensenada da parroquia de Matamá sabemos que a mediados do século XVIII residían no Roupeiro dez familias.

O topónimo contén un nome persoal de orixe xermánica, *Rauparius*, de uso ben documentado na Galicia medieval.

Cómpre ter presente que un nome persoal de orixe xermánica (→ Samil, Sabarís, Sisón, Alvite, Ricoi) non significa que o portador fose tamén de orixe xermánica; moitos dos nomes persoais desa orixe que deixaron pegada na nosa toponimia non veñen da época dos suevos ou dos visigodos, entre os séculos VI e VIII, senón máis ben dos últimos séculos do primeiro milenio, cando se converteron nunha moda entre os reinos cristiáns do norte peninsular, ao estenderse o mito da «reconstrución do antigo reino godo de Toledo» que xustificou a chamada *reconsquista*.

Considérase que o antropónimo *Rauparius* garda relación co gótico *raupa* 'botín', de onde procede tamén o substantivo común *roupa* 'vestimenta'. Segundo podemos ver no Codolga, os individuos galegos chamados *Rauparius* viviron sobre todo nos séculos X e XI. No século XII ese antropónimo xa caera en desuso, de onde se podería inferir que os

topónimos formados a partir del han de ser tamén anteriores a esa data. É certo nos topónimos creados mediante o xenitivo latino do nome, como *Roupar* (< RAUPARII), nome dunha parroquia do concello lugués de Xermade, pero outros *Roupeiro* han de ser posteriores, en calquera caso medievais. O feito de que en todos os topónimos galegos *O Roupeiro* se consolidase un uso con artigo significa probablemente que se interpretaron como un nome común, derivado de *roupa*.


Rosa Costas
17. Vna Casa terrêna en el Lugar do Rou
peiro thiene defrente Cinco Varas, fondo
nuebe, Linda a Derecha con Miguel Gago y Yz
querda Blas Alonso, Regulose su alquiler
en quatro R.,

## ► Roxo

**A Casa do Roxo**
**A da Roxa**
**O Campo da Roxa**

*O Roxo* figura na relación de sobrenomes e alcumes da parroquia (*Matamá II*, 311). Contén o adxectivo *Roxo* (< lat. RŬSSĔUM). Tradicionalmente empregouse como sobrenome aplicado a individuos en razón da cor do seu cabelo, pero tamén pode responder a outras motivacións. No primeiro dos casos, se o alcume partiu do significado galego tradicional de *roxo* 'dourado, castaño claro, alaranxado', aplicaríase en orixe a alguén co cabelo desa cor; se partiu do significado do equivalente en castelán, sería 'vermello, avermellado'.

Está presente este sobrenome nos topónimos **A da Roxa** e mais **O Campo da Roxa**, nomes dunha pequena área ao norte do Roupeiro, seguramente relativos a unha muller propietaria alcumada dese xeito.

## ▶ Roza, Rozar

**As Rozadas**

Os topónimos relacionados co verbo *rozar* (< latín RUPTIARE) e o substantivo *roza* refírense ao mesmo proceso de *cachar* (→), *vesar* (→) ou 'romper monte', amansar terras bravas para dedicalas a cultivos. Tanto *roza* coma o participio *rozada* son termos moi comúns na toponimia galega (pasan dos mil cincocentos en Galicia Nomeada). Dado que *rozar* e a súa familia léxica sobreviviron no galego, algúns dos topónimos en que están presentes estes nomes poden ser relativamente recentes, pero outros poden ter moita antigüidade, pois na documentación medieval recollida no Codolga vemos abundantes rexistros de lugares así chamados en textos datados con anterioridade ao ano 1000.

Na documentación histórica de Matamá faise referencia a un topónimo **As Rozadas**, de localización imprecisa (*Matamá II*, 302), que aparentemente non sobreviviu ata a actualidade.

## ▶ Rúa

**O Serradouro do Rúa**
**A Chan da Rúa**
**Rúa de Manuel Cominges**
**Rúa do Abade Xoán de Bastos**
**Rúa de Leonardo Alonso**
**Rúa dos Canteiros**
**Estrada da Balsa**
**Estrada de Beirán**
**Baixada á Mó**
**Rúa da Carapucha**
**Rúa da Revolta**
**Rúa de Campos**
**Rúa de Ribelas**
**Rúa de Parada**
**Rúa do Castro**
**Rúa do Roupeiro**

O nome común *rúa* (< latín RUGAM) 'vía pública entre casas' está moi presente na toponimia de Galicia. Ademais do seu uso como xenérico na toponimia urbana, no Nomenclátor de Galicia constan 53 entidades de poboación con este substantivo, entre elas a vila ourensá da Rúa de Valdeorras, que dá nome ao seu concello, e en Galicia Nomeada recóllense un cento de microtopónimos que o conteñen.

Na toponimia de Matamá, *rúa* non ten presenza como topónimo patrimonial propiamente dito, pois nos únicos casos en que non constitúe o termo xenérico das denominacións asignadas oficialmente ás vías públicas polo Concello de Vigo, procede dun apelido *da Rúa*. Este apelido (hoxe habitualmente sen preposición, *Rúa*) conta en Galicia con varias áreas de maior densidade, correspondentes a diferentes topónimos que foron foco de expansión, unha delas no Morrazo, co concello de Moaña como o de maior número de portadores, seguramente por confluencia dos relativos a lugares dese nome nos concellos de Cangas, Marín e Bueu. Tamén ten moita presenza ao sur da ría de Vigo (o concello de Vigo é o segundo en número de portadores, despois do de Moaña), onde aos que teñen orixe remota no Morrazo se suman os relativos aos lugares homónimos nos concellos de Mos, Gondomar e Nigrán. En Matamá rexístranse veciños apelidados *da Rúa* desde polo menos o século XVII (*Matamá I*, 146 dá conta de diferentes compras e vendas de xente con ese apelido no século XVII e no XVIII), e en 1762, segundo a comprobación do Catastro de Ensenada, constan en Matamá tres veciños (cabezas de familia) chamados Martha da Rúa, Micaela da Rúa e Nazario da Rúa (este ausente), e nesas mesmas datas un Phelipe da Rúa, veciño de Coia, tiña propiedades en Matamá (→ Sabarís).

**A Chan da Rúa** é unha área de campos no camiño de Sisón á Pedra Furada. A ausencia dunha liña de construcións ou de vestixios dela fan supoñer que se trata dun apelido de familia propietaria ou usuaria, 'a chan dos apelidados *da Rúa*'.

Trátase evidentemente dun apelido de propietario, dado o emprego do artigo masculino co nome feminino, o segundo elemento do topónimo **A Canteira do Rúa** (→).

O resto dos topónimos da listaxe son nomes presentes na rotulación municipal viaria. As rúas dedicadas a **Manuel Cominges**, ao **Abade Juan de Bastos** ou **Xoán de Bastos** e a **Leonardo Alonso** non son topónimos tradicionais, senón o resultado dun acto administrativo, e constitúen

exemplos da chamada «toponimia conmemorativa e honorífica», modalidade que goza de pouca estima entre os defensores do patrimonio toponímico. A primeira corresponde ao camiño histórico que viña de Beade á igrexa de Matamá e ao San Amaro (chamado «camino público y concejil» no ano 1620); a segunda, ao procedente de Valadares que viña empatar co anterior á altura da Lagarella, e a terceira, ao que ía do San Amaro cara á parroquia de Comesaña. A cuarta das grandes vías tamén recibiu o seu nome, coma as anteriores, no século XX: é a denominada **Rúa dos Canteiros**, que vai desde San Amaro e A Igrexa á avenida de Castrelos e á parroquia deste nome.

O libro de Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos ofrece información biográfica dos persoeiros conmemorados neses topónimos, con curiosos pormenores coma o de que don Xoán de Bastos (→) nunca foi abade. No resto dos nomes das vías públicas, antigos camiños e hoxe estradas asfaltadas, mantívose a referencia aos núcleos de poboación tradicionais. Dependedo das dimensións, algunhas destas vías clasificáronse como camiño (→) e outras como *rúa*. A que vai da rúa de Leonardo Alonso cara ao sur recibe o nome de **Estrada da Balsa**, e **Estrada de Beirán** a que comunica a avenida de Castrelos con Beirán. Un xenérico *baixada*, tamén un topónimo «de gabinete» presente nos nomes de moitas rúas e ruelas do concello de Vigo oficializados a finais do século XX, é a **Baixada á Mó** (*Moo* no rótulo). Nas vías denominadas oficialmente *rúa* mantívose o nome do núcleo de poboación tradicional correspondente: **Rúa da Carapucha**, **Rúa de Campos**, **Rúa do Castro**, **Rúa de Parada**, **Rúa da Revolta**, **Rúa de Ribelas** e **Rúa do Roupeiro**.



«...se parte e devide por una parte con el **camino publico e concegill que viene de la gandara de viade para el santo amaro**...» (Apeos de San Domingos, 1620-1638, PARES, AHN, Clero, L. 20186)

## ▶ Rubio, Rubia

**A Rubia**

**A Rubia** é o nome duns terreos situados a carón do cemiterio de Matamá, na súa parte meridional. Contén unha forma substantivada do adxectivo *rubio* (< latín RUBĔUM), da mesma familia léxica ca o nome da planta que orixinou o topónimo *Ruibás* / *Ribás* (→) e que en lingua galega mantivo o significado etimolóxico que tiña en latín 'colorado, encarnado, vermello', a diferenza do que aconteceu en castelán.

A presenza deste termo na toponimia pode responder a múltiples motivacións, case sempre relativas á cor avermellada dalgún accidente orográfico do sitio, da súa vexetación ou do terreo. Nos máis dos casos vémolo acompañando substantivos (como en *Pena Rubia* ou os diversos *Parderrubias*, onde conflúen os resultados de *Paredes Rubias* cos de *Pedras Rubias*). Con todo, o topónimo de Matamá non ha de vir motivado pola cor do espazo que designa (nesta zona esperaríase *ruiba*, cf. *Ribás*), senón máis probablemente pola cor do cabelo de alguén que suscitou a aplicación deste alcume a unha familia propietaria. O topónimo formouse a partir dun sobrenome persoal *Rubio*, *Rubia*, ben segundo a fórmula dos femininos de propietario (*A Rubia* = 'a do Rubio') ou directamente a partir dunha propietaria coñecida como *A Rubia*. Este nome figura na relación de alcumes actuais da parroquia (*Matamá II*, 311). A motivación do sobrenome, se partiu do significado tradicional galego do termo, sería o cabelo vermello da persoa a quen se aplicou (compárese con *Roxa* → Roxo).

## ▶ Sabarís

**Sabarís**
**Os Sabarises**
**Sabarís do Pardo**
**Sabarís do Peirao**


Phelype da Rua
Vezino de Coya
Conjunto Porquanto se
Monte prim.a Calidad al Sitio
de Sauaris, Linda A norte y
Sur Con d.n Juan Alonso, le
uante y poniente Zerrado

**Sabarís**, nome dunha zona ao oeste do cemiterio de Pereiró, é outro dos topónimos tradicionais absorbidos pola construción da Zona Franca. Na documentación histórica aparece tamén no plural **Os Sabarises**, por diferenciárense nesa área diversas partes, unha delas denominada **Sabarís do Pardo** e outra **Sabarís do Peirao**, o primeiro destes topónimos cun complemento que supoñemos un apelido de propietario (*Pardo*), o segundo co substantivo *peirao*, un termo medieval de orixe occitana (do latín PETRATUM, derivado de *petra* 'pedra') que ademais dun embarcadoiro nos portos de mar tamén designa un muro construído para desviar ou reter a auga dun río ou para conter as súas marxes, que aquí serían as do río Lagares na zona do Balaído de Dentro.

O topónimo *Sabarís* contén o resultado galego de SABARICI, o xenitivo do nome persoal medieval de orixe xermánica *Sabaricus* ou *Sabarigo*, composto de SAB- (< Swab- 'suevo, suabo, natural da Suabia') e mais -RICUS (< *riks* 'poderoso'). O Nomenclátor de Galicia recolle dúas localidades chamadas *Sabarís*, unha en Santa Cristina da Ramallosa, Baiona,

e outra en Campañó, Pontevedra, ademais de cinco *Sabariz* en áreas non seseantes.

Tal como dixemos ao falar do nome do Roupeiro (→), un nome persoal de orixe xermánica non significa que tamén tivese orixe xermánica o portador dese nome. *Sabaricus* ou *Sabarigo* foi un antropónimo relativamente común en Galicia nos últimos séculos do primeiro milenio pero deixou de empregarse arredor do ano 1000, o que nos dá un indicio da posible antigüidade destes topónimos.

Dado que outros microtopónimos de Matamá se formaron a partir do nome do lugar orixinario dun propietario das terras (*Alborés*, *Camos, Erville, Pregal* etc.), non podemos descartar a posibilidade de que estes *Sabarís* non fosen medievais procedentes do nome persoal senón topónimos de propietario máis modernos, formados a partir de *Sabarís*, o nome da vila de Baiona, aplicado á xente orixinaria dese lugar e ás súas propiedades. Así e todo, ao tratarse dunha forma simple e non dun derivado ou composto, é verosímil que sexa unha formación orixinaria, motivada por algún individuo chamado Sabarigo que viviu nestas terras hai máis de mil anos.

No Catastro de Ensenada, as propiedades de Matamá denominadas *Sabarís* viñan cualificadas como monte, labradío de secaño e parra de primeira, segunda e terceira calidade.

## ► Salgueiro

**Os Salgueiros**
**A Presa dos Salgueiros**
**O Salgueiral**
**A Fonte do Salgueiral**
**A Presa do Salgueiral da Cavada**
**O Rego do Salgueiral**

O salgueiro (< SALICARIUM, derivado de *salix*, *salicis*, o seu nome latino) é unha das árbores con maior presenza na toponimia galega. En Matamá vémolo nun plural **Os Salgueiros**, nome dunha área ao oeste da Balsa, entre esta e o acceso sur da Zona Franca. Repítese o mesmo plural no topónimo **A Presa dos Salgueiros**, na Abilleira, ao sur da Mó.

Dada a existencia na documentación histórica da parroquia dun apelido toponímico **Salgueiro** ou **do Salgueiro**, que na zona debeu ter como foco irradiador o lugar dese nome da parroquia de Vincios en Gondomar, non podemos descartar que algún destes topónimos non se refira ás árbores, senón a unha familia portadora dese apelido.

Un derivado colectivo de *salgueiro* mediante o sufixo *-al* é **O Salgueiral**, nome dunha zona de campos con algunhas vivendas situada entre A Revolta e Ribelas de Arriba, de onde toma o nome **O Rego do Salgueiral**. Ao sur desta área está **A Fonte do Salgueiral**, entre A Revolta e O Pazo. Repítese o mesmo derivado no nome da **Presa do Salgueiral da Cavada**, en Ribelas de Abaixo. No ano 1694, a propiedade denominada *Campo do Salgueiral* constaba entre os bens asociados á capela do Santo Nome de Xesús e as Cinco Chagas de Cristo (*Matamá I*, 154).



«Ansí mesmo trae e posee otro pedaço de heredad que se llama **do Paço** que llieva en senbradura tres escudillas de pan poco mas o menos, la qual parte con el campo de **juan afonso da varxa** e con heredad de **afonso do salgueiro»** (San Domingos, Apeos 1620-1638, PARES, AHN, Clero, L. 20186)

## ► Samil

**Samil / Sanmil**
**Samil de Arriba**
**Os Samiles**
**Samil da Barxa**

Na estrema norte do territorio parroquial de Matamá, ao oeste do Regueiro de Picón, na actualidade dentro da Zona Franca, a documen-

tación escrita sitúa uns campos de labor denominados **Samil** e **Samiles**, en ocasións **Sanmil**.

Como sucede noutros casos en que conviven para un mesmo topónimo un singular e un plural, o primeiro é o orixinario, e neste caso o plural ha de ser relativamente recente, nacido para referirse a toda a área onde se distinguían *Samil de Arriba*, *Samil de Abaixo* e aínda un terceiro *Samil da Barxa*. Tamén se rexistran en ocasións con artigo: *O Samil*, *Os Samiles*. Co nome de *Samil* (*Samill, Sanmil*) aparece repetidamente na documentación dos séculos XVII e XVIII relativa ás propiedades en Matamá da Orde Militar de Malta ou de San Xoán de Xerusalén, anexas ao seu couto Castrelos: «Lugar y heredades de Beirán, Picón, Balaido y Samill y las más sitas en la feligresía de Matamán» (García Tato, 2004: 507).



«sitio de Samil» (CCME, ano 1762)

Coma outros topónimos próximos (→ Esturáns), podemos dubidar se este é orixinario do lugar desde a Alta Idade Media ou se esas terras recibiron ese nome máis tarde por seren traballadas ou posuídas por xente de *Samil*, lugar da parroquia de Navia ben coñecido polo seu célebre areal. *Samil* é o resultado galego dun latín medieval SALAMIRI, xenitivo dun nome persoal *Salamirus*, de orixe xermánica, composto do elemento gótico *Sala-* 'edificio' e *-mirus*, latinización do tamén gótico *mereis* 'famoso'. Segundo podemos ver no Codolga, rexístranse en Galicia moitos individuos chamados *Salamirus* ou *Salamiro* entre os séculos VIII e X, mais a partir do século XI ese antropónimo caeu en desuso. Isto significa que os topónimos formados a partir dese nome han de ter polo menos un milenio de antigüidade. A evolución fonética da forma latina á galega é regular: *Salamiri* > *Saamir* > *Samil*.

Unha variante *Sanmil*, que tamén se rexistra en ocasións por escrito e que obedece á interpretación do nome como un haxiónimo comezado polo adxectivo *san-*, dáse tamén noutros topónimos idénticos repartidos por todo o territorio galego. O Nomenclátor de Galicia recolle once localidades de nome *Samil*.

### ► San, Santo

**San Felipe / Xan Felipe**
**San Antonio**
**San / Xan Xacinto**
**O San Francisco**
**A Candea de San Pedro**
**O Cocho de San Pedro**

Na haxiotoponimia de Matamá, isto é, nos seus nomes de lugar relacionados co culto relixioso, salientan os nomes de dúas das súas entidades de poboación tradicionais: A Igrexa (→) e San Amaro (→).

Aínda que nas fontes históricas adoita empregarse a denominación completa de *San Pedro de Matamá* para referirse á freguesía, iso dáse unicamente en usos formais, pois na práctica *San Pedro* é simplemente a advocación parroquial pero non forma parte do topónimo (cousa que si acontece nalgunhas parroquias dos arredores, que integraban a advocación no nome, como *San Miguel de Oia*, *San Tomé de Freixeiro* ou *Santo André de Comesaña*). O núcleo onde se encontra a igrexa parroquial de Matamá é coñecido como *A Igrexa*.

Na toponimia galega non son raros os casos en que a advocación parroquial dá nome ao núcleo habitado en que se encontra a igrexa, mais non sucede isto en Matamá, onde ese núcleo se coñece cun topónimo constituído polo nome xenérico: *A Igrexa*. O único caso en que a advocación deixa pegada toponímica en Matamá son os topónimos **O Cocho de San Pedro** (→ Cocho) e **A Candea de San Pedro** (→ Candea). O primeiro puido recibir ese nome pola proximidade da igrexa parroquial ou acaso por destinar o seu produto ou a súa renda ao coidado do templo, como sucede no segundo, destinado a fornecer a igrexa das candeas de cera con que se iluminaba.

As parroquias que teñen por padroeiro San Pedro adoitan empregar como logotipo ou icona parroquial a figura dunhas chaves formando aspa, e así aparece en inscricións nalgún dos marcos das estremas ou das propiedades comunais (*Matamá* I, 113, 131).

**San Antonio** é unha área ao norte de Campos, no linde coa parroquia de Castrelos. Descoñecemos a motivación deste nome, que tanto pode gardar relación con algunha imaxe do santo portugués na zona como conter un apelido de propietario, e aínda podería responder a unha alteración de **Xan Antonio**, pois son frecuentes na microtoponimia as interpretacións populares como adxectivo *san(to)* para esta variante do nome *Xoán*, dun xeito semellante ao que sucede con *Sanmil / Samil* (→). Non ofrece dúbida de que se trata doutro *Xan* alterado en *San* o do topónimo **O San Felipe**, nome dunha área ao leste de Ribelas de Abaixo, pois tamén se rexistra como **Xan Felipe**.

Outro topónimo de Matamá aparentemente formado con *san(to)* é **O Pumar do Tío Santonio** (→ Pumar). A documentación escrita permite coñecer a forma orixinaria: **O Pumar do Tío José Antonio**.

Tamén se menciona na documentación histórica da parroquia un **sitio de San Xacinto**, de localización imprecisa (*Matamá II*, 303), que ha de corresponder tamén a un nome persoal **Xan Xacinto**. Tampouco podemos localizar con precisión un topónimo **O San Francisco**, acaso relativo a propiedades que tiña na parroquia o convento das franciscanas de Vigo, se é que non se trata tamén dunha alteración de **Xan Francisco**.

## ► San Amaro

**San Amaro / O San(to) Amaro**
**Capela de San Amaro**
**A Casa das Novenas de San Amaro**
**A Taberna de San Amaro / O Torno de San Amaro**

**San Amaro** ou **O San Amaro** é outro dos núcleos habitados tradicionais ou barrios de Matamá. Podería pensarse que, a diferenza doutros, que xa existían na Idade Media, este debeu de desenvolverse a partir do século XVI, arredor da capela, ermida ou santuario do mesmo nome que se ergueu nese século a pouca distancia do lugar da Igrexa, mais a documentación suxire que xa era un lugar habitado antes desas da-

tas, se como parece podemos identificalo co denominado A Torre Vella en rexistros anteriores (→). A mediados do século XVIII residían no San Amaro once familias, segundo vemos no Catastro de Ensenada.

Como acontece con outros haxiotopónimos, o feito de se empregar indistintamente para denominar o santuario, a localidade en que se encontra e mais a súa festividade ou romaría do 15 de xaneiro favoreceu o uso, á beira da denominación común sen artigo, dunha denominación popular con el, **O San Amaro**.

*Amaro* é un santo practicamente exclusivo de Galicia e Portugal e foron galegos e portugueses os que difundiron o seu culto nos séculos XVI e XVII alén mar, nas illas do Atlántico (un *San Amaro* en Puerto de la Cruz, Tenerife, garda relación coa inicial colonización portuguesa das Canarias) e mais en América. Na Península, coa excepción dun *San Amaro Peregrino* en Burgos, relacionado co Camiño de Santiago, os santuarios dedicados a este santo e os topónimos derivados do seu culto son propios de Galicia (ou áreas veciñas, como Asturias e Zamora) e de Portugal.

O Nomenclátor de Galicia recolle o topónimo *San Amaro* como nome dun concello en Ourense e de trece entidades de poboación repartidas nas catro provincias. Consta tamén como advocación principal de dúas parroquias (no concello pontevedrés de Sanxenxo e no ourensán de Beade, ás cales podemos engadir a do Barco de Valdeorras, pertencente á diocese de Astorga, o que pode explicar que se impuxese a denominación alternativa de *San Mauro*). En Portugal, *Santo Amaro* está presente no nome de dúas freguesías e 24 lugares.

Entre Galicia e Portugal pasan do centenar as capelas ou ermidas dedicadas a este santo, todas elas probablemente nacidas ao longo do século XVI. Dalgunhas temos noticia certa da data da fundación; a de Lisboa, ata o século XIX lugar de encontro dos galegos na capital portuguesa, que celebraban anualmente unha festa nos seus arredores, fundouse en 1549, segundo reza unha inscrición na entrada. A ermida de San Amaro de Tenerife data de 1591. Doutras como as ourensás de Oira e da Arnoia ou as pontevedresas de Arra, en Sanxenxo, temos noticias desde o século XVI. A fundación da de Matamá ha de ser contemporánea desas, pois a primeira referencia escrita é de 1567, segundo nos informan Marcos Alonso e Xulio Fernández Pintos (*Matamá I*, 307). De finais dese mesmo século debe de ser a capela de San Amaro na cidade

da Coruña, pois era de fundación recente cando a menciona o cardeal Del Hoyo nas *Memorias del arzobispado de Santiago* (1607), quen tamén dá noticia dunha ducia de capelas dedicadas a ese santo só no territorio da diocese compostelá.



*Códice alcobacense* 266, BNP. Conto de Amaro, ano 1485: «Contam que em huũa provĩcia avýa huũ homem boo que avýa nome Amaro e diz que avýa gram desejo de veer o paraýso terreall e que nunca folgava senõ quando ouvýa fallar ẽ elle...»

A devoción relixiosa a un santo chamado *Amaro* naceu nas últimas décadas do século xv no occidente da península ibérica, especialmente en Portugal e Galicia, e ten a orixe na difusión dun relato literario de autoría anónima, que constituíu unha obra de éxito no seu tempo e que narra as viaxes do protagonista, coas diferentes aventuras e perigos que ten que superar, ata que obtén a graza de poder contemplar en vida o paraíso. O relato insírese na tradición de narracións de viaxes fantásticas do folclore atlántico, como a expedición de Trecenzonio ou a historia de San Brandán. A versión máis antiga coñecida está en portugués («Conto de Amaro», manuscrito, do *Códice alcobacense*, núm. 266; a Biblioteca Nacional de Portugal, onde se conserva, asígnalle a data de 1485). En castelán coñécense varias edicións impresas de comezos do século xvi.

Erixido en protector dos viaxeiros e avogoso contra males dos ósos e das extremidades, o culto a este santo coñeceu a máxima difusión ao longo do século xvi e ata comezos do xvii, tempo en que tamén se popularizou o uso de *Amaro* como nome persoal en Galicia e en Portugal. O Concilio de Trento e o posterior *Breviario* de 1568 do papa Pío V, que reaxustaba o calendario litúrxico e reducía notablemente o número de santos oficiais, non incluíron a Amaro no santoral canónico da Igrexa católica, o que suscitou a desconfianza dalgunhas autoridades eclesiásticas, polo menos no relativo a algúns feitos que se contaban na tan popular historia da vida do santo. En 1570, Luís de Torquemada, por

boca dun personaxe na súa obra *Jardín de Flores curiosas*, sentencia: «si en mi mano fuese, no permitiría que se divulgasen algunas fábulas que del Paraíso terrenal se cuentan, como lo que se escribe en la vida de San Amaro».




Portada dunha das primeiras edicións da *Vida del bienaventurado Sant Amaro* en castelán (s. XVI)

Os escrúpulos de certos sectores da Igrexa non fixeron minguar a devoción popular, pois seguiron creándose confrarías dedicadas ao seu culto e levantándose capelas e ermidas da súa advocación, polo regular sempre debidas a iniciativas de particulares, non á Igrexa oficial. Polas fontes escritas sabemos da iconografía con que se representaba o santo, coma un peregrino, sensiblemente distinta da de hoxe, e na literatura da época tamén achamos referencia aos singulares rituais que a tradi-

ción consolidou nas súas capelas e santuarios, con ofrecemento de exvotos de pernas e brazos de pau, igual ca en Matamá (*Matamá I*, 209).

A popularidade do santo e a multitudinaria asistencia de romeiros a algúns dos seus santuarios, co conseguinte beneficio económico, chegou a provocar litixios entre promotores, confrarías, a Igrexa e algunhas ordes relixiosas. Son ilustrativos os preitos sostidos entre o clero e os promotores laicos da ermida de San Amaro en Arra, Sanxenxo.

A identificación deste *San Amaro* da tradición popular e literaria con San Mauro, personaxe histórico da orde de San Bieito, que se foi consolidando no século XVIII, tivo o seu inicio a comezos do século XVII, cando o cronista dos bieitos Frei Antonio de Yepes, o padre Yepes, consciente do carácter non canónico do santo pero tamén da enorme devoción que se lle rendía en Galicia e Portugal, non vacila en levar as augas da imprecisa identidade do personaxe ao muíño da súa propia orde relixiosa:

> En España hay mucha devoción con el glorioso confessor san Mauro, pero muchos honran lo que no conocen, semejantes à los ciudadanos de Atenas (como se dize en los Actos de los Apostoles) que adoravan al Dios no conocido. **Veneran à *san Mauro*, con disfraçado título de *san Amaro***, y con esta vocación hay muchas Yglesias y ermitas en Portugal y Galicia, y hazen la fiesta deste san Amaro à quinze de Enero, con este nombre hace el Señor muchas marauillas por el.
>
> Yo he visto y estado en san Amaro de Arnoya, que es un muy buen priorato del insigne monasterio de Celanova, do estava una tabla colgada con memoria de muchos milagros que allí el santo ha hecho, porque hay con él devoción en toda la tierra. Quise sacar los mas señalados y de que avía testimonio, para poner en este lugar [...] por la deuoción que tengo a san Mauro, que no me contento con aver celebrado su nombre con el titulo de Mauro, sino que quisiera tambien que conocieran los lectores las marauillas que hazia bautizándose con el nuevo nombre que le han puesto de *San Amaro*. (Fr. Antonio de Yepes, *Coronica general de la Orden de San Benito*, ano 1621, p. 349).

Primeiro entre a propia orde bieita e finalmente no clero en xeral, acabou por aceptarse a identidade dun e doutro. Deste xeito, en Galicia comezou a estenderse a denominación «oficial» de *Mauro*, interpretado este nome como a suposta correspondencia castelá dun galego *Amaro*. En Portugal a consecuencia desta identificación foi distinta: pasaron a aplicarlle o nome de *Santo Amaro* tamén ao *San Mauro* dos frades bieitos.

A equiparación con San Mauro alterou a iconografía do santo, que deixou de verse como un viaxeiro e pasou a representarse como unha autoridade eclesiástica, con hábito da orde bieita, báculo abacial na man dereita en vez de bordón de peregrino e na esquerda un libro que representa a *Regra* de San Bieito de Nursia, de quen o histórico San Mauro fora discípulo. En Burgos, unha estatua xacente de San Amaro no seu suposto sepulcro, caracterizado como o peregrino e sen ningún dos atributos de San Mauro, obra do século XVI, permitiu que nesa cidade castelá sobrevivise a vella advocación, hoxe coñecida como *San Amaro Peregrino*.

En Galicia a identificación con *San Mauro* arraigou en instancias oficiais, pero popularmente continuou chamándoselle *San Amaro*. Algunhas imaxes populares conservan aínda hoxe vestixios da iconografía antiga correspondente a *Amaro*, como sucede en Aldán, no Morrazo, onde a figura, malia a indumentaria eclesiástica, mantén un cabazo pendurado dunha vara que vén sendo máis un bordón de peregrino ca un báculo de abade, e tamén leva un cabazo de peregrino a imaxe venerada na ermida de San Amaro na localidade tinerfeña de Puerto de la Cruz, a igrexa máis antiga da illa. A imaxe actual de Matamá representa o santo como San Mauro, con báculo abacial e libro, pero en 1778 aínda debían existir imaxes que o representaban como o viaxeiro *San Amaro*, pois nunha visita dese ano o bispo mandou que se enterrasen «por indecentes» as imaxes existentes na capela (*Matamá I*, 307).

Nos nomes galegos dos santos masculinos, igual que sucede en portugués, o adxectivo *santo* non apocopa en *san* cando o nome persoal comeza por vogal (*santo Antón*, *santo André*) e só o fai se comeza por consoante (*san Pedro*, *san Xoán*, *san Tomé*, *san Domingos*). Non sucedeu iso con *Amaro*, que se consolidou en Galicia coa fórmula haxionímica do castelán (*santo* apocopado en *san* tamén ante nome comezado por vogal), debido á época en que difundiu o seu culto, coincidente coa decadencia do galego como lingua da cultura escrita. Non obstante, na documentación manuscrita de moitos San Amaro galegos encontramos ocasionalmente unha denominación *Santo Amaro* ou *Sant'Amaro*, cando nos textos escritos en castelán aparece, acaso por descoido do escribán, a denominación popular propia da lingua galega. Para o de Matamá, Marcos Alonso recolle as variantes *Santo*

*Amaro*, *Santamaro* e *Sanamaro* (*Matamá II*, 303), as dúas primeiras correspondentes á fórmula galega dos haxiónimos comezados por vogal. No libro de apeos de San Domingos de Pontevedra, o lugar aparece mencionado arreo como San Amaro, mais ocasionalmente asoma a forma popular, co adxectivo sen apocopar e precedida de artigo, como na referencia ao camiño público «que viene de la Gándara **de Viade para el santo Amaro**» (→ Rúa). Acontece o mesmo con outros San Amaro (→ Rúa).


Sup.na ... Iselodeclare que dicho Obedecia de lo auto como
Debia y en su cumplimiento que no esta en costumbre
a bissitarsse esta ermita de Santo Amaro y an si se
le aze bioleneia en bissitarla y en quanto al
agrabio que se le aze protesta seguir su justicia donde

«... esta ermita de Santo Amaro» (ano 1655, Arra, Sanxenxo)

Na documentación histórica da parroquia de Matamá tamén se mencionan outros topónimos vinculados a esta advocación relixiosa, á súa capela ou á capelanía fundada no século XVIII, como a **Casa das Novenas de San Amaro** (*Matamá I*, 288-289) co substantivo *novena* ('celebración litúrxica ao longo de nove días') ou **A Taberna de San Amaro**, co común *taberna* (< latín TABERNAM) 'establecemento comercial'. Esta última aparece tamén denominada **O Torno** (*Matamá I*, 124) e emprégase para referirse á outra taberna histórica da parroquia, situada nas Carneiras (*Matamá I*, 249), a Taberna das Carneiras (→). Non consta *torno* como sinónimo de *taberna* en ningún dicionario nin temos noticia do seu uso noutros lugares, polo que parece unha denominación exclusiva de Matamá; quizais responde á acepción castelá de *torno* como nome de certo tipo de arrendamento por licitación, que figura nos dicionarios desa lingua do século XVIII, e entón acaso designaría en orixe o contrato establecido pola comunidade coa persoa que rexentaba a taberna.

### ► Santiago de Abreu → Abreu

### ► Santonio → Pumar do Tío Santonio

### ► Seixo

**Os Seixos / O Seixo**
**O Marco do Seixo**
**A Pedra do Seixo**

O substantivo *seixo* (< latín SAXUM 'pedra') emprégase en galego como sinónimo de *pelouro* ou *callau* ('canto rodado') e tamén como denominación xenérica da pedra caracterizada pola súa dureza, nos máis dos casos de *cuarzo*. En Matamá, **Os Seixos** é o nome dunha área inmediata ao punto onde conflúen os lindes parroquiais da parroquia con Beade e Valadares, ao leste do núcleo da Simona, que pertence a esta última. Posiblemente se refire a este lugar un **Campo dos Seixos** que se menciona en 1668 entre as propiedades vinculadas a veciños de Beirán (*Matamá I*, 78). Trátase dun plural secundario dun singular **O Seixo**, nome dun dos núcleos de poboación ou barrios de Beade, ao cal tamén se refire **O Marco do Seixo**, que consta na documentación de Matamá como un dos marcos que sinalan os lindes históricos da parroquia (*Matamá I*, 25).

A documentación histórica tamén recolle referencias a unha viña denominada **A Pedra do Seixo**, posiblemente localizada na Devesa, que se referiría a algún penedo significativo situado no lugar.

*Seixo* é un termo relativamente común na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle tres parroquias e 83 localidades que o conteñen no seu nome. É igualmente común, pois dá nome a 42 localidades, un feminino *Seixas*, en orixe un neutro plural latino SAXA (> *seixa*), que adquiriu un -*s* para acomodarse ao significado plural.

### ► Senra

**A Senra / As Senras**
**O Campo da Senra**
**A Senriña / As Senriñas**

Chámase **As Senras** unha zona de campos de labor con algunha vivenda ao nordeste da Barxa, ao sur do Pazo. Identificámolo coas propiedades que aparecen denominadas en singular como **O Campo da Senra** en 1620 (*Matamá I*, 74) e como **A Senra** ou **sitio da Senra** no Catastro de Ensenada (1753, 1762). Unha área contigua denomínase **A Senriña** ou **As Senriñas**, posiblemente un topónimo replicante formado mediante o diminutivo do nome das terras veciñas.

*Senra* e *seara*, dous resultados galegos dun celtismo *sénara*, designan un 'campo cultivado', especialmente o dedicado a cereais. O sentido orixinario dese *sénara* prehistórico sería o de '(campo) vello', formado a partir dun lexema *sen-* 'vello'. É un termo moi presente na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle 40 localidades co substantivo *senra* no seu nome; 35 coa variante *seara*. Na microtoponimia recollida en Galicia Nomeada invértense as proporcións (459 con *senra*, 741 con *seara*), posiblemente porque a variante *seara* sobreviviu con máis vigor no léxico común e na fala.



## ► Serra, serrar

### O Serradouro do Rúa

O sufixo *-ouro* forma derivados de verbos e na toponimia identifica o lugar onde se realiza a acción deses verbos ou o instrumento con que se fai. Corresponde ao sufixo latino *-oriu*, que na maior parte das áreas galegas dá un resultado *-oiro* (como no nome da compostelá *praza do*

*Obradoiro*), pero na zona tudense resólvese en *-ouro*, o mesmo ca no portugués (→ Lavadouro).

A partir de *serrar*, un derivado de *serra* (< lat. SERRAM), formouse o substantivo presente en ***O Serradouro do Rúa***, nome dunha zona situada ao nordeste da Mó que recibe ese nome por unha industria de serrar madeira. *Rúa* (→) é o apelido ou o sobrenome do propietario.

## ▶ Severo → Canteira do Severo

## ▶ Silveira

### A Silveira

O substantivo latino *silva* significou orixinariamente 'selva, bosque', pero en Galicia adquiriu un novo significado para aplicarse a unha especie botánica concreta, a *silva* ou *silveira* (*Rubus ulmifolius*), a planta rosácea que produce as amoras.

***A Silveira*** é unha área de campos e monte ao norte do Roupeiro, preto da Zona Franca. No Catastro de Ensenada (1753, 1762) as propiedades localizadas «al sitio da Silveira» viñan caracterizadas como monte de primeira calidade.

Na documentación histórica de Matamá atopamos referencias a propiedades denominadas tamén *A Silveira* no sur do termo parroquial. *A Silveira* era o nome antigo da entidade de poboación coñecida como *A Simona*, na parroquia de Valadares, que recibiu o novo nome logo dun longo preito promovido por Simón Rodríguez no século XVI contra Elvira Prego de Montaos, viúva de Álvaro Sarmiento de Valadares sobre os bens que quedaran de García Sarmiento. Por ese preito, os señores do couto de Valadares deberon concederlles aos demandantes determinadas propiedades, entre elas as situadas no lugar «da Silveira», estremeiro con Matamá. Nun documento de San Domingos de Pontevedra do século XVII relativo ás propiedades do convento en Valadares e Matamá, podemos ler «la heredad da Silveira que aora llaman da Simona» (anos 1646-1660, PARES, AHN, Clero L. 10237).

### ▶ Sinxela → A Casa da Sinxela

### ▶ Sisón

**Sisón**
**Río Sisón / Río de Sisón**
**O Casal de Sisón**
**Muíño de Sisón de Abaixo**
**Muíño de Sisón de Arriba**

*Sisón* é un antropónimo ou nome persoal de orixe xermánica que tivo uso en Galicia nos séculos IX e X (o Codolga rexistra nesas datas individuos así chamados, como un *Recaredus presbiter cognomento Sisón*, do ano 867), que tamén orixinou un apelido patronímico (medieval *Sisóniz*) e deixou pegada toponímica en *Sisoi* (< SISONI 'de Sisón'), nome dunha parroquia do concello lugués de Cospeito.

Dadas as datas en que tivo uso ese nome persoal, debemos supoñer que a súa consolidación como topónimo debe remontar tamén a esa época, hai máis de mil anos. En Matamá, **Sisón** («sitio de Sisón» no Catastro de Ensenada) é o nome dunha área ao sur de San Amaro, onde se construíron as vivendas de promoción oficial denominadas *As Casas Baratas*. **O Campo de Sisón** (ou **Campo de Cisón**, por hipercorrección do suposto seseo) consta na relación de bens do convento de San Domingos de Pontevedra en Matamá no ano 1620. A mediados do século XVIII, as propiedades situadas «al sitio de Sisón» eran maioritariamente cualificadas como labradío de secaño e parras.

A área coñecida como Sisón tamén se denomina alternativamente **O Río**, ao tempo que o río tamén se chama **Río de Sisón** («arroyuelo de Sisón» no Catastro de Ensenada), e é talvez esa a razón de que na actualidade tamén se empregue o topónimo precedido de artigo, sobreentendéndose **O Sisón** = **O (río de) Sisón**. Del toman o nome **O Muíño de Sisón de Abaixo** e **O Muíño de Sisón de Arriba**, este tamén coñecido como *O Muíño dos Soutelo*.

Piel e Kremer, no seu clásico estudo dos nomes persoais de orixe xermánica (*Hispano-gotisches Namenbuch,* 1976: 244), dubidan da etimoloxía da raíz *sis-* presente no antropónimo *Sisón* e noutros como *Sisnandus*, *Sisulfus* ou *Sisegutus*, que tanto pode conter o elemento xer-

mánico *sis-* 'máxico', relacionado con *sisu* 'laio, lamento, canto fúnebre' coma outra raíz xermánica máis común, *sigis-* 'vitoria'.

**O Casal de Sisón** ou **do Sisón** é unha pequena área situada ao sur de Ribás, preto do río Sisón, que tamén vén rexistrada como **O Casal de Ribás** mediante as variantes *das Ribás*, *da Ribás* e mais *de Arribás* (→ Ribás).

## ▶ Sobreiro

**Os Sobreiros**

Os dicionarios recollen o masculino *sobreiro* como variante de *sobreira*, nome común galego da árbore produtora de cortiza. Procede do latín SUBERARIUM, derivado de *suber*, denominación latina da árbore, especie botánica de nome científico *Quercus suber*.

A xulgar pola súa pegada toponímica, as sobreiras foron no pasado máis comúns ca hoxe na flora e na paisaxe galegas. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de cincuenta localidades con nomes relacionados coas sobreiras, e no portal Galicia Nomeada superan os cincocentos.

En Matamá, **Os Sobreiros** é unha área de monte ao leste da Mó, entre a Mó de Riba e Budiño. Rexístrase en singular como *O Sobreiro* ou *O Subreiro* no Catastro de Ensenada (1753, 1762), onde as propiedades así chamadas veñen cualificadas como monte de primeira e terceira calidade.

## ▶ Souto

**O Souto do Vello**
**A Presa do Souto do Vello**
**O Muíño dos Soutelo**
**Souteliño**

En latín o termo SALTUM designaba un arboredo mixto, maioritariamente de caducifolias, mais o resultado galego *souto* tendeu a especializar o seu significado para designar os arboredos de castiñeiros. É un termo moi común na toponimia de Galicia.

En Matamá, **O Souto do Vello** é a denominación dunha pequena área ao norte da Mó, documentada desde polo menos 1623, e dela toma o seu nome **A Presa do Souto do Vello**. Descoñecemos se hai un substantivo elidido (do *campo* vello?) ou se *o Vello* é un sobrenome persoal (→ Outeiro do Vello). No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as propiedades situadas no Souto do Vello veñen cualificadas como labradío de regadío e de secaño de primeira, segunda e terceira calidade. Hai agora dous séculos, un litixio xudicial por débedas non pagadas relativas ao **Campo do Souto do Vello** afectaba a dous persoeiros de Matamá que deixaron pegada na toponimia da parroquia: don Francisco Borja da Vila e mais don Xoán de Bastos (*Matamá II*, 287).

Un diminutivo de *souto*, mais aquí como apelido, estaba presente no nome do **Muíño dos Soutelo**, denominación alternativa do Muíño de Sisón de Arriba (→). *Soutelo* é un apelido toponímico relativamente común no suroeste galego, onde convive coa forma semicastelanizada *Sotelo* e ten catro posibles focos de irradiación nesta zona: unha parroquia *Soutelo* en Salceda de Caselas e lugares homónimos en Bueu, Ponteareas e Tomiño.

Interpretamos como un derivado **Souteliño**, con dobre sufixo diminutivo, o nome dunha área ao sur de Balvís que dá nome á vía pública que na rotulación municipal aparece como **Camiño Soutoliño**.

## ► So, Sub

**Suaeira**
**Suaxinela**
**O Cocho de Suaigrexa**
**Suaviña**
**Socamiño**
**Sorrego / Surrego**
**Solagar / Sulagar**

Son numerosos os topónimos formados coa preposición *so* (< latín SUB) 'debaixo de' ante un substantivo, que indican posición inferior relativa respecto doutro lugar inmediato. Dado o carácter átono do monosílabo *so*, na fala altérase con frecuencia en *su*, especialmente cando vai ante vogal, así podemos ver *Surrego* alternando con *Sorrego*, pero

maioritariamente *Suaigrexa* ou *Suocamiño*. Cando a construción con *so* deixa de ser intelixible para os falantes, pode interpretarse erradamente como unha forma do posesivo e chegar a xerar un novo artigo (So-a-Eiriña > Suaeiriña > A Suaeiriña).

No topónimo **Suaeira**, que designa unha pequena área ao norte da Barxa, a *eira* a que se refire debe de corresponder ao topónimo veciño *O Barreiriño de Arriba*, que no século XVIII, segundo vemos no Catastro de Ensenada, tamén era coñecido como *A Eiriña* (→ Eira).

**Sorrego** (coas variantes **Suorrego** e **Surrego**) é o nome dunha zona de campos de labor ao leste da Lagarella, onde se distingue **Sorrego de Abaixo** e **Sorrego de Arriba**, e tamén dá nome á **Presa de Sorrego**. Repítese este mesmo composto nas Carneiras, na área denominada **A Carneira de Sorrego**.

Coa mesma preposición ante o substantivo *igrexa* precedido de artigo temos o topónimo **O Cocho de Suaigrexa**, nas inmediacións da igrexa parroquial (por baixo dela, como o nome indica).


Foro de los Campos da Barxa, y los dos Molinos de Cison

Renta cada año 9. ferr.s de trigo

En 4. de Junio del año de 1756, ...

**A Xinela** (→) é o nome dunha área ao oeste da Lagarella; a documentación histórica rexistra nas súas inmediacións un composto coa preposición *so*, *sub*: **Suaxinela**. A mesma documentación recolle en Matamá unhas propiedades chamadas **Suaviña** (< *sub* + *a Viña*), de localización imprecisa, e mais un **Sulagar**, **Solagar**, na Mó, que talvez se referiría a un *lagar* (< lat. LACALEM, o lugar onde se prensa a uva para facer viño) precedido de preposición, aínda que algunhas variantes con que se recolle por escrito o topónimo fan dubidar se o segundo elemento é *lugar* (→) e non *lagar* (→).

Non garda relación con estes un topónimo *Suolvido* que aparece nalgunhas fontes escritas e que constitúe unha alteración ou erro de transcrición de *Xubalbido*, *Xibalbido* (→).

## ▶ Taberna → San Amaro, Taberna de

## ▶ Tamigueiro

### O Tamigueiro

A documentación histórica de Matamá recolle un topónimo **O Tamigueiro** (*Matamá II*, 303), de localización imprecisa, que non sobreviviu ata hoxe. Podería ser un sobrenome de usuario ou propietario, formado cun xentilicio de *Támega*, parroquia do concello de Mos, un topónimo de orixe prerromana, probablemente de significado hidronímico e formado coa mesma raíz de *Támega*, *Tambre*, *Tamuxe* e outros nomes de ríos que remontan á prehistoria.

## ▶ Tanque

### O Tanque

O substantivo *tanque*, con presenza en moitas linguas europeas, é unha palabra de probable orixe prerromana, dun celta *TANKO ‘deter, fixar’ (Corominas-Pascual DCECH, s. v. *estancar*) e ten dúas acepcións principais; nunha delas designa un recipiente usado para extraer auga dun pozo ou para beber e noutra vén sendo sinónimo de *pía, poza, balsa* ou *presa* ‘depósito de auga’. É esta acepción a que deixa pegada na toponimia. A plataforma Galicia Nomeada recolle 23 topónimos formados co substantivo *tanque*, todos eles na Galicia do sur.

En Matamá, **O Tanque** é o nome duns campos na Balsa. É un topónimo motivado por unha presa ou tanque situados no lugar, talvez para almacenar auga do mesmo curso que alimenta a inmediata *Fonte da Balsa* e o seu *Lavadouro da Balsa* (→), e se cadra responde á mesma motivación concreta que orixinou o topónimo *A Balsa*.

## ▶ Tapia

**A Tapia**
**O Casal da Tapia**

*Tapia* é un substantivo común ás linguas hispánicas. Na toponimia vén sendo sinónimo de *cerca*, *cercado* (→), *muro*, *valado* etc., aplicado a diferentes formas de obra humana destinada ao pechamento dunha propiedade. É un termo de orixe descoñecida, probablemente prerromana, quizais formado a partir dunha onomatopea *tap* 'apisoar, compactar' (Corominas-Pascual, DCDCH, *s. v. tapia*), o que significaría que se aplicou en orixe a muros ou cercados feitos con adobe ou barro.

*Tapia* non é un termo abondoso na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle sete localidades con este substantivo no seu nome, ademais dunha parroquia do concello de Ames, sen contarmos o concello asturiano de Tapia de Casarego, na zona de fala galega. En Galicia Nomeada cóntanse 29 topónimos que o conteñen.

**A Tapia** é o nome dunha pequena área ao sur de Ribelas, que conserva a memoria dun vello topónimo **O Casal da Tapia** que aparece na documentación histórica da parroquia, así nun preito de comezos do século XVIII do cabido catedralicio de Tui onde reclama «la viña de Verdella y otros bienes sitos en Matamá pertenecientes al casal de la Tapia» (Galiciana, ARG, ano 1702).

## ▶ Tella

**A Telleira**
**A Tellada / A Tellada de San Amaro**
**O Campo da Tellada / Viñas da Tellada**
**As Telladas**

**A Telleira** era o nome que recibía unha área da campos de labor no linde de Matamá con Castrelos, ao sur do cemiterio de Pereiró, que o desenvolvemento urbano de Vigo converteu na actualidade nun dos núcleos habitados da parroquia. Debe o seu nome a unha *telleira* ou industria de elaboración de *tella* (< latín TEGŬLAM). O portal Galicia Nomeada recolle 370 topónimos co substantivo *telleira*, e é igualmente

frecuente o correspondente masculino, en ocasións como adxectivo, coma nos numerosos *Forno Telleiro* que tamén se refiren aos fornos empregados na mesma industria.



*Tellada* é o participio de *tellar* 'cubrir con tella', e a súa presenza na toponimia vén motivada por edificacións cubertas de tella, que no pasado eran poucas, cando o común eran as casas *pallazas* ou *colmadas*, cubertas de *colmo* vexetal. Está presente no topónimo **As Telladas**, en San Amaro, que tamén se recolle en singular como **A Tellada de San Amaro**. Debe de ser o mesmo que noutras fontes aparece como **O Campo da Tellada**, que no ano 1620 estaba destinado a viña, de aí que tamén se rexistre como **Viñas da Tellada** en 1653.



«... una **casa tellada** con su salido e con una parra de viña en la delantera e mas dos **cortes colmadas** de recoger ganados» (San Domingos, Apeos, ano 1591, PARES, AHN, Clero, L. 10233)



«... camino que biene del dho lugar de parada para la casa donde bibe el dho Estevo de Comesaña y **biñas da tellada** que son de dho convento que está abajo de la hermita de Sanamaro» (Tombo becerro de 1653, PARES, AHN, Clero, L. 10240)

## ▶ Tendal

### O Tendal

Coñécese como **O Tendal** unha pequena área na Revolta. O nome contén o substantivo común *tendal* 'lugar onde se tende algo para secar', habitualmente referido ao lugar onde se estende a bogada, mais tamén algúns produtos agrícolas, as redes de pesca ou outros usos semellantes. *Tendal* é un derivado da familia léxica de *tenda* e do verbo *tender* (< latín TENDĔRE) 'estender'. En Galicia Nomeada constan corenta e oito topónimos con este substantivo, maioritariamente situados na Galicia occidental, ningún deles entidade de poboación. No litoral adoita referirse ao lugar onde se estenden as redes para secalas. O Nomenclátor de Galicia recolle unha localidade chamada *O Tendedeiro* no Porto do Son, e na toponimia urbana de Baiona hai unha zona denominada *Os Tendales*. Na microtoponimia rexístranse outros exemplos: *O Tendal* (en Lousame), *O Tendedeiro* (en Noal, Noia), *A Tendedeira* (en Gondomar) ou *O Tendedouro* (en Beluso, Bueu), que han de responder ás mesmas motivacións.

## ▶ Tareixa

### A Tareixa

Unha pequena zona entre Parada e A Igrexa rexístrase na documentación coas denominacións de **Tareixa**, **A Tareixa** e **Tereixa**. Consérvase neste topónimo a forma tradicional galega deste nome persoal feminino, usual na Idade Media mais que logo da canonización de Teresa de Ávila no século XVII se viu desprazado pola variante coincidente co castelán, polo menos na lingua escrita.

Entre as persoas vinculadas á historia da parroquia que portaron este nome encóntrase dona Tareixa de Meira, a quen en 1422 lle concedeu o arcebispo compostelán o señorío de Matamá e outras parroquias do Val de Fragoso (*Matamá I*, 67). Descoñecemos se o topónimo garda relación con ela.

## ▶ Terzo, Terza

**As Terzas de Abaixo**
**As Terzas de Arriba**
**O Campo das Terzas**
**A Presa das Terzas**

**As Terzas de Abaixo** e **As Terzas de Arriba** eran campos de labor ao noroeste do núcleo do Roupeiro, nunha área incluída na actualidade na Zona Franca, dos cales recibía o nome **A Presa das Terzas**, situada nos arredores. Constan na documentación coas variantes *Terzas*, *Tersas*, *Terças*, *Tercias* (*Matamá II*, 303), máis frecuentemente con esta última. É o plural feminino do numeral *terzo*, *terza* (latín TERTIUM, TERTIAM), posiblemente aplicado a propiedades que dividían en tres partes os seus produtos ou beneficios ou as rendas que pagaban por foro, como nos foros compartidos por tres foreiros.

Na toponimia de Galicia alternan tamén as formas *terzas* e *tercias*, a primeira a forma patrimonial, a segunda atribuíble á interferencia da forma castelá. O topónimo de Matamá consta nos nomes dun **toxal de Sobrelas Tercias** e dunha viña **das Tercias** en 1620-1638 e como **O Campo das Tercias**, anexo ao lugar do Roupeiro, nun foro da casa de Valadares en 1668 (*Matamá I*, 76). No Catastro de Ensenada (1753, 1762), onde as propiedades dese nome veñen caracterizadas como labradío de regadío e de secaño, tamén se rexistran como **As Tercias** ou **O Campo das Tercias**.

O Nomenclátor de Galicia recolle unha entidade de poboación chamada *As Terzas* no concello ourensán de Cartelle, dúas chamadas *Tercias* (no lugués de Lourenzá e o coruñés de Monfero) e tres *As Tercias* (no coruñés de Cariño e nos pontevedreses de Gondomar e Salvaterra). Galicia Nomeada tamén rexistra as dúas variantes: *Terzas* (6) e *Tercias* (18).

No Arquivo do Reino de Galicia (Galiciana) consérvase documentación dun preito do ano 1774 sobre a posesión «del campo de Tercias en San Pedro de Matamá». En 1765 Xoán Alonso de Pazó, eclesiástico, deixara instituída unha misa perpetua sobre esa propiedade (*Matamá I*, 211).



«... mas otro **toxal de sobrelas tercias** que llevara en senbradura doçe ferrados de pan poco mas o menos, que está cerrado e circundado sobre si e parte con **propiedad das tercias** que trae afonso da hermida e con juan costas de santo andree de comesaña que es una viña» (San Domingos, Apeos 1620-1638, PARES, AHN, Clero, L. 20186)

## ► Tío, Tía

**A Tía Xepa**
**A Casa da Tía Xiana**
**A Presa do Tío Pepe**
**O Pumar do Tío Santonio**

O substantivo *tío*, *tía*, ademais do uso común como nome de parentesco para designar o irmán ou irmá do pai ou da nai, usábase xenericamente como tratamento de respecto para referirse a persoas de idade avanzada.

**A Tiaxepa** ou **A Tía Xepa** é o nome dunha zona de monte na Mó. Trátase probablemente dun feminino de propietario creado a partir dun nome persoal *Tío Xepe* (segundo o modelo *A Falcoa* = 'a de Falcón'), pois tamén se rexistra na documentación coa forma masculina, **Tío Xepe**, supoñemos que para referirse ao mesmo lugar (*Matamá II*, 303). *Xepe*, xunto con *Xe*, eran os hipocorísticos habituais en galego para o nome *Xosé* antes de se xeneralizar *Pepe*. Tanto *Xepe* coma *Pepe* posiblemente se orixinaron a partir dos hipocorísticos italianos do nome equivalente (*Giuseppe*). Entre os topónimos da veciña parroquia de Santo André de Comesaña tamén está presente este hipocorístico nun *O Xepe Miguel* (Rodríguez Lemos, 2018: 148). Non han de ser topónimos moi antigos,

pois o nome de Xosé, correspondente ao pai de Cristo, só se divulgou na onomástica persoal despois das reformas tridentinas a mediados do século XVI. O hipocorístico *Pepe* está presente, tamén precedido de *tío*, no nome da **Presa do Tío Pepe**, ao nordeste de Beirán, denominación alternativa da Presa das Rans (→ Ra).

O topónimo **A Casa da Tía Xiana** (→ Casa), na Barxa, refírese, sen dúbida, a unha muller dese nome. O nome *Santonio* contido no topónimo **O Pumar do Tío Santonio** (→) é unha alteración dun antigo *José Antonio* ou *Xosé Antonio*.

## ▶ Tira

### As Tiriñas de Babio de Abaixo

Recibe o nome de **As Tiriñas de Babio de Abaixo** unha área de campos e vivendas próxima á estrema coa parroquia de Beade, entre a avenida de Castrelos e a de Clara Campoamor. *Tiriñas* é un diminutivo de *tira* 'retallo longo e estreito de calquera material', seguramente relativo ás formas dos tallos estreitos resultantes dunha división de propiedades. Semella un topónimo relativamente recente. O substantivo *tira*, presente en galego, portugués e castelán, é de orixe controvertida; para uns relacionado co verbo *tirar*, para outros un préstamo do francés ou do catalán. *Babio* é o nome dun dos barrios de Beade, un hidrónimo prerromano (Carrasco e Navaza, 2015: 16-17).

## ▶ Toledo

### O Toledo

Marcos Alonso sitúa no seu mapa de Matamá ao norte da Reitoral un topónimo **O Toledo**, que aparece na documentación e que non chegou á actualidade. A coincidencia co nome da cidade castelá semella simple casualidade. O Nomenclátor de Galicia recolle outro *O Toledo* como nome dunha aldea no concello ourensán de Castrelo de Miño e en Galicia Nomeada vemos esta mesma forma na microtoponimia dos concellos pontevedreses de Vilaboa (*O Toledo*) e Ponteareas (*O Monte de Toledo*), no ourensán de Allariz (*Os Lameiros do Toledo*) e no lugués

de Trabada (*O Toledo, A Canle do Toledo*). *O Toledo* é probablemente un topónimo da familia léxica de *toleiro* 'lamazal', 'zona lamacenta nun camiño onde atoan ou embarrancan os carros' e outros termos como *atolar*, *entolar*, *tol* ou *atol*, relativos ás presas e á rega, paralelos do castelán *atolladero*. Quizais debeu de aplicarse a algún treito dun camiño caracterizado por formarse nel moita lama en época de chuvias.

## ► Tomada

**A Tomada**
**A Tomada do Poulo**
**A Tomada Vella**
**As Tomadas Novas**
**A Fonte da Tomada**
**A Presa da Tomada**
**A Tomadiña**
**O Muíño da Tomadiña**

*Tomada* é o participio do verbo *tomar* 'coller, apropiarse de algo', que no seu uso como topónimo se aplicou a áreas de monte que se *tomaron*, isto é, que se acoutaron ou pecharon, ben por pasaren de man común a mans particulares, ben para facer nelas *cachada*, *roza*, *rozada*, *rotea* ou *vesada*, segundo o proceso histórico secular de ir transformando terras bravas ou de monte en terras de labor. *Tomar* é un verbo común ao galego, castelán e portugués, de orixe etimolóxica controvertida; para uns é de orixe prerromana, para outros o resultado do latín *(au)tumare*.

En Matamá, o substantivo *tomada* está presente nos seguintes topónimos: **A Tomada**, unha área situada ao oeste da Mó, significativamente cualificada no Catastro de Ensenada (1753, 1762) como monte de primeira e segunda calidade e labradío de regadío de primeira. Dela toman o seu nome **A Fonte da Tomada** e mais **A Presa da Tomada**. Inmediata a estas, pero máis próxima á Barxa, está **A Tomada do Poulo** (→ Poulo). Unha zona da Xesteira, no suroeste da parroquia, lindante co territorio de Santo André de Comesaña, recibe o nome de **As Tomadas Novas** (na documentación histórica en singular, **A Tomada Nova**,

cualificada no Catastro de Ensenada como monte de primeira). Algo máis ao leste, na estrema con Valadares, nunha área hoxe atravesada pola autovía VG-20, estaba **A Tomada Vella**.

Un diminutivo **A Tomadiña** dá nome a unha pequena zona de cultivos e arboredo en Sisón, onde tamén se localiza **O Muíño da Tomadiña**, por outro nome *O Muíño do Cercado*. No século XVIII, as propiedades denominadas ***A Tomadiña*** viñan cualificadas como monte e devesa de primeira e segunda calidade e regadío de primeira. Na documentación histórica vemos na parroquia outros topónimos semellantes que aparentemente non sobreviviron ata hoxe: **A Tomada da Presa**, **A Tomada de Arriba**, **A Tomada das Silvas**…



«con mas **un pedaço de monte do diçen la tomada** segun es de la manera que esta çerrada e çircundada sobre si que con lo que **dentro del está manso e labrado** lleva dos ferrados de pan poco mas o menos segun parte e demarca con heredades del dicho de Juan de Outeiro que se llaman **da cereixeira** e se demarca con monte común delos herederos de Gonçalo da veiga.»

## ▶ Tombo → Casal do Tombo

## ▶ Torno → San Amaro, Taberna de

## ▶ Torto, torta

**As Tortas**

Coidamos que contén un feminino plural do adxectivo feminino *torta* (/tɔrta/, con o aberto), orixinado no participio do verbo *torcer* (< latín vulgar TORCERE, clásico TORQUERE), o topónimo **As Tortas**, nome dunha área no camiño entre O Pazo e Balvís. Descoñecemos que realidade *torta* ou *torcida* puido suscitar o topónimo, mais é verosímil que responda ao trazado curvo das lindes de varias propiedades situadas á beira da rúa de Manuel Cominges, perpendiculares a ela.

## ▶ Torre

**A Torre / A Torre Vella / A Torriña**
**O Campo da Torre, A Costa da Torre**
**O Torreón / O Torrión**

Coñécese como **A Torre** unha pequena área situada ao sur do San Amaro, que aparece na documentación histórica da parroquia cos nomes de *A Torre Vella* ou *A Torriña* e que orixinou os topónimos **O Campo da Torre** (→ Campo), **A Costa da Torre** (→ Costa) e **O Lugar da Costa da Torre** (→ Lugar). Supoñemos que antes do desenvolvemento do núcleo de San Amaro, a raíz da erección da capela no século XVI, este lugar chamado **A Torre** ou **A Torre Vella** constituía a entidade de poboación de referencia nesa zona. No portal Galiciana podemos ver un documento do ano 1509, anterior ao San Amaro, en que se arrenda a metade do *logar da torre bella* situado «ena freyguesya de sant Pº de Matamãa».

Aínda que o substantivo *torre* tenda a suscitar a imaxe dun castelo, na Idade Media podía designar simplemente unha casa alta, con planta baixa e sobrado, con certa traza de construción defensiva, que salientaba entre o resto das construcións, que aínda no século XVIII eran maioritariamente terreas, isto é, de planta baixa.

Dous topónimos **O Torreón** (na Barxa, ao norte do Monte da Barxa) e **O Torrión** (en Ribelas de Abaixo) parecen conter tamén un derivado de *torre*, mais probablemente non gardan relación cunha edificación e

si co común *torrión, turrión*, que os dicionarios definen como 'prominencia de terra que divide terreos'.



«Juan de Godoy, morador en San Pedro de Matamãa afora a metade do lugar da Torre vella» (ano 1509, ARG, Galiciana)

## ▶ Toural → Campo do Toural

## ▶ Touráns, As → Esturáns

## ▶ Toutizo

### O Toutizo

**O Toutizo** é o nome dunha pequena área en Balvís. Parece conter o substantivo común *toutizo* 'curuto, coto', 'elevación do terreo', 'curuto da cabeza', un termo de orixe prerromana, posiblemente referido á orografía do lugar, neste caso para describir unha pequena elevación. En portugués, ademais de *toutiço*, *toitiço*, existe tamén *touta* como denominación informal da cabeza (*Dicionário Priberam*). Outras acepcións de *toutizo*, como 'persoa de mal carácter ou mal aspecto', poderían xustificar unha orixe a partir dun alcume ou sobrenome persoal, pero cremos máis probable que o topónimo se refira ao relevo. Ten paralelo en dous topónimos *O Camiño do Toutizo* e *O Toutizo da Pedra* en Baruxáns, na parroquia de Bembrive (Álvarez Pérez, 2019: 69-70), onde a orografía parece confirmar de xeito evidente ese significado.

Na toponimia da Galicia suroriental ten presenza un substantivo paralelo, formado con diferente sufixo, *Toutelo*, probablemente do mesmo significado oronímico.

## ► Toxo

**A Toxeira do Coto do Mouro**
**O Toxal do Coto do Mouro**
**O Toxal das Terzas**

O toxo, de nome científico *Ulex europaeus*, é unha especie moi común na flora galega, aproveitada para diferentes usos na sociedade agrícola tradicional. Xunto coas xestas e as carrascas, constituían a vexetación predominante nas propiedades cualificadas como *monte* no Catastro de Ensenada.

Son moi numerosas as referencias a esta especie na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de cincuenta localidades cun nome pertencente á familia léxica de *toxo*, mais onde é especialmente abundante é na microtoponimia: preto de 2000 lugares en Galicia Nomeada, os máis comúns os derivados cos sufixos -*al* (*toxal*) e -*eira* (*toxeira*).

Na documentación histórica da parroquia rexístrase un topónimo **A Toxeira do Coto do Mouro**, tamén chamada **O Toxal do Coto do Mouro** (→ Coto). Tamén se documenta un **Toxal das Terzas** ou **de Sobrelastercias (→ Terzas)**

## ► Traída

**A Traída**

**A Traída** é o nome duns campos ao leste de Beirán, no estremo suroriental da parroquia. O substantivo *traída*, propiamente un participio do verbo *traer*, é unha denominación común, e relativamente moderna, para referirse á condución de auga destinada ao consumo doméstico. Resulta curioso que a denominación tradicional para as conducións destinadas ao rego sexa un antónimo *levada* (con frecuencia realizado como /lobada/ na fala). Neste caso, o topónimo debe de relacionarse co aproveitamento do curso fluvial denominado ***O Rego***, que tamén dá nome aos *Campos do Rego* na mesma zona, e non debe de ser moi antigo, pois só se rexistra en datas recentes.

## ▶ Trancas → Canteira do Valerio Trancas

## ▶ Tras, Tras de

**Tras do Regueiro**
**A Fonte de Tras do Regueiro**
**O Lavadouro de Tras do Regueiro**
**Tras do Lagar**
**Tras da Cortella**
**A Mó de Antes do Río**
**A Mó de Tras do Río**

Os topónimos formados cunha preposición anteposta a un substantivo ou a outro topónimo indican «posición relativa». Se os de *so* (< SUB) seguida dun substantivo se aplican a lugares situados en posición inferior respecto dun referente (→ So), os de *sobre* (< SUPER) posición superior (→ Terzas, Sobrelas Tercias) e os de *entre* (< INTER) posición interior (→), os formados coa preposición *tras* (< latín TRANS) ou a locución *tras de* sinalan posición ulterior e teñen a particularidade de que permiten recoñecer desde onde foron aplicados.

Deste xeito, o nome da área denominada **Tras do Regueiro**, de onde toma o seu nome a **Fonte e Lavadouro de Tras do Regueiro**, situados entre Ribelas e A Carapucha, semella que se impuxo desde a primeira das localidades. No Roupeiro, unha pequena área recibe o nome de ***Tras do Lagar*** (→ Lagar). A documentación histórica da parroquia rexistra unhas propiedades chamadas **Tras da Cortella** e **A Viña de Tras da Cortella**, probablemente situadas en Campos e sen relación con outro topónimo *A Cortella* no Roupeiro (→ Corte).

**A Mó de Antes do Río** e **A Mó de Tras do Río** son denominacións alternativas da Mó de Abaixo e da Mó de Arriba, esta última tamén coñecida como A Mó do Outeiro.

## ▶ Trepia

**A Trepia**
**As Trepias**

O dicionario define o substantivo feminino *trepia* como «utensilio de ferro con tres pés sobre o que se poñen as olas, tixolas etc., ao lume», sinónimo do masculino *trespés* e procedente do latín TRĬPĔDEM.

A documentación histórica de Matamá menciona unha propiedade chamada ***A Trepia***, de localización imprecisa, entre varias propiedades vinculadas a Ribás. Quizais é o mesmo lugar denominado en plural **As Trepias**, inmediato á Camba do Vao (→) e situado no estremo nordeste da parroquia de Santo André de Comesaña, hoxe no interior da Zona Franca. Talvez recibiu un nome que significa *tres pés* pola proximidade ao punto de confluencia da demarcación de tres parroquias: Coia, Santo André de Comesaña e Matamá.

## ▶ Valerio → Canteira do Valerio Trancas

## ▶ Vasco

**A Leira de Vasco**
**A Viña de Vasco**

Aparentemente non sobreviviu un topónimo **A Leira de Vasco** recollido na documentación histórica coa grafía *Basco*, que Marcos Alonso sitúa en Ribás (*Matamá II*, 298) e que talvez se refire ao mesmo lugar que noutras ocasións se rexistra como **A Viña de Vasco**.

Contiña o antropónimo masculino *Vasco*, resultado galego e portugués dun latín hispánico VELASCUS. Foi un nome moi usado en Galicia na Idade Media, como mostra a abundancia de portadores do seu patronímico *Vázquez*, mais caeu en desuso despois do século XVI, de xeito que o topónimo non debe de ser posterior a esa data. A mediados dese século contábase entre os propietarios da parroquia o fidalgo Vasco Falcón (Vasco Marinho Falcón), que aínda que residente en Monzón (Monção) logo de casar cunha portuguesa, herdara bens familiares en Matamá (*Matamá I*, 68-69).

## ▶ Vao → Camba do Vao, A

## ▶ Veiga

**As Veigas**
**O Casal das Veigas**
**A Veiga da Palla**
**A Veiguiña**

*Veiga* é un termo hispánico de orixe prerromana e de etimoloxía incerta que designa as terras de labor inmediatas a un curso de auga. Ata hai pouco admitíase a posibilidade de que gardase relación co éuscaro *ibai* 'río', mais a sistemática representación con v- inicial (e non con *b*) en todos os seus rexistros medievais en latín desacreditou esa hipótese. Está moi presente na toponimia galega, o mesmo ca o correspondente castelán *vega* noutras áreas peninsulares. No Nomenclátor de Galicia constan 198 localidades cun nome que contén este substantivo, e os microtopónimos coa secuencia *Veig*- na plataforma Galicia Nomeada son case 7000.

En Matamá repítese en varios topónimos: **As Veigas**, unha zona de campos ao oeste do rego das Carneiras, entre este e Os Xubalbidos, outro **As Veigas** en Beirán e un terceiro **As Veigas** ao sur da Carapucha, onde tamén se encontran **O Casal das Veigas** e un diminutivo **A Veiguiña**. **A Veiga da Palla** é o nome duns campos ao leste da Lagarella, ao sur do Coto do Mouro (→ Palla).

## ▶ Vello, Vella → Novo, Nova / Vello, Vella

## ▶ Vellota

**A Vellota**
**O Cocho da Vellota**

A documentación rexistra na estrema de Matamá con Santo André de Comesaña uns topónimos **A Bellota** e **O Cocho da Bellota**. Dubida Marcos Alonso (290) se esa grafía corresponde propiamente a **A Vellota** e **Cocho da Vellota**, cun derivado de *vella*, acaso un sobrenome, ou se conteñen o castelanismo *bellota* 'landra'.

## ▶ Verdella

**A Verdella**

*Verdella* (< latín VIRIDICŬLAM) é en orixe un adxectivo derivado do nome da cor verde (< latín VIRĬDEM). Aínda que se aplicou a outros froitos ou especies vexetais (*verdella* é tamén unha variedade de mazá, por exemplo), a súa presenza na toponimia adoita vir motivada pricipalmente pola viticultura, pois *verdella* é unha caste de uva.

A documentación histórica relativa a Matamá menciona unha propiedade chamada ***A Verdella*** ou ***A Viña da Verdella***, reivindicada polo cabido da catedral de Tui en 1702 (ARG, Galiciana) e que Marcos Alonso supón situada nas proximidades de Ribelas de Arriba, non moi lonxe doutro topónimo *A Caíña*, tamén motivado polo nome dunha caste de uva (→ Caíña).

No Nomenclátor de Galicia constan tres núcleos de poboación chamados *A Verdella*, un no concello coruñés de Abegondo e os outros nos pontevedreses de Ponteareas (parroquia de Xinzo) e de Vigo (San Miguel de Oia). Do medio cento de topónimos co termo *verdella* que recolle a plataforma Galicia Nomeada, case dous terzos están situados arredor da ría de Vigo e entre esta e o Miño.

## ▶ Vesar, vesada

**A Vesada**
**A Vesadiña**
**O Rabete da Vesadiña**

O topónimo *Vesada*, como *Cachada*, *Rozada*, *Rotea* e outros de significados próximos, refírese ao proceso de amansar terra brava para destinala a cultivos. *Vesada* é o participio do verbo *vesar* (< latín VERSARE) 'abrir sucos co arado na terra', polo que vén sendo sinónimo de *arar*. Recibe o nome de *vesadoiro* (< VERSATORIUM) o máis forte dos arados, destinado a eses usos. O inventario dos bens que quedaran da defunta Catalina Rouca, da Mó, realizado polos seus fillos no ano 1599, comeza enumerando a parella de bois e o *besadouro* (*Matamá I*, 193).

*Vesar* e *vesada* proceden do latín *versus* 'suco, rego aberto polo arado ao darlle a volta á terra que levanta'. Na lingua dos romanos, os *versos* eran en orixe os sucos da terra arada, e de aí, nun uso metafórico, pasaron a aplicarlles ese nome ás liñas da escritura poética.

En Matamá, **A Vesada** é unha área de campos ao norte do Pazo. Un diminutivo está presente en dous topónimos de Ribás: **A Vesadiña** e **O Rabete da Vesadiña**. No Catastro de Ensenada (1753, 1762), as herdades situadas «al sitio de la Besadiña» veñen cualificadas como labradío de secaño de primeira e segunda calidade.

## ▶ Vidal

**A de Vidal**
**Os Adevidales**

**A de Vidal** é o nome dunha pequena área de campos e monte ao sur de Vilar. É un exemplo máis dos microtopónimos de propietario compostos coa fórmula *A de + antropónimo*. Neste, *Vidal* é o apelido patronímico sen sufixo correspondente ao nome persoal *Vidal* (< latín VITALEM 'vital, propio da vida'). Non é un apelido exclusivamente galego, senón que ten presenza en todos os territorios lingüísticos da Península.

A aparición dunha denominación alternativa cun plural secundario **Os Adevidales** parece indicar que o topónimo xa se volvera opaco para os falantes.

## ▶ Vilar

**Vilar**
**A Fonte de Vilar / O Lavadouro de Vilar**
**A Horta da Fonte de Vilar**
**O Cocho de Vilar**
**A Canteira de Vilar**

**Vilar** é outro dos núcleos habitados ou barrios tradicionais de Matamá, situado no estremo suroccidental do territorio parroquial, xunto co Pereiro e A Balsa, na actualidade separados da súa parte máis meridional pola autovía VG-20. Na documentación relativa ás propiedades que

posuía o convento de San Domingos de Pontevedra en Matamá atopamos frecuentes mencións ao lugar de Vilar, e nun documento de 1642, don Pedro Troncoso e Soutomaior, fidalgo de Camos (→ Camoesa), intitúlase *señor do lugar de Vilar en Matamá* (*Matamá I*, 78). O Catastro de Ensenada infórmanos de que a mediados do século XVIII residían en Vilar oito familias.

Refírense ao lugar ou barrio de Vilar os segundos elementos doutros topónimos que designan lugares dos seus arredores: **A Fonte de Vilar**, **O Lavadouro de Vilar**, **A Horta da Fonte de Vilar** e mais **O Cocho de Vilar**. Neste último, como na **Canteira de Vilar**, podería tratarse do apelido.

*Vilar* é un termo moi común na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de setecentas localidades que o conteñen no seu nome. Constitúe un derivado de *vila* (< latín VILLAM), que no mundo romano designaba unha vivenda rural e co paso dos séculos pasou a designar un núcleo de poboación. Os *vilares* naceron a partir da alta Idade Media, en moitos casos como poboacións satélites de *vilas* preexistentes, en orixe para designar unha única explotación agrícola familiar, aínda que co tempo pasou a ter un significado equivalente ao de 'aldea' cando o primitivo *vila* foi adquirindo o de 'núcleo habitado de aspecto urbano'.

## ▶ Vimbio

**Os Vimbieiros**
**O Calvario dos Vimbios**

*Vimbio* (< lat. *VIMĬNUM, clásico VIMĬNEM) é a máis común das variantes (*vimio, vime*) con que se denomina en galego o *Salix viminalis*, unha variedade de salgueiro de varas flexibles empregadas para atar as videiras, para facer cestos e para outros usos. Na toponimia da parroquia está presente no segundo elemento do topónimo **O Calvario dos Vimbios** (→ Calvario), ao noroeste de Ribás.

Un derivado **Os Vimbieiros** daba nome a unha área de cultivos ao sur do Balaído de Dentro, hoxe na Zona Franca. Na documentación histórica rexístrase en singular e coa variante **O Vimieiro**, segundo vemos en 1620 nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra. Alterna como **O Vimieiro** e **O Vimbieiro** no Catastro de Ensenada, onde

se caracterizan as propiedades dese nome como labradío de secaño de segunda calidade. É probable que *vimieiro* fose a forma tradicional local e que desde o século XVIII pasasen a convivir *vimieiro* e *vimbieiro*.



## ► Viña

**A Viña Caíña**
**A Viña da Bouza**
**A Viña da Carballeira**
**A Viña da Cortiña**
**A Viña da Eira**
**A Viña da Maceira**
**A Viña da Nogueira**
**A Viña de Navarro**
**A Viña de Névoa**
**A Viña de Vasco**
**A Viña do Adro**
**A Viña do Bacelo**
**A Viña do Castañal**
**A Viña do Cochiño**
**A Viña do Codesal**
**A Viña do Eido**
**A Viña do Enxido**
**A Viña dos Naranxos**
**A Viña Grande**
**A Viña Nova**
**A Viña Vella**
**Os Cochos das Viñas**
**Suaviña**

A documentación histórica relativa a Matamá refírese ás viñas desde a Idade Media e a toponimia evidencia o peso que tivo a viticultura na economía tradicional da parroquia (*Matamá I*, 67). Manifestase en topónimos formados por substantivos como *bacelo* (→) *lata* (→) ou *lagar* (→) e moi especialmente co máis común *viña* (< latín VINĔAM).

En ocasións, os foros, apeos ou arrendamentos refírense especificamente á caste ou variedade de uva cultivada, como nun documento de 1586 (*Matamá I*, 162) onde se di dunha viña próxima á igrexa (acaso *A Viña do Adro* actual) «é de caste brancellá e caýña». A uva caíña deixou pegada toponímica en Campos, en Ribelas e na Lagarella (→ Caíña). O nome da uva *brancellá* (< BARONCELLIANAM) é derivado de *Baroncelle*, o antigo nome do ourensán Val de Monterrei ou Val de Verín.

En compostos formados cun adxectivo, o máis común é **A Viña Nova**, que se repite en varios barrios da parroquia, e a documentación recolle dous antónimos **A Viña Vella**. Ademais do topónimo **A Viña Caíña**, que se repite nas tres localizacións mencionadas, tamén se refire á caste de uva **A Viña Verdella** (→ Verdella). Cun adxectivo *grande*, **A Viña Grande**, é o nome dos campos situados ao leste do cemiterio parroquial.

En **Suaviña** temos *a viña* precedido da preposición *so* (→). Un plural *as Viñas* aparece como complemento no topónimo **Os Cochos das Viñas** (→ Cocho).

Son comúns os compostos de *Viña* + *de* + un segundo elemento que é propiamente o nome do lugar onde se encontra a viña: **A Viña da Bouza** (→ Bouza), **A Viña da Carballeira** (→ Carballo), **A Viña da Cortiña** (→ Corte), **A Viña da Eira** (→ Eira), **A Viña da Maceira** (→), **A Viña da Nogueira** (→ Nogueira), **A Viña do Adro** (→ Adro), **A Viña do Bacelo** (→ Bacelo), **A Viña do Castañal** (→ Castaña), **A Viña do Cochiño** (→ Cocho), **A Viña do Codesal** (→), **A Viña do Eido** (→ Eido), **A Viña do Enxido** (→ Enxido) e **A Viña dos Naranxos** (→ Laranxa).

A documentación recolle tamén un topónimo **A Viña da Ventana**, de localización imprecisa, co castelanismo *ventana*, acaso debido á mesma motivación do topónimo *Xinela* (→). É tamén un castelanismo o segundo elemento dunha **A Viña do Palomar** (→ Pombal).

Cun antropónimo de usuario ou propietario temos **A Viña de Vasco**, en Ribás, co nome persoal *Vasco* (→), e **A Viña de Navarro** (→), en Campos.

É dubidoso un topónimo documentado como *A Viña de Nevoa* (*Matamá II*, 299), que non sabemos se interpretar como erro de escritura por *Nóvoa*, un apelido toponímico orixinario da ourensá Terra de Nóvoa (< NOVŬLAM), por *néboa* (< NEBŬLAM) ou por *nébeda* (< NEPĔTAM).

## ► Viragaia

### A Viragaia

**A Viragaia** é o nome dunha pequena área ao norte da Mó. Constitúe unha variante de *Miragaia*, posiblemente alterada por interferencia do verbo *virar*. É un composto de *mirar* (< latín MIRARE 'admirarse') cun antigo adxectivo de orixe provenzal *gaio, gaia* 'alegre', emparentado co verbo latino *gaudio* 'gozar, alegrarse'. *Miragaia* significaría, xa que logo, o mesmo ca *vista alegre*.

O nome de *Miragaia* constitúe un «topónimo de repertorio» medieval, que se repite aquí e acolá na toponimia galega e portuguesa (o portal Galicia Nomeada recolle exemplos nas catro provincias, grafados como *Miragaia* ou *Miragalla*, e en Portugal, *Miragaia* é o nome dun barrio do Porto). Non é un topónimo estraño na toponimia do Val de Fragoso; ademais do nome dunha vía urbana da cidade de Vigo, entre as rúas do Areal e de Rosalía de Castro, hai outra *Miragaia* ou *Viragaia* en Beade (Carrasco e Navaza, 2015: 118), outra *Viragaia* en Comesaña (Rodríguez Lemos, 2018: 146-147) e tamén o houbo en Pardavila, Lavadores, alterada hoxe en *Miranaia* por efecto da proximidade do lugar de Naia (Sestay, 2010: 125-126).

Dado que *Miragaia* tamén ten uso como apelido (hoxe, coa grafía *Miragaya*, ten significativa presenza nalgúns concellos de Lugo e noutras áreas do norte), nos casos en que a realidade xeográfica designada non se corresponde cun lugar desde onde se divisa unha boa panorámica, o topónimo responderá seguramente a un apelido ou alcume de propietario.

## ▶ Viveiro

### O Viveiro da Mó

Coñécese como **O Viveiro da Mó** unha zona de monte no suroeste do territorio parroquial, na estrema coa parroquia de Valadares á altura da Gaspara. O nome vén motivado por un *viveiro* (< lat. VIVARIUM) cerrado onde se sementaban e criaban especies arbóreas probablemente destinadas á repoboación forestal da veciña devesa real do Maruxento. O segundo elemento do composto, *da Mó*, podería vir motivado por unha formación pétrea como a que deu nome ao barrio da Mó. No Catastro de Ensenada (1753), descríbese este viveiro «al sitio de Marujento, cabida de un ferrado, primera calidad, cerrado» entre as propiedades do común da parroquia. O topónimo probablemente naceu nese século XVIII, cando se acoutou cun valado e acondicionou a zona para dedicala a viveiro, en substitución doutro *viveiro vello* que houbera na Carapucha (*Matamá I*, 113).

A plataforma Galicia Nomeada recolle algo máis de 200 topónimos que conteñen o substantivo *viveiro*, os máis deles nas provincias da Coruña e de Pontevedra e no norte da de Lugo, cunha distribución xeográfica semellante á das antigas devesas reais; os topónimos actuais co substantivo *devesa* son moito máis numerosos (máis de 2500) e están presentes en todo o territorio.

## ▶ Viscaíña → Caíña

## ▶ Xabre

### A Xabreira

Non chegou aos nosos días un topónimo **A Xabreira**, de localización imprecisa, que aparece como nome dun **Campo e Viña da Xabreira** na documentación histórica da parroquia (*Matamá II*, 304). É un derivado de *xabre* co sufixo común -*eira* e refírese ao tipo de solo. No século XVIII definía o Padre Sarmiento *xabre* e daba a súa correcta etimoloxía expli-

cándoo como o resultado galego do termo latino que significaba 'area': «Significa tierra arenosa, de SABULUM» (DdD, s.v. *xabre*).

## ▶ Xácoma

**A Xacumeira / As Xacumeiras**

**A Xacumeira** ou **As Xacumeiras** é unha zona maioritariamente de monte con arboredo ao nordeste da Mó, á beira do Rego do Ameal. É un topónimo de etimoloxía e interpretación escuras.

Podería ter relación co antropónimo masculino *Xácome*. Non son frecuentes os derivados mediante o sufixo *-eiro*, *-eira* a partir de nomes persoais, mais na plataforma Galicia Nomeada vemos exemplos como *A Lourenceira*, no concello coruñés da Laracha, ou *As Marticeiras*, no pontevedrés da Lama, correspondentes ao nome *Lourenzo* e ao patronímico *Martiz* (→) e mesmo un paralelo *A Xacomeira* en Portomarín, Lugo. Posiblemente responde ao mesmo procedemento *As Conzalveiras*, no concello lugués de Riotorto, a partir do nome *Gonzalvo*. Tamén hai exemplos co equivalente masculino, como *Marticeiro*, no concello de Oia.

É verosímil, xa que logo, que **A Xacomeira** ou **A Xacumeira** significase en orixe 'a de Xácome'. Este nome persoal, presente en Galicia desde a Idade Media, é equivalente de *Santiago*. Mentres *(Sant)iago* procede de *Jacobus,* esdrúxulo (a diferenza dun *Jacobus* grave que deu *Xacobe*), *Xácome* remonta a unha variante *Jacomus*, coma o italiano *Giacomo*, esdrúxulos tamén. Está ben atestado o emprego deste nome na historia da parroquia, por exemplo na persoa de Xácome Alonso, alcalde de Fragoso en 1669 (*Matamá I*, 224).

## ▶ Xaíde / As Xaídes - As Saídes

**Xaíde / (As) Xaídes / (As) Saídes**
**As Xaídes da Cela**
**O Monte das Xaídes**

Desde polo menos o século XVI documéntase un topónimo **Xaíde** e **Campo de Xaíde** (*campo de Xayde* en 1591) para denominar uns cam-

pos situados na estrema de Matamá e Santo André de Comesaña ao sur do marco da Camba do Vao, onde lindaban estas dúas parroquias coa de Coia, hoxe terreos ocupados pola Zona Franca. A tradición gráfica rexístrao en singular ata o século XVIII e só tardiamente se consolidou un plural secundario, *Xaídes*, e tamén pasou a empregarse con artigo feminino: *As Xaídes*.

Na documentación histórica aparece con variedade de grafías: *Xayde*, *Xaide*, Zaíde, *Saíde*, *Jaíde*… Na veciña parroquia de Comesaña debeu ser común a variante con S- inicial, xa desde hai séculos, como parecen confirmar algúns rexistros do século XVII: *campo de Sayde*, *campo de Saíde*, *Saíde Tallarín*…, no ano 1643 (Rodríguez Lemos, 2018: 130), aínda que no Real de Leigos do Catastro de Ensenada desa parroquia vemos a forma en plural, sen artigo, e con X- Inicial: «un ferrado y quarta (…) secano al sitio de Xaides», ano 1752 (Rodríguez Lemos, 2018: 130).

O nome repetíase para outros lugares próximos, hoxe tamén no interior da Zona Franca: **As Xaídes da Cela** e **O Monte das Xaídes**.

Ao non dispoñermos de atestacións medievais do topónimo, non podemos saber se o orixinal tiña S- ou Z- e *Xaídes* é o resultado dunha palatalización do S- inicial (cf. *xabón* < SAPONEM, *xastre* < SARTOREM, *xordo* < SURDUM) ou se, ao contrario, o etimolóxico é *Xaídes* e a forma *Saídes* é unha simple despalatalización. No primeiro dos casos, podería pensarse nun nome persoal altomedieval *Zaíde*, de probable orixe arábiga, de uso rexistrado en Galicia como *Zaiti* no século IX, *Zaide* no X (Codolga). Sería entón un topónimo paralelo de *Zaíde*, lugar do concello de Guntín, atestado na Idade Media como *Ceidi* (1208), *Ceide* (1263), *Zeýde* (1263). No caso de que a forma etimóxica fose *Xaíde*, podería pensarse no xenitivo *Ianiti* dun nome persoal *Ianitus*, *Ianito*, tamén de uso rexistrado en Galicia antes do ano 1000.



«Y mas el **canpo de Xaýde** que esta cerrado y zircundado sobre si que llevara de senbradura dos buzios y medio de pan y mas la heredad **do Pardal** que está cerrada…» (1591, AHN, Clero, L. 10233)

## ► Xardín

**O Xardín da Mó**
**O Cocho do Xardín**

*Xardín* é un substantivo común ás linguas peninsulares. De orixe xermánica, procede do francés *jardin*, e este do fráncico *gard* 'cercado, cerrado, sebe'. O significado actual é relativamente recente, pois desde a Idade Media viña usándose tradicionalmente co sentido de 'horta' e ese é talvez o significado orixinario do nome nos topónimos rurais galegos. O Nomenclátor de Galicia recolle tres localidades chamadas *O Xardín* no concello pontevedrés de Gondomar, no coruñés de Melide e no lugués de Ribadeo. En Galicia Nomeada constan máis de 200 topónimos que conteñen ese substantivo.

Na documentación histórica de Matamá menciónanse unhas propiedades chamadas **O Xardín da Mó** ou **O Cocho do Xardín**. Marcos Alonso suponas situadas ao sur da Mó, na área denominada hoxe *Os Cochos*. O significado orixinario de *xardín* no topónimo debeu ser, xa que logo, o de 'horta', de xeito que *O Cocho do Xardín* sería un topónimo redundante.

## ► Xepe → Tía Xepa

## ► Xero

**O Xero**

**O Xero** é o nome dunha pequena área ao norte da Igrexa. Descoñecemos a orixe e o significado deste topónimo. Coidamos que pode ser unha forma abreviada ou hipocorística dun nome persoal *Xerome*, procedente do antropónimo latino *Hieronimus*, formado sobre o grego *hierós* 'sagrado'.

Galicia Nomeada recolle en Mondariz un *Eido de Xero*. Entre os persoeiros de Matamá no século XVIII cóntase un Xerónimo González Calderón, arrendatario das alcabalas e sobriño do abade parroquial, mais o topónimo puido vir motivado por calquera outra persoa dese nome.

## ▶ Xesta

**A Xesteira**
**A Canteira da Xesteira**

*Xesta* é a denominación común en galego de varias plantas da familia das leguminosas, dos xeneros *Genista* e *Cytisus*. Na economía agrícola tradicional as xestas eran, xunto cos toxos, o produto habitual dos terreos a monte, e empregábanse para a cama do gando e estrume, para facer vasoiras, como combustible e outros usos. O nome *xesta* procede do latín GENISTAM ou da súa variante GENESTAM.

As xestas teñen moita presenza na toponimia galega; o Nomenclátor recolle máis dun cento de localidades cun nome desta familia léxica, e na plataforma Galicia Nomeada son preto de tres mil os microtopónimos coas formas *Xestal*, *Xesteira*, *Xestedo* e *Xestido*, *Xestoso* etc.

En Matamá temos un derivado **A Xesteira**, nome da área de monte situada ao sur do parque forestal do Maruxento, onde tamén se encontra **A Canteira da Xesteira** (→ Canteira), que recibiu o seu nome do da zona.

## ▶ Xiana → Tía Xiana, Casa da

## ▶ Xinela

**A Xinela**
**Suaxinela**

**A Xinela** é o nome dunha pequena área próxima ao núcleo da Lagarella, cara ao oeste, á beira da denominada A Candea. Na documentación histórica menciónase tamén como **Suaxinela**; en rigor este nome designaba en orixe terras situadas por baixo das denominadas *A Xinela*, xa que *Suaxinela* vén sendo *So-a-Xinela*, coa preposición *so* (< latín SUB), mais acabaron por facerse denominacións equivalentes, como sucede no extremo da península do Morrazo, na *Costa da Vela* ou *Costa de Suavela*.

O substantivo *xinela* recóllese nos dicionarios (DdD) como variante de *xanela*, termo procedente do latín JANUELLAM, diminutivo de *janua*

'porta de entrada'. En portugués, *janela* desprazou no uso o sinónimo tradicional *fresta* (paralelo do galego *fiestra*) e converteuse na voz común para 'ventá', mais en galego só debeu ter uso en áreas meridionais, como confirma a toponimia, segundo vemos en Galicia Nomeada, que rexistra o termo *xanela* en concellos da raia seca ourensá e, coa variante *xinela*, no sur de Pontevedra, da ría de Vigo ao Miño. Ademais de Matamá, repítese *A Xinela* na toponimia das parroquias viguesas de Valadares, Zamáns e Coruxo, sempre aplicado a lugares desde onde se divisa unha boa vista panorámica, de xeito que o topónimo responde a esa motivación, coma en *Miragaia/Viragaia*, *Balvís* e outros semellantes (*O Balcón, O Viso*, *Vista Alegre*…).

## ► Xordo → Monte do Xordo

## ► Xubarba, xibarba

**O Xubalbido / O Xibalbido**
**O Xubalbido da Presa**
**O Xubalbido de Abaixo**
**O Xubalbido de Riba**
**O Xubalbido do Marqués**
**A Fonte do Xubalbido**
**A Presa do Xubalbido**

**O Xubalbido** ou **O Xibalbido** é unha área de zona de campos de labor con vivendas que se estende desde o nordeste do Outeiro de Balvís e distínguense nela varias partes chamadas **O Xubalbido de Arriba**, **O Xubalbido de Abaixo**, **O Xubalbido da Presa** e mais **O Xubalbido do Marqués**, ademais da **Presa do Xubalbido** e a **Fonte do Xubalbido**.



«... al sitio de Jibelvido» (CCME, 1762)



A tradición escrita, sobre todo a máis recente, recolle para este topónimo moi variadas formas e grafías, con vacilación tanto na primeira sílaba (*Xibalbido/Xubalbido*) coma na segunda (*-bar-*, *-bal-*, *-bel-*) ou mesmo coa desaparición dunha consoante na variante *Suolvido*. Son máis constantes os rexistros máis antigos, onde o topónimo garda maior proximidade á forma etimolóxica. Nos libros de apeos do convento de San Domingos de Pontevedra do século XVII consta no ano 1608 como *Gibarbido*: «con mas la heredad de Gibarbido que lleva en senbradura quinze ferrados de pan poco mas o menos y que departe con las herdades de Paramos, que son del lugar de Vilar y parte ansí mesmo con campos de Pedro Salgueiro y ansi mesmo parte con Veigas de Gibarbido» (ano 1608, PARES, AHN, Clero L. 20184).

Nas comprobacións do Catastro de Ensenada (1762) predominan as variantes *Jibelvido*, *Gibelvido*, *Gibelbido* e *Xibelbido*. Alí cualifícanse as terras dese nome como labradío de regadío e de secaño de segunda e terceira calidade. Desde finais do século XX aparece na cartografía

catastral unha nova variante *Suolvido*, presente nalgunhas fontes escritas actuais; é probablemente o resultado dunha actuación de gabinete, pois parece que representa a interpretación de *Xubalbido* como un composto coa preposición Sub- (→).



Xibarda, xilbarda, *Ruscus aculeatus*

**Xubalbido** ou **Xibalbido** é un derivado colectivo de *xibarda*, *xibarba* ou *xubarba*, nomes da planta asparregácea de nome científico *Ruscus aculeatus*, tamén chamada en galego *xilbarda*, *xilbarbeira* ou *xilbardeira* e variantes, ademais doutras denominacións como *brusco*, *rascacús*, *azoutacristos* ou *xarda*, plantiña de follas pequenas e aguzadas, que dá no inverno unhas boliñas vermellas.

*Xubarba* e variantes son nomes de orixe latina, que remontan á locución *Iovis barba* 'barba de Xúpiter', e teñen paralelo no castelán *jubarba*,

*chibarbo* (Riesco, 2013: 197; Corominas-Pascual, DCECH s. v. *jueves*). A alteración de R en L é un fenómeno fonético simple de intercambio de consoantes líquidas; non se producira aínda nos rexistros máis antigos, que corresponden a unha forma *xibarba*. O colectivo *Xubalbido* é un derivado co sufixo correspondente ao latín *-ētu*. Aínda que a planta é relativamente común na flora galega, con esta denominación non ten moita presenza na toponimia. O portal Galicia Nomeada recolle tres exemplos na provincia da Coruña: un deles co simple *A Xilbarda*, no concello de Cerdido, e dous derivados co sufixo *-eira* nos de Ames e de Brión. Estes últimos presentan vacilación no vocalismo (*A Xubarbeira* / *A Xibarbeira*) semellante á que se advirte no topónimo de Matamá.

## ▶ Xunco

### O Xuncal

*Xunco* (< latín IUNCUM) é o nome común galego de varias especies vexetais características de lugares húmidos, as máis delas pertencentes ao xénero botánico *Iuncus*. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de cincuenta localidades con termos derivados de *xunco*, entre elas dous concellos ourensáns (Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo), e en Galicia Nomeada suman máis de 750 os topónimos que conteñen as secuencias «xunc-» (330) ou «xunq-» (428).

Na toponimia de Matamá está presente en dous derivados colectivos mediante o sufixo *-al* (< latín -ALE): **O Xuncal**. Un deles é o nome dunha área na Devesa, inmediata á Lagoa. Outro **O Xuncal** daba nome a unha zona próxima ao río en Balaídos, na actualidade no interior da Zona Franca. Ambos constan no Catastro de Ensenada como «sitio del Juncal» e designan terras de labradío de secaño de segunda calidade e parras de terceira.

## ▶ Xurelo, Xurela

### A Xurela

Coñécese como **A Xurela** unha pequena área na Devesa, con campos e vivendas. O substantivo *xurelo*, nome do peixe *Trachurus trachu-*

*rus*, o mesmo ca o correspondente castelán *jurel*, son ictiónimos de orixe incerta; tense proposto como o seu étimo o latín *saurellum*, un diminutivo de *saurus* 'lagarto', pola forma estreita e alongada do peixe. A súa presenza na toponimia (Galicia Nomeada recolle 19 topónimos cos substantivos *xurelo*, *xurela*) vén probablemente do seu uso como alcume ou sobrenome, acaso aplicado a unha persoa polo seu aspecto físico, magro ou fraco.

Na actualidade non figuran *Xurelo* ou *Xurela* na relación de sobrenomes de Matamá (*Matamá II*, 311). Quizais responde á mesma motivación ca un topónimo idéntico *A Xurela*, en terras de Santo André de Comesaña hoxe ocupadas pola Zona Franca, que se refire a unha familia coñecida por ese alcume no barrio do Rial desa parroquia (Rodríguez Lemos, 2018: 106, 186).

## 4 Clasificación semántica dos topónimos de Matamá

Agrupamos nos seguintes apartados as diferentes formas toponímicas de Matamá atendendo ao seu significado, seguindo unha clasificación convencional en dez grupos: (1) **hidrotopónimos** ou nomes relativos ás augas, (2) **orotopónimos** ou nomes asociados ao relevo (e incluímos con eles os relativos á constitución do terreo), (3) **fitotopónimos** ou nomes asociados á flora, á vexetación e ao mundo vexetal, (4) **zootónimos** ou nomes relativos aos animais, (5) **antropotopónimos** ou topónimos procedentes de nomes persoais, (6) **haxiotopónimos** ou nomes relacionados cos cultos relixiosos, (7) **agrotopónimos** ou nomes relacionados coas actividades agrícolas, (8) **hodotopónimos e topónimos viarios**, ou nomes relativos ás vías de comunicación, (9) **sociotopónimos** ou nomes relacionados cos modos de asentamento, as relacións sociais e outras actividades humanas, e un último grupo (10) para os topónimos que indican **posición relativa** e os que responden a outras motivacións non incluídas nos grupos precedentes.

A suma das formas toponímicas dos diferentes apartados resulta moi superior aos 1100 topónimos individualizados que constitúen o corpus toponímico da parroquia elaborado por Marcos Alonso (*Matamá II*, 289-305). Cómpre ter en conta que incluímos variantes dun mesmo topónimo nos casos en que convive un singular e un plural e que moitos topónimos se repiten en máis dun apartado. Así, o nome dunha vía pública co substantivo *baixada* podemos consideralo orotopónimo, pois refírese ao relevo, mais tamén o incluímos entre os hodotopóni-

mos e topónimos viarios porque ese termo é un xenérico de repertorio nas denominacións das vías públicas do concello de Vigo. A presenza en varios apartados é practicamente sistemática nos topónimos compostos; a *Fonte do Salgueiral*, por exemplo, é un hidrotopónimo, por conter como xenérico o hidrónimo *fonte*, mais tamén o incluímos entre os fitotopónimos por conter o fitónimo *salgueiral*.

## Hidrotopónimos

Son algo máis de duascentas as formas da toponimia de Matamá relacionadas coas augas. Explícase tal cantidade pola reiteración de xenéricos como *fonte*, *lavadouro*, *mina*, *muíño*, *presa*, *rego* e *regueiro*, mais en calquera caso ilustran da importancia da auga nos nomes de lugar da parroquia.

Agolvada, A
Agualevada
Agüeiro, O
Aloco, O
Balsa, A
Balsa, A Fonte da
Balsa, Os Campos da
Baralleira, A
Baralleira, A Presa da
Barxa da Oliveira, A
Barxa das Pedras, A
Barxa do Outeiro, A
Barxa, A
Barxas de Abaixo, As
Barxas de Arriba, A
Barxas Longas, As
Barxela, A
Barxiña, A
Budiño
Cal, A
Camba do Vao, A
Fonta da Pulga, A
Fonte da Abelleira, A
Fonte da Balsa, A
Fonte da Carapucha, A
Fonte da Carneira, A
Fonte da Cavadiña, A
Fonte da Lagarella, A
Fonte da Peideira, A
Fonte da Raña, A
Fonte da Regueira, A
Fonte da Regueiriña, A
Fonte da Revolta, A
Fonte da Tomada, A
Fonte das Degas, A
Fonte das Manteigas, A
Fonte das Regadas, A
Fonte de Alvite, A
Fonte de Balvís, A
Fonte de Nunes, A
Fonte de Ribelas, A
Fonte de Tras do Regueiro, A
Fonte de Vilar, A
Fonte de Vilar, A Horta da
Fonte do Lameiro, A
Fonte do Ouro, A
Fonte do Outeiro, A
Fonte do Río, A

Fonte do Salgueiral, A
Fonte do Xubalbido, A
Fonte dos Estévez, A
Fonte Santa, A
Fonte, O Agro da
Fonte, O Campo da
Fontenla
Fontiña, A
Golvada, A
Insuelas, As
Lagoa do Castro, A
Lagoa, A
Lagoíña, A
Lagos, Os
Lama da Mó, A
Lameira, A
Lameiro, A Fonte do
Lameiro, O
Lameiro, O Lavadouro do
Lavadouro da Balsa de Arriba, O
Lavadouro da Balsa, O
Lavadouro da Carneira, O
Lavadouro da Cavadiña, O
Lavadouro da Devesa, O
Lavadouro da Mó, O
Lavadouro da Raña, O
Lavadouro da Regueira, O
Lavadouro da Revolta, O
Lavadouro das Degas, O
Lavadouro das Regadas, O
Lavadouro de Alvite , O
Lavadouro de Balvís, O
Lavadouro de Nunes, O
Lavadouro de Tras do Regueiro, O
Lavadouro do Lameiro, O
Lavadouro do Río, O
Lavadouro dos Pintos, O
Lavadouro, O Campo do
Lavadouros, Os
Lebogadas, As
Lobagadas, As
Mina da Carneira, A
Mina da Peideira, A
Mina do Lustra, A
Mina do Preito, A
Mina, A Carneira da
Mina, Os Campos da
Muíño da Canóniga, O
Muíño da Devesa, O
Muíño da Regueira, O
Muíño da Tomada, O
Muíño da Tomadiña, O
Muíño das Barxas, O
Muíño de Alvite, O
Muíño de Sisón de Abaixo, O
Muíño de Sisón de Arriba, O
Muíño do Cercado, O
Muíño do Rego do Campo Carballo, O
Muíño dos Soutelo, O
Ouro, A Fonte do
Ouro, O

Pozo Negro de Balaído, O
Pozo Negro, O
Presa da Abelleira, A
Presa da Balsa, A
Presa da Baralleira, A
Presa da Barxela, A
Presa da Devesa (da Balsa), A
Presa da Fría, A
Presa da Horta, A
Presa da Mazoqueira, A
Presa da Peideira, A
Presa da Regueira, A
Presa da Tomada, A
Presa das Caniñas, A
Presa das Costeiras, A
Presa das Manteigas, A
Presa das Mendoias, A
Presa das Milladas, A
Presa das Rans, A
Presa das Terzas, A
Presa de Balvís, A
Presa de Sorrego, A
Presa do Abelar, A
Presa do Barreiro, A
Presa do Campo Grande, A
Presa do Carballo, A
Presa do Cercado, A
Presa do Cocho, A
Presa do Curral, A
Presa do Pardal, A
Presa do Pazo, A
Presa do Rato, A
Presa do Río, A
Presa do Salgueiral da Cavada, A
Presa do Souto do Vello, A
Presa do Xubalbido, A
Presa dos Cochelos, A
Presa dos Salgueiros, A
Presa Nova, A
Presa, A Carneira da
Presa, A Tomada da
Presa, O Xubalbido da
Presas, As
Regadas de Abaixo, As
Regadas de Riba, As
Regadas, A Cortiña das
Regadas, A Fonte das
Regadas, As
Regadas, O Campo das
Regadas, O Lavadouro das
Regadiñas, As
Rego da Mó, O
Rego das Carneiras, O
Rego do Abelar
Rego do Ameal, O
Rego do Salgueiral, O
Rego, O
Rego, Os Campos do
Regueira da Cal, A
Regueira, A
Regueira, A Canteira da
Regueira, A Fonte da

Regueira, A Presa da
Regueira, O Lavadouro da
Regueira, O Muíño da
Regueiriña, A Fonte da
Regueiro da Mó, O
Regueiro de Picón, O
Regueiro, A Banda do
Regueiro, A Fonte de Tras do
Regueiro, Tras do
Ribelas
Ribelas de Abaixo
Ribelas de Arriba
Ribelas, A Cruz
Ribelas, A Fonte de
Ribelas, O Cruceiro de
Río da Foz
Río de Balaído
Río de Sisón, O
Río Lagares
Río Sárdoma
Río Vello, O
Río, A Canteira do
Río, A Costa do
Río, A Fonte do
Río, A Presa do
Río, O
Río, O Lavadouro do
Sorrego (/Surrego)
Sorrego de Abaixo
Sorrego de Arriba
Sorrego, A Presa de
Tanque, O
Toledo, O
Traída, A
Vao, A Camba do

## Orotopónimos

Entran neste apartado uns cento corenta nomes, que inclúen os relativos ao relevo e con eles os chamados *litotopónimos*, nomes de formacións pétreas, e tamén os que se refiren á constitución do terreo. Coma noutras áreas veciñas, na toponimia de Matamá é característico o substantivo *outeiro* coa acepción de 'penedo'. Algúns dos topónimos que constan nesta relación remontan a termos de orixe prerromana (*barro*, *barroca*, *buraca*, *carneira*, *grota* ou *garota*, *páramo*, *mouteira*, *toutizo*...) mais non se pode dicir que sexan de orixe prerromana os topónimos que os conteñen, pois eses termos sobreviviron na lingua común e puideron orixinar topónimos en datas moito máis recentes.

Baixada á Mó
Barreiras, As
Barreiriño, O
Barreiro, O
Barreiros, Os
Barroca, A
Barroqueiro, O
Buraca, A
Buracas, As
Buraquiña, Monte da
Buraquiño, O
Carneira da Mina, A
Carneira da Presa, A
Carneira das Pedras, A
Carneira de Galicia, A
Carneira de Surrego, A
Carneira do Alfonso, A
Carneira do Pedro, A
Carneira do Xestal, A
Carneira Pequena, A
Carneira, O Lavadouro da
Carneiras da Coutada, As
Carneiras de Abaixo, As
Carneiras Longas, As
Carneiras, A Cova das
Carneiras, A Taberna das
Carneiras, As
Carneiras, O Rego das
Cascalleira, A
Chamor, As Altas do
Chamor, As Baixas do
Chamor, O
Chan da Rúa, A
Chan dos Pousos, A
Costa da Cavada, A
Costa da Mariñeira, A
Costa da Ofelia, A
Costa da Quinta, A
Costa do Gapito, A
Costa do Río, A

Costeiras, A Presa das
Costeiras, As
Costiña das Maceiras, A
Cotiño, O
Coto da Maceira, O
Coto do Mouro, A Toxeira do
Coto do Mouro, O
Coto do Mouro, O Outeiro do
Coto, O
Cova da Carneira, A
Cova da Mó, A
Covelo, O
Forca, A
Forca, A Barxa do Outeiro da
Forca, O Outeiro da
Forca, O Pinar da
Forcado, O Outeiro
Forniño, O
Garota, A
Infesta, A
Insuelas, As
Laxes da Laxela, As
Laxes, As
Mó das Millaradas, A
Mó de Abaixo , A
Mó de Antes do Río, A
Mó de Arriba, A
Mó de Tras do Río, A
Mó, A
Mó, A Chan da
Mó, A Cova da
Mó, A Lama da
Mó, O Carballo da
Mó, O Cocho da
Mó, O Lavadouro da
Mó, O Outeiro da
Mó, O Penedo da
Mó, O Rego da
Mó, O Regueiro da
Mó, O Tombo da
Mó, O Viveiro da
Mó, Os Campos da
Monte da Balsa, O
Monte da Barxa, O
Monte da Buraquiña, O
Monte da Pedra Redonda, O
Monte das Xaídes, O
Monte do Castro de Beirán, O
Monte do Castro, O
Monte do Xordo, O
Mouteira, A
Outeiro da Bandeira, O
Outeiro da Barxa, O
Outeiro da Bouza, O
Outeiro da Mó, O
Outeiro das Merendas, O
Outeiro de Balvís, O
Outeiro de Deus , O
Outeiro do Carracedo, O
Outeiro do Coto do Mouro, O
Outeiro do Vello, O
Outeiro, O

Padrón, O
Palpiñeira
Paramos
Pedra da Andoriña, A
Pedra da Andoriña, A
Pedra da Arca, A
Pedra da Mó, A
Pedra do Seixo, A
Pedra Furada, A
Pedra Furada, O Casal da
Pedra Furada, O Marco da
Pedra María
Pedra Redonda, A
Pedra, A Abelleira da
Pedras, A Barxa das
Pedras, A Carneira das
Pedras, A Veiga das
Pedras, O Campo das
Pena Carneira, A
Penedo da Mó, O
Penedo, O
Peramaría
Piricoto, O
Pousiños, Os
Pouso do Cuco, O
Pousos, A Chan dos
Pousos, Os
Pragal, O / O Pregal
Pumarías, As
Quebrada, A
Quebrada, A Coutada da
Raña, O Lavadouro da
Raña, A
Raña, A Fonte da
Seixo, A Pedra do
Tombo, O Casal do
Toutizo, O
Xabreira, A

## Fitotopónimos

Neste apartado constan algo máis de cento cincuenta topónimos relacionados con setenta temas léxicos motivados por algún aspecto da vexetación, principalmente pola presenza ou abundancia dunha especie botánica concreta. Incluímos tamén algúns que en rigor non se refiren á flora do lugar, senón que están presentes a través de antropónimos, como por exemplo *Carballo*, *Soutelo* ou *Bouzó*, cando usados como apelidos de propietario orixinan nomes de lugar, porque que en última instancia son apelidos que teñen orixe fitotoponímica. Algúns como *viña* ou *lata* ou *bacelo*, que son produto de actividades humanas, incluímolos tamén nos agrónimos; pola mesma razón tamén deberían ir nos dous apartados os das árbores froiteiras, que van só neste. Outros como *devesa* que incluímos aquí polas súas connotacións forestais, poderían ir tamén no apartado dos sociotopónimos.

A maior parte destes son termos relativamente comúns na fitotoponimia. Son máis insólitos os relativos ao buxo, á gorga, aos melóns, ao mentrasto, ás muruxas, aos pampillos e á xilbarba ou xilbarda. Salienta, por anómala, a particular alteración de *Ruibás* en *Ribás*.

Abelal, O
Abelar, A Presa do
Abelar, O
Abelar, Rego do
Abelares, Os
Abeleira, A
Abeleiras, As
Acacias, Abelleira das
Alborás, Os /Alborases, Os
Ameal, O
Ameás, Os
Ameases, Os
Bacelo do Pazo (de Matamá), O
Bacelo, A Viña do
Bacelo, O
Bacelos, Os
Balaído
Balaído de Dentro
Balaído, Río de
Balaídos
Bouza, A
Bouza, O Oteiro da
Bouzós
Bouzós, O Campo dos
Buxos dos Monches, Os
Caíña, A
Caíña, A Viña
Caíñas, As

Canas, O Casal das
Caniñas, A Presa das
Canizo do Cepo
Canizo do Loureiro, O
Canizo, O
Cañota, A
Carballa, O Campo da
Carballalciño de Abaixo, O
Carballás / Carballases
Carballás de Abaixo
Carballás de Riba
Carballeira do Ricoi, A
Carballeira, A
Carballeira, A Viña da
Carballo Cerquiño, O
Carballo da Mó, O
Carballo Seco , O
Carballo, A Presa do
Carballo, Muíño do Rego de Campo
Carballo, O
Carballo, O Campo (do)
Carracedo, O Outeiro de
Carrascos, Os
Carrasqueira, A
Castañal, O
Castaño, O
Castiñeira, A
Cereixeira de Abaixo, A
Cereixeira de Riba, A
Cereixeira, A
Cerquiño, O Carballo
Codesal, O
Codesales, Os
Colondeiro, O
Cortizos, Os
Devesa do Rei, A
Devesa Real, A
Devesa, A
Devesa, O Campo da
Devesiña de Babio do Campo, A
Devesiña do Cabo da Carneira, A
Espiñeira, A
Estripeiro, O
Fabal, O
Fabal, A Canteira do
Figueirido
Freixa, A
Gorgosa, A
Herbal, O
Landral, O
Laranxal, O
Laranxo, O
Lata da Eira, A
Lata Vella, A
Lata, A
Limoeiral, O
Limoeiras, As
Limoeiro, O Cocho do
Liñares, Os
Loureiro, O Canizo (do)
Maceira, A

Maceira, A Veiga da
Maceira, A Viña da
Maceira, O Cotiño da
Maceira, O Coto da
Maceira, O Outeiro da
Maceiras, A Costiña das
Maruxento, O
Meloal, O
Mentrastal, Coutada do
Mentrastal, O
Merendas, O Outeiro das
Nabal, O
Naranxos, Viña dos
Oliveira, A Barxa da
Palla, A Veiga da
Palla, A Viña da
Pampilleira, A
Pementas, Leira das
Pereira Botella
Pereira, A
Pereira, O Lugar da
Pereiras, As
Pereiriña, A
Pereiriño, O
Pereiriño, O Cocho do
Pexegueiros, Os
Pinal do Marqués, O
Pinal, O
Pinar da Fonte, O
Pinar da Forca, O
Piñeira, A
Piñeiro, O Cocho do
Piñero, O
Pino Manso, O
Pinos, A Coutada dos
Pumar do Tío Santonio, O
Pumares, Os
Pumariños /Pumariño
Ramadas de Picón de Abaixo, As
Ribás / Arribás / Arribás / Ruibás
Ruibás, As
Salgueiral da Cavada, A Presa do
Salgueiral, A Fonte do
Salgueiral, O
Salgueiral, O Rego do
Salgueiros, A Presa dos
Salgueiros, Os
Silveira, A
Sobreiros, Os
Souteliño / Soutoliño
Soutelo, O Muíño dos
Souto do Vello, A Presa do
Souto do Vello, O
Toxal das Terzas, O
Toxal do Coto do Mouro, O
Toxeira do Coto do Mouro, A
Verdella, A
Vimbieiros, Os
Vimbios, O Calvario dos
Viña Caíña, A
Viña da Bouza, A
Viña da Carballeira, A

Viña da Cortiña, A
Viña da Eira, A
Viña da Maceira, A
Viña da Nogueira, A
Viña da Palla, A
Viña de Navarro, A
Viña de Nevoa, A
Viña de Vasco, A
Viña do Adro, A
Viña do Bacelo, A
Viña do Castañal, A
Viña do Cochiño, A
Viña do Codesal, A
Viña do Eido, A
Viña do Enxido, A
Viña dos Naranxos, A
Viña Grande, A
Viña Nova, A
Viña Vella, A
Viña, Su-a
Viñas, Os Cochos das
Viveiro da Mó, O
Xesteira, A
Xesteira, A Canteira da
Xibalbido, O (/Xubalbido)
Xubalbido da Presa, O
Xubalbido de Abaixo, O
Xubalbido de Riba, O
Xubalbido do Marqués, O
Xubalbido, A Fonte do
Xubalbido, A Presa do
Xubalbido, O (/O Xibalbido)
Xuncal, O

## Zootopónimos

Polas mesmas razóns expostas nos anteriores, incluímos neste apartado como zootopónimos os que o son desde o punto de vista léxico e se refiren ao mundo animal, aínda que nalgúns deles a motivación do nome de lugar é en rigor antroponímica, relativa á persoa ou familia propietarias, nos casos en que se empregou como alcume ou sobrenome un zoónimo, como *O Can*, *O Coello*, *O Londra* ou *O Pisco*, ou ben un apelido de orixe toponímica procedente dun zootónimo, como talvez *Mosqueira*. Son moitos os casos parecidos en que a motivación é dubidosa. Suman trinta e un topónimos, correspondentes a ducia e media de especies animais, os máis deles animais relativamente comúns, fóra talvez da referencia á raposa co nome de *golpella* nas Gulpilleiras ou a presenza de *pisco*, a denominación característica do léxico de Fragoso e Miñor para o paporrubio.

Abelleira, A
Abelleira da Pedra, A
Abelleira das Acacias, A
Abelleira, A Presa da
Andoriña, A / Anduriña, A
Andoriña, A Pedra da
Andoriña, O Marco da
Andoriñas, As / Anduriñas, As
Besta, O Cocho da
Besta, O Rabo da
Cabreiro, O
Can, A do
Coello, A do
Coruxeiras, As
Curuxa, A / A Coruxa
Cuco, O Pouso do
Curuxa, A / A Coruxa
Golpilleiras, As
Lagarto da Pedra, O
Lagarto, O
Londra, A Casa do
Mosqueira, O Campo de
Pardal, O
Presa do Pardal, A
Peixa, A
Pisco, A Canteira do
Pisco, Camiño do
Pisco, O Camiño do
Pombal, O
Pombal, O Cocho do
Rans, A Presa das
Rans, As
Rato, O Campo do
Toural, Campo do

## Antropotopónimos

Uns cento oitenta nomes de lugar de Matamá proceden dun antropónimo ou nome persoal. Os máis antigos contan polo menos mil anos de antigüidade e formáronse mediante o xenitivo da forma latina do nome do dono da explotación agrícola que deu orixe ao núcleo habitado de hoxe: *Beirán*, *O Roupeiro*, *Sisón*… Cando non nomean núcleos habitados, como as terras chamadas *Sabarís* e *Samil*, debemos convir en que non son tan antigos, pois seguramente se aplicaron a propiedades traballadas ou posuídas por xente de lugares así chamados, como acontece coas terras de Matamá que levan no seu nome referencia aos lugares de *Alvite* e *Macal* da parroquia de Castrelos. En *Picón* non podemos ter certeza da orixe antroponímica.

Son posteriores aos formados cun xenitivo, aínda que de moi diferentes épocas, os que conteñen nomes, apelidos e sobrenomes das persoas propietarias ou usuarias das terras. Algúns formados con alcumes creáronse por referencia ao lugar de orixe ou residencia desas persoas, como *A Camoesa, A Ervillesa*…, relativos a *Camos* e a *Erville* mediante o sufixo *-és* (< -ENSE) ou, mediante un feminino como *A Freixa* e *A Alboresa*, que serían propiedades de xente do Freixo (Valadares) e de Alborés (Priegue), segundo o mesmo procedemento (o feminino do nome de propietario) que dera orixe ao nome da Gaspara, da Simona, da Garrida ou da Falcoa nas parroquias veciñas e que en Matamá se repite en microtopónimos como *A Gaga*, *A Rouca* etc.

Algúns apelidos moi presentes na historia da parroquia e que deixan pegada na súa toponimia xa tiñan orixe toponímica, como *Pintos* ou *Pazó*. Entre os topónimos que parten de apelidos, salienta a conservación das formas tradicionais galegas *Martiz* (nun plural *Os Martices*) e *Núnez* ou *Nunes*, que no uso oficial como apelidos foron sistematicamente castelanizados como Martínez e Núñez desde o século XVI. Como se indica no seu lugar, é dubidoso se *A Carapucha* debe o seu nome a algún elemento da paisaxe ou foi tamén en orixe un sobrenome persoal ou familiar.

Abade Juan de Bastos, Rúa do
Abreu, Santiago de
Adevidales, Os
Alboresa, A
Alfonso, A Carneira do
Alonso, A Casa dos
Alvite
Americanos, A Casa dos
Aparicia, A
Aparicia, A (Parisia, A)
Arañas, A Casa das
Barros, A Canteira dos
Bastos, A Casa dos
Beirán
Beirán de Arriba
Beirán, O Castro de
Blanco, A de
Boleira, A
Borja, A Casa do
Bouzós
Bouzós, O Campo dos
Brava, A Canteira da Gelina a
Cacharelo, Os Campos do
Camoesa, A
Campos, A Canteira do
Campos, A Casa dos
Can, A do
Canóniga, A
Carapucha, A
Carballeira, A Canteira dos
Carola, A Casa da
Carpinteira, A
Carpinteira, Camiño da
Carrascos, Os
Cipriáns, A Canteira dos
Coca, A
Coello, A do
Comesañas, O Campo dos
Cordos, O Calvario dos
Coruxeiras, As
Coxa, A da
Curuxa, A / A Coruxa
Degas, A Fonte das
Don Pedro, A Casa de
Ervillesa, A
Escribano, O
Faxarda, A
Freixa, A
Gaga, A
Gaiteira, A
Galantón
Galicia, A Carneira de
Gapito, A costa do
García, A Canteira dos
Gaspara, A
Gaspara, A Canteira da
Gelina a Brava, A Canteira da
González, A Canteira do
González, A Casa dos
González, A de
Izquierdo, A Canteira do
Londra, A Casa do

Lougarés
Lougarés, O Campo de
Lougarés, O Cocho de
Macal (/O Macal, Os Macales)
Maesa, A
Manteigas, A Fonte das
María das Neves
María das Neves, A Coutada de
María Telma, O C. da Sela de
María, Pedra (Peramaría)
Marqués, O Pinal do
Marqués, O Xubalbido do
Marquesa, A
Martices, Os
Mendoia, A (As Mendoias)
Monches, A Casa dos
Mosqueira, O Campo de
Navarro, A Viña de
Nunes, A Fonte de
Nunes, O Casal de
Ofelia, A Costa da
Palerma das Touráns, Cocho da
Palerma, A
Pardal, A Presa do
Pardal, O
Pazó, A Canteira de
Pedro, A Carneira do
Pedro, A Casa de don
Pedro, A do
Pedro, A do
Pedro, O Cocho da do
Pedro, O Cocho do
Pedro, O Lugar de don
Pedro, Tomada da do
Peixa, A
Pementas, Leira das
Picón
Picón de Abaixo, Ramadas de
Picón, O
Picón, O Regueiro de
Picóns de Abaixo, Os
Picóns de Riba, Os
Picóns, O Regueiro dos
Pintos, A Casa dos
Pisco, A Canteira do
Pisco, Camiño do
Pisco, O Camiño do
Pumarías, As
Rato, O Campo do
Ribeira, A Casa dos
Ricoi, A Carballeira do
Rodal, A de
Rouca, A
Roupeiro, O
Roxa, A da
Roxo, A Casa do
Rúa, O Serradouro do
Rubia, A
Sabarís
Sabarís do Pardo
Sabarís do Peirao
Sabarises, Os

Saídes, As
Salgueiros, A Presa dos
Salgueiros, Os
Samil
Samil da Barxa
Samil de Abaixo
Samil de Arriba
Samiles, Os
San / Xan Xacinto
San Antonio
San Felipe / Xan Felipe
Sanmil
Santiago de Abreu
Santonio, O Pumar do Tío
Severo, A Canteira do
Sinxela, A Casa da
Sisón
Sisón de Abaixo, O Muíño de
Sisón de Arriba, O Muíño de
Sisón, O Casal de
Sisón, Río de
Tamigueiro, O
Tareixa, A
Tía Xepa, A
Tía Xiana, A Casa da
Tío Pepe, A Presa do
Tío Santonio, O Pumar do
Touráns de Abaixo, As
Touráns de Riba, As
Touráns do Cabo, As
Touráns, As (Esturáns)
Trancas, O
Valerio Trancas, A Canteira do
Vasco, A Leira de
Vasco, A Viña de
Vellota, A
Vellota, O Cocho da
Vidal, A de
Vilar, A Canteira de
Xacumeira, A
Xaíde
Xaídes da Cela, As
Xaídes, As
Xaídes, O Monte das
Xepa, Tía
Xepe, Tío
Xero, O
Xiana, A Casa da Tía
Xordo, O Monte do
Xurela, A

## Haxiotopónimos

Un reducido número de topónimos están relacionados cos cultos relixiosos. Podemos sumarlles a denominación oficial da *Rúa do Abade Juan de Bastos* ou *Xoán de Bastos*, pola referencia que se fai nese nome á condición eclesiástica do personaxe histórico, que en rigor nunca foi abade 'párroco' (*Matamá* I, 275-278).

Abadía, A
Adro, A Viña do
Ánimas, As
Calvario do Alambe, O
Calvario do Alambre, O
Calvario dos Carreiros, O
Calvario dos Cordos, O
Calvario dos Vimbios, O
Calvario, O
Canóniga, A
Capela da Soidade
Capela de San Amaro
Deus, O Outeiro de
Igrexa, A
Reitoral, A
San Amaro, A Casa das Novenas de
San Amaro, A Taberna de
San Amaro, Capela de
San Francisco, O
San Pedro, A Candea de
San Pedro, O Cocho de
Suaigrexa, O Cocho de

## Agrotopónimos, sociotopónimos, oicónimos

Recollemos nun mesmo apartado os agrotopónimos ou topónimos relacionados cos traballos agrícolas xunto cos sociotopónimos, relacionados cos modos de asentamento da poboación, edificacións, industrias como as canteiras e outras actividades e en xeral todos os nomes motivados por obra da man humana, contando tamén con neles os oicónimos ou nomes de casas. O elevado número, de máis de 350, débese principalmente á repetición de xenéricos como *cachada*, *campo*, *canteira*, *casa*, *casal*, *cocho*, *lugar*, *marco*, *tomada* etc., en topónimos compostos. Tamén poderían constar neste apartado moitos dos relacionados co aproveitamento das augas, que incluímos cos hidrotopónimos.

Agro da Fonte, O
Alambre, O Calvario do
Almuíña, A
Aloco, O
Arca, A Pedra da
Bacelo do Pazo, O
Bacelo, A Viña do
Bacelo, O
Bacelos, Os
Balsa, A
Bandeira, O Monte da
Bandeira, O Outeiro da
Cabo, A Carneira do
Cachada. A
Cacharelo, Os Campos do
Cacheira, A
Cacheiro, A Canteira do
Cachineira(s), A(s)
Caíña, A
Caíña, A Viña
Caíñas, As
Cal, A
Campo da Cima, O
Campo da Coxa, O
Campo da Devesa, O
Campo da Fonte, O
Campo da Lagarella, O
Campo do Lume de San Pedro
Campo da Pedra, O
Campo da Pena, O
Campo da Porta, O
Campo da Presa, O
Campo da Torre, O
Campo da Virxe das Neves, O
Campo das Pedras, O
Campo de Abaixo, O
Campo de Atrás, O
Campo de Bastos, O
Campo de Leiras, O
Campo do Crego, O

Campo do Medio, O
Campo do Rato, O
Campo do Rego, O
Campo do Toural, O
Campo dos Americanos, O
Campo dos Comesañas, O
Campo dos Cregos do San Amaro, O
Campo dos Lagos, O
Campo Grande, O
Campo Largo, O
Campos
Campos da Balsa, Os
Campos da Chuchona, Os
Campos da Mina, Os
Campos da Mó, Os
Campos de Abaixo, Os
Campos de Riba, Os
Campos do Cacharelo, Os
Campos do Camiño, Os
Campos Longos, Os
Canizo do Cepo, O
Canizo do Loureiro, O
Canizo, O
Canteira da Fonte Santa, A
Canteira da Gaspara, A
Canteira da Gelina a Brava, A
Canteira da Regueira, A
Canteira da Xesteira, A
Canteira de Vilar, A
Canteira do Cacheiro, A
Canteira do Campos, A
Canteira do Fabal, A
Canteira do González, A
Canteira do Izquierdo, A
Canteira do Pazó, A
Canteira do Pisco, A
Canteira do Río, A
Canteira do Severo, A
Canteira do Valerio Trancas, A
Canteira dos Barros, A
Canteira dos Carballeira, A
Canteira dos Cipriáns, A
Canteira dos García, A
Carola, A Casa da
Carrexóns, Camiño dos
Casa da Carola, A
Casa da Sinxela, A
Casa da Tía Xiana, A
Casa das Arañas, A
Casa das Novenas de San Amaro
Casa de don Pedro, A
Casa do Borja, A
Casa do Londra, A
Casa do Roxo, A
Casa dos Alonso, A
Casa dos Americanos, A
Casa dos Bastos, A
Casa dos Campos, A
Casa dos González, A
Casa dos Monches, A
Casa dos Pintos, A
Casa dos Ribeira, A

Casal da Fría, O
Casal da Pedra Furada, O
Casal das Canas, O
Casal das Veigas, O
Casal de Núnez / de Nunes, O
Casal de Ribás, O
Casal de Sisón, O
Casal do Cruceiro, O
Casal do Esteiro, O
Casal do Tombo, O
Casales de Abaixo, Os
Casales de Riba, Os
Casas Baratas, As
Castro de Beirán, O
Castro, A Cruz do
Castro, O
Castro, O Cocho do
Castro, O Monte do
Cavada, A
Cavada, A Costa da
Cavadiña, A
Cavadiña, A Fonte da
Cavadiña, O Lavadouro da
Cavadón Redondo, O
Cavadóns de Abaixo, Os
Cavadóns de Riba, Os
Cela, A
Chan da Eira, A
Chousa, A
Chouso, O
Cochelos, A Presa dos
Cochelos, Os
Cochiño, O
Cocho da do Pedro, O
Cocho da Eira, O
Cocho da Fonte, O
Cocho da Lagarella, O
Cocho da Mó, O
Cocho da Vellota, O
Cocho de Fóra, O
Cocho de Gapito, O
Cocho de Herdeme, O
Cocho de San Pedro, O
Cocho de Suaigrexa, O
Cocho de Vilar, O
Cocho do Castro, O
Cocho do Pombal, O
Cocho, O
Cochos, Os
Cortella, A
Cortiña das Regadas, A
Cortiñas, As
Cortizos, Os
Coutada de María das Neves, A
Coutada do Lugar, A
Coutada do Matías, A
Coutada dos Pinos, A
Coutada dos Pousos, A
Coutada Grande, A
Curral, A Presa do
Curral, O Campo do
Currales, Os

Devesa do Rei, A
Devesa Real, A
Devesa, A
Devesa, O Campo da
Devesiña de Babio, A
Devesiña do Cabo, A
Eido Vello, O
Eido, O
Eira Longa, A
Eira, Su a
Eira, A
Eira, A Lata da
Eira, A Viña da
Eiriña, A
Entremuros
Entreosmuros
Enxido, O
Fabal, O
Granxas, As
Herbal, O
Horta da Fonte de Vilar, A
Horta da Mó, A
Horta das Cebolas, A
Horta de Balvís, A
Horta do Limoeiral, A
Horta Fechada, A
Horta, A
Hortas, As
Hortas, Entre as
Hortiña, A
Huerto, O
Lagar, Tras do
Lagarella, A
Lagarella, A Fonte da
Lagarella, O Lavadouro da
Lata da Eira, A
Lata Vella, A
Lata, A
Leira da Cerca, A
Leira da Sieca, A
Leira Nova, A
Leira, O Campo da
Leiras Longas, As
Leiras, O Campo de
Lugar da Barxa, O
Lugar da Cavada, O
Lugar da Igrexa, O
Lugar da Pereira, O
Lugar da Torre, O
Lugar de Diante, O
Lugar de Don Pedro, O
Lugar de Riba, O
Lugar de Ribás, O
Lugar do Outeiro, O
Marco da Andoriña, O
Marco da Canóniga, O
Marco da Carneira, O
Marco da Ferreira, O
Marco da Fonte Santa, O
Marco da Longa, O
Marco da Pedra Furada, O
Marco da Telleira, O

Marco das Barreiras, O
Marco das Xaídes, O
Marco do Outeiro da Forca, O
Marco do Penedo da Mó, O
Marco do Picón, O
Marco do Pragal, O
Marco Grande de Balaído, O
Menores, Os
Menores, A Leira dos
Merendas, O Outeiro das
Millada, A
Millada, O Campo da
Milladas, A Presa das
Milladas, As
Millaradas de Abaixo, As
Millaradas de Arriba, As
Millaradas, A Mó das
Muíño da Canóniga, O
Muíño da Devesa, O
Muíño da Regueira, O
Muíño da Tomada, O
Muíño da Tomadiña, O
Muíño das Barxas, O
Muíño de Alvite, O
Muíño de Sisón de Abaixo, O
Muíño de Sisón de Arriba, O
Muíño do Cercado, O
Muíño do R. Campo Carballo
Muíño dos Soutelo, O
Muros, Entre-
Nabal, O
Novás
Novases, Os
Padrón, O
Parada
Pardiñeira, A
Pazo de Abaixo, O
Pazo de Matamá de Abaixo, O
Pazo, A Presa do
Pazo, O
Pazo, O Bacelo do
Pazo, O Cocho do
Peirao, Sabarís do
Pelada, A
Pelame
Pena Carneira, A
Pombal, O
Poulas, As
Poulo, As Tomadas do
Poulos, Os
Preito, O
Presa do Cocho, A
Quinta do Pazo de Abaixo, A
Quinta do Pazo de Cima, A
Quinta, A
Quinta, A Costa da
Raxó
Raxó, Campo de
Razón, A Mó da
Restebiña do Carreiro, A
Restebiña, A
Restebiña, A Leira da

Rozadas, As
Senra, A
Senra, O Campo da
Senriña, A
Senras, As
Serradouro do Rúa, O
Suaeira
Tapia, A
Tapia, O Casal da
Tellada de San Amaro, A
Tellada, O Campo da
Tellada, As Viñas da
Telladas, As
Telleira, A
Tendal, O
Terzas de Abaixo, As
Terzas de Arriba, As
Terzas, A Presa da
Terzas, O Campo das
Tomada do Poulo, A
Tomada Vella, A
Tomada, A
Tomada, A Fonte da
Tomada, A Presa da
Tomadas Novas, As
Tomadiña, A
Tomadiña, O Muíño da
Torno, O (das Carneiras)
Torno, O (de San Amaro)
Torre Vella, A
Torre, A
Torre, A Costa da
Torre, O Campo da
Torreón, O
Torriña, A
Torrión, O
Trepia, A
Trepias, As
Veiga da Palla, A
Veigas, As
Veigas, O Casal das
Veiguiña, A
Verdella, A
Vesada, A
Vesadiña, A
Vesadiña, O Rabete da
Vilar
Vilar, A Canteira de
Vilar, A Fonte de
Vilar, A Horta da Fonte de
Vilar, O Cocho de
Vilar, O Lavadouro de
Viña Caíña, A
Viña da Bouza, A
Viña da Carballeira, A
Viña da Cortiña, A
Viña da Eira, A
Viña da Maceira, A
Viña da Nogueira, A
Viña da Palla, A
Viña de Navarro, A
Viña de Vasco, A

Viña do Adro, A
Viña do Adro, A
Viña do Bacelo, A
Viña do Castañal, A
Viña do Cochiño, A
Viña do Codesal, A
Viña do Eido, A
Viña do Enxido, A
Viña dos Naranxos, A
Viña Grande, A
Viña Nova, A
Viña Vella, A
Viña, Su a
Viñas, Os Cochos das
Viveiro da Mó, O
Xardín da Mó, O
Xardín, O Cocho do

## Posición relativa

Ademais das denominacións aplicadas a lugares que gozan de vistas panorámicas, representadas nos topónimos *Balvís*, *A Viragaia*, *A Espía* ou *A Xinela*, os outros topónimos incluídos neste apartado sérvense de formas preposicionais ou adverbiais para indicar a situación relativa do lugar respecto das súas inmediacións.

Abaixo, A Cortiña de
Abaixo, A Mó de
Abaixo, As Barxas de
Abaixo, As Carneiras de
Abaixo, Carballás de
Abaixo, O Barreiriño de
Abaixo, O Campo de
Abaixo, O Carballalciño de
Abaixo, O Pazo de
Abaixo, Os Casales de
Abaixo, Ribelas de
Alá Dentro
Alá, O Campo de
Alta do Chamor, A
Antes do Río, A Mó de
Arriba, A Mó de
Arriba, As Barxas de
Arriba, Carballás de
Arriba, O Barreiriño de
Arriba, Os Campos de
Arriba, Os Casales de
Atrás, O Campo de
Baixa do Chamor, A
Balvís
Balvís, A Fonte de
Balvís, O Lavadouro de
Balvís, O Outeiro de
Balvís, O Outeiro de
Banda do Regueiro, A
Cabo da Carneira, O
Cabo, A Carneira do
Cabo, A Devesiña do
Cabo, As Touráns do
Cabo, O
Campo da Cima, O
Campo de Abaixo, O
Campos de Abaixo, Os
Campo de Atrás, O
Campo do Medio, O
Campos de Riba, Os
Canto, O
Cantón do Río, O
Cantón, O
Cima, A Quinta do Pazo de
Cima, O Campo da (/da Sima)
Cima, O Pazo de
Dentro, Alá
Dentro, Alá

Dentro, Balaído de
Diante, O Lugar de
Entre as Hortas
Entremuros
Entreosmuros
Enxido, O
Espía, A
Fondal, O
Fondo do Lugar, O
Fondóns, Camiño dos
Fóra, Balaído de
Fóra, O Cocho de
Socamiño
Solagar (/Sulagar)
Sorrego (/Surrego)
Suaeira
Suaigrexa, O Cocho de
Suaviña
Suaxinela
Tras da Cortella
Tras do Lagar
Tras do Lagar
Tras do Regueiro
Tras do Regueiro, A Fonte de
Tras do Regueiro, O Lavadouro de
Viragaia, A
Xinela, A
Xinela, Su a

## Topónimos viarios

Recóllense aquí os topónimos relativos ás vías de comunicación, camiños e carreiros. Boa parte deles son denominacións oficiais do nomenclátor municipal para as vías públicas, polo regular creados a partir dos nomes dos núcleos habitados tradicionais.

Rúa do Abade Xoán de Bastos
Vao, A Camba do
Camiño da Barxa, O
Camiño da Revolta, O
Camiño das Antas, O
Camiño de Budiño, O
Camiño do Barroqueiro, O
Camiño do Pazo, O
Camiño do Padrón, O
Camiño do Pisco, O
Camiño dos Carrexóns, O
Camiño dos Fondóns, O
Camiño Real, O
Camiño, Su o
Camiño, Os Campos do
Camiño da Carpinteira
Carreiros, O Calvario dos
Carreiro, O
Carreiro do Pazo, O
Carreiriños, Os
Carreiriños, Leira dos
Costa da Cavada, A
Costa da Mariñeira, A
Costa da Ofelia, A
Costa do Gapito, A
Costa do Río, A
Costiña das Maceiras, A
Costeiras, As
Cruz de Budiño, A
Cruz do Castro, A
Cruz de Ribelas, A
Cruceiro de Ribelas, O
Cruceiro, O
Cruceiro, O Casal do
Encrucillada, A
Esqueira, A
Parada
Poldras, As
Pasal, O
Porta, O Campo da
Pouso do Cuco, O
Pousos, Os
Pousos, A Chan dos
Pousiños, Os
Quirincosta, A
Revolta, A
Revolta, A Fonte da
Revolta, O Lavadouro da
Revolta, O Camiño da
Rúa, A Chan da

Rúa de M. Cominges
Rúa do abade Xoán de Bastos
Rúa de Leonardo Alonso
Rúa dos Canteiros
Estrada da Balsa
Estrada de Beirán
Baixada á Mó
Rúa da Carapucha
Rúa da Revolta
Rúa de Campos
Rúa de Ribelas
Rúa de Parada
Rúa do Castro
Rúa do Roupeiro
Vao, A Camba do

## Outros

Non son moitas as motivacións dos topónimos non incluídas nos apartados precedentes. Sinalamos aquí algunhas que consideramos comúns e que se manifestan na toponimia de Matamá.

Unha motivación moi produtiva é a referencia ao tamaño ou ás dimensións do elemento da paisaxe designado. Na toponimia son comúns os diminutivos, mais non sempre responden a un significado relacionado co tamaño, pois é frecuente que se empreguen como topónimos replicantes formados a partir dun topónimo preexistente (*O Barreiro*/*O Barreiriño*). A noción de tamaño manifféstase sobre todo en compostos cos adxectivos *grande* e *pequeno,-a* (máis frecuente o primeiro ca o segundo): *A Coutada Grande*, *O Campo Grande*, *Balvís Grande*, *A Carneira Pequena* etc.

É tamén moi produtivo o adxectivo *longo,-a*, que vemos en topónimos de Matamá como *A Eira Longa, As Barxas Longas, A Leira Longa* e outros, e que tamén forma topónimos sen substantivo ou con el elidido: *A Longa*, *As Longas*.

A toponimia de Matamá parece conservar o uso de *largo*, *-a* co seu significado etimolóxico xenuíno ('ancho'), como adxectivo que acompaña substantivos (*A Leira Larga*) ou ben como substantivo en *Os Largos*.

Os adxectivo *novo*/*nova* está igualmente moi presente na toponimia e dá orixe aos chamados cronotopónimos: *A Viña Nova*, *As Tomadas Novas*, *A Torre Vella*, *A Lata Vella*… Aínda que relacionados etimoloxicamente con estes, outros como *Os Novás* ou *Os Novases* incluímolos entre os agrotopónimos, pois refírense á actividade agrícola.

Son tamén relativamente frecuentes, especialmente nos nomes de propiedades rústicas, as motivacións relacionadas coa forma dos terreos. Incluímos entre os que responden a esta motivación os que conteñen os substantivos *rabo* (*O Rabete*), *canto* e *cantón*, *tira* ('banda estreita': *As Tiriñas*) e probablemente *pestana*. Tamén consideramos motivados pola figura das realidades designadas os que se serven da similitude de calquera elemento da paisaxe cun obxecto (*O Abanico*, *A Trepia*) e os que conteñen os adxectivos *torto* (*As Tortas*) e *redondo* (*Os Redondelos*).

# 5 Referencias


Alonso Rodrigues, Marcos / Fernández Pintos, Xulio (2022): *Matamá, unha ollada ao pasado* (2 vols). Vigo [cítase como *Matamá I*, *Matamá II* co núm. de páx.].

Álvarez Pérez, Marta (2019): *Toponimia de Bembrive*. Universidade de Vigo/Concello de Vigo.

Ares Vázquez, Nicandro (2013): *Estudos de toponimia galega* (2 vols). Real Academia Galega.

ATOPO = Catálogo Documental e Bibliográfico: Deputación de Pontevedra/Museo de Pontevedra [https://atopo.depo.gal/].

Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tubingen: Max Niemayer.

Boullón Agrelo, Ana Isabel/Sousa Fernández, Xulio (2005-): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago: Instituto da Lingua Galega [https://ilg.usc.es/cag/].

Cabeza Quiles, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Carrasco, Lorena / Navaza, Gonzalo (2015): *Toponimia do Val de Fragoso. Beade*. Vigo: Universidade de Vigo/Concello de Vigo.

Codolga = Corpus Documentale Latinum Gallaeciae [https://corpus.cirp.es/ codolga].

Corominas, Joan / Pascual, José Antonio (1980): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hipánico*. Madrid: Gredos.

DRAG = Real Academia Galega: *Dicionario* [https://academia.gal/dicionario/].

DdD = Santamarina, Antón (2003-): *Dicionario de Dicionarios* [https://ilg.usc.gal/ddd].

Dic. Porto Editora = *Dicionário infopédia da Língua Portuguesa [em linha]*. Porto: Porto Editora [https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa].

DRAG = *Dicionario da Real Academia Galega* [https://academia.gal/dicionario].

Figueiredo, Cândido de (1899): *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livraria Editora Tavares Cardoso & Irmão.

Galiciana: *Arquivo dixital de Galicia*. [https://arquivo.galiciana.gal/].

García Tato, Isidro (2004): *Las Encomiendas Gallegas de la Orden Militar de San Juan de Jerusalén. I.* Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC.

Luna, Aránzazu / Navaza, Gonzalo (2022): *Toponimia do Val de Fragoso. Valadares*. Vigo: Universidade de Vigo/Concello de Vigo.

Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Santiago de Compostela: F. Pedro Barrié de la Maza/Instituto da Lingua Galega.

PARES = Portal de Archivos Españoles: [https://pares.mcu.es/].

Piel, Joseph / Kremer, Dieter (1975): *Hispano-gotiches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

Priberam = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa [em linha]*, 2008-2024 [https://dicionario.priberam.org].

Riesco Chueca, Pascual (2006): «Anotaciones toponímicas salmantinas», *Salamanca, Revista de Estudios*, 53, 185-264.

Riesco Chueca, Pascual (2013): «Testimonios toponímicos del léxico arcaico de las provincias leonesas», *Anuario 2011*, 135-216. Zamora: Instituto de Estudios Zamoranos Florián de Ocampo.

Rodríguez Lemos, Anxo (2018): *Toponimia do Val de Fragoso. Comesaña*. Vigo: Universidade de Vigo/Concello de Vigo.

Sestay, Iván (2008): *Toponimia do Val de Fragoso. Coia*. Vigo: Universidade de Vigo/ Concello de Vigo.

— (2010): *Toponimia do Val de Fragoso. Lavadores*. Vigo: Universidade de Vigo/Concello de Vigo.

Taboada Leal, Nicolás (1840): *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores*. Santiago de Compostela: Viúda e hijos de Compañel.

TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [http://ilg.usc.es/tmilg].

# Índice

**LIMIAR** . . . . . 7

**INTRODUCIÓN** . . . . . 9

O NOME DA PARROQUIA . . . . . 9

**OS TOPÓNIMOS DE MATAMÁ** . . . . . 13

A, A de... . . . . . 13
Abade . . . . . 14
Abaixo, Arriba / Baixo, Riba . . . . . 15
Abano . . . . . 16
Abelá, Abelar, Abeleira, Abelaído . . . . . 16
Abella . . . . . 19
Abreu . . . . . 20
Acacia → Abelleira das Acacias . . . . . 22
Adro . . . . . 22
Agolvada → Auga . . . . . 22
Agro . . . . . 22
Agua → Auga . . . . . 23
Alá . . . . . 23
Afonso → Casa dos Alonso . . . . . 24
Alambre → Calvario . . . . . 24
Alborés . . . . . 24
Almuíña . . . . . 25
Alonso → Casa dos Alonso . . . . . 26
Aloque . . . . . 26
Alta, Baixa . . . . . 27
Alvite . . . . . 27

Amaro → San Amaro . . . 28
Amieiro . . . 28
Andoriña / Anduriña. . . . 29
Ánima . . . 31
Aparicio . . . 31
Arriba → Abaixo, Arriba / → Riba . . . 32
Árbore . . . 32
Arañas → Casa das Arañas . . . 32
Arca . . . 32
Atrás, Diante, Dentro, Fóra. . . . 33
Asucada, Asucadiña → Suco . . . 33
Auga . . . 33
Bacelo . . . 35
Baixada → Rúa . . . 36
Balaído, Balaídos → Abelar, Abeleira . . . 36
Balsa . . . 36
Balvís . . . 37
Banda. . . . 38
Bandeira. . . . 39
Baralla . . . 40
Barro . . . 41
Barroca . . . 43
Barxa . . . 44
Bastos → Casa dos Bastos . . . 45
Beirán . . . 45
Benade → Marco . . . 47
Besada, A → Vesar . . . 47
Besta → Cocho da Besta, Rabo da Besta . . . 47
Biscaíña → Caíña. . . . 47
Boleira . . . 47
Borja → A Casa do Borja . . . 48
Bouza. . . . 48
Budiño . . . 49
Buraco . . . 50
Buxo . . . 51
Cabo . . . 51
Cabra . . . 52
Cachar . . . 53
Cachineira . . . 54
Caíña . . . 55
Cal . . . 56

Calvario . . . 57
Camba . . . 58
Camiño . . . 59
Camos, camoés . . . 61
Campo . . . 62
Can . . . 67
Cana . . . 68
Candea. . . . 69
Canónigo . . . 70
Canteira . . . 70
Canto . . . 73
Cañota . . . 74
Capela . . . 74
Carapucha . . . 75
Carballo . . . 76
Carneira . . . 80
Carpinteira . . . 82
Carrasca . . . 83
Carrizo . . . 84
Carro, carrexar, carreiro . . . 85
Casa . . . 86
Casal . . . 91
Cascallo . . . 93
Castaña . . . 93
Castellano, castellana . . . 94
Castro. . . . 95
Cavada . . . 96
Cebola → Horta (das Cebolas) . . . 97
Cela . . . 97
Cepo → Canizo do Cepo . . . 97
Cerca . . . 98
Cereixa. . . . 98
Cerqueira, cerquiño → Carballo. . . . 99
Chamor . . . 99
Chan . . . 101
Chousa, chouso . . . 102
Cima . . . 102
Coca . . . 103
Cocho . . . 104
Codeso. . . . 106
Coello . . . 107

Colondro . . . . . . . . . . 107
Comesaña → Campo dos Comesañas, O . . . . . . . . . . 108
Cordo → Calvario dos Cordos, O. . . . . . . . . . 108
Corte . . . . . . . . . . 108
Cortizo. . . . . . . . . . 109
Coruxo, Coruxeira . . . . . . . . . . 110
Costa . . . . . . . . . . 111
Coto. . . . . . . . . . 113
Couto, Coutada . . . . . . . . . . 114
Cova, Covo . . . . . . . . . . 115
Coxa → Campo da Coxa . . . . . . . . . . 115
Crego → O Campo dos Cregos de San Amaro . . . . . . . . . . 115
Cruz. . . . . . . . . . 116
Cuco → Pouso do Cuco. . . . . . . . . . 117
Curral. . . . . . . . . . 117
Curucha → Coruxo, Coruxeira. . . . . . . . . . 117
Degas → A Fonte das Degas. . . . . . . . . . 117
Devesa. . . . . . . . . . 118
Deus → Outeiro de Deus. . . . . . . . . . 120
Eido . . . . . . . . . . 120
Eira. . . . . . . . . . 121
Encrucillada → Cruz . . . . . . . . . . 122
Entre. . . . . . . . . . 122
Enxido . . . . . . . . . . 123
Erville. . . . . . . . . . 123
Escribán. . . . . . . . . . 124
Espía . . . . . . . . . . 124
Espiño . . . . . . . . . . 125
Esqueiro, esqueira . . . . . . . . . . 125
Estripo . . . . . . . . . . 126
Estévez → Fonte dos Estévez . . . . . . . . . . 127
Estrada → Rúa . . . . . . . . . . 127
Esturáns . . . . . . . . . . 127
Faba. . . . . . . . . . 128
Faxardo . . . . . . . . . . 129
Ferreira → Carballo Seco . . . . . . . . . . 129
Figueira . . . . . . . . . . 129
Fondo. . . . . . . . . . 130
Fonte . . . . . . . . . . 131
Forca . . . . . . . . . . 133
Forno . . . . . . . . . . 134

Fosqueira . . . . . . . . . . 135
Freixa . . . . . . . . . . 135
Frío, Fría . . . . . . . . . . 136
Gago . . . . . . . . . . 137
Gaiteiro . . . . . . . . . . 137
Galantón . . . . . . . . . . 138
Gapito → A Costa do Gapito, O Cocho do Gapito . . . . . . . . . . 138
Grota, Garota . . . . . . . . . . 138
Gaspar . . . . . . . . . . 139
Gorga . . . . . . . . . . 140
Granxa . . . . . . . . . . 141
Golpella . . . . . . . . . . 141
Herba . . . . . . . . . . 143
Herville → Erville . . . . . . . . . . 143
Herdeme . . . . . . . . . . 143
Horta . . . . . . . . . . 143
Igrexa . . . . . . . . . . 144
Infesta . . . . . . . . . . 145
Insua . . . . . . . . . . 146
Lagar, Lagarella . . . . . . . . . . 146
Lagarto . . . . . . . . . . 147
Lago, lagoa . . . . . . . . . . 148
Lama . . . . . . . . . . 149
Landra . . . . . . . . . . 150
Laranxa . . . . . . . . . . 150
Largo . . . . . . . . . . 151
Lata . . . . . . . . . . 151
Lavadouro . . . . . . . . . . 152
Laxe . . . . . . . . . . 154
Lebogada → Lobagada . . . . . . . . . . 154
Leira . . . . . . . . . . 155
Limoeiro . . . . . . . . . . 156
Liño . . . . . . . . . . 157
Lobagada . . . . . . . . . . 157
Longo, Longa . . . . . . . . . . 158
Lougares . . . . . . . . . . 159
Loureiro . . . . . . . . . . 160
Lugar . . . . . . . . . . 161
Lume → Candea . . . . . . . . . . 161
Macal . . . . . . . . . . 161
Maceira . . . . . . . . . . 162

Maeso . . . 163
Marco . . . 163
María . . . 165
Marqués, Marquesa . . . 166
Martiz . . . 167
Maruxa (Moruxa, Muruxa) . . . 168
Matamá → Introdución (nome da parroquia) . . . 169
Mazoca . . . 169
Mendoia . . . 170
Melón . . . 171
Menor . . . 172
Mentrasto . . . 173
Mil, millar . . . 174
Mina . . . 176
Miragaia → Viragaia . . . 177
Mó . . . 177
Monches → Buxo . . . 180
Monte . . . 180
Mouro . . . 182
Mouteira . . . 183
Mosqueira . . . 183
Muíño . . . 184
Muros, Entre os → Entre . . . 185
Nabo . . . 185
Navarro . . . 185
Nogueira . . . 186
Novo, Nova / Vello, Vella . . . 186
Nunes → O Casal de Nunes, A Fonte de Nunes . . . 187
Ofelia → A Costa de Ofelia . . . 188
Oliveira . . . 188
Ouro . . . 188
Outeiro . . . 189
Padrón, O → Pedra . . . 192
Palermo, Palerma . . . 192
Palla . . . 192
Palpiñeira → Pedra . . . 193
Pampillo . . . 193
Parada . . . 194
Paramio, paramo, páramo . . . 195
Pardal . . . 196
Parede . . . 197

Pasal → Poldras . . . . . . . . . . 197
Pazo, Pazó . . . . . . . . . . 197
Pedra, Padrón . . . . . . . . . . 199
Pedro . . . . . . . . . . 202
Peideira . . . . . . . . . . 202
Peirao → Sabarís do Peirao. . . . . . . . . . 203
Peixe . . . . . . . . . . 203
Pelar. . . . . . . . . . 203
Pelame . . . . . . . . . . 204
Pementas → Leira das Pementas. . . . . . . . . . 204
Pena, Penedo . . . . . . . . . . 205
Pereiro, Pereira . . . . . . . . . . 206
Pestana. . . . . . . . . . 207
Pexego . . . . . . . . . . 208
Pico, Bico. . . . . . . . . . 208
Pintos . . . . . . . . . . 210
Piñeiro . . . . . . . . . . 211
Piricoto . . . . . . . . . . 212
Pisco → Camiño do Pisco, Canteira do Pisco . . . . . . . . . . 213
Poldras . . . . . . . . . . 213
Pomba . . . . . . . . . . 214
Porta. . . . . . . . . . 214
Poula, Poulo. . . . . . . . . . 215
Pouso . . . . . . . . . . 215
Pozo. . . . . . . . . . 217
Pragal → Pedra. . . . . . . . . . 217
Preito . . . . . . . . . . 217
Presa . . . . . . . . . . 218
Pumar . . . . . . . . . . 220
Quebrar, crebar . . . . . . . . . . 221
Quinta . . . . . . . . . . 222
Quirincosta . . . . . . . . . . 223
Ra . . . . . . . . . . 224
Rabo . . . . . . . . . . 225
Ramo, rama . . . . . . . . . . 225
Raña. . . . . . . . . . 226
Raposo. . . . . . . . . . 227
Rato . . . . . . . . . . 227
Raxó. . . . . . . . . . 228
Razón. . . . . . . . . . 229
Rebouza. . . . . . . . . . 230

Reitor . . . . . 230
Redondo . . . . . 231
Regada . . . . . 232
Rego, Regueira, Regueiro . . . . . 233
Rei, Real → Devesa . . . . . 235
Resteba . . . . . 236
Revolta . . . . . 237
Riba → Abaixo, arriba . . . . . 237
Ribás . . . . . 238
Ribelas . . . . . 240
Ricoi → Carballeira do Ricoi, A . . . . . 241
Río . . . . . 242
Rodal . . . . . 243
Rouco, Rouca. . . . . . 244
Roupeiro . . . . . 245
Roxo . . . . . 246
Roza, Rozar . . . . . 247
Rúa . . . . . 247
Rubio, Rubia . . . . . 250
Sabarís . . . . . 250
Salgueiro . . . . . 252
Samil . . . . . 253
San, Santo . . . . . 255
San Amaro . . . . . 256
Santiago de Abreu → Abreu . . . . . 263
Santonio → Pumar do Tío Santonio . . . . . 263
Seixo . . . . . 263
Senra . . . . . 263
Serra, serrar . . . . . 264
Severo → Canteira do Severo . . . . . 265
Silveira . . . . . 265
Sinxela → A Casa da Sinxela . . . . . 266
Sisón . . . . . 266
Sobreiro . . . . . 267
Souto . . . . . 267
So, Sub . . . . . 268
Taberna → San Amaro, Taberna de . . . . . 270
Tamigueiro . . . . . 270
Tanque . . . . . 270
Tapia . . . . . 271
Tella . . . . . 271

Tendal . . . 273
Tareixa . . . 273
Terzo, Terza . . . 274
Tío, Tía . . . 275
Tira . . . 276
Toledo . . . 276
Tomada . . . 277
Tombo → Casal do Tombo . . . 278
Torno → San Amaro, Taberna de . . . 278
Torto, torta . . . 279
Torre . . . 279
Toural → Campo do Toural . . . 280
Touráns, As → Esturáns . . . 280
Toutizo . . . 280
Toxo . . . 281
Traída . . . 281
Trancas → Canteira do Valerio Trancas . . . 282
Tras, Tras de . . . 282
Trepia . . . 282
Valerio → Canteira do Valerio Trancas . . . 283
Vasco . . . 283
Vao → Camba do Vao, A . . . 284
Veiga . . . 284
Vello, Vella → Novo, Nova / Vello, Vella . . . 284
Vellota . . . 284
Verdella . . . 285
Vesar, vesada . . . 285
Vidal . . . 286
Vilar . . . 286
Vimbio . . . 287
Viña . . . 288
Viragaia . . . 290
Viveiro . . . 291
Viscaíña → Caíña . . . 291
Xabre . . . 291
Xácoma . . . 292
Xaíde / As Xaídes - As Saídes . . . 292
Xardín . . . 294
Xepe → Tía Xepa . . . 294
Xero . . . 294
Xesta . . . 295

Xiana → Tía Xiana, Casa da . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 295
Xinela. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 295
Xordo → Monte do Xordo . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 296
Xubarba, xibarba . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 296
Xunco . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 299
Xurelo, Xurela . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 299

**CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DOS TOPÓNIMOS DE MATAMÁ . . . . . . 301**

HIDROTOPÓNIMOS . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 303

OROTOPÓNIMOS . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 307

FITOTOPÓNIMOS . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 310

ZOOTOPÓNIMOS . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 314

ANTROPOTOPÓNIMOS. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 315

HAXIOTOPÓNIMOS. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 319

AGROTOPÓNIMOS, SOCIOTOPÓNIMOS, OICÓNIMOS . . . . . . . . . 320

POSICIÓN RELATIVA . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 327

TOPÓNIMOS VIARIOS . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 329

OUTROS. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 331

**REFERENCIAS . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 333**

Este décimo volume da colección Toponimia do Val de Fragoso ocúpase dos nomes de lugar da parroquia viguesa de Matamá.

A pesar das profundas transformacións que experimentou a paisaxe que designan, os nomes de lugar de Matamá conservan a memoria do pasado da parroquia, herdanza milenaria dunha cultura eminentemente agrícola, cos caracteres comúns da Galicia rural e os modos de vida tradicionais, que desde o século XIX se viron alterados polas dinámicas expansivas da urbe viguesa, primeiro pola demanda de pedra para a construción e man de obra que a traballase e logo vendo boa parte do seu territorio radicalmente transformado e engulido polo crecemento conglomerado urbano, industrial e viario, facendo que os vellos nomes de lugar, patrimonio cultural da comunidade, pasasen a designar realidades moi diferentes daquelas que os motivaron.

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

CONCELLO DE VIGO

Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo